

# Trinta anos do Parlamento de Galicia

Rafael L. Torre





**TRINTA ANOS**  
**do Parlamento**  
**de Galicia**  
**1981-2011**



EDITA

Parlamento de Galicia, 2011

TEXTOS

Rafael López Torre

SELECCIÓN DOCUMENTAL E FOTOGRAFÍA

Tekla Comunicación

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

*Textos dos deputados:* Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia

*Pés de foto:* Trisquelia

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Trisquelia

DESEÑO DA SOBRECUBERTA

Adolfo Enríquez

IMPRESIÓN

Gráficas Anduriña

DEPÓSITO LEGAL: PO 556-2011

ISBN: 978-84-7836-097-0

LOGO FSC

# Índice

<b>9</b>	<b>Trinta anos de esforzo conxunto</b> <i>Pilar Rojo Noguera</i>			
<b>11</b>	<b>Unha explicación necesaria</b> <i>Rafael L. Torre</i>			
	<b>1981-1985</b>		<b>1993-1997</b>	
<b>14</b>	<b>1.ª Lexislatura</b>	<b>188</b>	<b>4.ª Lexislatura</b>	<b>332</b>
29	Gerardo Fernández Albor	199	Manuel Fraga Iribarne	339
39	Bautista Álvarez Domínguez	208	Tomás Iribarren Fernández-Rogina	351
40	Alfredo Conde Cid	209	Fernando González Suárez	358
45	Mariano Rajoy Brey	217	Víctor Manuel Vázquez Portomeñe	359
51	Camilo Nogueira Román	222	Olaia Fernández Davila	364
	<b>1985-1989</b>	223	María Pilar García Negro	365
<b>66</b>	<b>2.ª Lexislatura</b>	232	Roberto Castro García	369
73	Xosé Luís Barreiro Rivas	233	Manuel López Outeiral	376
81	Tomás Pérez Vidal			377
92	Rosa Gómez Limia			381
93	Miguel Barros Puente			<i>Hixinio Estévez Adán</i>
97	Fernando González Laxe			
111	Pablo González Mariñas			
119	<i>Anxo Teixeira Piñeiro</i>			
	<b>1990-1993</b>		<b>1997-2001</b>	
<b>122</b>	<b>3.ª Lexislatura</b>	<b>240</b>	<b>5.ª Lexislatura</b>	<b>386</b>
129	Victorino Núñez Rodríguez	247	José María García Leira	
142	Ceferino Díaz e Díaz	260	Xesús Palmou Lorenzo	
143	Antolín Sánchez Presedo	261	Manuela López Besteiro	
158	Pablo Egerique Martínez	268	Jesús Fernández Rosende	
159	Daniel Barata Quintas	269	Juan Pedrosa Vicente	
176	Albarte Xullo Rodríguez Feixoo	281	<i>José Ramón Cólera Leirado</i>	
177	Domingos Merino Mejuto			
185	<i>Baldomero Cores Trasmonte</i>			
			<b>2001-2005</b>	
		<b>284</b>	<b>6.ª Lexislatura</b>	<b>427</b>
		298	José Manuel Barreiro Fernández	<b>Bibliografía</b>
		299	Alberto Sueiro Pastoriza	<b>429</b>
		304	Xesús Veiga Buxán	<b>Fontes documentais</b>
		305	Francisco Trigo Durán	<b>430</b>
		322	María Inmaculada Rodríguez Cuervo	<b>Índice de pés de foto</b>
		323	Marisol Soneira Tajés	<b>433</b>
				<b>Créditos fotográficos</b>
				<b>435</b>
				<b>Agradecementos</b>
				<b>437</b>
				<b>APÉNDICE. Leis aprobadas</b>



# Trinta anos de esforzo conxunto

Cando naquel afastado 19 de decembro de 1981 se reuniu por vez primeira o Parlamento de Galicia, é probable que non todos os presentes se decatasen da significación histórica daquel acto, nin do horizonte de oportunidades que se lle abría a Galicia a partir dese momento.

Desde entón, e co Parlamento de Galicia como escenario, foise facendo realidade a arela dos vellos galeguistas, que aspiraban a construír unha Galicia con poder lexislativo e executivo de seu. Unha Galicia con capacidade para exercer a súa autonomía política e perfectamente inserida no conxunto de España e en Europa. Unha Galicia universal, en suma, froito do esforzo colectivo e da que todos podemos e debemos sentirnos orgullosos.

É certo que a historia se constrúe cada día, sobre a base de pequenos e grandes xestos de persoas anónimas e das iniciativas protagonizadas por mulleres e homes con nomes e apelidos. Pero, sobre todo, a historia necesita ser compilada e transmitida aos que nos sucedan. Esa é a vocación desta obra, que se fai eco de feitos e persoeiros, das situacións e dos escenarios que configuran unha boa parte da historia da autonomía política de Galicia.

Nun momento de profundas transformacións, como o que atravesamos, creo de xustiza reivindicar e poñer en valor o papel desenvolvido polo Parlamento de Galicia ao longo destas tres décadas de vida. Trinta anos ateigados de bos momentos, pero tamén de amargores e de incertezas, tan frecuentes durante a primeira etapa, na que todo estaba aínda por facer.

Por iso, como galega comprometida co presente e co futuro da miña terra, considero unha obriga impulsar a edición deste libro sobre os

trinta primeiros anos da Cámara autonómica. Un libro feito co rigor que debe caracterizar a unha publicación oficial, pero tamén co cariño que dispensamos a todo o que consideramos parte de nós. O meu agradecemento a Rafael López Torre por aceptar o encargo de facer a crónica destes trinta anos.

A todos os que dun ou doutro xeito foron e son protagonistas destas tres décadas de historia —deputados, funcionarios da institución e xornalistas, pero tamén os cidadáns, que co seu voto decidiron e deciden a composición da Cámara— queremos renderlles público tributo con este libro. Estou segura de que cada un, desde a súa lexítima opción persoal, ofreceu o mellor de si en beneficio de Galicia.

PILAR ROJO NOGUERA  
*Presidenta do Parlamento de Galicia*



ΕΛΛΗΝΙΚΗ ΔΗΜΟΚΡΑΤΙΑ



# Unha explicación necesaria

Entre a bibliografía non moi extensa que pode encontrarse hoxe sobre o Parlamento de Galicia, figuran poucos libros que recollan a súa actividade incesante e plasmen o seu papel esencial no desenvolvemento autonómico dende a súa histórica constitución no pazo de Xelmírez aquel 19 de decembro de 1981.

Neste feito atópase o xerme desta publicación. O libro naceu para compendiar, dende unha perspectiva institucional, os feitos máis relevantes, curiosos ou significativos deste apaixonante período de actividade parlamentaria.

Un amplo material documental, gráfico e testemuñal configura o esqueleto do traballo realizado. O libro é coma se fose en realidade un grande álbum de fotos, que retrata os protagonistas destas oito lexislaturas, ao tempo que recolle momentos singulares das súas actividades parlamentarias e reúne tamén os seus valiosos testemuños. Polo tanto, é un álbum para ver, pero tamén é un libro para ler, no que a amenidade non está disputada coa rigorosidade, senón que casan e combinan moi ben.

Por unha parte, a recollida deses testemuños centrouse nas personalidades máis relevantes por razón do seu cargo ou da súa significación na política galega, así como tamén polo papel xogado na pequena intrahistoria do propio Parlamento dende outras perspectivas estritamente profesionais.

A saber, de Gerardo Fernández Albor a Alberto Núñez Feijóo, ou de Tomás Pérez Vidal, a Pilar Rojo Nogueira, están recollidos os testemuños dos presidentes da Xunta e do Parlamento que aínda viven para contalo. Tamén están dende Xosé Luis Barreiro Rivas ata Camilo Nogueira Román; dende Mariano Rajoy Brey, ata Ismael Rego

González; dende Víctor Manuel Vázquez Portomeñe ata Pablo González Mariñas. E falan tamén dende o histórico letrado maior José Ramón Cólera Leirado, ata o conserxe e responsable de visitas Hixinio Estévez Adán, pasando por Anxo Teixeiro Piñeiro, xefe do servizo de Asistencia Parlamentaria. En total, compoñen unha vintena de vivencias persoais dende posicións singulares.

A partir dunha entrevista persoal composta por preguntas xerais e particulares, optei por estruturar e resumir as súas contestacións nuns monólogos coloquiais, buscando especialmente axilidade e fluidez en cada historia. A finalidade perseguida con este método non é outra máis que recoller dunha forma espontánea, as lembranzas máis intensas das súas vivencias parlamentarias, aquelas imaxes que aínda seguen frescas nas súas retinas e nas súas memorias, a pesar do tempo pasado.

En honor á verdade, teño que dicir que a utilización deste xénero gustou a uns entrevistados máis que a outros, pero todos o aceptaron na medida que consideraron ben reflectido o espírito da súa conversación. Todos dispuxeron dunha revisión posterior de cada texto, co fin de evitar calquera afirmación extemporánea ou comentario lixeiro, malévolo ou inoportuno. E todos deron a súa conformidade final.

Especial relevancia entre todos eles ten o testemuño achegado por Victorino Núñez Rodríguez, presidente do Parlamento entre 1990 e 1997. A través de bos amigos comúns, a entrevista celebrouse o día 8 de xuño de 2010 na súa casa de Ourense e a súa morte produciuse só once días máis tarde.

Don Victorino era consciente de que estaba moi enfermo, e a súa voz era case imperceptible.

Non obstante, tiña a cabeza esperta e aínda mantiña fresca a súa chispa ourensá. Aquela mañá creo que o pasou tan ben, entre as súas vivencias e anécdotas, que me emprazou para vernos de novo en Sanxenxo. «Chámame dentro dun mes, que xa estarei alí, e se me encontro con forzas, escriboche dous ou tres folios con máis cousas que recorde», díxome a xeito de despedida.

Obviamente, non foi posible nin o un nin o outro. Pero as súas declaracións incompletas achegan a este libro un apreciable valor engadido, polo seu dobre carácter inédito e postremo, nunha peculiar forma de testamento parlamentario.

O ausente neste grupo testemuñal é Xosé Manuel Beiras Torrado, quen declinou o convite a participar neste libro.

A outra parte dos testemuños persoais que se recollen nestas páxinas corresponden a deputados e deputadas que estiveron tres ou máis lexislaturas no Parlamento ou que formaron parte das súas Mesas, incluíndo unha cota representativa das primeiras mulleres que se abriron paso como deputadas pioneiras e deixaron a súa pegada no pazo de Fonseca.

Ao longo destes trinta anos, entre 350 a 400 deputados e deputadas pasaron pola Cámara autonómica. Ante un número tan elevado de testemuños potenciais, impúxose necesariamente unha selección representativa, e a aplicación do factor tempo de estancia no Parlamento pareceume un criterio bastante razoable, aínda que tan subxectivo e discutible como calquera outro. Non obstante, ten ao seu favor unha circunstancia moi apreciable, e é que responde ao dobre apoio que obtiveron dos seus partidos por incluílos nas listas, e tamén da cidadanía por votalos en repetidas ocasións.

Ao case centenar de parlamentarios que cumprían eses requisitos, solicitamos un breve testemuño escrito sobre os seus records, impresións ou vivencias parlamentarias. A temática foi libre, e o texto só estivo limitado por un espazo semellante para todos.

Ceferino Díaz, García Negro, Alfredo Conde, Ruiz Rivas, Xesús Palmou, López Besteiro, Francisco Cerviño, Fernández Rosende, Miguel Barros, Roberto Castro, Olaia Fernández, José Manuel Barreiro, Veiga Buxán e un longo etcétera. O libro recolle un total de 38 testemuños, cos seus enfoques particulares da actividade parlamentaria.

A selección de imaxes tomadas no hemiciclo polos fotógrafos dos xornais galegos durante estes trinta anos tampouco resultou nada doada. Dunha ou outra forma, todos atenderon a miña solicitude e prestaron a súa valiosa colaboración.

Pero o tempo transcorrido dende as primeiras lexislaturas converteuse nun obstáculo, algunhas veces insalvable, á hora de conseguir determinadas instantáneas das épocas máis afastadas, por encontrarse ilocalizables nuns arquivos imposibles.

Algo parecido aconteceu con outras imaxes das últimas lexislaturas, fillas da era dixital, que si estaban localizadas, pero a súa utilización se viu desaconsellada por un tamaño demasiado reducido.

As fotografías xornalísticas súmanse as imaxes gardadas no propio arquivo do Parlamento de Galicia, que teñen un indubidable valor institucional. Estas fotografías reflicten unha actividade tan intensa como pouco coñecida de apoio e implicación nos ámbitos culturais, sociais e mesmo diplomáticos.

Finalmente, o material documental do libro que soporta todo o percorrido por estes trinta anos e as súas oito lexislaturas correspondentes, é moi amplo e está contrastado. Entre xornais, anuarios, boletíns e diarios oficiais do propio Parlamento, revisáronse centos de páxinas para casar e compoñer cada pé de foto, unha tarefa igualmente complicada en casos determinados.

O capítulo de agradecementos sería interminable e unha relación exhaustiva faría aínda máis groso este libro. Non quero esquecerme de ninguén, e por iso deixo constancia da miña gratitude máis sincera con carácter xeral e extensivo pola colaboración recibida. Todos saben ben a quen me refiro.

Pero sería particularmente inxusto senón deixo constancia dun agradecemento moi especial a tres persoas fundamentais na elaboración deste libro: Pilar Rojo Noguera, por darme a súa confianza e o seu apoio para afrontar esta obra; Carlos Varela Castiñeiras, pola súa axuda imprescindible ao longo do proceso de elaboración, e Javier Rosales Couso, polo coidado exquisito que puxo no deseño, a maquetación e o seguimento de todas e cada unha das súas páxinas. Sen estar aí os tres, non tería podido facer este libro, que é tan seu coma meu.

RAFAEL L. TORRE

**1981-1985**

**1.<sup>a</sup> Legislatura**

**A** primeira lexislatura abriuse o 19 de decembro de 1981 e pechouse o 20 de outubro de 1985. O Parlamento constituíuse no pazo de Xelmírez, pero deseguida se trasladou ao pazo de Fonseca. Aquí encontrou unha entrañable acollida, se ben tivo que afacerse a funcionar en precario, cuns medios moi escasos, tanto materiais coma humanos.

A composición xeral da primeira Cámara recolleu con bastante fidelidade o espírito aberto, plural e combativo que marcara a etapa preautonómica. Ningún partido se achegou sequer á maioría absoluta, e deixouse formar Goberno a AP, con só 26 deputados sobre un total de 71 escanos.

Ata seis grupos parlamentarios configuráronse ao longo daqueles catro anos: Alianza Popular, Centristas de Galicia-UCD, Socialistas de Galicia-PSOE, Coalición Galega, Independentes e Grupo Mixto, que á súa vez englobou ao Bloque-PSG, Esquerda Galega e Partido Comunista de Galicia. Foi a representación política máis variopinta que tivo o Parlamento ao longo dos seus 30 anos de historia viva e, paradoxalmente, foi tamén a que logrou o maior grao de consenso político que se recorda na Cámara.

Practicamente todas as sesións celebrábanse polas tardes, a partir das cinco. Desta forma, a gran maioría dos deputados empregaban as mañás nas súas ocupacións profesionais. A asignación inicial de cada parlamentario fixouse en 60.000 pesetas mensuais, 5.000 pesetas por asistencia a pleno ou comisión, e 11 pesetas por quilómetro para locomoción.

Non pode estrañar que este horario vespertino xerese, non a sesión máis longa, pero si o pleno que rematou máis tarde en toda a historia parlamentaria. O debate da fixación

das sedes institucionais prolongouse ata as dúas e media da madrugada do 24 de xuño de 1982.

Só tres mulleres ocuparon un escano. A política parecía que era cousa de homes. Tampouco resultaba estraña naquel tempo a permisividade co tabaco e fumábase moito, tanto nos plenos coma nas comisións. O denso fume acumulado fixo o ambiente irrespirable nalgunhas ocasións.

O regulamento para moderar a Cámara aprobouse moi pronto, pero o presidente interpretouno sempre ao seu xeito, para xúbilo dos que falaban máis, e para desespero dos que interviñan menos. A pesar desa discrecionalidade, Rosón gañou o respecto de todos, e moi poucos cuestionaron as súas decisións, con razón case sempre.

Certa dispoñibilidade para o diálogo, a negociación e o acordo arraigou dende o principio ata o final da lexislatura. Este bo clima comezou a xerarse co apoio maioritario á elección dos presidentes do Parlamento e da Xunta, respectivamente, Antonio Rosón Pérez e Gerardo Fernández Albor. O desenvolvemento lexislativo do Estatuto de autonomía de 1981 encontrou así un caldo de cultivo moi favorable durante estes catro anos. O consenso foi total ou case sobre leis moi significadas: de normalización lingüística, do recoñecemento da galeguidade, do Consello da Cultura Galega, de símbolos de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, ou de eleccións ao Parlamento de Galicia. O balance final rexistrou 40 leis aprobadas.


Seguramente as situacións máis xocosas da historia do Parlamento de Galicia tamén se produciron nesta primeira lexislatura. Diso presumen, e así recórdano, os que aínda viven para contalas.

## O Parlamento na 1.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 19 de decembro de 1981

Data de disolución do Parlamento: 20 de outubro de 1985

### Constitución do Parlamento



### Composición da Mesa do Parlamento

PRESIDENTE:

Antonio Rosón Pérez [UCD]

VICEPRESIDENTE 1.º:

Pablo Moure Mariño [AP]

VICEPRESIDENTE 2.º:

Francisco González Amadiós [PSDEG-PSOE]

SECRETARIO:

Pablo González Mariñas [UCD]

(Antonio Olives Quintás [UCD] dende o 21-10-1982)

VICESECRETARIO:

Mariano Rajoy Brey [AP]

(Antonio Varela Álvarez [AP] dende o 22-9-1982)

#### PARTIDOS POLÍTICOS

**AP.** Alianza Popular







**UCD.** Unión de Centro Democrático

**PSDEG-PSOE.** Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español

**PCG.** Partido Comunista de Galicia

**BNG-PSG.** Bloque Nacionalista Galego-Partido Socialista Galego

**EG.** Esquerda Galega

 AP	26	 UCD	24	 PSdeG-PSOE	16
 BNG-PSG	3	 PCG	1	 EG	1

## Relación de parlamentarios

### GRUPO PARLAMENTARIO DE ALIANZA POPULAR DE GALICIA (AP)

- Abel Vilela, Adolfo
- Alonso Riego, José Luis
- Barreiro Rivas, Xosé Luís
- Carreira Gómez, Juan
- Castromil Ventureira, Ramón Evaristo
- Cociña García, José Ramón
- Eiris Cabeza, Manuel
- Fernández Albor, Gerardo
- García Casanovas, José Luis
- Gayoso Rey, Jesús
- González Dopeso, José
- Iglesias Cacicedo, Benito
- Lovelle Alén, María del Carmen
- Martínez Larrán, Julián
- Morán Morán, Manuel
- Moure Mariño, Pablo
- Pérez Queiruga, Ricardo
- Pérez Vidal, Tomás
- Pía Martínez, Juan Luis
- Rajoy Brey, Mariano
- Rodríguez González, José Carlos
- Sangiao Pumar, Antonio
- Taboada Soto, Ramón
- Varela Álvarez, Antonio
- Vicente Vázquez, Ramón de
- Villanueva Cendón, Manuel Ángel

### GRUPO PARLAMENTARIO CENTRISTA (UCD)

- Bernárdez Álvarez, Senén. **CG** (9-9-83)
- Castro Suárez, José. **I** (9-9-83)
- García Agudín, Fernando (baixa 26-11-82). *Substituído por Torres Colomer, José Luis (alta 21-12-82)* **I** (9-9-83)
- González Bermello, Emma Rosa. **I** (9-9-83)
- González Mariñas, Pablo. **Mx** (8-10-82); **CG** (9-9-83)
- González Martín, Gerardo. **Mx** (10-9-82); **I** (9-9-83)
- Iglesias Corral, Manuel. **I** (9-9-83)
- Lage Lage, José. **CG** (9-9-83); **C** (11-9-85)
- Lareo López, Ramón. **I** (9-9-83); (baixa 2-3-84). *Vacante non cuberta, artigo 29.6, RDL 20/1977*
- Mella Villar, José Carlos. **I** (9-9-83); **CG** (14-2-85)

- Miras Portugal, Aurelio Domingo. **CG** (9-9-83); **C** (11-9-85)
- Moreno González, José Pedro (baixa 26-11-82). *Substituído por Casas Rosendo, José María (alta 21-12-82)*. **CG** (9-9-83)
- Olives Quintás, Antonio. **CG** (9-9-83)
- Oujo Bello, Santos. **CG** (9-9-83)
- Pardo Montero, José María. **C**
- Pérez Hortas, Maximino. **C**
- Piñeiro Sánchez, Miguel Gerónimo. **Mx** (9-2-83); **I** (9-9-83); **CG** (14-2-85)
- Quiroga Suárez, José. **CG** (9-9-83)
- Rodríguez Vázquez, Ángel. **I** (9-9-83)
- Romero Becerra, José. **CG** (9-9-83)
- Rosón Pérez, Antonio
- Suárez-Vence Santiso, Francisco. **I** (9-9-83)
- Vázquez Portomeñe, Víctor Manuel. **I** (9-9-83)
- Veiga Aldariz, Flora. **C** (baixa 25-2-83). *Substituída por Recimil Tábora, José (alta 23-3-83)*; **I** (9-9-83); **CG** (14-2-85)

### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Barros Puente, Miguel
- Blanco Gómez, Ramón Félix
- Carro Fernández-Valmayor, Antonio
- Casal Vila, Benjamín
- Casares Mouriño, Carlos
- Conde Cid, Alfredo Luis
- Couce Pereiro, Manuel
- Díaz Díaz, Manuel Ceferino
- Estévez Fernández, Xerardo Denís Felipe
- García Dorgambide, Benito
- Gato Soengas, Antonio Edelmiro
- González Amadiós, Francisco
- Iglesias Rivera, Juan Manuel (baixa 27-1-83). *Substituído por Mourín Estela, José Luis (alta 9-2-83)*
- Martínez González, Fernando
- Piñeiro López, Ramón
- Vázquez Vázquez, Francisco José (baixa 23-11-82). *Substituído por Teixeira Piñeiro, Anxo (alta 21-12-82; baixa 22-12-82)*. *Substituído por Sánchez Presedo, Antolín Luís Mariano (alta 9-2-83)*

### GRUPO MIXTO (BNG-PSG, PCG, EG)

- Álvarez Domínguez, Bautista Goyel [BNG-PSG]
- Diéguez Vázquez, Lois [BNG-PSG]
- López Garrido, Claudio [BNG-PSG]
- Guerreiro Carreiras, Ángel [PCG]
- Nogueira Román, Camilo [EG]



### **📍 O Parlamento en Xelmírez**

O pazo de Xelmírez foi cedido polo Arcebispado de Santiago para acoller os 71 deputados que integraron o primeiro Parlamento de Galicia tras as eleccións democráticas do 20 de outubro de 1981. A súa elección como sede foi moi ponderada e veu dada pola súa incuestionable significación histórica. A maxestose do Salón de Festas, coas súas impresionantes ménsulas que dan apoio aos grandes arcos, contribuíu a realzar o solemne acto.



### Unha data histórica 📅

A sesión de constitución celebrouse o 19 de decembro de 1981 e fixose coincidir coa mesma data da aprobación no ano 1932 do proxecto de Estatuto de autonomía pola Asamblea Rexional dos Concellos de Galicia. A primeira lexislatura botou a andar chea de ilusión, aínda que con pouca bagaxe.

≈ 19-12-1981



### A sesión de constitución ↻

Ás 12.10h do mediodía abriuse o acto cunha breve intervención do presidente da Xunta en funcións, José Quiroga Suárez. A continuación elixíronse os membros da Mesa de Idade e da Mesa Provisional. Deputados, autoridades e convidados tiveron que apertarse moito para vivir o histórico acontecemento e aguantaron o frío imperante con loable estoicismo. A sesión levantouse ás 13.50h da tarde. A composición heteroxénea do primeiro Parlamento reflectiu con bastante nitidez o papel que desenvolveron os distintos partidos durante a etapa preautonómica. A esixencia normativa dun mínimo de cinco deputados só permitiu a formación de catro grupos parlamentarios naquela primeira Cámara: AP, con 26 deputados; UCD, con 24; PSdeG-PSOE, con 16; e o Grupo Mixto, con 5 deputados (3 do Bloque-PSG, 1 de EG e 1 do PCG). ≈ 19-12-1981







➤ **Fariña Jamardo, oficial maior**

José Carlos Rodríguez González (AP, sentado) exerceu durante a sesión de constitución como presidente da Xunta preparatoria, por ser o primeiro deputado acreditado no Rexistro. Poucos días antes Xosé Fariña Jamardo (lendo) fora designado pola Xunta como oficial maior pola súa dobre condición de deputado técnico e recoñecido galeguista. Pouco tempo despois, retornou ao seu posto como secretario xeral da Deputación de Pontevedra.



### 🔗 🔄 📄 Xuramento de galega

Só tres mulleres entre 68 homes accederon como deputadas na primeira lexislatura: Emma González Bermello (UCD), Flora Veiga Aldariz (UCD) e María del Carmen Lovelle Alén (AP). Cun xesto moi recoñecido, Emma González Bermello tomou posesión do seu escano, vestida cun elegante traxe galego, que acaparou todas as miradas. Á dereita, María del Carmen Lovelle fala con Bautista Álvarez. Abaixo á dereita, Flora Veiga, quen optou por marchar tras a desaparición de UCD.

### 🔴 A Mesa de Idade

O parlamentar máis vello da primeira lexislatura foi Manuel Iglesias Corral (UCD), quen tiña 80 anos, e correspondeulle a presidencia da Mesa de Idade. E o deputado máis novo foi Mariano Rajoy Brey (AP), que tiña 26 anos; catro meses menos que Tomás Pérez Vidal (AP). Ambos os dous deputados completaron este órgano provisional que se encargou de tutelar a elección da primeira Mesa do Parlamento.

*«Non sabe vostede, amigo Barreiro, qué pronto se pasa de formar parte da Mesa de Idade por ser o máis novo a facelo por ser o máis vello»*

—Comentario a pé de estrado de Iglesias Corral a Barreiro Rivas





#### 📍 Os membros da primeira mesa

A primeira Mesa do Parlamento configurouse mediante un acordo dos dous partidos maioritarios, AP e UCD, que coparon catro dos cinco postos. De esquerda a dereita: Pablo González Mariñas (UCD), secretario; Pablo Moure Mariño (AP), vicepresidente primeiro; Antonio Rosón Pérez (UCD), presidente; Francisco González Amadiós (PSdeG-PSOE), vicepresidente segundo; e Mariano Rajoy Brey (AP), vicesecretario. Ao seu carón, o oficial maior Xosé Fariña Jamardo.





**🕒 Rosón, presidente**

Antonio Rosón Pérez (UCD) foi elixido por unha ampla maioría de 50 votos como presidente do Parlamento. Este folgado respaldo traduciu un recoñecemento moi sentido ao seu ímprobo labor durante a etapa preautonómica. Ante o aplauso da Cámara, o presidente da Xunta, Xosé Quiroga Suárez, foi o primeiro en felicitalo de xeito efusivo. Á esquerda, Xosé Luís Nogueira Rodríguez contempla o saúdo xunto a outros membros da UCD.



### 📌 Investidura de Albor

Gerardo Fernández Albor resultou investido como presidente da Xunta de Galicia en primeira votación parlamentaria o 8 de xaneiro de 1982. Albor obtivo 52 votos a favor (AP, UCD e tres galeguistas do PSdeG-PSOE; 17 en contra (PSdeG-PSOE, Bloque-PSG, EG e PCG) e a abstención do galeguista Alfredo Conde. Arroupado polo seu grupo parlamentario, Albor recibiu a súa designación con emoción contida.

≈ 8-1-1982



# Gerardo Fernández Albor

Deputado na 1.ª e 2.ª lexislaturas ✨ Presidente da Xunta de Galicia (1981-87)



“ **C**ONTRA TODO PROGNÓSTICO, Alianza Popular gañou as primeiras eleccións galegas e obtivo 26 deputados, en tanto que Unión de Centro Democrático, que era o partido do Goberno en Madrid e o favorito para gañar aqueles comicios en Galicia, só sacou 24 deputados. Como partido máis votado e polo tanto chamado a formar Goberno, dende AP intentamos por todos os medios formar unha coalición governamental con UCD. Para garantir a gobernabilidade de Galicia ofrecemos un pacto de Goberno, que rexeitaron, e tampouco accederon a garantírnos un respaldo parlamentario. Non houbo xeito de pechar un acordo porque eles non quixeron chegar a ese acordo.

Así pasaron dous meses e medio, dende finais de outubro de 1981 ata o 7 de xaneiro de 1982 en que tivo lugar a sesión de investidura. AP avalara antes a elección de Rosón como presidente do Parlamento e UCD apoiou despois a miña elección como presidente da Xunta de Galicia, que tamén contou co respaldo de tres galeguistas independentes nas filas do PSdeG-PSOE. Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Benxamín Casal creo que non votaron tanto á miña persoa como á institución que estaba a nacer e que nese momento eu representaba. Eran moi conscientes de que a figura do autogoberno tiña que comezar co maior respaldo posible; debía ser o máis forte posible dende o primeiro momento.

Eu tiven, polo tanto, un apoio moi grande na elección como presidente, pero aí rematou todo; ese respaldo circunscribiuse á miña designación. Dende o primeiro momento tivemos que gobernar nunhas condicións moi precarias, sen medios económicos nin administrativos, e tamén sen o necesario respaldo parlamentario. Aínda que pareza un contrasentido, UCD estaba totalmente convencida de que íamos durar moi pouco no Goberno e intentou por todos os medios que non puidésemos saír adiante. Quixo botar abaixo o meu Goberno de AP, pero non o conseguiu. Ao cabo

dun ano foi o PSOE quen fixo saltar polo aire a UCD, tras gañar as eleccións xerais de 1982 que levaron a Felipe González ata a presidencia do Goberno.

Durante aquel primeiro ano tan difícil, o xogo parlamentario entre UCD e AP resultou moi curioso. Nin eles nin nós sabiamos previamente que era o que ía votar cada un sobre calquera asunto. Non había xeito de poñerse de acordo previamente porque non querían negociar nada. Eles trataban de que perdésemos votacións e nós intentabamos evitalo como podíamos, apurando ao máximo o sentido do noso voto. Cun aluvión de interpretacións, preguntas e mocións puxéronnos as cousas moi difíciles no Parlamento.

O noso primeiro ano de Goberno foi unha auténtica travesía do deserto, cunha administración autonómica raquítica. O orzamento anual era de 320 millóns de pesetas e só o capítulo de persoal xa consumía 216 millóns. Tiñamos uns 2.700 funcionarios transferidos, dos cales case 2.000 eran sanitarios locais. Logo dispoñiamos dun crédito adicional por importe duns 1.100 millóns, cuxo destino estaba totalmente

condicionado pola administración central. Tanto en competencias, como en estruturas e medios, empezamos moi por debaixo de Cataluña e o País Vasco, e mesmo tamén por debaixo doutros entes preautonómicos sen peso histórico.

Ante esta situación de precariedade xeral, eu considerei que a miña prioridade máis importante como presidente da Xunta era converterme nunha especie de apóstolo da autonomía. Envorqueme na propagación do sentimento autonomista; dediqueime a falar coa xente e a recibir a todo o mundo para explicarlle as bondades da España das autonomías e, particularmente, da autonomía galega...

Se frecuentaba o Parlamento? A verdade é que o Parlamento non foi unha prioridade para min como presidente da Xunta naqueles primeiros tempos. Sinceramente estaba convencido de

***O Parlamento non visualizou toda a importancia que lle correspondía, ata que dispuxo dunha sede propia e digna como o pazo do Hórreo***

que había outras cousas máis urxentes e máis importantes ou prioritarias para o noso Goberno e a nosa autonomía. Pero non quero dicir con isto que minvalorase o papel do Parlamento. Esa responsabilidade estaba a cargo de Xosé Luís Barreiro, que tiña toda a miña confianza e falaba ou actuaba ante a Cámara en nome do Goberno. Barreiro foi un magnífico parlamentario e tiña unha gran capacidade negociadora. E eu creo que non faltei nunca, cada vez que a miña presenza era necesaria ou conveniente, porque son unha persoa bastante cumpridora. No día de hoxe, considero que aquela idea miña de tratar de reforzar con todas as miñas forzas a imaxe da autonomía foi acertada.

Tras a ruptura de UCD e o acordo que alcanzamos en 1983 cunha ducia dos seus deputados xa todo foi distinto, porque conseguimos a estabilidade necesaria para a nosa acción de goberno. Aquela integración resultou fundamental... Carlos Mella entrou como vicepresidente económico nunha remodelación que fixen do meu Goberno para adaptarnos ao pacto acordado, e pouco despois levou a cabo unha negociación moi hábil en Madrid que supuxo unha partida millonaria para Galicia. Foi a primeira vez que tivemos algún diñeiro de verdade. Pero ao pouco tempo, aquela situación tan favorable case rematou por volveirse en contra, porque no seo do Goberno se produciron uns enfrontamentos tremendos pola repartición dos fondos conseguidos. Os desacordos foron tan fortes que Mella acabou dimitindo.

De presidente da Xunta a presidente do Parlamento, con Antonio Rosón tiveron unhas relacións magníficas, pero non só por eses cargos institucionais que ocupabamos naqueles momentos. O noso trato cordial e amigable viña de moitos anos atrás e mantívose durante estas dúas lexislaturas ata os seus últimos momentos. Rosón foi un cabaleiro e loitou toda a súa vida polo ben de Galicia. Houbo un momento en que sufriu uns ataques inxustos, que lle fixeron moito dano, porque dicían que colaborara co fran-

quismo. Pero eu defendino sempre. A nosa relación foi entrañable e moi próxima.

Nunca esquecerei o ofrecemento que Rosón me fixo de ceder a presidencia do Parlamento, cando a miña reelección á fronte da Xunta en 1986 pasaba por tantas dificultades e non conseguía os apoios necesarios. Xenerosamente díxome que podía dispoñer da presidencia se necesitaba incluír ese posto como contrapartida nas negociacións que mantiñamos con Coalición Galega. El estivo disposto a renunciar ao seu cargo... Polos incontables servizos que prestou a esta terra durante toda a súa vida, á súa morte pareceume unha acción de xustiza concederlle a Medalla de Ouro de Galicia que, ata entón, só tiñan o Rei e Castelao. Eu prendín sobre o seu féretro esa medalla tan merecida na despedida do meu vello amigo.

***Ante unha situación de precariedade de medios, considerei que a miña prioridade como presidente da Xunta era convertirme nunha especie de apóstolo da autonomía***

Do regreso a Galicia dos restos de Castelao dende Argentina, que Rosón e eu negociamos coa súa irmá Teresa por mandato parlamentario, teño un recordo agridoce. Estou moi satisfeito desa iniciativa porque logramos sacala adiante e o momento da chegada resultou moi emotivo. Pero

estivo un tanto deslucido a causa das protestas e os incidentes que se produciron durante o percorrido do féretro, dende o aeroporto de Lavacolla ata San Domingos de Bonaval. O Parlamento tomara aquel acordo por unanimidade e, non obstante, algúns grupos radicais increparon a AP porque dixeron que quixeramos aproveitarnos da figura e o significado de Castelao. Sufrimos uns ataques terribles, que me pareceron moi inxustos.

A nivel persoal tamén me desgustaron bastante algúns intentos que houbo máis adiante por relacionarme co contrabando, cando este asunto estaba no seu máximo apoxeo entre a opinión pública. Non lembro os detalles exactos, pero sei que trataron de salpicarme cunhas insinuacións e unhas medias verdades para facerme dano e erosionar a miña figura institucional. Naturalmente aquilo era absurdo e ninguén no seu san xuízo podía crer

semellante andrómene. Pero intentárono e aquilo molestoume bastante.

Eu creo que o Parlamento de Galicia non visualizou todo o relevo e a importancia que lle correspondía como primeira institución da nosa autonomía ata que dispuxo dunha sede propia e digna como o pazo do Hórreo. Iso fixose por iniciativa do meu Goberno, e a súa adquisición formalizouse contra o parecer dalgúns, que pensaban que non era o sitio máis axeitado. Creo recordar que outros preferían San Clemente e quizais se barallaron outras opcións máis. Hoxe en día, paréceme que o tempo nos deu a razón e que o Parlamento está moi ben situado e dispón dunhas instalacións espléndidas... Ao falar deste logro, vénme á memoria o recordo nostálxico das primeiras sesións no pazo de Xelmírez. Para chegar ao salón de plenos tiñamos que facer un esforzo

tremendo; as súas escaleiras eran endemoñadas e alí non había nin aseos... Co cambio ao pazo de Fonseca e o seu salón artesoado, o certo foi que o Parlamento gañou bastante. Mellorouse moito con respecto ao pazo arcebispal, pero os seus medios tamén estaban limitados e a división das súas dependencias tampouco era o máis desexable dende un punto de vista funcional e práctico.

De que logro como presidente da Xunta estou máis satisfeito? En xeral, considero que fixemos moitas cousas con pouco diñeiro, e que repartimos ben. Sempre traballamos a favor da unidade e non da división de todos os galegos. Neste sentido síntome particularmente satisfeito da Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, porque coa súa posta en marcha garantimos dalgún xeito que o idioma galego xa non poida morrer nunca. O gran mérito estivo en atreverse a tomar unha iniciativa tan arriesgada. Unha vez posto en marcha, o proxecto contou con moitos apoios durante a súa tramitación parlamentaria e non chocou con ningún problema serio. O inicio das emisións da radio dende un pavillón moi modesto que estaba en San Caetano resultou moi

emocionante, ao igual que máis tarde o comezo da televisión dende San Lázaro.

As lembranzas máis fortes que teño do Parlamento son o meu discurso de investidura por primeira vez e o meu discurso de despedida... Creo que ninguén podía reprocharme nada da miña etapa política, porque por amor a Galicia deixei a miña profesión, a miña actividade médica e cirúrxica, e perdín moito diñeiro. Cando me tocou vivir os momentos máis difíciles que todos coñecen durante o meu segundo mandato, repetín unha e outra vez que eu era un demócrata convencido que acataba por completo as regras establecidas. Polo tanto, non tiña a menor intención de marchar voluntariamente porque uns señores cresen que debía facelo. Díxenlles que eu ía rematar o meu mandato presidencial, salvo que unha moción de censura me relevase do cargo. Che-

gado o momento, esa moción de censura presentouse e eu perdín a votación. Así que me despedín.

A min a política gustoume e interesoume sempre. Á hora de facer balance xeral, creo que cando accedín á presidencia da Xunta quizais non estaba ben preparado para a xestión ou

para dirixir a administración. Pero estou seguro de que si estaba preparado para a política, para facer política. Por iso seguín nela e fun como eurodeputado ao Parlamento Europeo.

”

***Creo que ninguén podía reprocharme nada da miña actividade política, porque por amor a Galicia deixei o meu traballo como médico-cirurxián e perdín moito diñeiro***



### 📍 A estratexia da UCD

O Parlamento situouse dende o primeiro momento no epicentro da vida política galega ante a falta de maiorías e a necesidade de acordos. O grupo parlamentario de UCD tardou algún tempo en dixerir a súa inesperada derrota e non aceptou ningún pacto de Goberno con AP. Ata a súa pronta disolución, UCD fixo canto puido por debilitar a Xunta de Albor.

19-5-1982




*A Consellería de Facenda adscribe provisionalmente a Leovigildo Alonso Fontúrbel como interventor do Parlamento*



### 🔁 A disputa da capitalidade

A fixación da sede oficial das principais institucións foi a primeira lei que se debateu no Parlamento, e resultou a sesión que rematou máis tarde en toda a súa historia: comezou ás 11.40h da mañá e concluíu ás 2.30h da madrugada do 24 de xuño de 1982. A gran maioría da Cámara non compartiu as teses coruñesas que Francisco Vázquez (PSdG-PSOE) e Pablo González Mariñas (UCD) defenderon con especial ardor. O resultado da votación foi contundente: 60 votos a favor de Santiago de Compostela como sede do Parlamento, a Xunta e o seu presidente e das consellerías, e 8 en contra. Foi a derradeira sesión no pazo de Xelmírez, porque dende o primeiro momento púxose de manifesto que a grandiosidade do lugar non levaba aparelada unha mínima confortabilidade. De aí a necesidade manifesta de buscar con urxencia unha sede máis apropiada. Finalmente o pazo de Fonseca foi a opción elixida. ≈ 24-6-1982



### 📍 Traslado a Fonseca

O Parlamento celebrou a súa primeira sesión plenaria no pazo de Fonseca na tarde do 30 de xuño de 1982, tras conseguir unha cesión temporal das súas instalacións por parte da Universidade de Santiago de Compostela. Ao iniciarse este pleno, o presidente Rosón expresou aos deputados a súa confianza en que «imos gañar funcionalmente» e considerou a nova sede provisional como un «marco recollido e digno». ≈ 30-6-1982





### 📍 Un parlamento moi británico

Tras a adaptación realizada, o Parlamento dispuxo en Fonseca dun salón de sesións de estilo inglés e unha sala de comisións. Tamén se habilitou un despacho para o presidente e outro para o seu gabinete, ademais duns aseos dignos que non tiña Xelmírez. As restantes dependencias de carácter administrativo continuaron nos baixos do pazo de Raxoi. Os deputados sentíronse máis cómodos e achegáronse moito á vida compostelá. Aquí desenvolveron a súa actividade nos sete anos seguintes.




30-11-1982




*M.ª del Carmen Lovelle (AP), Senén Bernárdez (UCD) e Celso Montero (PSdeG-PSOE) convértense nos primeiros senadores designados polo Parlamento*

### 🔗 Aprobación do Regulamento

Un dous primeiros traballos que acometeron os deputados foi a elaboración dun regulamento. Ata a súa aprobación, a Cámara rexeuse supletoriamente polo texto normativo do Congreso dos Deputados de 1977. A Comisión do Regulamento constituíuse o 15 de xaneiro de 1982 e estivo integrada por 18 deputados que representaron a todos os grupos parlamentarios: Juan Luis Pía Martínez (presidente), Fernando García Agudín (vicepresidente), Benito García Dorgambide (secretario), Adolfo Abel Vilela, Bautista Álvarez Domínguez, Antonio Carro Fernández-Valmayor, Manuel Couce Pereiro, José González Dopeso, Aurelio Miras Portugal, Camilo Nogueira Román, José María Pardo Montero, Miguel Piñeiro Sánchez, Mariano Rajoy Brey, José Carlos Rodríguez González, Javier Suárez-Vence-Santiso, Ramón Taboada Soto, Víctor Vázquez Portomeñe e Francisco Vázquez Vázquez. Para axilizar a elaboración do texto, entre todos eles nomeouse un relatorio formado por Mariano Rajoy (AP), Miguel Piñeiro (UCD), Francisco Vázquez (PSdeG-PSOE) e Bautista Álvarez (Bloque-PSG). O relatorio do Regulamento elaborou e presentou en só nove días un texto articulado, ao que formularon 169 emendas. Sobre ese borrador centraron o seu labor os dezaoto membros da devandita comisión entre o 22 de marzo e o 19 de abril, ata que dous días máis tarde quedou listo. Finalmente, o presidente da comisión, Pía Martínez, presentou o ditame ante a Cámara, que analizou e debateu o seu contido en tres sesións plenarias os días 27 e 28 de maio, e 1 de xuño. O primeiro Regulamento do Parlamento de Galicia foi aprobado, na última xornada salientada, por 45 votos a favor, 3 en contra e 2 abstencións, e entrou en vigor o 1 de xullo de 1982. Un ano despois sufriu unha reforma que introduciu pequenos axustes e corrixiu algunhas deficiencias, a partir de dúas proposicións de lei que formularon José María Pardo Montero e outros catro deputados de UCD (que acababa de desmembrarse) e do grupo socialista. A devandita reforma contou cun amplo consenso, que se reflectiu na súa aprobación final por 51 votos a favor e 2 abstencións. O Regulamento xa reformado entrou en vigor o 1 de setembro de 1983, e non sufriu ningunha alteración ata dez anos máis tarde. A primeira plantilla orgánica do Parlamento de Galicia configurouse cun total de 43 prazas. Ao tempo que formalizaba a súa aprobación o 22 de febreiro de 1984, a Mesa tramitaba a convocatoria dun concurso restrinxido para optar a 30 prazas entre o persoal que traballaba ao seu servizo con anterioridade ao 1 de setembro de 1983. ≈ 1-6-1982





#### 🔴 Expulsión dos deputados do Bloque-PSG

Os tres deputados do Bloque-PSG foron expulsados do Parlamento o 23 de novembro de 1982 por negárense de xeito reiterado a acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía. Este trámite foi esixido e cumprido por todos os deputados tras a aprobación do Regulamento. A Policía Nacional impediu ao día seguinte a Lois Diéguez, Bautista Álvarez e Claudio López, a súa entrada no pazo de Fonseca e na mesma porta recibiron a liquidación dos seus haberes tras perder a condición de deputados. O Tribunal Constitucional confirmou logo a plena legalidade da medida aplicada polo presidente Antonio Rosón. ≈ 23-11-1982

# Bautista Álvarez Domínguez

Deputado na 1.ª, 3.ª, 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo BNG ≈ Vicesecretario da Mesa na 4.ª lexislatura e vicepresidente segundo na 5.ª



**C**oa xema dos dedos cofeaba as catro canas que a alopecia lle deixara na cabeza. Encerrados os dous no caixón que o pazo de Fonseca tiña reservado para despacho do presidente, don Antonio tardou en arrincar. Tanta demora —pensei— era prelude dunha proposta pouco decente. Así foi. Ofreceume a maneira de esquivarmos os deputados nacionalistas o xuramento da Constitución: ausentámonos do pleno previsto para este acto de vasalaxe. O erro dos mediocres, dos bastardos políticos, é pensar que todo é negociábel, que tamén os ideais entran na economía de mercado. Así, coa nosa ausencia voluntaria, aforrariámoslle ao Parlamento a vileza e o descrédito da medida que posteriormente tomou. Manteño as cualificacións empregadas, irreverentes se cadra para un diario de sesións, pero testemuñas imprescindíbeis para sentar a institución ante o tribunal da historia. A solución tiña moito de maquiavélica. Ignoro se o señor Rosón era consciente diso. Quen si coñecía o perigo da trapela eran os capos das familias políticas da Cámara. Á ignominia da traizón aos principios engadírase a nosa covardía en defendelos. Co mesmo tiro, dous pombiños. Dous pombiños abatidos para descrédito do nacionalismo.

Despois dun ano de exercicio da nosa representación, a que o pobo nos dera, contra todo dereito facíase depender a lexitimidade dela do acto de xurar fidelidade á Carta constitucional. Era o mesmo que devolver a don Quixote á pousada onde velara armas para investirse cabaleiro, após de conquistar coa lanza o helmo de Mambrino. Liturxia na que os cristiáns se inician xa na pía bautismal. Os progres dan por satisfeito o laicismo convertendo en promesa o xuramento. Inxenuidade pura. A carga relixiosa está na *fides*, nai etimolóxica da *fidelitas*, e que significa a crenza en Deus. Mira por onde, leigos e monxes, todos apañados na mesma gaiola sobrenatural.

Algúns dos que daquela participaron directa ou partidariamente na ponencia da lei fundamental recoñecen a inxerencia castrense na redacción da mesma. Mantíñase oculto o segredo para non depreciar a paternidade democrática do texto. No *nihil obstat* das baionetas está, xa que logo, a lexitimidade que inxenuamente se atribúe ao pobo. A lexitimidade que o exército leva no escroto, aínda que agora estalle a substituír o caqui polo rosa. Descoñezo casos nos que a economía capitalista —a de mercado— fose elevada a rango constitucional. Faino así no artigo 38 a Carta Magna española. ¿Onde está a esquerda, a herdeira da que na II República quería meterlle o tronzador aos latifundios? Á máis combativa pasárona polas armas. Á outra, pola coitela do capador.

O primeiro Parlamento de Galiza erixiuse en dono dunhas credenciais cuxa propiedade pertencía ás urnas. Un verdadeiro latrocinio institucional. Acatar é unha obriga. ¡Que remedio! Pórise de xeonllos, unha covardía. Unha indignidade. Os deputados nacionalistas entregamos os barcos pero conservamos a honradez. ¿Que pasou despois? ¿Vendemos o honor para recuperar os barcos? Que lemos a *Queda dum anjo* de Castelo Branco, onde atopamos o consello do abade de Estevães ao morgado de Agra, preso do mesmo escrúpulo: «*Juramento, comédia e comedia!*» Pois seguimos a farsa. ¿Por que ser menos? Valeunos de moito a axuda do autor de *Amor de perdição*. Para a Galiza renegada é unha afronta dar valor a ninguén nado alén da raia. Non temos fronteiras lingüísticas nin xeográficas con Portugal. Con España sí. ¡Vai embora! Nos ficamos cá.

## Alfredo Conde Cid

Deputado na 1.ª, 2.ª e 3.ª lexislaturas polo PSdeG-PSOE (Independente)



**É** moi reducido o privilexial censo de seres humanos que crendo na democracia e no parlamentarismo, e estando convencidos de que o seu país estaba necesitado de ambas as dúas realidades, puidesen asistir ó seu nacemento e mais á súa construción. Formar parte dos setenta e un galegos que ocuparon escano na primeira lexislatura do Parlamento de Galicia foi un privilexio e unha excepción coa que esas setenta e unha persoas foron agasalladas pola Historia e pola Vida. Eu unha delas. Ser un dos catro galeguistas independentes que, mercede á xenerosidade institucional do PSdeG-PSOE, ocuparon escano foi a guinda que coroou ese agasalho que tanto lle agradezo á vida.

Foi unha lexislatura prodixiosa. Entón o parlamentarismo galego estaba impregnado, aínda, dun concepto do seu exercicio que era alleo, diríase que por completo, ós que o gobernan agora, cando o da profesionalización da vida política impera por riba de calquera outro e determina todas as consecuencias que derivan deste concepto, o da necesidade e/ou conveniencia de profesionalización da vida política, que a min persoalmente se me antolla demoledor da vida democrática.

Daquela a cortesía parlamentaria, o valor da palabra dada, os chamados pactos entre cabaieiros, tiveron unha vixencia que foi perdendo implantación e vigor, de xeito paulatino e triste, ó longo das seguintes lexislaturas nas que tamén participei e por iso podo dicilo.

Era, aquel da primeira lexislatura, un parlamento sereno, calmo, no que non se aplaudía, nin se berraba, porque a xente era adicta á reflexión e pouco dada a certas e inútiles expansións non sei se do histrionismo ou do ánimo. Só recordo unha ocasión na que, en catro anos, se aplaudise ó dar por rematado un trámite parlamentario. Sucedeu ó ser aprobada por unanimidade, nun pleno da Cámara, a Lei de normalización lingüística. Todos os grupos aprobaron e vitorexaron unha lei que foi inspirada fundamentalmente por Carlos Casares e Ramón Piñeiro, por esa orde, tamén nalgunha pequena oportunidade por min mesmo —¿por que ocultalo?—, e secundada por uns deputados máis conscientes e consecuentes das súas responsabilidades institucionais que coas súas obrigas e coas súas servidumes partidarias.

No canto de redactar estas liñas apertadas, cando a cortesía parlamentaria e institucional semella ser tan lonxana coma un desiderátum, boto man dun inesquecible libro de María X. Porteiro e mais Xosé A. Perozo, editado por Xerais e titulado *Quen é quen no primeiro Parlamento Galego* e podo constatar o número daqueles que xa non teñen a oportunidade de recordar os ilusionados e serenos anos que eu recordo, nos que todo un parlamento resultou ser galeguista e o galeguismo foi patrimonio común e compartido e non privilexio duns poucos ou arma arboladiza que esgrimir nas trifulcas electorais. Logo, pouco e pouco, fóronse impoñendo outras realidades e as leis que fixeron posible todo aquilo, acadando un grao de cumprimento e efectividade que as fixeron devir en obsoletas á maioría delas.

Con qué espírito se han elaborar as que as substitúan é algo que debe preocuparnos e qué Estatuto ha resultar logo da reforma que precisa o actual é algo que ignoro, pero que desexo froito daquel espírito de antano. Cómo se han introducir as emendas que require a Carta Magna que rexe a vida do conxunto dos españois de xeito que ampare, protexa e alongue no tempo, sen reducilas, esta realidade que chamamos Galicia é algo que tamén entra nese conxunto de arelas que seguen vivas no tempo, hoxe, como hai xa trinta anos, un tercio de século despois, unha vida enteira, nestes días de hoxe.



#### 📍 Os catro galeguistas independentes

Alfredo Conde Cid, Ramón Piñeiro López, Benjamín Casal Vila e Carlos Casares Mouriño (de esquerda a dereita) foron os chamados «galeguistas independentes» dentro do grupo parlamentario do PSdeG-PSOE. Coa súa presenza na Cámara contribuíron a ampliar un pouco máis o espectro político representado naquel primeiro Parlamento. A súa mediación resultou decisiva nalgúns temas importantes; particularmente na aprobación da Lei de normalización lingüística.

22-9-1983



**O traspaso de competencias convértese en asunto recorrente e a Cámara aproba por unanimidade pedir ao Goberno a súa culminación en xaneiro de 1984**







### 🕒 **Delegación parlamentaria alemana**

Unha nutrida delegación de deputados alemáns do estado federal de Baden-Württemberg, co seu presidente á fronte, protagonizou a primeira visita de certa relevancia que acolleu entón o Parlamento de Galicia. A magnífica tradutora de español-alemán (ao lado de Rosón na fotografía) que formaba parte do grupo visitante permitiu un intercambio de impresións e coñecementos moi fluído entre ambas as dúas partes. Tanto os encontros que se programaron, como as sesións de traballo que se celebraron, resultaron enormemente proveitosos para ambas as dúas partes.





#### 📍 **Rajoy como portavoz**

Mariano Rajoy Brey (AP) foi o primeiro director de Relacións Institucionais da Consellería de Presidencia e a súa función principal centrouse no traballo parlamentario. En diversas ocasións tivo que abandonar o seu lugar habitual na Mesa para intervir dende a tribuna da Cámara en nome da Xunta de Galicia. Na foto, Rajoy charla co presidente Albor e outro deputado de costas durante un descanso en Fonseca. Á dereita, o conselleiro de Traballo, Juan Corral, tamén conversa con outro deputado.

# Mariano Rajoy Brey

Deputado e secretario segundo da primeira Mesa do Parlamento (1981-85)

🌀 Vicepresidente da Xunta de Galicia (1986-87)



“ **E** U NON TIÑA ningunha experiencia nin relevancia política cando cheguei ao Parlamento de Galicia en 1981, e para min resultou moi emocionante formar parte da Mesa de Idade e da propia Mesa naquela primeira lexislatura. A miña entrada en política foi casual, porque entón ocupei o número tres da lista de Alianza Popular pola provincia de Pontevedra, e estaba previsto que tivéssemos dous deputados en caso de lograr un bo resultado xa que UCD tiña un gran poder e contaba con todo o aparello do Movemento. Tras Xosé Luís Barreiro, que era o noso principal referente, e Julián Martínez Larrán, que ía como número dous en representación de Vigo, a terceira praza estaba reservada para un candidato de Pontevedra. E a xunta local, onde estabamos moi poucas persoas, un grupo de amigos bastante reducido, decidiu que fose eu. Contra todo prognóstico gañamos aquelas primeiras eleccións galegas e sacamos na provincia de Pontevedra ata sete deputados fronte a seis de UCD. Así entrei en política case sen dar-me conta, cando só tiña 26 anos.

Fun o deputado máis novo daquel Parlamento. Por iso na sesión de constitución formei parte da Mesa de Idade, xunto a Tomás Pérez Vidal, que era uns meses maior ca min, e xunto a Manuel Iglesias Corral, que era o deputado de máis idade. Aquel momento histórico resultou unha experiencia inesquecible.

Como daquela eu non tiña relevancia política, non participei en ningunha negociación ou acordo sobre a sesión de constitución. Así que non podo explicar por que me atopei sen apenas decatarme como vicesecretario daquel Parlamento. Supoño que foi cousa de Xosé Luís Barreiro, que era o home forte de AP... O feito de que o primeiro Parlamento fose acollido nada menos que polo pazo arcebispal, e que alí se celebrasen os seus primeiros debates, pareceume moi bonito. A pesar de todas as súas incomodidades, creo que foi bo que o primeiro Parlamento estivese no pazo de Xelmírez.

***A pesar de todas as súas incomodidades, creo que foi bo que o primeiro Parlamento estivese no pazo de Xelmírez, e que alí se celebrasen os seus primeiros debates***

Os meus recordos máis fortes daqueles anos?... Os primeiros asuntos que lembro daquel tempo foron un debate sobre se os parlamentarios tiñamos que cobrar ou non; eu era partidario de que non cobrásemos, pero ao final acordouse que si. Lembro que Camilo Nogueira (EG) se puxo como unha fera porque un día eu falei da rexión de Galicia. Lembro moi ben aquela reacción súa, porque me sorprendeu moito o seu proceder tan visceral. E teño recordos moi nítidos do debate sobre a lei da capitalidade de Galicia no que, como participara durante o seu estudo en comisión, xa non tiven que intervir naquel pleno tan longo.

Todos os deputados da Coruña situáronse a favor da súa cidade. E chamoume moito a atención que interviñese Manuel Iglesias Corral, quen durante a República xa debatera sobre este asunto co meu avó, Enrique Rajoy Leloup. O Estatuto de 1932, que se someteu a emendas durante a súa tramitación e podía facelo directamente calquera galego, dicía que a capitalidade de Galicia tiña que fixala unha lei do Parlamento. E don Manuel presentara unha emenda a aquel artigo —algo que podía facer calquera cidadán— pedindo a súa supresión, porque argumentaba que todo o mundo sabía moi ben cal era a capital de Galicia e, xa que logo, non facía ningunha falta aquel artigo. Por iso pedi a súa su-

presión. Só que o que pensaba Iglesias Corral, e que aínda mantivo corenta anos despois, non era o mesmo que pensaba todo o mundo sobre cal debía ser a capital de Galicia... Nun momento que nos cruzamos nun corredor díxome con moita sorna que os Rajoy eramos incorríveis.

Daquel debate albisco a outro deputado da Coruña, José González Dopeso, que era conselleiro de Xustiza e Interior, e que estaba moi apesarado. Tanto o afectou que, cunha actitude que o honra, abandonou o seu escano pouco despois para presentarse como candidato á alcaldía da Coruña por AP. Cando me interesei pola súa dimisión para ver se reconsideraba aquela decisión, díxo-

me moi solemne que non tiña máis remedio que facelo, porque era nada menos que o presidente da Asociación de Amigos da Coruña.

E lembro moi ben a infinidade de intervencións de Paco Vázquez. Agora que xa asistín a moitos debates na miña vida, teño que dicir que nunca vin un deputado facer uso de tantas quendas: a favor, en contra, de réplica, de aclaración... Seguramente alí empezou a gañar a alcaldía da Coruña nas eleccións municipais do ano seguinte.

***Durante o tempo que estiven na Mesa do Parlamento aprendín moito, porque o presidente Rosón dábase instrucións todo o día e tratábame moi ben***

O caso é que aquel debate tan importante terminou de madrugada, en plena noite de san Xoán, e desde o Parlamento eu fun ver as fogueiras... Pero permítame tamén a maldade de lembrar que o debate terminou a labazada limpa, pero non entre políticos como podía imaxinarse, senón entre xornalistas que escribían en dous xornais distintos e que logo acabaron escribindo no mesmo periódico. Os políticos déronse de labazadas dialécticas, pero as labazadas reais correron a cargo de dous xornalistas. Os seus nomes?... Prefiro non mencionalos aquí por razóns obvias, para que non se molesten.

Durante o tempo que estiven na Mesa do Parlamento aprendín moito, desde logo, porque era moi novo e o presidente Antonio Rosón dábase instrucións todo o día. Se o Regulamento do Parlamento era flexible, Rosón aínda o era máis á hora de conceder a palabra. E nunca esquecerei o incidente que tiveron con el por mor dese asunto... Un día chamáronme do partido para dicirme que a Mesa estaba sendo moi flexible coa oposición e que, en consecuencia, eu tiña que pórme duro con Rosón porque aquilo non podía seguir igual. Entón púxenme duro con Rosón e caeu-me unha rifa de tal calibre que lle dixen ao meu partido que se

puxese outro duro con el porque eu non estaba disposto a recibir outra rifa como aquela.

A verdade é que eu lle tiña moito respecto a Rosón, porque me amparaba, tratábame moi ben e mandábame na súa representación a todas partes. Así que eu non era a persoa máis indicada para botarlle nada en cara. Rosón era presidencialista, claro; pero era moi boa xente e non se metía con ninguén. As relacións entre os membros da Mesa sempre foron boas, tal e como eu lembro aqueles días, e os letrados que levaban os asuntos eran moi competentes.

Eu tiven unha intervención directa en asuntos importantes de carácter administrativo ou organizativo. En efecto, desenvolvín unha certa actividade parlamentaria, aínda que os meus coñecementos de entón eran manifestamente mellorables. Pero en 1983 elixíronme presidente da Deputación de Pontevedra e xa deixei o meu traballo na Mesa, aínda que completei toda a lexislatura. Daquela xa tiñamos unha maioría folgada e lográbanse moitos acordos; así que a miña presenza non era necesaria.

Algúns anos despois fun vicepresidente da Xunta en 1986 tras a crise de Albor con Barreiro, e aínda que non era deputado si tiven en nome do Goberno moitas intervencións no Parlamento. A título anecdótico, podo reclamar unha certa paternidade inducida sobre a intervención máis famosa da historia do Parlamento de Galicia, que protagonizou Manuel Iglesias Corral.

Cando a oposición reclamou con moita razón un debate para saber que foi o que pasara no Goberno e por que saíran varios conselleiros, e empezamos a pensar en quen era a persoa máis adecuada para ofrecer unha explicación, eu apunteille a Albor o nome de Iglesias Corral. Entón o presidente replicoume: «E

***Coa moción de censura deime conta de que no Parlamento non gaña nunca quen ten razón, senón quen suma máis votos***

quen llo di? Exposllo ti?»». E eu díxenlle que si. Falei con Iglesias Corral e non puxo ningún inconveniente. Aquela saída súa de «aquí pasou o que pasou» deixou totalmente descolocada a toda a oposición e acaparou a atención e o titular de todos os medios informativos. Foi unha actuación certamente insuperable.

A moción de censura?... En efecto participei no debate da moción de censura que acabou co Goberno de Albor en 1987. Como resumo daquel momento, quedo con que preparei moi ben a miña intervención en defensa do Goberno e, sobre todo, no despropósito daquela moción.

No día de hoxe, sigo pensando que os meus argumentos foron i-na-pe-la-bles, desde o primeiro ata o último, para descualificar aquela actuación. Pero deime conta de que no Parlamento non gaña nunca quen ten razón, senón quen suma máis votos. E desde logo máis votos que nós tiñan os tres partidos cos cinco deputados de AP que expuxeron a moción de censura. Este ensino último resultoume moi útil co paso do tempo, porque é unha situación que agora vivo moi frecuentemente no Congreso dos Deputados.

”



### ↻ ↻ Desmembración de UCD

O grupo de UCD empezou a desmembrarse tras perder as eleccións xerais de outubro de 1982, e adquiriu carta de natureza a principios de 1983. Unha ducia de deputados centristas alcanzaron en marzo un acordo parlamentario con AP, que se plasmou cunha remodelación da Xunta por parte do presidente Fernández Albor para facilitar a entrada de tres representantes do devandito grupo: Carlos Mella Villar, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía; Javier Suárez-Vence Santiso, conselleiro de Sanidade; e Víctor Vázquez Portomeñe, conselleiro de Educación. A outra metade de deputados de UCD, con excepción de 3 ou 4, optaron por sumarse ao novo partido Coalición Galega (CG), que axiña empezou a ter un protagonismo destacado na escena política galega. O 9 de setembro de 1983 formalizouse a adscrición parlamentaria dos 24 antigos deputados de UCD en dous grupos: por un

lado, Víctor M. Vázquez Portomeñe, Carlos Mella Villar, Manuel Iglesias Corral, Antonio Rosón Pérez, José Luís Torres Colomer, José Castro Suárez, Emma González Bermello, Gerardo González Martín, Ramón Lareo López, Miguel Piñeiro Sánchez, José Recimil Tábora e Ángel Rodríguez Vázquez formaron o Grupo Parlamentario Independente. E por outro lado, Pablo González Mariñas, Antonio Olives Quintás, Senén Bernárdez Álvarez, José Quiroga Suárez, Santos Oujo Bello, José M.ª Casas Rosendo, Aurelio Miras Portugal, José Romero Becerra e José Lage Lage configuraron o Grupo Parlamentario de Coalición Galega. Os tres deputados restantes José M.ª Pardo Montero, Javier Suárez-Vence Santiso e Maximino Pérez Hortas permaneceron no Grupo Parlamentario Centrista. Varios deputados aínda protagonizarían novos cambios antes de concluír a primeira lexislatura.




**O Parlamento aproba por unanimidade solicitar ao Goberno un tratado cultural galego-portugués**

18-3-1983



O presidente Albor informa á Cámara sobre a remodelación do seu Goberno tras pactar unha maioría parlamentaria con deputados de UCD





### 📌 **As iniciativas de Camilo Nogueira**

Camilo Nogueira Román (EG) foi un dos deputados máis activos e das súas propostas saíron non poucas leis enmarcadas no desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía. Á hora de elaborar unha pregunta ou formular unha iniciativa parlamentaria, calquera momento era bo para o portavoz de EG, sempre acompañado de papeis e documentos.

*«—E agora pre qué, señor Nogueira?*

*—Para matizar, señor presidente*

*—Pois matice, señor Nogueira, matice...»*

—Diálogo entre Antonio Rosón e Camilo Nogueira despois da enésima petición de palabra do portavoz de EG



# Camilo Nogueira Román

Deputado na 1.ª legislatura por Esquerda Galega, na 2.ª e 3.ª legislaturas polo PSG-Esquerda Galega, e na 5.ª legislatura polo BNG (1997-99)



“**O** PAZO DE XELMÍREZ foi un bo lugar para acoller o Parlamento. Pertence a unha época saliente do Reino de Galicia como centro principal das institucións políticas e culturais da península. Naturalmente, non tiña condicións para constituír unha sede permanente. Na primeira legislatura eu era o único deputado de Esquerda Galega. Formei en principio parte do grupo mixto cos tres deputados do BNPG-PSG e co deputado do PCG. A pesar de defender posicións que naquel momento non eran partilladas pola maioría dos colegas no Parlamento non traballei coa sensación de estar só. Procurei manter un trato cordial e respectuoso, por riba das evidentes diferenzas ideolóxicas e programáticas que puidesen existir.

A actividade emprendida en nome de EG (a partir da segunda legislatura representando ao PSG-EG, resultado da fusión das dúas forzas políticas) respondeu desde o primeiro momento a un proxecto nacional e a medidas dun programa de goberno. Produciuse como unha prolongación do traballo que desempeñáramos desde os anos sesenta fronte á Ditadura e durante a Transición, reivindicando as Bases Constitucionais para Proxecto Federal e o Estatuto de autonomía da Segunda República. No Parlamento defendemos a idea da capacidade de autogoberno desde Galiza fronte á ideoloxía da superioridade dun Goberno estatal centralizado e uniformizado. Entramos xa con posicións reflexionadas sobre o uso da lingua galega en todos os ámbitos da vida, o desenvolvemento da economía galega, os problemas industriais, agrarios e pesqueiros, o uso dos montes de veciños, o sistema financeiro, as vías de comunicación, a educación, a sanidade, o ordenamento do territorio e a estrutura política territorial, o medio ambiente, os medios de comunicación en galego, incluída a televisión, ou sobre as necesarias relacións entre Galiza e Portugal. Pensamos a Galiza como unha nación europea, como unha nación en si mesma.

***Durante as tres legislaturas incidimos moito na necesidade dunha boa negociación das transferencias coa administración central. Daquela aínda había xente que atribuíu por principio a Madrid as posicións progresistas***

A miña primeira acción importante? Foi a referente á lingua galega; a primeira das iniciativas que entraron no Parlamento. A Proposición de lei de normalización lingüística que presentei materializárase na lei vixente despois do traballo realizado en Ponencia, Comisión e no Plenario. Cando se debateu en Plenario a proposta inicial de EG, chegouse ao acordo de elaborar un texto que contase co acordo de todos os grupos. Non resultou doado. Mais o texto foi aprobado por unanimidade. Foi a primeira Lei normalizadora do uso do galego como lingua propia e nacional, despois de séculos de marxinação. O galego, negado polo Estado español en todas as actividades administrativas e públicas e pola propia Igrexa na súa acción, resistiu como lingua da espléndida cultura agraria, mariñeira e artesá de Galiza, en tanto que, evoluíndo en paralelo, se mantiña como lingua oficial en Portugal e Brasil e en países doutros continentes.

O clima que reinaba no Parlamento permitiría a aprobación doutras leis salientes como a Lei de símbolos de Galicia, a Lei do Valedor do Pobo, a Lei sobre o uso do galego nas entidades locais —que declara

que nelas os documentos tiñan que estar redactados ben só en galego, ou ben en galego e castelán, mais non só en castelán— ou a Proposición de lei ante o Congreso sobre o Plan xeral de estradas do Estado, que ignorara a Galiza no sistema de autovías. Foi tamén miña, en nome de Esquerda Galega, a Proposición non de lei para o retorno a Galiza, no Panteón de Galegos Ilustres, par de Rosalía de Castro, dos restos de Daniel Castelao soterrados na Arxentina.

Por que nese ambiente se producira un feito tan grave como a expulsión do Parlamento de Galiza dos deputados do BNPG-PSG por non daren por acatada formalmente a Constitución? Creo que foi un grave erro da Cámara. Eu votei contra da expulsión. Coido que fun unha excepción. Votamos en favor dos outros deputados nacionalistas por moito que en EG pensáramos que despois de tomar a decisión de concorrer ás eleccións malia manter unha

posición inequívoca fronte a elementos do texto constitucional, con todo o que esa actitude levaba consigo naquel momento, non se debía pagar o prezo de ficar fóra do Parlamento.

A presenza dos catro deputados galeguistas nas filas do PSdeG-PSOE respondeu ao papel que algún membro deste grupo desempeñara na preautonomía e mesmo moito antes, renunciando á idea de Galiza como nación política. Non me corresponde a min xulgar as posicións que tomaron. A respecto da incidencia no movemento nacional galego creo que esa presenza tivo resultados contraditorios. Favoreceu a creación dun certo clima de entendemento, mais prexudicou o desenvolvemento dun galeguismo transformador. Durante a primeira lexislatura axudaron tamén a fomentar o uso do galego no Parlamento. Entre todos conseguimos que a lingua de uso normal na Cámara fose o galego. Como actores de iniciativas non tiveron un papel saliente. Dito isto co maior respecto e sen desmerecer para nada as súas contribucións.

Antonio Rosón contribuíu a fomentar un ambiente de concordia no Parlamento. Na vida parlamentaria tivemos un trato cordial, malia a distancia que había entre el como presidente e eu como parlamentario da esquerda nacionalista, e especialmente das diferenzas entre as nosas posicións e experiencias políticas. Eu interviña moito, aínda que sempre dentro do Regulamento, e el non utilizou o seu poder para impedi-lo. É coñecida unha anécdota, celebrada na Cámara, referente a unha intervención miña na que volvíñ pedir a palabra despois do presidente terme concedidas as roldas que me correspondían. O presidente preguntou pacientemente e con certa retransa: «E agora pre que, señor Nogueira?» (utilizaba o pre da súa terra). Como eu non tiña xa dereito a réplica contestei-lle: «Para matizar, señor presidente». E el accedeu dicindo: «Pois matice, señor Nogueira, matice»...

Penso que na primeira lexislatura —exceptuada a grave posición represiva que mantiveron como parte do grupo de AP na

cuestión da expulsión dos deputados do BNPG-PSG— desde o punto de vista da actitude persoal tanto Antonio Rosón como Xerardo Fernández Albor merecen unha consideración positiva. En xeral, o seu comportamento resultou beneficioso para o desenvolvemento das institucións autonómicas. Albor tivo unha sensibilidade galeguista e algunhas intervencións destacadas que fican reflectidas no *Diario de Sesións*. Seguramente non foi todo o activo e enérxico que debería ter sido na acción de goberno da administración autonómica. Eu fíxenlle unha oposición dura, en especial na segunda lexislatura, porque cría que as cousas non ían ben. Mais no plano persoal tivemos unha relación amigábel, que mantemos cando nos encontramos.

Durante as tres lexislaturas incidimos moito na necesidade dunha boa negociación das transferencias coa administración cen-

tral, cara ao pleno autogoberno. Isto que hoxe parece positivo era criticado por algunha xente, mesmo desde posicións que se pretendían de esquerdas. Estou a pensar en colegas que dicían preferir «unha sanidade dependente de Madrid, mais controlada pola esquerda, que unha sanidade xa traspasada a Gali-

cia gobernada pola dereita». Parecíame terríbel, porque o autogoberno tiña que ser o obxectivo e que non había razón ningunha para pensar que as competencias galegas serían mellor exercidas desde a administración central. Daquela aínda había xente que atribuíu por principio a Madrid as posicións progresistas.

Na segunda lexislatura tiñamos tres deputados e recordo que entre o PSOE, Coalición Galega, os nosos tres deputados e o do BNG tiñamos a maioría precisa para sustentar un Goberno alternativo. O PSG-EG participou en todas as negociacións para facelo posíbel porque considerabamos que a oportunidade era boa para favorecer unha mudanza política. Con todo non pediamos participar nese Goberno. O fracaso daquel intento non tivo nada que ver connosco, que o apoiamos decididamente. Unha parte de CG tornara cara a unha alianza de goberno con AP.

**Tanto Rosón como Albor merecen unha consideración positiva pola súa actitude persoal. En xeral, penso que o seu comportamento resultou beneficioso para o desenvolvemento das institucións autonómicas. Eu fíxen unha oposición dura, pero tivemos una boa relación persoal**

Despois mantivemos unha actitude semellante á da primeira lexislatura. Presentando iniciativas referentes tanto ao fortalecemento do autogoberno como solución dos problemas sociais, económicos e culturais do momento. Era o tempo en que o Goberno central iniciaba o programa de modernización das vías de comunicación, primeiro coas autoestradas e despois co tren de alta velocidade. Nós presentamos sistematicamente iniciativas contra a marxinación de Galiza, xa que o Plan de autovías para o período 1984-1992 a deixaba fóra. A nosa actividade na cuestión das comunicacións por autovía e alta velocidade coa Meseta, Portugal e o centro de Europa manteríase nesa e na seguinte lexislatura. Tiven a ocasión de defender nas Cortes a proposición de lei sobre esta cuestión, que nos fora aprobada no Parlamento de Galiza.

Durante esa lexislatura, unha crise interna dos populares provocou a saída dalgúns deputados do grupo de Goberno e permitiu despois a presentación dunha moción de censura contra o presidente Fernández Albor asinada polo PSOE, Coalición Galega —e con ela xa o ex-vicepresidente da Xunta Xosé Luís Barreiro con outros deputados elixidos por AP— e o Partido Nacionalista Galego, que se escindira de CG. A pesar das discrepancias con eses partidos, os tres deputados do PSG-Esquerda Galega votamos a favor, porque pensabamos que o cambio era necesario. Nos dous anos do Goberno tripartito non se tomarían medidas transformadoras, nin se mostrou unha postura esixente ante o Goberno central. O novo Goberno non se diferenciou apenas do presidido por Albor nos dous primeiros anos da lexislatura.

Ante as nosas iniciativas críticas e reivindicativas, determinados grupos tanto políticos como mediáticos tomaron a decisión inequívoca de desacreditar, mesmo con ataques persoais, as ideas e o traballo do PSG-Esquerda Galega, que se mantiña na defensa dos intereses de Galiza e da nosa xente. Moitas das nosas posicións daquel tempo conservan toda a súa vixencia. Atacaban ao PSG-EG en tanto que louvaban outras posicións do campo nacionalista, que non apoiaran a moción de censura. O presidente Fernando González Laxe estivo sempre sometido a Madrid. Dese período destacaríase a nosa contribución á Lei de universidades, que se enriqueceu moito durante a súa tramitación. Tanto o establecemento dun plan financeiro como a eliminación do concepto

de territorialidade nas novas universidades foron achegas nas que participamos.

Un ano antes de finalizar a lexislatura as sondaxes dábanlle ao PSG-Esquerda Galega até nove deputados para o período 1989-1993. A feroz campaña que tivemos que soportar acabou prexudicándonos gravemente. Non fomos quen de contrarrestar aquelas críticas sectarias. Perderíamos mesmo un dos deputados.

Coa maioría absoluta que obtivo nas eleccións autonómicas de 1989, Manuel Fraga abriu unha etapa que de xeito global merece unha valoración negativa. Que é esta unha valoración moi dura? Non cuestiono que Fraga lle dera a Galiza unha maior presenza no Estado español, aínda que só se materializou nunha imaxe de aparencia máis forte. Na práctica inocua. Non fixo nada por impulsar os intereses nacionais. De facto nunca denominou a Galiza como nacionalidade, contra o previsto na Constitución e inserido no Estatuto de autonomía. Adormeceu as reivindicacións sociais, económicas e lingüísticas de Galiza. O desenvolvemento económico que puido ter Galiza no seu tempo respondeu a iniciativas sociais ou empresariais que viñan de antes. En practicamente ningún caso foi impulsado desde o Goberno que presidía. Malgastou os fondos estruturais e de cohesión europeos en iniciativas de carácter irrelevante, en gran medida de índole clientelar.

Nós fixémoslle unha oposición democrática frontal. A oposición máis forte que fixemos no Parlamento, porque non concordabamos coa súa política. Nunha ocasión contáronme que cando Fraga chegou á Xunta pediu unha relación de todas as iniciativas que nós presentáramos até entón. Dixéronme que na procura de ideas programáticas. Non sei se isto é ou non certo. En todo o caso, ou non as entendeu, ou non as aplicou, ou ambas as cousas á vez.

E aínda para impedir a presenza do PSG-Esquerda Galega na cuarta lexislatura Fraga chegou a presentar e aprobar unha norma lexislativa na que se incrementaba a porcentaxe de votos necesaria para conseguir deputados en cada provincia. Foi unha norma dirixida expresamente contra nós. Un ataque contra as nosas ideas políticas e tamén unha agresión *ad hominem*.

”



**Barreiro, home forte** ↻

Xosé Luís Barreiro Rivas tivo ao seu cargo a dirección do Grupo Parlamentario Popular, e interveu tamén como portavoz da Xunta nas cuestións máis importantes por delegación do presidente Albor. Sentado arriba, á dereita, Manuel Iglesias Corral, xogou tamén un papel destacado no intenso traballo que AP despregou na Cámara durante os primeiros anos. Á súa dereita os deputados de UCD Antonio Sangiao Pumar e Ricardo Pérez Queiruga.

12-3-1984  
→**Ramón Lareo López (UCD) foi o primeiro deputado que causou baixa por falecemento**

### 🕒 Pérez Vidal, dende o escano

Tomás Pérez Vidal tivo unha intensa actividade parlamentaria, primeiro como portavoz de AP en apoio de Barreiro, e máis tarde como director xeral de Relacións Institucionais da Xunta (1983-1985), en substitución de Rajoy. Ademais foi relator da Lei de símbolos de Galicia (29 de maio de 1984), que foi aprobada por unanimidade. A experiencia acumulada favorecería máis tarde o seu acceso á presidencia da Cámara tras a morte de Rosón.





### ↻ ↻ A volta de Castelao

O Parlamento de Galicia expresou o seu desexo unánime de que os restos de Castelao volvesen a Galicia canto antes e encomendaron as xestións oportunas aos presidentes Albor e Rosón. A iniciativa partiu dunha proposición non de lei de Camilo Nogueira, quen logo aceptou unha emenda transaccional avalada por todos os grupos. O presidente Albor anticipou dende a tribuna que a firme vontade de Teresa, a única irmá viva de Castelao, pasaba por facilitar ese regreso á marxe de calquera interese partidista. As xestións frutificaron e un ano despois, os restos de Castelao chegaron dende Bos Aires ao aeroporto de Lavacolla o 28 de xuño de 1984, data do aniversario do plebiscito do Estatuto de 1936, e foron depositados no panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval. Rosón e Albor cubriron o féretro coa mesma bandeira galega que se utilizara no enterro de Castelao en 1950. Á dereita, Albor coloca sobre o cadaleito a Medalla de Ouro de Galicia que foi creada para a ocasión. ≈ 28-6-1984

27-3-1984



*Tensa sesión parlamentaria ao coñecerse a dimisión do vicepresidente da Xunta, Carlos Mella, polo desacordo no reparto dos 12.000 millóns de pesetas obtidos en Madrid*



### 🔴 Prohibición de fumar

Dende o inicio da súa actividade, o Parlamento mostrouse condescendente e optou por non aplicar nas súas dependencias ningunha prohibición de fumar. Os deputados puideron consumir os seus cigarros sen ningunha restrición, tanto nas reunións das comisións, como nos plenos, e as queixas informais dos non fumadores tiveron escaso predicamento. A primeira solicitude oficial de prohibición de fumar durante as sesións parlamentarias foi trasladada ao presidente da Cámara polo deputado socialista Ramón Félix Blanco Gómez, nun escrito asinado como presidente da Comisión 5.ª de Sanidade. A Mesa limitouse a trasladar a devandita petición a todos os presidentes de comisións para que obrasen segundo os seus criterios respectivos. ≈ 5-6-1984







#### 📌 Primeira solicitude dunha comisión de investigación

A primeira e única proposta de constitución dunha comisión de investigación que se tramitou durante a primeira lexislatura partiu do Grupo Parlamentario Socialista e xirou sobre a posible existencia de irregularidades no nomeamento de funcionarios interinos pola Xunta de Galicia. Ceferino Díaz defendeu a conveniencia de clarificar a situación do persoal, pero a súa proposta foi rexeitada por 33 votos en contra e 24 a favor. ≈ 4-6-1985

### ↻ **Conversas a tres bandas**

Do diálogo e a negociación entre Camilo Nogueira (EG), Ramón Piñeiro (independente PSdeG-PSOE) e Ceferino Díaz (PSdeG-PSOE) saíron non poucas propostas que tiveron un eco razoable na Xunta de Galicia e no seu grupo parlamentario. Dende posicións distintas, e mesmo antagónicas, contribuíron a acadar moitos acordos cos primeiros Gobernos de Fernández Albor.

### ↻ **Anxo Guerreiro, sempre combativo**

Anxo Guerreiro Carreiras foi o único deputado do PCG na primeira lexislatura e desenvolveu un intenso traballo parlamentario. A gran xenerosidade aplicada coa repartición das quendas e os tempos de intervención dos deputados integrados no Grupo Mixto, permitiu a Guerreiro subir á tribuna con moita frecuencia para formular as súas interpretacións e defender as súas propostas. Tamén tivo unha participación moi activa nos grandes acordos parlamentarios deste tempo.







#### 🔗 **O disputado voto de Rosón**

O Parlamento viviu unha situación insólita durante o debate do Proxecto de lei de ordenación universitaria de Galicia. Tras dous empates consecutivos, fíxose un descanso para tratar de atopar unha saída ao asunto. Na terceira votación, Rosón cambiou a súa postura abstencionista e permitiu que o texto defendido polo conselleiro Vázquez Portomeñe saíse adiante. A continuación, este anunciou que retiraba o seu proxecto a favor dun texto consensuado nun relatorio conxunto, e os deputados acolleron con aplausos esta solución final. ≈ 23-4-1985

6-7-1985



*Rosón explica o funcionamento  
parlamentario a un grupo de cadetes da  
Garda Civil que visitan a Cámara*



#### 📍 **Protesta de agricultores**

Moitos centos de agricultores protagonizaron a primeira gran concentración de protesta que tivo o Parlamento de Galicia como principal destinatario. Chegados a Santiago de Compostela dende toda Galicia, os manifestantes ateigaron as rúas próximas ao pazo de Fonseca en sinal de protesta polos termos da adhesión de España á Comunidade Económica Europea, que consideraban moi prexudiciais para os seus intereses. ≈ 8-5-1985





### 🔴 O consenso electoral

A Lei de eleccións ao Parlamento de Galicia suscitou o derradeiro consenso da primeira lexislatura e foi aprobada por maioría absoluta. Todos os grupos fixeron un grande esforzo para acadar este grande acordo. A lei subiu de 71 a 75 o número de escanos e fixou un 3% dos votos como porcentaxe mínima dun partido para acceder á Cámara. Tamén estableceu un réxime non ríxido de incompatibilidades e inelixibilidades, que permitiu o nomeamento dos alcaldes como deputados. Todos os portavoces ponderaron a lei, que atrasou a súa aplicación ata os comicios seguintes de 1989, dada a inminente convocatoria electoral. ≈ 19-7-1985

**1985-1989**

# **2.<sup>a</sup> Legislatura**



**A** segunda lexislatura comezou o 17 de decembro de 1985 e rematou o 24 de outubro de 1989. Dende o primeiro ata o último día practicamente non houbo un momento de calma. Os acontecementos, tan variopintos, precipitáronse e prodigáronse de tal forma que remataron por compoñer o período máis convulso da autonomía galega.

Coalición Popular (AP-PDL-PL), con 34 deputados, quedou a só dous escanos da maioría absoluta, pero en ningún momento logrou establecer un pacto con Coalición Galega para formar un Goberno estable.

Os 11 deputados de CG, que tiñan a chave da maioría na Cámara, tampouco se puxeron de acordo á hora de buscar un socio estable, e perdéronse entre as súas propias contradicións e diferenzas insalvables.

Fixo falta que Xosé Luís Barreiro forzase unha crise de goberno na Xunta de Albor, que rematou coa súa marcha de AP, e que CG saltase polos aires e propiciase o nacemento do PNG para que, finalmente, o PSdeG-PSOE liderase un Goberno alternativo a tres bandas. González Laxe converteuse no primeiro presidente socialista; pero o seu mandato non acabou ben e rematou perdendo a maioría na Cámara.

A moción de censura que desencadeou o cambio na Xunta marcou esta segunda lexislatura. Non obstante, tanto antes, como tamén despois, se produciron outros feitos igualmente relevantes durante estes catro anos.

O presidente non conseguiu a súa investidura ata o cuarto intento, e a Cámara tivo dous presidentes e estivo en dúas sedes durante un mesmo período. Ningunha destas tres cousas

volveu repetirse máis. Pérez Vidal substituíu a Rosón Pérez, quen antes de morrer tivo o tempo xusto de estampar a súa firma no documento de compra do cuartel do Hórreo, para convertelo na sede parlamentaria definitiva. Os deputados non choraron a súa marcha de Fonseca, pero tomáranlle tanto cariño que se mudaron cunha mestura de nostalgia e pesadume.

A reprobación que a Cámara deu ao presidente Albor tras formar o seu último Goberno, con Mariano Rajoy como home forte, foi como un aviso premonitorio da súa caída final. Despois da moción de censura e a chegada do novo Goberno tripartito, o clima parlamentario crispouse aínda máis. Porén, ese ambiente tan revolvido no persoal, non impediu que no institucional se lograse algún que outro bo acordo, como a aprobación por unanimidade da Lei de ordenación do sistema universitario.

Durante os dous primeiros anos, a parálise da Cámara foi tan grande que só se aprobaron doce leis, a cifra máis baixa de toda a súa historia. Logo, a produción lexislativa acelerouse nos dous anos seguintes, ata chegar a 41 textos normativos.

O Parlamento continuou sendo cousa de homes, mesmo un pouco máis que antes, porque só dous escanos estiveron ocupados por mulleres. Tampouco se alterou a permisividade co tabaco, aínda que xurdiron as primeiras disputas sobre a conveniencia da súa prohibición.


A instauración anual dun debate sobre o estado da autonomía constituíu a última nota relevante dunha lexislatura irrepitible.

## O Parlamento na 2.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 17 de decembro de 1985

Data de disolución do Parlamento: 24 de outubro de 1989

### Constitución do Parlamento



### Composición da Mesa do Parlamento

PRESIDENTE:

Antonio Rosón Pérez [CP]

(Tomás Pérez Vidal [CP] dende o 13-5-1986)

VICEPRESIDENTE 1.º:

Tomás Pérez Vidal [CP]

(Luis Cordeiro Rodríguez [CP] dende o 13-5-1986)

VICEPRESIDENTE 2.º:

Francisco González Amadiós [PSdeG-PSOE]

SECRETARIO:

Manuel Núñez Carreira [CP]

VICESECRETARIO:

Pablo Sande García [PSdeG-PSOE]

(José F. Nogueira Fernández [PSdeG-PSOE] dende o 9-5-1989)

#### PARTIDOS POLÍTICOS

**CP.** Coalición Popular de Galicia  
(Alianza Popular, Partido  
Demócrata Popular e Partido  
Liberal)

**PSdeG-PSOE.** Partido dos  
Socialistas de Galicia-PSOE

**CG.** Coalición Galega

**PSG-EG.** Partido Socialista  
Galego-Esquerda Galega

**BNG.** Bloque Nacionalista  
Galego

	CP	34		PSdeG-PSOE	22		CG	11
	PSG-EG	3		BNG	1			

## Relación de parlamentarios

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA (CP)

- Alonso Riego, José Luis
- Barreiro Rivas, Xosé Luís. **CG** (8-9-87)
- Cociña García, José Ramón
- Corral Pérez, Juan M.
- Díaz del Río Jáudenes, Ramón (baixa 14-7-87). *Substituído por García Picher, Andrés Manuel (alta 15-9-87)*
- Egerique Martínez, Pablo
- Fernández Albor, Gerardo (baixa 10-7-89). *Substituído por Mesa Torreiro, Ángel Ramón (alta 30-8-89)*
- Fernández Barreiro, Alejandrino. **CG** (12-2-88)
- Franco Cerdeira, José Antonio Cesáreo
- Gago Lorenzo, José Antonio
- Garrido Valenzuela, Fernando. **CG** (8-9-87)
- Gayoso Rey, Jesús (baixa 19-2-87). *Substituído por Castro Agrasar, José Luís (alta 10-3-87)*
- González Bermello, Emma Rosa. **CG** (8-9-87)
- González Suárez, Fernando
- Hernández Cochón, José María
- Iglesias Corral, Manuel (baixa 8-9-89). *Substituído por Fernández Rosende, Jesús M.<sup>a</sup> (alta 26-9-89)*
- Miñones Trillo, José
- Miras Portugal, Aurelio Domingo
- Núñez Carreira, Manuel
- Páramo Neyra, Juan Manuel
- Pensado Barbeira, Fernando Alfredo
- Pérez Queiruga, Ricardo (baixa 14-7-87). *Substituído por Eirís Cabeza, Manuel (alta 20-7-87; baixa 23-7-87). Substituído por Conde Roa, Xerardo (alta 15-9-87).*
- Pérez Vidal, Tomás
- Piñeiro Mourinho, Ildefonso (alta 15-9-87)
- Rosón Pérez, Antonio (baixa 24-4-86). *Substituído por Pin Fernández, Nazario (alta 13-5-86)*
- Rodríguez Pérez, Fernando Carlos
- Sangiao Pumar, Antonio. **CG** (8-9-87)
- Suárez-Vence Santiso, Francisco Javier. **CG** (8-9-87)
- Tesouro Romero, Eladio
- Torres Colomer, José Luís Ramón
- Valcarce Baiget, Rafael
- Vázquez Portomeñe, Víctor Manuel
- Vicente Vázquez, Ramón de
- Vila López, Constantino
- Villanueva Cendón, Manuel Ángel

### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Adrio Barreiro, Gonzalo
- Barros Puente, Miguel
- Blanco Gómez, Ramón Félix
- Blanco Suárez, Manuel
- Campos Romay, Antonio Martín Ramón
- Carro Fernández-Valmayor, Antonio
- Conde Cid, Alfredo Luis
- Couce Pereiro, Manuel (baixa 12-9-89). *Substituído por Suárez Cotelo, José Luís (alta 26-9-89)*
- Díaz Díaz, Manuel Ceferino
- Gato Soengas, Antonio Edelmiro
- Giráldez Maneiro, José
- González Amadiós, Francisco. **Mx** (2-12-88)
- González Lage, Fernando Ignacio
- Martínez González, Fernando
- Mosquera Sueiro, Jesús (baixa 2-12-88). *Substituído pola Gómez Limia, Rosa (alta 20-12-88)*
- Nogueira Fernández, José Federico
- Pardellas de Blas, Xulio Xosé
- Sánchez Presedo, Antolín Luís Mariano
- Sande García, Pablo Ángel (baixa 2-5-89). *Substituído por Moas Pazos, José (alta 9-5-89)*
- Suances Pereiro, José Javier
- Varela Flores, Manuel Guillermo (baixa 7-7-86). *Substituído por Rego González, Ismael (alta 10-9-86)*
- Veiga Pombo, Manuel (baixa 14-12-87). *Substituído por Atrio García, Alfredo (alta 29-12-87), Mx (27-7-89)*

### GRUPO PARLAMENTARIO DE COALICIÓN GALEGA (CG)

- Bernárdez Álvarez, Senén (baixa 7-7-86). *Substituído por González Afonso, Emilio (alta 10-9-86)*
- Cordeiro Rodríguez, Luís. **Mx** (19-9-86)
- González Mariñas, Pablo. **Mx** (19-9-86)
- Mella Villar, José Carlos. **Mx** (19-9-86)
- Olives Quintás, Antonio. **Mx** (19-9-86)
- Oujo Bello, Santos
- Padín Sánchez, Pablo
- Rodríguez Peña, José Enrique; **Mx** (19-9-86)
- Romero Becerra, José
- Sánchez Castiñeiras, Cándido
- Torres Rodríguez, Celestino (baixa 14-7-87). *Substituído por Piñeiro Mourinho, Ildefonso (alta 15-9-87), que se adscribiu ao Grupo P. Popular.*

### GRUPO MIXTO (PSG-EG, BNG)

- Martínez Aneiros, Antonio [PSG-EG]
- Martínez Randulfe, Ángel Fernando [PSG-EG]
- Nogueira Román, Camilo [PSG-EG]
- Beiras Torrado, Xosé Manuel [BNG]




### 🔗 **Desacordo pola Mesa**

Antonio Rosón Pérez (CP) resultou reelixido presidente da Mesa do Parlamento, pero nesta ocasión non obtivo a maioría absoluta. En segunda votación, soamente contou con 34 votos da coalición electoral integrada por AP-PDP-PL. Ante a falta de acordos previos para configurar a Mesa, CP fixo valer a súa maioría minoritaria e ocupou tres dos cinco postos. De esquerda a dereita, Manuel Núñez Carreira (CG), secretario; Tomás Pérez Vidal (CP), vicepresidente primeiro; Antonio Rosón Pérez (CP), presidente; Francisco González Amadiós (PSdeG-PSOE), vicepresidente segundo; e Pablo Sande García (PSdeG-PSOE), vicesecretario, conformaron a Mesa do Parlamento. A carón de Sande aparece o letrado Baldomero Cores. ≈ 21-2-1986

### 📌 O acatamento de Beiras

Xosé Manuel Beiras Torrado ocupou o único escano do BNG na segunda lexislatura. O seu acatamento da Constitución española e do Estatuto de autonomía «por imperativo legal» foi seguido con expectación na Cámara e enmarcou o regreso da coalición nacionalista á primeira institución galega. Beiras escenificou a promesa regulamentaria apoiando a súa man dereita sobre un exemplar de *Sempre en Galiza* de Castelao, e portando un caravel vermello na man esquerda. 17-12-1985





#### 📍 A difícil reelección de Albor

Fernández Albor estuvo á fronte dun Goberno en funcións durante dous meses longos. Durante este tempo houbo moitos contactos entre uns e outros, e estivo a piques de frutificar un Goberno apoiado polo PSdeG-PSOE, CG e PSG-EG. Pero Albor e Barreiro nunca romperon a súa boa relación persoal co candidato alternativo, González Laxe, mesmo nos momentos máis tensos e complicados. A investidura de Albor como presidente da Xunta tardou moito en producirse. Nin o candidato nin o seu programa conseguiron o respaldo da Cámara nas sesións celebradas os días 14 e 17 de xaneiro, e 20 de febreiro. A súa reelección produciuse finalmente ao cuarto intento, por maioría simple, tras a abstención dos deputados de CG, malia reiterar a súa oposición ao Goberno nacente. ~ 21-2-1986

# Xosé Luís Barreiro Rivas

Deputado na 1.ª e 2.ª lexislaturas ≈ Portavoz de AP (1981-86) ≈ Conselleiro de Presidencia (1981-83) ≈ Vicepresidente da Xunta de Galicia (1983-86 e 1987-88)



“**O** MEU PRIMEIRO RECORDO do Parlamento de Galicia remóntase aos días previos á súa propia constitución, despois de que AP (Alianza Popular) gañase contra prognóstico aquelas primeiras eleccións en 1981. As dotacións eran inexistentes; non había nada de nada. Así que tivemos que improvisar absolutamente todo; dende o máis elemental, como as tarimas ou as cadeiras para os deputados. Eu tiven unha participación moi activa naqueles primeiros momentos, cando tamén se elixiu o pazo de Xelmírez como primeira sede provisional... Por que Xelmírez? O Parlamento situouse no pazo de Xelmírez pola súa incuestionable significación histórica, a pesar de que era un sitio frío, moi incómodo e pouco operativo. Dende o primeiro momento, todos fomos conscientes de que había que atopar canto antes outra sede máis axeitada.

Ao redor da constitución do primeiro Parlamento gardo na miña memoria unha anécdota moi tenra de Iglesias Corral, o deputado que presidiu a Mesa de Idade. Ao acabar a sesión, don Manuel pasou ao meu lado, parouse e díxome: «Amigo Barreiro, non sabe vostede o pouco tempo que pasa desde que un vai á Mesa de Idade por ser o máis novo ata que un vai por ser o máis vello». Iglesias Corral xa tiña 80 anos e creo que xunto ao presidente Antonio Rosón foron os deputados que subiron con máis dificultade aquelas escaleiras tan empinadas do pazo de Xelmírez.

Os 26 deputados que constituíron o primeiro grupo parlamentario de AP foron seleccionados por simple interese electoral, sobre unha idea básica de representación local, sen pensar nin remotamente que iamos gañar as eleccións. Así que enseguida tivemos que cambiar o enfoque e a mentalidade inicial con que chegamos ata alí. De entrada, escollín a Moure Mariño e a Mariano Rajoy como representantes de AP na Mesa do Parlamento porque ambos os dous eran xuristas, e eu quería que tivéssemos

unha representación sólida. Moure era un home de certa idade que impuña respecto e Rajoy achegaba a mocidade e dinamismo. Ademais, a flexibilidade que había entón na vida parlamentaria permitiunos que Rajoy baixase con frecuencia da Mesa para realizar moitas intervencións, xogando así outro papel moi activo como deputado, ao tempo que ocupaba unha dirección xeral na miña consellería.

Como foron os nosos inicios parlamentarios?... Así como para a investidura de Albor non tivemos ningunha dificultade e obtivemos un respaldo moi amplo, non acontecemos o mesmo ao tratar de estabilizar a lexislatura. Algún tempo despois, cando xa todo cambiara, desveláronme o motivo real daquela postura de UCD no Parlamento: eles dubidaban da nosa capacidade para gobernar; estaban convencidos de que non durabamos un ano. Pero nós

estabamos seguros de todo o contrario; é dicir, que UCD era a que non ía manterse máis dun ano, tal e como ocorreu finalmente.

Ante aquela situación nosa de maioría minoritaria, practicamos unha política de resistencia moi elemental: como entón non había ningún sistema electrónico e cada deputado

levantábase no seu escano, impuxen ao meu grupo con carácter xeral que ninguén o fixese ata que me levantase eu primeiro; e eu tardaba sempre moito en levantarme, para saber que era o que ía votar UCD... Ao mesmo tempo, todas as miñas intervencións eran bastante ambiguas e case nunca deixaba claro que era o que pensabamos votar, para tratar de impedir que eles votasen contra nós. A estratexia pasaba por votar igual que eles, para que non puidese dicirse que nós perdiamos votacións... Así estivemos ata que o PSOE gañou as eleccións xerais de 1982, UCD saltou polo aire e, ao fin, negociamos con moitos deputados seus unha nova maioría parlamentaria, que finalmente se configurou en 1983.

Eu non tiven ningún problema persoal con Carlos Mella cando se produciu a súa dimisión como vicepresidente da Xunta polas

***Ante aquela situación nosa de maioría minoritaria, as miñas intervencións eran bastante ambiguas e case nunca deixaba claro o que pensabamos votar, para tratar de impedir que os da UCD votasen contra nós***

discrepancias xurdidas coa repartición dos 12.000 millóns de pesetas que arrancou do Goberno central. Ese diñeiral non foi ningún agasallo, senón que correspondía aos gastos de primeira instalación das transferencias negociadas, que nós fixemos antes cos nosos propios recursos. Dentro daquel Goberno, a maioría entendemos que a repartición dese diñeiro non podía decidila o conselleiro de Economía, tal e como pretendía Carlos Mella. Dalgún xeito, pode dicirse que el xogou forte e perdeu. Por iso dimitiu. E eu sempre lle digo que protagonizou a saída máis elegante que houbo nunca nun Goberno galego.

A primeira lexislatura foi unha época de moitos pactos. Prácticamente todas as leis importantes fraguáronse mediante grandes consensos, como froito de intensas negociacións políticas. Desde logo o meu principal referente para eses acordos entre AP e PSdeG-PSOE foi Ceferino Díaz. Por exemplo, na Lei da capitalidade, chegamos a un acordo para sortear unha cláusula imposta por Romay Beccaría que abría a porta para situar algunhas consellerías noutro lugar que non fose Santiago. Eu pactei en segredo con Ceferino que el emendaría ese punto e eu apoiaría a súa formulación, tal e como logo sucedeu... Eu forcei a urxencia desa lei porque consideraba que había que empezar a investir canto antes para estruturar a nova administración galega e tiña que quedar moi claro onde ía estar situada. Todos os deputados que non eramos da Coruña sabiamos moi ben como ía acabar o proceso de elección da capitalidade, en canto désemos liberdade de voto aos deputados, que foi o que fixemos Ceferino e eu: Santiago de Compostela logrou unha maioría moi ampla... Persoalmente creo que non foi bo facer a concesión de situar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña, porque iso non fixo máis que favorecer a sensación de que fora espoliada e iso non era certo en absoluto.

Con Antonio Rosón mantiven ata a súa morte unha relación moi próxima. A miña familia apreciábo moito, porque axudara

***A moción de cesura foi a primeira que triunfou en España porque se negociou ben. Logo acabou todo mal, porque o Goberno tripartito non respondeu á súa filosofía de procurar unha nova idea de facer política en Galicia***

nun momento moi difícil un tío avó meu, que acabou traballando en Becerreá. Desde o principio distinguíume cun agarimo extraordinario. Pero creo que eu fun o único deputado ao que retirou a palabra nunha ocasión... Ocorreu que me encerellei nunha discusión con Camilo Nogueira —con quen sempre me levei ben— e chameille pelma. Entón Rosón solicitoume que retirase ese cualificativo e eu díxenlle que non; que non se me escapara, senón que o empregara moi conscientemente porque era un pelma... Tras pedirme tres ou catro veces sen conseguir a miña rectificación porque eu era novo e estaba moi quente, decidíu retirarme a palabra e suspender a sesión, á vez que me chamaba ao seu despacho... Entón fun e díxenlle: «Don Antonio, como pode ser democrático un Parlamento no que non se pode chamar pelma a un deputado que é un pelma?». E el respondeume: «Niso

ten vostede razón. Pero vou consultalo e xa o chamarei»... Aquilo de «xa o chamarei» era unha frase moi socorrida. E non me chamou, claro.

Rosón exerceu a mellor dirección do Parlamento que eu coñecín nunca. Ademais da autoridade regulamentaria tiña, sobre todo, unha grande autoridade persoal. Agora

redúcese todo a unha arbitrase: o árbitro pita de acordo co Regulamento e xa está. Pero Rosón dirixía as sesións de acordo co seu mellor criterio e excedía o Regulamento cada vez que o consideraba oportuno, aínda que moitas veces se lle ía a man e convertía a presentación dunha proposición de lei nun debate interminable... Sen dúbida o deputado que máis abusou desa xenerosidade do presidente Rosón foi Camilo Nogueira, quen pedía a palabra unha e outra vez. «É agora *pre* que, señor Nogueira?», preguntáballe con paciencia infinita. «Para matizar, señor presidente». «Pois matice, señor Nogueira, matice...».

Indubidablemente, aquelas sesións tan longas crearon moita cultura parlamentaria. Eu sempre estiven moi a gusto no Parlamento. Nin sequera nos peores momentos que pasei alí me



sentín incómodo. A convivencia no pazo de Fonseca era moi agradable; había moita complicidade entre uns e outros. Eu ía a todas as reunións e nunca delegaba ese traballo en ninguén. Durante aquela primeira lexislatura, o Parlamento foi moito máis que o eixo da vida política galega. Alí cocíase todo... A vulgar polo que oín comentar logo a algúns deputados veteranos, ese ambiente tan bo de entón perdeuse bastante na época das maiorías de Fraga.

Cal foi o momento máis difícil que vivín no Parlamento?... Pois o inicio da segunda lexislatura ao redor da reelección de Albor, que foi un calvario e tamén o xerme de todo o que ocorreu despois... A reelección de Gerardo como presidente custounos dous procesos con catro votacións parlamentarias, ata que a Coalición Galega (CG) lle entrou un medo escénico e optou por absterse en lugar de votar en contra. Aquel pulso resultou enormemente complicado, porque nós intentamos negociar con eles unha e outra vez; pero nunca viñan as mesmas persoas e o que asumían uns rexeitábano os seguintes. Todos os días empezabamos unha negociación e, ao final, sempre dicían que non.

O final desa canella sen saída produciuse por mor dunha viaxe que fixen a Lugo para ter unha discreta reunión co seu presidente, Antonio Díaz Fuentes, a quen Albor e eu terminamos por considerar a persoa que tiña máis autoridade negociadora no seo de CG. Aquel foi un día case épico, porque facía moito frío e había moita neve; así que me custou bastante chegar no meu coche particular ata a casa de Díaz Fuentes, que tamén estaba xeada.

A modo de saúdo, el díxome: «Quero que saibas que a posición maioritaria en CG é favorable a un Goberno alternativo a AP, e que iso só podo paralo eu. Pero non me estades dando ningunha baza para frear esa operación». Isto non era certo en absoluto; nós démoslle todas as bazas. Entón eu contesteille: «E eu quero que saibas que che creo, porque iso mesmo dixéronmo xa os ou-

tros partidos implicados. Pero tamén quero que saibas que non me importa nada, que persoalmente me vén moi ben e, ademais, xa sei cando vos vou facer a moción de censura para repor a AP á fronte da Xunta. Só faltame cambiar un deputado para ter a maioría que necesito». Logo falamos moito sen pórnos de acordo. E cando me estaba despedindo solteille: «Por certo, antes non quixen dicircho, pero xa sei quen vai ser ese deputado...». Foi o único farol que soltei en toda a conversación. Non tiña nin idea, pero resultou moi convincente porque enseguida logramos a investidura de Albor, aínda que quedou moi tocado e aí empezou a xerarse o conflito que estalou máis tarde.

Ocorreu que os tres partidos que formaban connosco Coalición Popular comezaron a xogar para tratar de articular unha nova forza de centro, pero sen AP, de cara á terceira lexislatura.

E aquilo había que paralo. Eu sempre estiven en total desacordo con aquela Coalición Popular que articulou Fraga á súa conveniencia para as eleccións xerais de 1986: primeiro obrigounos a montar en Galicia aquela coalición que non queríamos, e logo mandounos desfacerla cando si nos facía falta para gobernar...

Que se o Parlamento viviu con moita tensión a moción de censura que presentamos a Albor?... Creo que non houbo ningunha tensión especial, ata que se coñeceu a denuncia xudicial que interpuxeron contra min. Esa denuncia foi determinante e é sobradamente coñecido todo o que ocorreu despois. Non, non creo que quede sen saberse nada substancial. Aquela moción de censura foi a primeira que triunfou en España porque se negociou ben. Logo acabou todo mal, porque o Goberno tripartito PSdeG-PSOE/CG/PNG non respondeu á filosofía da moción de censura, que ademais da caída do Goberno de AP buscaba compatibilizar aquel triunfo dos partidos implicados co triunfo dunha nova idea de facer política en Galicia. É evidente que tal propósito non se conseguiu.

”

**O momento máis difícil que vivín no Parlamento foi o inicio da segunda lexislatura ao redor da reelección de Albor. Aquello resultou un calvario e tamén o xerme de todo o que ocorreu despois**




#### **Remodelación cuestionada**

Tras a súa complicada reelección, Fernández Albor non tivo doado o inicio desta segunda lexislatura. A alianza electoral PP-PDP-PL non deu ningunha estabilidade interna ao seu Goberno, senón máis ben ao contrario, e a súa primeira comparecencia ante a Cámara foi para explicar unha modificación por decreto da estrutura orgánica da Xunta de Galicia que, entre outros cambios, supuxo a creación das consellerías de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños, e Cultura e Benestar Social. A súa intervención non convenceu e o asunto complicouse ata desembocar nunha moción de reprobación. A ausencia de Albor en Fonseca o día fixado para o seu debate provocou tanto malestar, que CG sumou os seus votos ao PSdeG-PSOE e ao PSG-EG, e a reprobación foi aprobada. Poucos días despois, o Goberno viuse obrigado a efectuar unha rectificación por medio dunha acción complementaria, e as direccións xerais que se adscribiran á Presidencia da Xunta volveron ás súas respectivas consellerías. 21-3-1986



### A compra do cuartel de Veterinaria ↻ ↺

A Xunta de Galicia pagou 550 millóns de pesetas ao Ministerio de Defensa polo cuartel do Hórreo para convertelo en sede oficial do Parlamento de Galicia. O convenio articulado entre as devanditas institucións foi rubricado o 24 de marzo de 1986 polo vicepresidente e ministro de Defensa, Narcís Serra; os presidentes da Xunta e do Parlamento, Gerardo Fernández Albor e Antonio Rosón, respectivamente, e o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez. A Brigada Aerotransportable Isabel la Católica arriou a súa bandeira e entregou o cuartel un ano despois nunha cerimonia que presidiron as primeiras autoridades. 24-3-1986







### 🕒📅📅 A morte de Rosón

Antonio Rosón soportou con moita dignidade unha bronquite crónica que lle causara frecuentes problemas respiratorios nos últimos anos. O 21 de marzo de 1986 presidiu un pleno do Parlamento por última vez, e morreu o 24 de abril no Hospital Xeral de Lugo. A Xunta concedeulle a Medalla de Ouro de Galicia, decretou tres días de loito oficial e emitiu unha declaración institucional recoñecendo o seu traballo e a súa figura como persoeiro clave na configuración da autonomía galega. O Parlamento rendeu unha emotiva homenaxe a Rosón cunha declaración institucional elaborada pola Mesa e a Xunta de Portavoces. O texto ponderaba o seu exemplo, a súa defensa e o seu amor pola construción de Galicia e o mantemento da súa identidade nacional, ao tempo que subliñaba a súa xenerosidade, comprensión e esforzo no traballo parlamentario. Deputadas e deputados postos en pé dedicaron un cálido aplauso de despedida ao seu bo presidente, que tivo un enterro multitudinario na súa vila natal de Becerreá.

📅 24-4-1986





#### 🔗 Pérez Vidal, novo presidente

Tomás Pérez Vidal non tivo doada a súa elección como presidente do Parlamento tras a morte de Rosón, malia ocupar a vicepresidencia primeira. Todos os grupos esforzáronse por ampliar a pluralidade da Mesa e houbo negociacións a tres bandas. Finalmente, CP chegou a un acordo con CG a tal fin, que significou a perda da maioría que tiña ata entón. A nova Mesa quedou integrada por Manuel Núñez Carreira (CP), secretario; Luís Cordeiro Rodríguez (CG), vicepresidente primeiro; Tomás Pérez Vidal (CP), presidente; Francisco González Amadiós (PSdeG-PSOE), vicepresidente segundo; e Pablo Sande García (PSdeG-PSOE), vicesecretario. ≈ 13-5-1986

# Tomás Pérez Vidal

Deputado da 1.ª, 2.ª, 3.ª e 4.ª legislaturas ~ Vicepresidente do Parlamento (1985-86) ~ Presidente do Parlamento (1986-89)



“ **E** U FORMEI PARTE DA MESA DE IDADE na constitución do Parlamento no pazo de Xelmírez, con Iglesias Corral, que era o deputado máis veterano, e con Rajoy Brey, que era un pouco menor ca min. Daquel edificio histórico do arcebispado compostelán emanaba unha gran solemnidade, pero resultaba tremendamente incómodo. O acceso ao salón de plenos era case endemoñado e sempre ía moito frío. Por non ter, carecía ata de servizos urinarios e os deputados tiñamos que desprazarnos ata o Hostal dos Reis Católicos...

Durante a primeira lexislatura eu desempeñei primeiro o cargo de subdirector xeral de Xestión Económica, e logo substituí a Mariano Rajoy como director xeral de Relacións Institucionais dentro do equipo de colaboradores máis próximos a Xosé Luís Barreiro. Ese cargo estaba centrado nas relacións do Goberno co Parlamento; de modo que me familiaricei moito coa actividade da Cámara e resultou determinante na miña posterior designación como vicepresidente primeiro da Mesa ao comezar a segunda lexislatura.

A precariedade de medios humanos e materiais da Xunta e do Parlamento nos primeiros anos foi enorme. Eu traballei moito no alugamento de locais e na dotación de mesas e cadeiras para os primeiros despachos, que estaban espallados por Santiago antes da rehabilitación de San Caetano. Intervín nalgunhas negociacións de transferencias. E tamén exercín como portavoz de AP en moitas comisións parlamentarias, porque formalmente era o portavoz suplente de Barreiro. E gardo un recordo moi especial da miña intervención na Cámara como ponente da Lei de símbolos de Galicia, cuxo borrador inicial tamén o fixen eu. Sentínme moi identificado con esta lei e a súa aprobación por unanimidade foi moi gratificante. Ademais tiven unha participación activa nas negociacións de moitos pactos que se fraguaron cos distintos grupos...

**Un momento dramático produciuse cando unha mancha de traballadores de Mafriosa e Propecsa protagonizaron un asalto ao Parlamento. O recordo deste grave incidente levome a reclamar ese enreixado tan agresivo que rodea o pazo do Hórreo**

Daquela época lembro igualmente a organización desde a miña dirección xeral das eleccións autonómicas de 1985, que deron paso á segunda lexislatura e que por vez primeira estiveron a cargo da administración autonómica e non do Ministerio de Interior e os seus gobernos civís. Esta etapa deume moita experiencia e só por todo o vivido entón creo que estar en política xa me pagou a pena.

Como cheguei á presidencia do Parlamento?... Ao empezar a segunda lexislatura, o grupo parlamentario de Coalición Popular celebrou a súa primeira reunión para elixir o portavoz e designáronme a min. E logo abordouse a selección da outra persoa para ocupar a segunda praza que nos correspondía na Mesa, xunto a Rosón, que era de novo o candidato á presidencia do Parlamento.

Entre uns e outros barallamos dous ou tres nomes, pero ninguén aceptou o posto. Entón viuse que aquela designación era importante e non podía liquidarse de calquera forma, porque Rosón xa estaba enfermo e esa persoa tería que suplir calquera ausencia súa. Xa que logo, facía falta alguén que coñecese a

mecánica parlamentaria. E aí entrou en xogo a experiencia que eu acumulara durante os anos anteriores. Así que me elixiron a min e tiven que renunciar como portavoz do grupo na mesma reunión onde me designaran pouco antes.

Tal e como se prevía, Antonio Rosón só presidiu unha ou dúas sesións na nova lexislatura. Mesmo nalgunha sesión da segunda investidura de Albor xa tiven que presidila eu. Tras o seu falecemento abríronse negociacións para a súa sucesión e finalmente acordouse que eu ocupase a presidencia e que Luis Cordeiro fose o vicepresidente primeiro...

A Rosón non o coñecín antes de chegar ao Parlamento e sorprendeume pola súa bondade e a súa xenerosidade. Como director xeral tiven que defender algunhas veces posturas non coincidentes coas súas, pero nunca tivemos o menor problema;

sempre abordamos os asuntos de xeito cordial. Logo xa desde a Mesa seguíñ moi de preto a súa enfermidade en contacto directo con algúns familiares e gardo del un recordo extraordinario.

Como presidente do Parlamento vivín moi de preto a crise de Goberno entre Albor e Barreiro. Cando Xosé Luís abandonou AP con outros cinco deputados, a prensa anunciaba: «Mañá vaise tamén o presidente do Parlamento». E eu nunca tiven a intención de irme, precisamente por ter esa alta representación institucional. É dicir, que se fose un deputado sen responsabilidade, eu iría con eles por solidariedade e por compañeirismo. Pero entendín que de ningún xeito podía meter naquela crise a presidencia do Parlamento.

Que se foi especialmente duro o momento da moción de censura a Albor e a toma de decisión pola miña banda de continuar ou non como presidente do Parlamento? Pois si, foron momentos complicados, tanto desde o punto de vista político como de mecánica parlamentaria. Foi o debate máis difícil da miña vida. Porque ningunha outra moción de censura prosperara ata entón en España e, xa que logo, non tiñamos antecedentes, nin referencias sobre algúns temas espíñentos... Persoalmente optei por absterme na votación, sabendo de antemán que o meu voto non decidía nada, porque fun o último en facelo. No caso de seguir á fronte do Parlamento —aínda non sabía o que ía facer e o que podía pasar—, crin que non debía votar contra o novo presidente da Xunta. Comuniquei esa decisión ao meu partido, que sempre foi AP, e a Albor, quen me dixo que lle parecía ben, que entendía a miña postura institucional. Son consciente de que a moita xente non lle gustou esa decisión, pero logo de tanto tempo aínda hoxe teño a mesma sensación de non terme equivocado. Máis que en min mesmo, pensei que a estabilidade parlamentaria era moi necesaria naqueles momentos tan complicados, e eu non quería meter o Parlamento nunha crise institucional nova.

***Cando Barreiro abandonou AP pola crise de Goberno con Albor, non marchei con el pola miña alta responsabilidade institucional. Entendín que de ningún xeito podía meter naquela crise a presidencia do Parlamento***

Non tiven ningunha conversación previa con González Laxe sobre se debía abandonar ou non a presidencia do Parlamento. Eu consideraba a posibilidade de que o novo presidente me trasladase esa petición; pero o certo é que non o fixo. E non sei como reaccionaría, no caso de que mo expuxese.

Se resultou complicada a rehabilitación do pazo do Hórreo?... Creo que fixemos as cousas razoablemente ben. Cando tivemos que acometer a obra, eu solicitei a colaboración dos arquitectos que estaban nos grupos parlamentarios, e contei con Javier Suanes Pereiro, do PSdeG-PSOE, e Enrique Rodríguez Peña, de CG. Pola miña banda busquei a axuda externa de Yago Seara. E esta pequena comisión organizou un concurso de ideas que seleccionou o proxecto gañador. Todo foi ben. Creo que fixemos un traballo digno para albergar a sede oficial do Parlamento de Galicia, aínda que posteriormente foron moi melloradas e ampliadas as súas instalacións. Nós tiñamos uns recursos económicos limitados. Pero antes de deixar a presidencia ao final da segunda lexislatura organiciei a inauguración oficial moi sinxela, porque xa levabamos alí varios meses traballando...

Por certo que houbo unha especie de preinauguración a cargo de Fraga, que me custou un desgusto serio cos portavoces dos grupos parlamentarios. Durante unha conversación persoal que tiven con Fraga inviteino á inauguración aínda sen data, e cando veu a Galicia para instalarse como candidato á presidencia da Xunta, un día dixo que ía visitar o Parlamento e montouse o gran batifondo. Pero eu dera a miña palabra e non quixen volverme atrás. Así que improvisamos un despacho para recibilo, porque a obra non estaba acabada, veu Fraga e fixo un percorrido por todas as dependencias. E saíu en toda a prensa que Fraga fora a primeira persoa en visitar o Parlamento, cousa que produciu un forte malestar entre moitos deputados e que eu lamentei moito.

Gardo un bo recordo do traballo realizado pola Mesa que presidín e creo que houbo un acordo xeral en todas as votacións. Só



lembro a ruptura da unanimidade nun asunto, que non era especialmente importante. Pero os representantes do PSdeG-PSOE tiñan instrucións expresas do seu partido e votaron en consecuencia. Foi un caso excepcional, porque os membros da Mesa non sufrían unha presión grande por parte dos seus partidos na toma de decisións... Non, nunca tiven necesidade de expulsar a ningún deputado. Só recordo que lles quitei á palabra a Beiras nunha ocasión e noutra a Barreiro; logo viñeron os dous a desculpase comigo.

Un momento dramático produciuse cando unha mancha de traballadores de Mafriesa e Propecsa, dúas empresas en crise do grupo Rumasa de Ruiz Mateos, protagonizaron un asalto ao Parlamento en Fonseca. Eu estaba presidindo o pleno, cando empezaron a oírse moitos berros que viñan de fóra, e saín para ver que era o que estaba pasando. Os traballadores que estaban na praza chegaron a forzar o cordón

policial, entraron no vestíbulo e romperon unha porta de cristal... Con bo criterio, Luís Cordeiro optou por paralizar a sesión, en lugar de suspendela, e pediulles aos deputados que seguisen nos seus escanos.

Esta medida evitou logo que a pena imposta aos traballadores procesados fose maior, porque entrar no Parlamento pola forza e interromper unha sesión podería terlles custado moi caro... Precisamente o recordo deste grave incidente levoume a reclamar a instalación dese enreixado tan agresivo en forma de lanzas que rodea a sede do pazo do Hórreo e que foi moi criticada no seu momento, cando se inaugurou. Pareceu-me necesario un peche potente e disuasorio para evitar outro incidente semellante.

Cando accedín á presidencia, Luís Cordeiro propúxolle á Mesa o encargo dun retrato de Rosón para iniciar unha galería de presidentes. Así empezamos a comprar algúns cadros de pintores galegos para facer unha pequena pinacoteca, e antes de irme fixamos unha cantidade anual para dedicala a obras de arte... A famosa anécdota do prezo das vidreiras de Laxeiro? Si, si, foi divertido porque Laxeiro era un personaxe singular. Un día o letrado José

**Na rehabilitación do Hórreo creo que fixemos un traballo digno para albergar a sede oficial do Parlamento da Galicia, aínda que tiñamos uns recursos económicos limitados**

Ramón Cólera e eu comemos con el e pedímoslle un prezo polo seu bosquejo para redactar o oportuno documento. O problema xurdiu unha semana despois, cando veu o seu administrador coa factura e engadira un cero máis ao prezo que conviñeramos. Creo que Laxeiro pedira 120.000 pesetas daquela, e o administrador presentou unha factura por 1.200.000 pesetas. Así que se montou un pequeno batifondo... O certo é que Laxeiro, que xa estaba maior, portouse moi ben e coa súa coña habitual dixo: «Deixemos o conto aí. Que máis dá unha leira máis ou menos! O que importa é que fagades as vidreiras para que eu pase á eternidade». E así ocorreu. Encargamos as vidreiras a Holanda e cando estaban colocadas veu Laxeiro velas e gustáronlle moito.

Ao remate da lexislatura eu estaba decidido a retirarme da actividade política. Tiña 34 anos e parecíame que era o momento de

comezar a exercer a actividade profesional; ía incorporarme a un despacho con outros profesionais.

Fraga ofreceume seguir como presidente ou ser conselleiro; pero eu pedinlle que me deixase continuar como deputado na terceira lexislatura só por un tempo, mentres ca-

nalizaba a miña marcha. Ao cabo de tres meses ocorreu que non callou aquel proxecto porque o meu socio non puido seguir, e iso determinou o meu reenganche na política, que logo se prolongou durante varios anos máis.


Como anécdota singular daqueles anos lembro unha protagonizada polo deputado de Coalición Galega, Santos Oujo, quen se puña sempre moi nervioso e colorado cada vez que tiña que subir a falar desde a tribuna do Parlamento. Nunha ocasión, cando xa excedera o seu tempo, o presidente Rosón díxolle: «Abrevie, señor deputado». E Santos Oujo, entre o tenso e o acalorado que estaba, entendeu mal e contestou: «Grazas, señor presidente. Vou abreviar». E bebeu un grolo de auga... Todos os que seguíamos a sesión botámonos a rir, ante a sorpresa do deputado, que non entendía de que nos ríamos tanto...

”

### ↻ ↺ **O tándem Albor-Barreiro**

Gerardo Fernández Albor e Xosé Luís Barreiro Rivas formaron un tándem moi cabal como presidente e vicepresidente da Xunta de Galicia. Durante as horas incontables que pasaron xuntos nos seus escanos lindantes, compartiron momentos bos e anacos malos seguindo con atención a actividade parlamentaria. Tempo máis que sobrado houbo entre ambos os dous para a complicidade, a relaxación e a sorpresa; instantes repetidos en múltiples ocasións ata o seu desencontro final.






4-12-1986  
→

*Mariano Rajoy intervén por vez primeira na Cámara como vicepresidente da Xunta e Xosé Manuel Beiras recrimínalle por falar en castelán*



### **Volta de Rajoy** ↻ ↺

Mariano Rajoy volveu sentarse nun escano de Fonseca a finais de 1986, pero non como deputado, senón en calidade de novo vicepresidente da Xunta de Galicia. Como principal colaborador de Albor e home forte do seu Goberno, despregou un intenso labor durante os nove meses seguintes en busca dunha estabilidade parlamentaria que nunca chegou a frutificar. Rajoy Brey contou nese labor co valioso apoio de Fernando Pedrosa Roldán (ao fondo na foto de arriba), conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que o acompañou dende a Deputación de Pontevedra. Na foto de abaixo, Rajoy conversa con Carlos Mella, de quen sempre admirou a fina ironía que despregou en Fonseca, mentres Javier Suárez-Vence escoita de costas.





### 📍 A frase máis célebre

A frase máis célebre da historia do Parlamento de Galicia foi pronunciada por Manuel Iglesias Corral o 18 de novembro de 1986. Aconteceu durante unha comparecencia do presidente Albor para explicar a crise aberta polo vicepresidente da Xunta, Xosé Luís Barreiro, que provocou a súa dimisión e a remodelación do Goberno. «Decía o señor Mariñas que aquí non pasaba nada. Quen dixo que aquí non pasaba nada? A quen se lle pode dicir que aquí non pasaba nada? Aquí pasou o que pasou e sabémolo todos! (Risas)». Así reza a súa transcripción literal. A síntese xornalística que fixo fortuna, estableceu que naquela crise da Xunta «...pasou o que pasou!...» E todo o mundo entendeu a Iglesias Corral. 📅 18-11-1986


*«...Aquí pasou o que pasou...»*

—Manuel Iglesias Corral

23-9-1986



*M.º Jesús Saínz García, Manuel Iglesias Corral e Fernando González Laxe son designados senadores en representación da comunidade autónoma*





### 🕒 📍 Conmemoración do Estatuto do 36

A iniciativa de CG, o Parlamento promoveu o 28 de xuño de 1986 unha celebración especial do 50 aniversario do plebiscito do Estatuto de autonomía de 1936. Representantes de todos os grupos (González Bermello, Adrio Barreiro, Martínez Aneiros e González Mariñas) integraron a comisión organizadora do programa conmemorativo, que contou co asesoramento de Díaz Pardo, Cores Trasmonte e Martínez Segade. O presidente do Comité Central da Autonomía durante a República, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, volveu a Galicia dende o seu exilio en México para intervir no acto central, que tivo lugar no salón da facultade de Medicina pola súa maior capacidade. O pazo de Fonseca acollera previamente o acto institucional. Osorio-Tafall fixo unha chamada á reconciliación dos bandos enfrontados na guerra civil ante un nutrido auditorio no que destacou a presenza de moitos galeguistas históricos. Abaixo, de esquerda a dereita en primeira fila están Filgueira Valverde, Antón Fraguas, Pousa Antelo, Carballo Calero, Borobó, Xosé Adrio e Daría González. Detrás, os irmáns Lourenzana, Martínez López e Cesáreo Saco. 🕒

28-6-1986







### 📍📅 Visita do príncipe Felipe

O Príncipe de Asturias, Felipe de Borbón, fixo a súa primeira visita ao Parlamento de Galicia o 15 de decembro de 1986, antes de concluír unha estancia formativa de catro meses na Escola Naval Militar. O xesto do herdeiro da coroa tivo unha cálida acollida polos deputados nun solemne saúdo institucional. Tras a súa intervención (na foto da esquerda), o príncipe saudou os membros da Mesa e outros moitos deputados que se achegaron para estreitalle a man. Os portavoces dos grupos explicáronlle os seus labores e departiron cordialmente. Na foto de abaixo, González Amadiós saúda a don Felipe ante a mirada de Pérez Vidal. O deputado socialista reconeceu a súa ideoloxía republicana. ≈ 15-12-1986



16-12-1986



**O Goberno galego retira a Lei de ordenación do transporte de viaxeiros para evitar o seu rexeitamento tras perder na sesión dúas votacións anteriores**

## Rosa Gómez Limia

Deputada na 2.ª lexislatura polo PSdeG-PSOE



**S**orpresivamente en decembro de 1988 pasei a ocupar un escano no Parlamento de Galicia. A miña incorporación produciuse tras a dimisión do compañeiro secretario xeral da UGT de Galicia, Suso Mosquera, por mor da folga xeral que acababa de ter lugar o 14 de decembro. Fernando González Laxe era o presidente da Xunta apoiado por un tripartito que acababa de gañarlle unha moción de censura ao PPdeG e ao seu presidente, Xerardo Fernández Albor.

Dúas mulleres parlamentarias. Vénme á memoria con precisión, e case que con mareo, a expectación mediática que se espertou ao redor da miña toma de posesión; non en balde ía formar parte xunto con Emma González Bermello dun elenco feminino formado por tan só dúas deputadas; unha exígua representación feminina naquela xa arredada segunda lexislatura. Dende un primeiro momento entre a deputada popular e mais eu estableceuse un nexa amigable que nos ía permitir establecer afinidades instintivamente recíprocas, dende a distancia dos nosos escanos e mesmo ideolóxica.

Lémbrome da grata impresión e sorpresa que me produciu a extraordinaria cordialidade de trato mantida polos deputados dos distintos grupos, actitude que viña rachar coa idea que eu tiña formada sobre as fortes discrepancias e violenta agresividade reinante entre as diferentes opcións políticas. Acabou por parecerme normal velos charlando amigablemente na cafetería ou lanzándose pullas adrede burlonas sobre o que se ían dicir unha vez subidos ao escano nas

futuras intervencións parlamentarias. Mesmo a nivel persoal, dende a distancia do tempo, aínda aprecio e considero a agradable benvida que me dispensaron algúns deputados da oposición popular, especialmente a que me fixeron Xerardo Fernández Albor ou Hernández Cochón.

A miña chegada a Fonseca produciuse xusto cando se estaban debatendo os orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 1988-89. Durante unhas interminables xornadas asistín expectante a moitos e apaixonados debates, durante os cales os deputados subían e baixaban do estrado para defender ou rebater con forza os argumentos presentados. Na miña memoria perdura a gran cultura e fluidez verbal de Xosé Manuel Beiras e Francisco González Amadiós, ou a próxima e campechana linguaxe coa que defendían os seus argumentos Vázquez Portomeñe, Camilo Nogueira ou mesmamente Carlos Mella e Xosé Luís Barreiro Rivas.

A expropiación de terreos no monte do Gozo para facilitar o encontro do papa Xoán Paulo II cos mozos que ía ter lugar no verán seguinte foi motivo dunha moi vehemente intervención do deputado Francisco González Amadiós, quen xunto con Xosé Manuel Beiras foron os únicos que votaron en contra da resolución.

Quizais evoco con certa tristeza a permanencia solitaria no seu escano do deputado Alfredo Atrio, cando se debatía unha resolución referente ao Hospital Comarcal de Valdeorras. Fóra da Cámara un nutrido grupo de valdeorrensenses manifestábase ás portas do Parlamento polo motivo en cuestión. Meses máis tarde, non acorde coa resolución do conflito, o deputado Atrio pasouse ao grupo mixto.

O 1 de marzo de 1989 a sede parlamentaria trasladouse dende as instalacións de Fonseca ata as do pazo do Hórreo. Mudabamos aquelas primeiras instalacións cuxa estreiteza de espazo obrigábanos a pór de pé cada vez que calquera de nós intentaba trasladarse no seu escano. Ben diferente foi a entrada na nova sede parlamentaria, onde o espazo, a luminosidade e o confort das instalacións resultaron ser dunha grandiosidade certamente sorpresiva.

O meu fugaz paso polo Parlamento de Galicia foi como un refacho ocorrido nuns escasísimos oito meses. Tal brevidade no tempo impediume chegar a ter conciencia explícita de ser unha representante do pobo galego; con todo, puiden comprobar como tamén en tan altos postos as

mulleres podiamos chegar a sufrir afrontas comparativas. O 25 de xullo de 1989 a súa Alteza Real Felipe de Borbón ía chegar a Compostela para facer a Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago. Fixéronnos chegar as normas de protocolo que sinalaban localizacións no acto, ben diferentes para homes e mulleres.

«As señoras serán acompañadas por persoal do Servizo de Relacións Públicas e Protocolo... dirixiranse a ocupar os lugares a elas reservados na Basílica.» (sic) Díxoseme que a norma rexía mesmamente para as dúas deputadas, motivo polo cal, e moi ao meu pesar, renunciei a asistir a tan solemne acontecemento.

Neste momento, a medida que vai crescendo o número de deputadas, adoro comprobar a calidade das súas intervencións parlamentarias, e a dignidade coa que nos representan; é entón cando necesariamente me sinto invadida por unha forte emoción retrospectiva que quero situar naquel pequeno xermolo feminino que supuxo a presenza de Emma e máis eu, naquela xa distante segunda lexislatura.

# Miguel Barros Puente

Deputado na 1.ª, 2.ª e 3.ª lexislaturas polo PSdeG-PSOE



**T**iven a fortuna de vivir a transformación democrática de España e de participar activamente na construción do novo modelo de Estado. Cando afirmo participar activamente expreso de xeito persoal unha percepción compartida con milleiros de cidadáns que estimaban unha sorte ser tetemuñas e actores daquel cambio decisivo, cambio que era, por outra banda, continuidade dun pasado que a sublevación do exército interrompera en 1936.

O devezco colectivo de liberdade soborda calquera tentación de limitar este anxeio individual e colectivo. Nin o autoritarismo político nin o totemismo relixioso son valados decisivos para coutar o impulso libre dos homes e dos pobos. A Ilustración ve rexurdir con forza o máis tenro e perenne dos seus valores, e na actualidade somos testemuñas da explosión que se contaxia ó mundo árabe na súa demanda de decidir sobre o seu propio destino.

O Parlamento de Galicia erguéase como este símbolo no último tercio do século XX e na altura de 1980 materializábase de xeito histórico o dereito do pobo galego a existir como comunidade diferenciada e a gobernar de xeito autónomo os seus destinos, dentro da nova concepción pluri-nacional do Estado que se ía abrindo paso.

A experiencia da sesión constitutiva do Parlamento no pazo do Xelmírez e o transcurso da I lexislatura no pazo de Fonseca ten recendos de solemnidade histórica. Naquel marco venerable e centenario con benevolente paciencia o primeiro presidente da Cámara galega, D. Antonio Rosón,

deu xenerosas ocasións para que se consolidara un foro institucional propio. Con estilo sereno e tolerante aceptou os belicosos impulsos dialécticos dos primeiros representantes do pobo galego: «No berce da República romana estivo Cicerón e no berce da autonomía de Galicia estará o Bloque Nacionalista Galego», así afirmaba categórico en Xelmírez o portavoz do partido nacionalista Sr. López Garrido. Pero en Fonseca non foi cativa a afouteza dos primeiros deputados nin menos dilixente e atrevida a esgrima do vicepresidente do Goberno Sr. Barreiro Rivas: «De lonxe hai quen ve molduras no que son picadas de canteiro». Así respondía o vicepresidente asolagado pola crítica dos parlamentarios da oposición.

Moitas son as lembranzas daquel momento auroral da nosa resurrección democrática. A este deputado suscítanlle reflexión o debate sobre a Lei da sede das institucións autonómicas ou o primeiro gran debate parlamentario sobre educación en Galicia. O debate sobre a Lei da sede tivo lugar o 23 de xuño de 1982 e estivo precedido por un intenso fragor mediático.

Outro gran debate tivo lugar nos días 21 e 22 de Nadal do mesmo ano 1982 e estivo adicado á política educativa, demostrando así a orde de prioridades dos distintos grupos da Cámara galega. Este debate preludiva a atención que había de recibir o obxectivo da escolarización universal da poboación infantil galega, que se vería continuada na II lexislatura coa Lei do Plan xeral de investigación científica e técnica, aprobada na sesión plenaria do 29 de xuño de 1988. Finalmente coa Lei de ordenación do sistema universitario, aprobada o 11 de xuño de 1989, e pola que se creaban dúas novas universidades en Galicia, artellábase un programa decisivo para mellorar a cultura e a calidade do noso capital humano.

Na miña lembranza ocupa lugar senlleiro o feito político que consolidou o Parlamento galego na indiscutible primacía institucional, cando o 23 de setembro de 1987 se pon en cuestión a política do Goberno da Xunta nunha moción de censura contra o Goberno do presidente Fernández Albor e se inviste un novo Goberno tripartito presidido polo socialista González Laxe. A supremacía do Parlamento quedou así establecida e probada na súa capacidade para a censura dun Goberno e a investidura do outro sen necesidade de acudir ás urnas. A pesar da inevitable sorpresa e dramatismo deste lance na primeira infancia da Autonomía, víñase a demostrar que a nosa institución

representativa non era «un parlamento de cartón», pola contra, era sostén indispensable onde poder estribar unha acción de goberno.

Se o primeiro Goberno galego presidido por D. Xerardo Fernández Albor atinou ó desafiar a espiñenta cuestión da capitalidade de Galicia, D. Antonio Rosón Pérez acometía os trámites para instalar con dignidade a Cámara galega no pazo do Hórreo. O austero presidente achegaba as economías derivadas do exercicio frugal da institución, acumulándoas nunha conta especial de aforro que posteriormente lle deu algúns quebradeiros de cabeza á Administración autonómica para xustificar a existencia legal daqueles fondos.

Non podemos esquecer de ningún xeito a creación da TVG e da Radio Galega, que baixo impulso e actividade do vicepresidente Sr. Barreiro Rivas sentou con estes instrumentos os alicerces definitivos para a dignificación e a recuperación da lingua galega. Tales instrumentos apoiados firmemente na Lei de normalización lingüística aprobada por unanimidade na II lexislatura afortalaron as políticas encamiñadas á recuperación e expansión do noso patrimonio espiritual común.

A III lexislatura —presidida por D. Victorino Núñez— comenza a dilatada xeira política da presidencia de D. Manuel Fraga á fronte da Xunta de Galicia. Fraga Iribarne iniciara con brío na súa campaña electoral o seu dereito a unha visión conservadora de Galicia, programa que cristalizaba no *slogan*: «Galego coma ti». Nesta reivindicación de pertencencia, reclamábase a si mesmo o dereito a exercer o pluralismo ideolóxico partillando os idearios políticos coa arela de pular polo desenvolvemento da autonomía.

Ó que levo dito teño que engadir unha agarrimosa lembranza para D. Ramón Piñeiro López, D. Carlos Casares, D. Benxamín Casal e D. Alfredo Conde, que, no pazo do Xelmírez primeiro e despois en Fonseca, compartiron co Grupo Parlamentario Socialista como independentes os avatares da primeira lexislatura. O seu compromiso de colaboración co Partido Socialista abriu un fértil diálogo entre partidos de ámbito estatal e as forzas políticas de natureza estritamente galega. Ó despatrimonializar o galeguismo como expresión política da defensa do propio e ó postular a aceptación da diversidade nacional do Estado facíase compatible dende o autogoberno galego a expectativa futura da estrutura federal do Estado.



### 🔁🔄🔄🔄 A moción de censura

Despois de negociar un acordo durante todo o verán con CG e PNG, o Grupo Socialista presentou o 15 de setembro de 1987 ante a Mesa do Parlamento unha moción de censura contra o presidente Albor, cuxa argumentación resumiu en oito puntos. O inicio do debate quedou fixado para o día 21 e a noite anterior asinouse un pacto entre os tres partidos que garantía o seu triunfo, no medio dunha forte controversia social. Ata entón, ningunha outra moción de censura chegara a un Parlamento en España con visos de prosperar claramente. Esta situación excepcional causou non poucos rompedeiros de cabeza aos servizos xurídicos da Cámara galega para canalizar a súa tramitación coas garantías debidas. O candidato socialista, Fernando González Laxe, xustificou a moción de censura e defendeu o seu programa de goberno ao longo de noventa minutos, nunha intervención única durante a primeira xornada. Ao día seguinte replioulle Mariano Rajoy en nome do Goberno de Albor e despois interviñeron os demais portavoces. A terceira e definitiva xornada prolongouse en horario de mañá e tarde. Fernández Albor permaneceu todo o tempo no seu escano sen intervir e só antes da votación final subiu á tribuna para pronunciar unha despedida moi emotiva. Tras aprobarse a moción de censura por 40 votos a favor, 29 en contra e 2 abstencións, Albor felicitou elegantemente a Laxe. ~ 21, 22 e 23-9-1987

8-9-1987



*Xosé Luís Barreiro, Fernando Garrido, Javier Suárez-Vence, Emma González e Antonio Sangiao pasan do Grupo Popular ao Mixto*



📌 **Laxe, presidente**

O pazo de Fonseca acolleu na mañá do 29 de setembro de 1987 a toma de posesión de Fernando González Laxe como presidente da Xunta. Laxe prometeu o seu cargo ante os membros da Mesa do Parlamento e numerosos convidados. O ministro de Administracións Públicas, Joaquín Almunia, ostentou a representación do Goberno de Felipe González.

≈ 29-9-1987



# Fernando González Laxe

Deputado na 2.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> lexislaturas ≈ Portavoz do PSdeG-PSOE ≈ Presidente da Xunta de Galicia (1987-89)



“ **F**ORMAR PARTE do Parlamento de Galicia foi unha das alegrías máis grandes que tiven como cidadán e como galego. Entrei na política na época da ditadura, cando Fraga estaba á fronte dun ministerio; e neses anos, os mozos reclamabamos «liberdade, amnistía e estatuto de autonomía». Xa que logo, as miñas primeiras reivindicacións centráronse en buscar e obter a liberdade, alicerce esencial para poder exercitar os nosos dereitos que deberíamos plasmar rapidamente nunha Constitución. Tamén enarborabamos bandeiras reclamando que Galicia se dotase dun estatuto de autonomía, como correspondía a unha nacionalidade histórica que viu truncado o seu desenvolvemento polo levantamento franquista contra a II República. Con aquela reivindicación do estatuto estabamos a reclamar unhas competencias para exercer con responsabilidade e lealdade institucional todas aquelas medidas que foran necesarias. Polo tanto, aquela primeira toma de posesión como parlamentario galego significou para min seguir a senda iniciada por outros compañeiros que ao longo de moitos anos foron cimentando un proxecto de progreso para Galicia, á vez que xustificaba todas as promesas que en épocas xuvenís tiven a honra e a fortaleza de defender.

Os resultados logrados nas eleccións de 1985 polo meu partido político foron mellores que os obtidos na lexislatura anterior, cando se presentara como candidato Francisco Vázquez. Obtivemos 22 escaños, seis máis que antes e, dado que ningún partido logrou a maioría absoluta, as opcións de goberno quedaron abertas. Neses momentos, como forza política con posibilidades de gobernar ofertamos un Goberno de coalición ás forzas políticas máis afíns e sobre as que se podería acordar un compromiso. Es-tivemos a punto de logralo; pero determinadas presións foráneas sobre certos partidos nacionalistas e o excesivo personalismo doutros dirixentes nacionalistas impedírono.

***Iniciamos os debates do estado da autonomía como fórmula para propiciar unha maior presenza do poder executivo no Parlamento***

Durante a primeira parte desta segunda lexislatura, o meu papel centrábase con carácter xeral en coordinar as accións do grupo socialista. E pola miña propia formación e traxectoria profesional prestei unha atención preferente aos asuntos económicos e financeiros, así como aos problemas pesqueiros e outros asuntos relacionados coa ordenación do territorio... Como desempeñei a función de voceiro parlamentario? A miña función como portavoz do principal grupo da oposición levoume a actuar con moita responsabilidade institucional. Ou sexa, saber en cada momento cando se debía mostrar apoio ao Goberno e cando se debía actuar como oposición frontal, pero leal e construtiva.

Daqueles primeiros contactos entre distintas forzas ao comezar esta lexislatura quedou aberta unha canle para futuros acordos, que se foron plasmando en votacións simples sobre temas puntuais ou con acordos máis profundos na elaboración dalgunhas leis. E pouco a pouco fóronse incubando varias opcións para culminar pactos e acordos, ao tempo que se foron auscultando as distintas probabilidades de Goberno alternativo e de compromiso, se chegase a ser necesario.

Como consecuencia de todo iso e dada a fragilidade do Goberno presidido por Fernández Albor (cuxo Goberno perdía constantemente votacións no Parlamento e non lograba consensuar maiorías parlamentarias para sacar adiante proxectos de lei, nin sequer o seu propio orzamento económico), non houbo máis remedio que presentar unha moción de censura que levaba consigo unha opción de Goberno de carácter estable, que garantía a gobernabilidade futura. Naquel tempo, púxose de manifesto que Galicia non podía esperar máis tempo estando á deriva, e que urxía adoptar decisións firmes, sólidas e de futuro.

Dende a miña dobre perspectiva, primeiro como portavoz da oposición parlamentaria e despois como presidente da Xunta de Galicia, creo que o presidente do Parlamento, Tomás Pérez Vidal,

actuou como persoa intelixente, que sempre brindou o seu apoio e a súa colaboración. De aí que ambos os dous xogásemos un papel transcendental á hora de converter o Parlamento no eixe e no marco referencial da política galega. Iso fixo que despois de depositarmos unha confianza no xogo parlamentario fôsemos capaces de conseguir que os debates estivesen moi ben organizados e as propostas alí explicadas respondesen ás inxerencias dos cidadáns e tivesen proxeccións de futuro.

Durante o meu mandato presidencial iniciáronse os debates do estado da autonomía como fórmula para propiciar unha maior presenza do poder executivo no Parlamento. Coa súa obrigatoriedade buscábase que este debate se constituíse na ágora ou no lugar onde se discutisen e se buscasen as solucións aos problemas e retos de Galicia. Por iso a súa institucionalización paréceme o símbolo máis claro da visualización dos debates democráticos.

Que cales foron os meus momentos máis difíciles como presidente? Sen dúbida os momentos máis difíciles dun presidente dun Goberno son aqueles que non están nas axendas políticas, senón que corresponden a outras manifestacións alleas. Gardo na miña memoria os ataques terroristas que causaron a morte de gardas civís en Lugo e Santiago. Aqueles momentos foron moi duros, inexplicables e que merecen todo tipo de repulsa... Pola contra, entre os momentos máis alegres quedaría co día en que se aprobou a creación das universidades de Vigo e A Coruña, que, conxuntamente coa Universidade de Santiago, constitúen o pilar máis sólido do potencial dos nosos recursos humanos e de xeración de valor para o futuro. E outro momento importante foi cando definimos e programamos xunto á Comisión Europea o financiamento das dúas autovías de acceso a Galicia desde e cara á Meseta castelá, dando conta das reivindicacións esixidas e demandadas desde os tempos dos ilustrados galegos, como Pedro

***O Goberno que presidín foi un executivo moi eficaz, cun máis que notable nivel de execución dos obxectivos prometidos, como correspondía a unha maior confianza nas potencialidades dun territorio***

Antonio Sánchez, Lucas Labrada, Somoza de Monsoriu ou José Cornide.

Eu creo que o Goberno tripartito se caracterizou pola xenerosidade recíproca e estivo baseado na acción dirixida polo presidente. A dicir verdade, nunca houbo necesidade de votar; nin houbo necesidade de reprocharse nada. A presenza de Xosé Luís Barreiro, González Mariñas e Sánchez Presedo, que eran secretarios xerais dos partidos que compartían executivo, avalaba a acción governamental e dotábao de coherencia e robustez. Por iso,

o Goberno tripartito foi moi sólido, pouco permeable a indisciplinas ou presións, e moi garantista no tocante á execución dos seus compromisos. De aí que, ás veces, se nos acusase de Goberno de tecnócratas ou se falase dun Goberno de xestión; críticas ambas as dúas que máis tarde se converteron en afagos. O Goberno que presidín foi un executivo moi

eficaz, cun máis que notable nivel de execución dos obxectivos prometidos, así como dunha plasmación de ideas moi divulgada, como correspondía a unha maior confianza nas potencialidades dun territorio e dunha maior confianza tamén nos esforzos e as capacidades dos cidadáns.

O Parlamento de Galicia na devandita lexislatura pasou da sede provisional de Fonseca á súa sede definitiva no Hórreo. Ese traslado fíxose por medio dunha partida económica que instrumentalizou o meu Goberno, convencido de que o pazo do Hórreo contribuiría a consolidarse como referencia política de primeira magnitude, toda vez que o Parlamento é unha institución á que debemos protexer e respectar... Se ese cambio supuxo algunha alteración substancial? Obviamente, o cambio de sede non alterou as normas parlamentarias propiamente ditas. Pero supuxo unha maior dispoñibilidade de espazos e de mellores equipamentos para desenvolver os labores parlamentarios: estudar, analizar, recoller, expoñer e defender os intereses de Galicia e dos galegos.



É ben certo que a convivencia no lugar de traballo durante tantas horas ao día, e tantos días á semana, fai que conxenies máis cuns parlamentarios que con outros. Ao final, non existe un trato diferente, segundo pertencen a un partido ou a outro. Outra cousa é que cuns estás máis de acordo que con outros. E con algúns non podes discutir, nin desvelar estratexias ou tácticas que se van utilizar; nin tampouco chegar a expoñer antes de tempo decisións de longo alcance.

Que pasou despois? Pois os resultados que obtivemos nas eleccións de 1989 foron bos porque conseguimos 28 escanos; é dicir, seis escanos máis dos que conseguimos en 1985. Aqueles foron os mellores resultados da historia do socialismo galego. Non obstante, non nos permitiron seguir gobernando. E seguindo unha norma non escrita na historia dos países democráticos que di que o presidente que non é reelixido pois é relevado, así foi.

Logo, mantiven o meu escano no Parlamento e elixíronme como representante autonómico no Senado. E alí estiven as dúas lexislaturas seguintes. De modo que completei a miña actividade política noutros ámbitos; pero mantendo a conexión directa e aberta coa Cámara galega, onde sempre rendín contas das miñas accións e traballos.

Como vexo agora toda aquela etapa? Tiven a honra de ter sido un dos presidentes autonómicos máis novos de España e, sen dúbida, o máis novo de Galicia ata o momento actual. Iso supuxo poder dispoñer dunha maior enerxía e compromiso cos cidadáns e tamén dunha maior independencia, de todo tipo, con respecto aos históricos grupos de presión.

Entón apostárase por unha sociedade con altos niveis de intensidade, evitando como se di actualmente unha desafección galopante. Naquela época, as apostas e os retos eran moi claros. Polo tanto, non había debates planos nin argumentacións inexistentes. Todo o contrario. Aquel Parlamento estaba cheo de persoas

con indubidable talle intelectual; polo que era preciso estudar e analizar con profundidade e coñecemento calquera opinión e proposta.

A experiencia demostra que cando unha sociedade e os seus cidadáns están dispostos a avanzar, a dar pasos á fronte, é indispensable, como requisito imprescindible, posuír tanto unha folla de ruta como dirixentes dispostos a encabezaren a marcha, sen temor ás cambadelas, nin a aqueles grupos «en contra de». Nós buscamos o apoio e conxeniamos cos grupos «a favor de»; e iso foi a clave da xestión do chamado Goberno tripartito ou *Goberno*

*Laxe*: foi a era da política positiva... Reaccionamos contra todo, sen conformismos e «sen indignación improductiva» como diría Daniel Innerarity. E identificámonos coas esenciais históricas do galeguismo para actualizalo e poder responder aos problemas complexos que encerra a política e o país; incluíndo sempre análises razoables que puidesen ser

explicadas aos cidadáns.

Porque, á fin de contas, ir cara a un mundo mellor obriga a non caer na tentación de escamotear ou falsear a complexidade. A partir de aí, pódense formular programas, proxectos e liderados que permitan actuar eficaz, coherente e atractivamente para unha gran maioría. Iso foi o que se pretendía e logrouse en gran parte.

”

***Aquel Parlamento estaba cheo de persoas con indubidable talle intelectual; polo que era preciso estudar e analizar con profundidade e coñecemento calquera opinión e proposta***

10-5-1988



*Funcionarios da Xunta concéntranse ante o Parlamento para protestar contra a aprobación da Lei da función pública*

**Muda de banco**

O cambio de Goberno na Xunta de Galicia orixinou de inmediato o cambio de situación dos seus membros na Cámara, así como dos seus respectivos grupos. González Laxe, Barreiro Rivas, González Mariñas e Sánchez Presedo ocuparon os escanos reservados ao Goberno na primeira fila, ao lado dereito da Mesa do Parlamento, en tanto que os compoñentes do grupo de CP se trasladaron á parte esquerda, lugar fixado para a oposición parlamentaria.





### 🚨 Asalto ao Parlamento

O incidente máis grave da historia do Parlamento tivo lugar o 2 de marzo de 1988. Un centenar de traballadores das empresas coruñesas Mafriesa e Propecsa, do grupo Rumasa, que arrastraban unha grave crise económica, pretenderon entrevistarse co conselleiro de Agricultura, Francisco Sineiro, e irromperon de forma violenta no interior do pazo de Fonseca. Tras desbordar os policías de garda ocuparon o vestíbulo, romperon unha porta de cristal e trataron de entrar no hemiciclo, provocando un forte alboroto. Co fin de evitar males maiores, mentres o presidente Pérez Vidal abandonaba a Cámara para tratar de reconducir o conflito, o presidente en funcións, Luís Cordeiro, optaba por paralizar, pero non suspender, a sesión plenaria, pregando aos deputados que permanecesen nos seus escanos. O incidente concluíu coa chegada de reforzos policiais, que tiveron que cargar contra os manifestantes para conseguir o seu desaloxo do Parlamento. A Mesa deu conta de todo o acontecido ao Ministerio Fiscal, quen presentou a denuncia oportuna por un posible delito contra Altos Organismos da Comunidade Autónoma. O Tribunal Supremo confirmou a sentenza condenatoria que ditara a Audiencia Provincial da Coruña, e impuxo aos dous líderes dos manifestantes unha pena de oito meses de desterro nun radio de 50 quilómetros de Santiago. ≈ 2-3-1988





### 🔗🔗🔗 A rehabilitación do Hórreo

Despois de recibir o cuartel, a Mesa do Parlamento iniciou o proceso da súa rehabilitación e adaptación. O arquitecto Manuel A. Reboredo Santos resultou gañador do concurso de anteprojectos que foi convocado e encargouse de dirixir os traballos tras redactar o proxecto definitivo. O presidente do Parlamento, Tomás Pérez Vidal, e o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez (arquitecto de profesión) visitaron as obras e seguiron de preto toda a restauración do acuartelamento, que se prolongou por espazo de dezaioito meses.

13-9-1988



*O presidente Laxe explica a dimisión do vicepresidente Barreiro tras o seu procesamento e rexeita a existencia dunha crise no seu Goberno*








### ☞ Adeus ao pazo de Fonseca

Os deputados despedíronse do pazo de Fonseca cunha sesión plenaria que non tivo ningunha historia. Camilo Nogueira foi o último deputado que formulou unha interpe-lación no seu familiar salón artesanado, e que versou sobre as relacións de Galicia co presidente do Goberno durante a presidencia española da CEE. E a quenda de intervención correspondeu ao presidente da Xunta, Fernando González Laxe. Antes de pechar a sesión, o secretario, Núñez Carreira, leu un acordo da Mesa anunciando o seu inmediato traslado do Parlamento ao pazo do Hórreo, declarada sede oficial, e agradecendo ao Arcebispado, á Universidade e ao Concello de Santiago as cesións respectivas dos pazos de Xelmírez, Raxoi e Fonseca, onde deputados e funcionarios estiveron acollidos, de forma provisional, durante os oito anos anteriores. 21-2-1989

### ☞ Nogueira e Beiras, xuntos no Grupo Mixto

Ao longo da segunda lexislatura, Camilo Nogueira e Xosé Manuel Beiras integráronse no Grupo Mixto e, en consecuencia, tiveron os seus escanos moi preto o un do outro, primeiro en Fonseca e despois no Hórreo, a pesar da súa coñecida distancia política. Beiras era o único deputado do BNG, mentres que o PSG-EG de Nogueira dispoñía doutros dous parlamentarios, Fernando Martínez Randulfe e Antonio Martínez Aneiros. A rivalidade manifesta que Beiras e Nogueira nunca ocultaron como líderes dos seus respectivos partidos, trasladouse nalgunhas ocasións ao debate parlamentario, e protagonizaron soadas disputas. A fotografía recolle unha desas ocasións en que Beiras interrompeu a Nogueira no uso da palabra dende o seu escano, ao tempo que reflicte a nova situación do Grupo Mixto ao fondo do hemiciclo no pazo do Hórreo. Ao carón de Camilo Nogueira, o seu correligionario Martínez Randulfe, e diante están os socialistas José Giráldez Maneiro e Rosa Gómez Limia.



4-3-1989  
→



**Fraga visita a nova sede do Parlamento antes da súa estrea polos deputados e provoca unha queixa dos portavoces**


### 🔄🔄🔄🔄 A Autonomía a debate

Aínda sen rematar as obras, o pazo do Hórreo estreouse como sede oficial do Parlamento de Galicia co primeiro debate de política xeral sobre a situación actual e as perspectivas de futuro de Galicia. O Consello da Xunta considerou a súa celebración como un exercicio de transparencia, e o presidente González Laxe formalizou a súa petición por carta ao presidente da institución, Pérez Vidal, acolléndose ao artigo 26 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente. O primeiro debate sobre o estado da autonomía prolongouse durante tres días: 14, 15 e 16 de marzo de 1989.

O presidente Laxe estreou a tribuna do hemiciclo cun discurso de 157 folios, que leu en noventa minutos con ton moderado. Ao rematar, só foi aplaudido polos deputados socialistas, mentres que os seus socios de Goberno permaneceron impasibles. Ao día seguinte, Barreiro Rivas emendoulle a plana cunha dura autocrítica. A admisión de resolucións deulle ao debate na última sesión un maior vigor político. O Goberno só aceptou tres propostas das trinta e unha que presentaron os grupos da oposición. E o presidente Laxe dixo na súa conclusión que o debate non fora estéril. As fotos recollen as intervencións de González Laxe, Vázquez Portomeñe, Carro Fernández-Valmayor (que marca unha votación ao Grupo Socialista) e Beiras Torrado. ~ 14, 15 e 16-3-1989







### 📍 Primeira iniciativa popular

Ramón Varela foi o primeiro cidadán galego que falou oficialmente no hemisiclo do Parlamento. O presidente de Adegas subiu á tribuna para defender unha lei de iniciativa legislativa popular que reclamaba unha protección especial para o patrimonio forestal. O grupo promotor presentou no Rexistro un total de 34.066 sinaturas, case o dobre do esixido para a súa tramitación. O Goberno tripartito non apoiou a proposta por considerala moi custosa, e foi rexeitada por 33 votos en contra e 31 a favor. Esta non foi a primeira iniciativa presentada, senón a terceira (as dúas anteriores foron decaídas por non contar coas sinaturas esixidas); pero si foi a primeira que se tomou en consideración, aínda que finalmente non logrou a súa aprobación. ~ 20-6-1989

10-5-1989



*O Parlamento recibe unha proposta avalada por 22.000 sinaturas para a creación do Instituto Galego da Muller por iniciativa legislativa popular que foi rexeitada*



### 📍 Cumio de presidentes

O Parlamento de Galicia acolleu por vez primeira un cumio de presidentes de cámaras autonómicas que foron convidadas para coñecer as novas instalacións. Quince presidentes responderon á convocatoria realizada por Pérez Vidal (só faltaron Madrid e Castela-A Mancha). O papel dos parlamentos autonómicos no marco da CEE e as súas relacións co Senado, a adopción de medidas contra o transfuguismo e a apertura de canles de participación cidadá na vida parlamentaria foron as cuestións máis comentadas. ≈ 30-6-1989 e 1-7-1989



#### 🔗 A EGAP de Mariñas

A reforma da Lei da Escola Galega de Administración Pública, que potenciaba o seu carácter autónomo, foi o último logro relevante de Pablo González Mariñas nos seus primeiros oito anos de intensa actividade parlamentaria. Aínda mantendo a súa adscrición á Consellería de Presidencia, que ocupaba o propio Mariñas, a EGAP comezou a aproveitar ao máximo a súa personalidade xurídica propia. Entón desempeñaba tamén o cargo de portavoz do Goberno tripartito, pero non tiña encomendada esa mesma función no Parlamento, porque cada grupo contaba co seu propio portavoz. Co paso do tempo, González Mariñas volvería ao Parlamento dezaseis anos despois como deputado do BNG na sétima lexislatura, converténdose así no deputado que máis espazou no tempo a devandita condición. ~ 10-7-1989

# Pablo González Mariñas

Deputado na 1.ª, 2.ª e 7.ª lexislaturas  Secretario da primeira Mesa do Parlamento



“ **E** U CONVERTINME EN SECRETARIO da primeira Mesa do Parlamento a través da negociación na que entraron os distintos partidos que estaban representados e tendo en conta os deputados que lograra cada un. Como é o primeiro que se elixe, habitualmente a presidencia do Parlamento acaba correspondendo ao partido que gaña as eleccións. Pero entón AP cedeu a presidencia a UCD e aquilo facilitou moito a repartición final dos outros catro postos. No meu caso particular, recordo moi ben que Paco Vázquez dixo que me cedía seis votos do PSdeG-PSOE para facilitar a miña designación como secretario e así aconteceu finalmente.

Que lembranza teño do pazo de Xelmírez e a sesión de investidura?... Aínda recordo moi ben o frío que alí facía. Ía tanto frío que me choraban os ollos continuamente. Así que decidín poñerme uns lentes negros que levaba e así subín á Mesa cando resultei elixido secretario. E lembro a anécdota de Alfonso Guerra, que asistiu ao acto como convidado en representación do PSOE, e con aquela mordacidade que tiña dixo: «Pero que fai Pablo na tribuna cuns lentes de sol?»...

Desde logo a solemnidade do acto foi inesquecible, naquel marco tan impresionante, coas súas pétreas bóvedas que impoñían un gran respecto. Para min resultou moi emocionante estar presente nun feito histórico de tanta relevancia como a posta en marcha do Parlamento de Galicia en tanto que primeira institución democrática. Aquela emoción tan especial seguramente nunca máis volvínta sentila na miña vida.

Dentro da Mesa do Parlamento traballei no desenvolvemento da estrutura xurídico-administrativa e na elaboración do primeiro Regulamento, que practicamente se copiou do texto do Congreso dos Deputados. O baleiro normativo era total, ao igual que a precariedade de medios. Pode dicirse que non había nada de nada. Empezamos de cero.

Como deputado de UCD pola Coruña vivín con especial intensidade o debate sobre a Lei de fixación da capitalidade; resultou un momento moi amargo porque había moita tensión... Si, polo menos eu era plenamente consciente de que ía ser moi difícil de que prosperasen as nosas teses. Paco Vázquez e máis eu defendemos dúas emendas á totalidade da lei, pero só tiveron os votos dos oito deputados que eramos da Coruña. Para min aquel asunto era ante todo unha cuestión de lealdade coa miña cidade, e de saír á rúa coa cabeza ben alta. Pero ademais eu era firme partidario dunha descentralización institucional; creo que as sedes poderían terse repartido sen ningún problema, sen que pasase nada. Porque ata no franquismo estiveron máis repartidas as instancias oficiais. Dende o meu punto de vista, centralizar todo en San Caetano atrasou a implantación da autonomía e resultou máis custosa.

***As sedes poderían terse repartido sen ningún problema. Porque ata no franquismo estiveron máis repartidas as instancias oficiais. Centralizar todo en San Caetano atrasou a implantación da autonomía e resultou máis custosa***

ata no franquismo estiveron máis repartidas as instancias oficiais. Dende o meu punto de vista, centralizar todo en San Caetano atrasou a implantación da autonomía e resultou máis custosa.

O asunto da expulsión dos tres deputados do BNG-EG por negárense a acatar a Constitución e o Estatuto resultou moi desagradable. Creo que todos os deputados o pasamos mal. Por unha parte, pareceume entón e ségueme parecendo agora que non tiña

porque terse aplicado o Regulamento dunha forma tan drástica; podíanse ter empregado as clásicas reservas que se aceptaron noutras situacións. E, por outro lado, pensaba e penso igualmente que o BNG se equivocou e perdeu un tempo político moi importante ao quedar fóra do Parlamento. Entón o Bloque estaba demasiado radicalizado; aquilo foi un erro que rectificou pouco tempo despois.

Daqueles primeiros anos aínda perdura na miña memoria o espírito que marcou a transición española e que tivo un reflexo directo no desenvolvemento da autonomía galega. Moitas cousas estaban envolvidas por un clima de improvisación e de tolerancia: facíanse as cousas como boamente se podía. Pero reinaba un ambiente de concordia para salvar calquera obstáculo... Por exemplo,

eu estiven en tres partidos distintos nun período de tempo moi curto dentro daquela primeira lexislatura.

Tamén considero un feito excepcional que non pasase nada e todo seguise igual despois da disolución dun partido como UCD, que era a segunda forza política, con 24 deputados no Parlamento. En condicións normais esa circunstancia tería que ter provocado a súa disolución só un ano despois da súa constitución. Iso tería sido moi forte. De modo que o único que aconteceu foi que os 24 deputados que quedaron sen o partido polo que resultaron elixidos tiveron que buscar outro acomodo e cada un fixo o que creu máis oportuno.

Que fixen eu? Por razóns que nunca acabei de entender, quizais polo meu carácter tranquilo, a min considerábanme próximo a AP e non só me propuxeron ese achegamento, senón que mesmo me formularon a posibilidade de entrar no novo Goberno. De feito, Albor non formou Goberno durante algúns días porque eu non acababa de aceptar a Consellería de Educación, ata que finalmente se designou a Vázquez Portomeñe para ese posto. Eu sempre fun galeguista como toda a miña familia e por iso decanteime por esta opción.

A miña relación co presidente Rosón como secretario da Mesa foi moi correcta, mesmo cordial en tanto que compañeiros en UCD, aínda que tamén existía unha distancia xeracional, obviamente. El tiña moita man esquerda, dirixía a Cámara con gran flexibilidade e nalgún momento é verdade que iso nos molestaba bastante porque daba moita cancha a Camilo Nogueira, que era o deputado que máis se acollía á súa xenerosidade. De calquera forma, penso que o fixo ben. Ademais, os letrados José Ramón Cólera e Baldomero Cores prestáronnos unha grande axuda, cada un na súa especialidade; máis administrativista o primeiro e máis lexislativa o segundo.

***A época da moción de censura foi moi dura; teño un recordo moi malo. As presións eran fortísimas porque con aquela división interna que condicionaba todos os posicionamentos de CG, cada un negociabamos un pouco pola nosa conta***

Aqueles primeiros tempos foron case heroicos porque os medios eran moi escasos. A área de traballo dos grupos parlamentarios estaba situada nuns baixos non moi salubres. E os escanos de Fonseca eran bastante incómodos, estaban moi empinados... Lembro neste sentido a linguaxe sexual empregada por un deputado nunha intervención un tanto bruta: a risa xeral foi tan grande que Beiras caeu do seu escano sobre o deputado que tiña diante...

Aquela foi unha etapa moi pactista, pero as negociacións facíanse en hoteis xa que no Parlamento non dispoñiamos de lugares para celebrar reunións discretas. Moi especialmente recordo os encontros dos distintos grupos no hotel Peregrino de Santiago... Pero non é que antes se pactase ou consensuase máis que agora, senón que a política do acordo foi perdéndose a media que ía consolidándose o sistema autonómico, que era o grande obxectivo común.

Se de verdade crin que ía saír adiante un Goberno alternativo a Coalición Popular ao comezar a segunda lexislatura? O certo é que un día aquel pacto se deu por feito, aínda que todo cambiou ao día seguinte...

Eu cheguei a crelo nalgún momento, pero con moitas reservas, porque coñecía perfectamente a situación interna de Coalición Galega. O comité executivo estaba integrado por 25 persoas: 12 estaban a un lado co presidente, outros 12 ao outro co secretario xeral, e o voto decisivo estaba no aleiro. Aquela inestabilidade xeraba unha situación tremenda.

Nunca poderei esquecer aquel debate parlamentario para que Albor explicase a crise da Xunta pola dimisión do Goberno e a saída de Barreiro en 1986. Alí foi onde Iglesias Corral pronunciou a frase máis célebre da historia do Parlamento: aquilo de que aquí pasou o que pasou... Eu fun quen interpelou a Albor e tiña moi ben preparado un argumentario en cinco folios. Entón saíu á tribuna Iglesias Corral e cunha frase oca, que en realidade non

dicía nada, acaprou todo o protagonismo da sesión. O meu argumento non serviu para nada; quedou totalmente desactivado. Non se falou doutra cousa máis que daquela enxeñosa saída de don Manuel.

A época da moción de censura foi moi dura; teño un recordo moi malo. Aqueles momentos resultaron enormemente tensos; as presións eran fortísimas porque con aquela división interna que condicionaba todos os posicionamentos de CG, cada un negociabamos un pouco pola nosa conta... Foi unha experiencia vital terrible; nun momento determinado convertínme pouco menos que nun traidor, pero nunca souben moi ben a que ou a quen. Se me arrepentín de algo? Si, claro que si; aínda que máis que arrepentimento mellor sería dicir lamento. Sempre lamentei moito non ter podido controlar o partido naquel momento. A verdade é que eu era a cara ou o cartel do Partido Nacionalista Galego, pero non dominaba o comité executivo. Se puidese facelo, a miña opción estaba moi clara: eu tería pedido a presidencia do Parlamento a cambio de deixar formar o novo Goberno. Pero non puideron facelo. A min teríame gustado moito máis ser presidente do Parlamento que conselleiro. Sen ningunha dúbida. Creo que era un posto que ía máis coa miña personalidade ou co meu carácter.

Visto dende dentro penso que o Goberno tripartito funcionou moi ben e o papel de Laxe foi extraordinario. En todo caso, o único obstáculo estivo na división interna do PSdeG-PSOE, cun enfrontamento claro entre González Laxe e Sánchez Presedo. Pero insisto en que o balance daqueles dous anos longos, tanto lexislativo como executivo, me segue parecendo hoxe moi positivo, porque se fixeron moitas cousas.

Ademais da repartición de traballo entre as consellerías, o presidente Laxe pediu a cada conselleiro que escollésemos un proxecto estrela para rematar a lexislatura. Eu elixín a creación da Escola Galega de Administración Pública, que foi o meu reto e aí está. Só custou 500 millóns de pesetas (pouco máis de 3 millóns de euros) e a lei aprobouse por unanimidade no Parlamento. O malo foi que despois non puideron lograr o que pretendía á hora de establecer a súa sede e iso, ao final, deixoume un sabor agridoce. Porque tiñamos moi avanzada unha negociación coa Igrexa para

dispoñer dun pazo do século XVIII, que era unha marabilla: o que chamaban o Castelgandolfo galego. Pero a lei fixaba a súa localización dentro do termo municipal de Santiago de Compostela e non houbo xeito de evitar ese asunto. Así que a EGAP rematou no polígono de Fontiñas, onde aínda segue instalada.

Entre as miñas numerosas intervencións parlamentarias ao longo daquelas dúas primeiras lexislaturas, creo que me saíu moi ben a defensa dunha proposición de lei sobre as cámaras agrarias, a xulgar polas loanzas e felicitacións que recibín. O conselleiro rexeitaba a miña proposta porque dicía que o seu Goberno xa tiña un proxecto moi parecido e que o tiñamos copiado. E despois de moitas discusións, acabei preguntándolle por que se empeñaba en votar en contra da nosa proposta se cría que era igual á súa. Aquilo deixouno totalmente descolocado...


Pola contra, sempre lamentei que non saíse adiante unha boa lei de coordinación das deputacións; é un asunto que aínda hoxe non está resolto e creo que iso é malo para o país... Tamén resultou bastante polémica unha repartición das concesións de FM. Ao final, mesmo acabou dimitindo o director xeral, porque se transmitiu a idea de que a esquerda quedaba co espazo radiofónico. Claro, esa afirmación era completamente falsa, porque ata a familia Rato obtivo algunha emisora.

A que responde esa idea persoal tan negativa daquela etapa política? En xeral, non teño malos recordos parlamentarios. A miña decepción e o meu cansazo refírense propiamente á actividade política, porque aquel foi un período moi tenso, sen un momento de respiro. Todo ía moi á présa; era esgotador. Eu vivín momentos moi complicados, experiencias moi duras... Cando o PNG convocou o seu congreso en 1990, de novo encontreime cun panorama interno desolador polo enfrontamento irreconciliable de dous grupos. É dicir, que volví encontrar-me coa mesma situación que xa sufrira antes en Coalición Galega. Pola miña posición no partido considerei que non podía marchar sen máis e fun ao congreso do PNG en Redondela coa intención de darlle o relevo a Gustavo Docampo para que fixese unha transición razoable. Pero entón xurdiu con forza a idea de integrar o partido no BNG, que provocou unha crispación aínda maior. E decidín ir para a casa coa firme idea de non volver nunca máis.

”

**O acordo universitario** ➔

A Lei de ordenación do sistema universitario galego, que foi aprobada o 11 de xullo de 1989, acadou o último gran consenso parlamentario dos anos oitenta e supuxo a creación das universidades da Coruña e Vigo. O conselleiro de Educación, Aniceto Núñez García (CG), logrou levar a bo porto un proxecto moi complicado, que encallara na súa tramitación inicial polo seu antecesor, Víctor M. Vázquez Portomeñe, ao final da primeira lexislatura. Aniceto Núñez ata citou a Aristóteles para valorar a unanimidade acadada pola lei que acabou co centralismo universitario de Santiago de Compostela, como froito da grandeza dos políticos. Na foto da dereita, Antolín Sánchez Presedo está sentado a carón de Aniceto Núñez na bancada inferior. Na segunda fileira, de esquerda a dereita, Miguel Barros, José Nogueira Fernández, Xosé Luís Barreiro, Cándido Sánchez Castiñeiras e nos escanos superiores José Giráldez, Manuel Blanco Suárez e Ismael Rego. ~ 11-7-1989











### 🕒 Inauguración do Hórreo

A inauguración oficial do pazo do Hórreo como sede do Parlamento de Galicia coincidiu coa última sesión plenaria da segunda lexislatura. Deputados e funcionarios xa traballaban alí dende o mes de marzo, aínda que as obras non estaban rematadas. As novas dependencias supuxeron unha mellora considerable e a rehabilitación acometida, enchendo de luminosidade, confort e funcionalidade cada recuncho do vello acuartelamento, mereceu o recoñecemento xeral.

O presidente da Cámara abriu o acto cunha breve intervención. Logo realizouse a bendición das instalacións e descubriuse unha praca conmemorativa. Por último, autoridades e convidados realizaron un percorrido polas súas dependencias. Pérez Vidal resaltou a significación que tiña para o Parlamento de Galicia contar, ao fin, cunha sede nova. Tamén fixo un chamamento á eficacia para aproveitar as melloras que achegaba a nova sede e aludiu á dureza parlamentaria dos últimos meses como consecuencia da proximidade electoral. 🕒 10-10-1989




### 🔗 O grupo de Mella e Cordeiro

Carlos Mella Villar viviu a súa particular travesía do deserto no Parlamento, porque nunca rematou no mesmo grupo que empezou as súas dúas lexislaturas. Tras pasar sucesivamente polos grupos de UCD, Independentes e CG na primeira, saltou logo de CG ao Mixto na segunda lexislatura. En ningún sitio parou moito tempo e, como independente non adscrito, inventouse o célebre tándem de «Luís Cordeiro e mais eu». Mella falaba polos dous na tribuna, facendo uso de cando en vez dunha temida retranca. Como dicía que non querían ser decisivos en asuntos importantes, un votaba o contrario que o outro nun singular contrapunto, para non romper o equilibrio parlamentario dos demais deputados.



# Anxo Teixeiro Piñeiro

**Persoal do Parlamento.** Xefe do Gabinete da Presidencia na 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> legislaturas  Funcionario e xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria



“ **E** U EXERCÍN COMO DIRECTOR do Gabinete da Presidencia do Parlamento dende os primeiros meses da legislatura cando o salón de plenos permanecía aínda no pazo de Xelmírez, primeiro con Antonio Rosón porque xa traballara con el durante a etapa preautonómica, e despois con Tomás Pérez Vidal. Naquel tempo, o papel do gabinete era o mesmo que ten agora con algunhas diferencias debidas a que o Parlamento como institución viña de nacer e tiña unha estrutura administrativa feble para abordar e desenvolver todas as tarefas de apoio ao desenvolvemento da actividade parlamentaria. De xeito específico, nós levabamos a axenda pública do presidente, organizabamos a actividade representativa e institucional da Presidencia e da propia Cámara, atendiamos aos medios de comunicación, etc. pero tamén realizabamos actividades administrativas e iniciabamos os procesos de documentación e publicacións monográficas e atendiamos calquera cousa que xurdía de forma inesperada porque durante aqueles primeiros anos había moi pouco persoal.

En Xelmírez estivemos poucos meses e deseguida a actividade institucional do Parlamento trasladouse a Fonseca. Alí acondicionouse o salón de plenos, unha sala para as comisións, o despacho do presidente e dúas oficinas onde nos situamos o persoal do Gabinete. O persoal administrativo e técnico do Parlamento, que eran unhas 15 ou 20 persoas, seguiu xunto co letrado oficial maior nos sotos do pazo de Raxoi, que cedera o Concello de Santiago, nunhas dependencias bastante humildes que tamén se reformaron. Por certo, esta é unha boa ocasión para agradecerlle a todo ese persoal, que foi incorporándose pouco a pouco, toda a intelixencia, flexibilidade e boa vontade que puxo nesa primeira andaina da institución parlamentaria.

A precariedade de medios, humanos e materiais, foi daquela evidente. Pero a situación de Fonseca no corazón de Santiago foi

moi importante, porque facilitou moito a visualización da institución pola cidadanía. O ir e vir dos deputados a pé dáballes unha imaxe de proximidade que tivo unha influencia positiva na valoración do seu traballo pola opinión pública, segundo a lembranza que eu gardo de entón.

A composición do Parlamento de Galicia nas primeiras legislaturas foi moi plural, porque estivo representado nel todo ou polo menos a gran maioría do espectro político. Nun momento ou noutro estiveron a Unión de Centro Democrático, Alianza Popular, Coalición Galega, o Partido Socialista de Galicia-PSOE cos galeguistas independentes, o Bloque Nacionalista Galego, Esquerda Galega e o Partido Comunista de Galicia. Esta pluralidade ideolóxica paréceme un feito determinante que contribuíu

ao enriquecemento da vida parlamentaria tanto no tocante ao debate político como á calidade da produción lexislativa. É destacable, tamén, que moitos deputados compartilaban a súa actividade profesional coa parlamentaria porque a profesionalización da política era, daquela, menor que hoxe.

Rosón era un home peculiar, que durante algún tempo compatibilizou a súa actividade profesional coa política, que rematou por absorbelo. Era un home austero, aberto, tolerante, afable e, comigo, entrañable. Sempre semelloume máis partidario de preguntar que de afirmar e, tanto como presidente da Xunta Preautonómica como do Parlamento, estivo máis preocupado pola súa vertente política que pola súa parte administrativa e, nese sentido, de facer participar na construción da autonomía a todas as forzas políticas. Dentro do eido parlamentario, Rosón falaba moito cos portavoces e coidaba especialmente as súas relacións cos deputados galeguistas con independencia da forza política á que pertencían. E coido que tamén se reunía bastante co presidente Albor, aínda que fóra de Fonseca.

***O aparato administrativo do Parlamento medrou paseniñamente ao longo destes 30 anos e coido que, en xeral, a nosa administración tivo unha boa adaptación ás demandas da Cámara***

Os seus achaques respiratorios? Si, eran moi característicos, e nos últimos meses da súa vida xa eran crónicos. O salón de plenos de Fonseca que tiña forma rectangular conforme ao modelo británico era bastante estreito e dado que aínda se permitía fumar, o ambiente cargado afectáballe bastante. Claro que podía máis a súa vocación política porque é ben sabido que os debates durante a súa presidencia eran interminables dada a súa coñecida flexibilidade nas quendas de intervencións e de pouco servía, na maioría dos casos, o minutado previsto no guión que entón elaborabamos no Gabinete da Presidencia.

O interminable pleno da noite de san Xoán? Si, ademais da súa longuíssima duración, Francisco Vázquez armou un pequeno barullo ao ler unha carta ameazadora pola súa posición verbo da ubicación da capitalidade de Galicia.

O feito aquel trouxo consigo unha prohibición total de reparar a correspondencia entre os deputados durante as sesións plenarias; unha práctica que se facía precisamente neses momentos para aproveitar que estaban a maior parte deles. E por certo, supuxo tamén que o chófer de Rosón non volvese facer un labor que non era o seu, porque el foi quen repartiu a correspondencia aquel día...

Unha sesión plenaria que lembro xerou certa preocupación en Rosón foi aquela na que os deputados do Bloque-PSG estaban emprazados a xurar ou prometer fidelidade á Constitución e o Estatuto, dado que se fora dilatando o proceso e aínda non cumpriran ese requérito que esixía o Regulamento aprobado. Creo que ninguén quería que pasase, pero todos sabían que ía pasar, que o estalido do conflito era irremediable. Así que cando Rosón non tivo máis remedio que ordear a expulsión dos tres deputados por negarse a cumprir con aquela esixencia regulada, inmediatamente suspendeu a sesión para evitar unha situación aínda máis desagradable na Cámara e logo continuouse de novo o pleno cando xa marcharan. Aquela debeu de ser quizais a ocasión máis

sinalada en que o presidente se viu obrigado a aplicar o Regulamento en contra da súa vontade. Non tivo outra saída. E aquel testemuño gráfico dos tres deputados asinando a liquidación dos seus haberes na porta de Fonseca ao día seguinte, porque xa non podían entrar dentro, tamén foi moi impactante. Deste incidente non lembro ningún comentario seu pero me consta que non foi moi do seu agrado.

Eu teño a idea de que o Parlamento durante toda a etapa de Rosón como presidente recibiu unha influencia moi clara do período preautonómico, que se plasmou nos consensos alcanzados para a aprobación das leis básicas do desenvolvemento estatutario. Neste sentido, o peso político ou a autoridade moral do propio Rosón, de Albor, dos galeguistas do PSOE e particularmente

de Ramón Piñeiro resultaron decisivos. Cando este grupo de influencia desapareceu, a produción legislativa empezou a tomar outro rumbo, e máis tarde xa cambiou radicalmente coas maiorías absolutas. A partir da terceira lexislatura, ese xiro parlamentario é moi perceptible.

Durante os primeiros tempos non houbo moitas visitas

sociais ao Parlamento. Os primeiros colectivos eran moi variados: escolares, universitarios, alumnos estranxeiros de cursos de verán, etc. E coidábanse bastante, con moito esmero polo persoal do Gabinete, aínda que non chegaron a ter a dimensión das visitas que se produciron a partir da instalación do Parlamento no pazo do Hórreo onde este tipo de actividades aumentaron exponencialmente, en particular as visitas escolares organizadas.

Algunha visita relevante dos primeiros tempos? A primeira visita de certa importancia que tivo o Parlamento de Galicia durante a primeira lexislatura foi protagonizada por unha delegación do estado federal de Baden-Württemberg. Non esquezo esa visita porque quixemos atendelos ben dado que era unha maneira de reforzar a presenza da Cámara e de Galicia nas relacións exteriores, busca-

***O ir e vir dos deputados a pé ata Fonseca facilitou moito a visualización da institución pola cidadanía e déulles unha imaxe de proximidade que tivo unha influencia positiva na valoración do seu traballo pola opinión pública***

mos un tradutor de alemán que facilitase unha fluída intercomunicación e axudounos un profesor da facultade de Filoloxía, que logo tivo pouco traballo porque a delegación alemá contaba cunha tradutora magnífica. E dentro do ámbito nacional, recordo a primeira visita do príncipe Felipe, cando aínda era moi novo. Pasaba un período de formación na Escola Naval e estivo en Fonseca a finais de 1986, xa con Pérez Vidal como presidente do Parlamento.

Tras o falecemento de Antonio Rosón seguíu no Gabinete da Presidencia porque, xenerosamente, Tomás Pérez Vidal pediume que continuase con esa responsabilidade. Con el aprendín —falábamolo algunhas veces— que o problema máis complicado do presidente de calquera Parlamento era, paradoxalmente, a relación co seu propio partido porque o grupo parlamentario segue vendo ao presidente como un dos seus e cústalle entender que está a desempeñar unha tarefa institucional e, claro, a oposición sempre considera que é un aliado da maioría. Casi ao final desa lexislatura pasei aos Servizos Técnicos, despois ao Servizo de Publicacións, que se encargaba da edición do Diario de Sesións e do Boletín do Parlamento e moito máis tarde ao Servizo de Asistencia Parlamentaria.

O aparato administrativo do Parlamento medrou paseniñamente ao longo destes 30 anos e foi adaptándose en todo momento ás demandas da Cámara —da Mesa, dos deputados e dos grupos parlamentarios— determinadas pola actividade parlamentaria que varía algo en intensidade segundo a composición de cada lexislatura pero mantén sempre unhas constantes. Como o Regulamento apenas cambiou, tampouco o fixeron os procedementos e, como consecuencia do alto grao de programación e regulación, case non hai lugar para a improvisación.

Porén a administración parlamentaria ten dúas particularidades máis. Unha é o ritmo, que a fai moi distinta da administración gubernamental, porque a demanda de servizos require

prontitude —case inmediatez— e axilidade na resposta dado que aquí non pode deixarse case nada para mañá. E, en segundo lugar, porque non prestamos servizo directamente á cidadanía senón aos seus representantes políticos e iso condiciona algo, poderíamos dicir, a cultura e o estilo da organización.

Coido que, en xeral, a administración parlamentaria tivo unha boa adaptación. Aquí pasamos das antigas máquinas de escribir aos ordenadores de última xeración, e a implantación progresiva da informática nos procedementos administrativos causou, como noutros ámbitos, certo impacto. Por unha parte, a informática aumentou a eficacia e a capacidade de resposta na atención administrativa pero, indirectamente, tamén se incrementou moito a capacidade de iniciativa dos suxeitos parlamentarios de modo que

o número de iniciativas que se presentan e se xestionan medrou de forma exponencial. No futuro máis inmediato temos que continuar, pois, coa integración das novas tecnoloxías da información nos procesos de xestión parlamentaria.

En ocasións todos escoitamos que o Parlamento non se ocupa dos asuntos que de verdade preocupan á sociedade.

Para min, como cidadán, esa é unha afirmación errónea porque se analizamos estes 30 anos de vida parlamentaria atopámonos con que os problemas da sociedade galega en cada momento foron trasladados polos deputados e estiveron presentes aquí, debatíronse polo Parlamento. En ocasións, é certo, con algún retraso temporal condicionado polo respecto dos procedementos e prazos que impón o Regulamento da Cámara. Por iso o reto principal, que ao mellor excede do ámbito da administración e en todo caso poderemos compartir coas deputadas e deputados, é, para min, ser capaces de comunicar, de facer presente a actividade parlamentaria na vida cotiá dos galegos, de lograr que a cidadanía se sinta reflectida no espello dun Parlamento que sexa a súa referencia institucional.

”

***A composición do Parlamento nas primeiras lexislaturas foi moi plural, porque estivo representado nel todo ou polo menos a gran maioría do espectro político. Esta pluralidade ideolóxica paréceme un feito determinante que contribuíu ao enriquecemento da vida parlamentaria***

**1990-1993**

# **3.<sup>a</sup> Legislatura**



**A** terceira lexislatura empezou o 16 de xaneiro de 1990 e concluíu o 24 de agosto de 1993. A nova lei electoral elevou de 71 a 75 o número de deputados e Manuel Fraga obtivo a primeira maioría absoluta nunhas eleccións autonómicas, que supuxeron un antes e un despois na política galega, co conseguente reflexo no Parlamento.

A coalición electoral Partido Popular-Centristas de Galicia encaramou ata a presidencia da Mesa ao seu líder, Victorino Núñez, en recoñecemento á súa contribución nesa gran vitoria. Logo, tanto os seus como os outros, non lle puxeron doado o desempeño do seu papel moderador.

O PP tivo 10 escaños máis que PSdeG-PSOE (38 a 28). O BNG conseguiu 5 deputados e formou grupo propio. E o PSG-EG e CG, con 2 escaños cada un, conviviron razoablemente ben no Grupo Mixto.

Esta foi a última vez que a Cámara mostrou unha composición tan plural. O PP deseguida formulou a tramitación doutra normativa electoral, máis acorde co novo marco político, que non gustou nada á oposición pola ruptura do consenso anterior.

A converter en insalvable ese primeiro enfrontamento serio, contribuíu non pouco outro desencontro sonoro en torno á reforma do Regulamento, que o PP considerou innegociable. En ambos os dous casos, a aritmética parlamentaria aplicou a súa lei das maiorías sobre as minorías.

Co pazo do Hórreo convertido nunha pota a presión, Xosé Manuel Beiras protagonizou o seu «zapatazo», que pasou á historia e que marcou o inicio dunha espiral de protestas e

expulsións pouco gratificantes. Ante tanta reiteración, Victorino Núñez rematou impoñéndolle un mes de suspensión dos seus dereitos parlamentarios. O portavoz do BNG acudiu ao Tribunal Constitucional e obtivo un amparo parcial.

Dúas institucións nadas do consenso estatutario como o Valedor do Pobo e o Consello de Contas puxéronse en marcha, á fin, tras senllos acordos dos grupos maioritarios. E o presidente da Xunta sorprendeu a todos os contrincantes coa súa proposta de Administración Única, que marcou os seus primeiros debates sobre o estado da autonomía.

A irrupción xa imparable da muller na política favoreceu o paso de ata doce mulleres na Cámara ao longo dos catro anos. Tamén a produción normativa alcanzou o seu teito con 44 leis aprobadas.

Despois de once fracasos anteriores, o Parlamento deu luz verde á súa primeira comisión de investigación sobre o afundimento do Mar Exeo fronte á Torre de Hércules, que se pechou sen emitir un informe final.

O portavoz popular Víctor Vázquez Portomeñe puxo en marcha o Xacobeo 93, que primeiro obtivo o respaldo da Cámara, pero logo desencadeou agres debates sobre as súas actividades promocionais, Pelegrín incluído. Ao final, o seu eco nacional e internacional resultou indiscutible e garantiu a súa continuidade nos anos santos seguintes.


Precisamente para contribuír ao realce do plan Xacobeo, o Parlamento organizou e acolleu por vez primeira na súa historia unha grande exposición titulada «Galicia hoxe, Galicia sempre», que visitou o príncipe Felipe na súa primeira viaxe oficial a Galicia.

## O Parlamento na 3.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 16 de xaneiro de 1990

Data de disolución do Parlamento: 24 de agosto de 1993

### Constitución do Parlamento



#### PARTIDOS POLÍTICOS

**PP.** Partido Popular de Galicia (en coalición con Centristas de Galicia pola circunscrición de Ourense)

**PSdeG-PSOE.** Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE

**BNG.** Bloque Nacionalista Galego

**PSG-EG.** Esquerda Galega-Partido Socialista Galego

**CG.** Coalición Galega

### Composición da Mesa do Parlamento

**PRESIDENTE:**

Victorino Núñez Rodríguez [PP]

**VICEPRESIDENTE 1.º:**

José María García Leira [PP]

**VICEPRESIDENTE 2.º:**

Antonio Carro Fernández-Valmayor [PSdeG-PSOE]

**SECRETARIO:**

Tomás Iribarren Fernández-Rogina [PP]

**VICESECRETARIO:**

José F. Nogueira Fernández [PSdeG-PSOE]

## Relación de parlamentarios

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA (PP)

- Alonso Riego, José Luís
- Barata Quintas, Daniel
- Castro García, Roberto
- Chapela Seijo, José Manuel (baixa 17-6-91).  
*Substituído por Callejo Rey, Cristina (alta 20-6-91)*
- Conde Roa, Gerardo Jesús
- Cuiña Crespo, José
- Diz Guedes, Juan Miguel
- Durán Casais, Segundo Manuel
- Egerique Martínez, Pablo
- Fernández García, Juan José
- Fraga Iribarne, Manuel
- Franco Cerdeira, J. Antonio Cesáreo
- García Leira, José María
- García Pardo, José
- Garrido Torrado, Juan Antonio
- González Suárez, Fernando
- Hernández Cochón, José M.ª (baixa 16-6-91).  
*Substituído por Concheiro Coello, Antonio (alta 21-6-91)*
- Iribarren Fernández-Rogina, Tomás
- Lage Lage, José
- López Besteiro, Manuela
- López Noceda, José María
- Madarro González, M.ª Elisa
- Martínez Garrido, Manuel
- Mirás Portugal, Aurelio Domingo
- Núñez Rodríguez, Victorino
- Palmou Lorenzo, Jesús Carlos
- Pedrosa González de Castejón, Pilar
- Pena Souto, José Serafín
- Pensado Barbeira, Fernando Alfredo
- Pérez Álvarez, Manuel
- Pérez Vidal, Tomás
- Pin Fernández, Nazario
- Rodríguez Pérez, Fernando Carlos
- Torres Colomer, José Luís Ramón (baixa 17-6-91).  
*Substituído por Fernández Rosende, Jesús María (alta 20-6-91)*
- Varela Coello, Gaudalupe
- Varela Rey, Manuel (baixa 17-6-91).  
*Substituído por Pita Varela, Jaime Alberto (alta 20-6-91)*
- Vázquez Portomeñe, Víctor Manuel
- Villa Pérez, José Manuel

### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Álvarez Yáñez, María Antonia
- Baños Márquez, José Carlos
- Barros Ponte, Miguel (baixa 14-10-92).  
*Substituído por Álvarez Fortes, M.ª Carmen (alta 19-10-92)*
- Blanco Gómez, Ramón Félix
- Borreiros Fernández, Bonifacio
- Carro Fernández-Valmayor, Antonio
- Conde Cid, Alfredo Luís
- Cortizo Nieto, Miguel Anxo
- Díaz Díaz, Manuel Ceferino
- Fidalgo Areda, D. Miguel (baixa 27-5-92).  
*Substituído por Docampo Estévez, Otilia (alta 3-6-92)*
- Gato Soengas, Antonio Edelmiro
- Giráldez Maneiro, José
- González Laxe, Fernando Ignacio
- González Príncipe, Carlos Alberto (baixa 17-6-91).  
*Substituído por Borrajo Rivas, Pedro (alta 20-6-91)*
- Mariño Campos, Pedro Manuel
- Martínez Losada, Miguel José
- Miguélez Ramos, Rosa María
- Nogueira Fernández, José Federico
- Porteiro García, María Josefa
- Rego González, Ismael
- Rodríguez Fernández, Francisco
- Rodríguez Otero, María Margarita
- Rodríguez Pardo, José Luís
- Salgado García, Juan Fernando
- Sánchez Presedo, Antolín
- Sineiro García, Francisco
- Taboada Rivadulla, Roberto
- Ventoso Mariño, José Antonio

### GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- Álvarez Domínguez, Bautista Goyel
- Beiras Torrado, Xosé Manuel
- García Negro, María Pilar
- Rodríguez Feixoo, Alberte Xullo
- Trigo Durán, Francisco

### GRUPO MIXTO (PSG-EG, CG)

- López Facal, Xoán Xosé Brais [PSG-EG] (baixa 24-9-91).  
*Substituído por Merino Mejuto, Domingo Rafael (alta 1-10-91)*
- Nogueira Román, Camilo [PSG-EG]
- Oujo Bello, Santos [CG]
- Sánchez Castiñeiras, Cándido [CG]

Renuncias anticipadas a súa proclamación como deputados electos:

- Adolfo Gacio Vázquez (PP) pola circunscrición electoral da Coruña. Aceptada pola XEG 17-6-91.
- Jesús Manuel Tallón Maceira (PSdeG-PSOE) pola circunscrición electoral de Pontevedra. Aceptada pola XEG 17-6-91.



#### ↻ ↻ Renovación xeracional

Os deputados do PP configuraron por vez primeira na historia da Cámara unha maioría absoluta, que enmarcou o inicio da terceira lexislatura. A casualidade fixo que tres membros do partido hexemónico dirixisen a sesión de constitución. A idade media dos deputados electos reduciuse de forma sensible con respecto aos períodos anteriores e esta circunstancia situou a Manuel Fraga Iribarne na presidencia con 68 anos. Guadalupe Varela Coello e Gerardo Conde Roa completaron a Mesa de Idade como deputados máis novos. A foto recolleu o momento en que o socialista Miguel Barros entregaba a Fraga o seu voto para elixir os membros da Mesa do Parlamento, ante a mirada do letrado José Ramón Cólera. Sobre estas liñas, a chegada dos novos deputados e deputadas para ocupar os seus escanos. ~ 16-1-1990







#### 🔗 **Victorino Núñez, novo presidente**

A elección dos membros da Mesa do Parlamento non tivo ningunha historia. Cada grupo votou os seus candidatos e iso outorgou a maioría ao PP. De esquerda a dereita, José Ramón Cólera, letrado maior; Tomás Iribarren Fernández-Rogina (PP), secretario; José María García Leira (PP), vicepresidente primeiro; Victorino Núñez Rodríguez (PP), presidente; Antonio Carro Fernández-Valmayor (PSdeG-PSOE), vicepresidente segundo; José Nogueira Fernández (PSdeG-PSOE), vicesecretario; e Baldomero Cores Trasmon- te, letrado. Ao fondo, o bedel Hixinio Estévez. ~ 16-1-1990

# Victorino Núñez Rodríguez

Presidente do Parlamento de Galicia na 3.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> lexislaturas



“ **E** U ESTABA Á FRONTE de Centristas de Galicia e presidía a Deputación de Ourense cando Manuel Fraga deu o paso de regresar á súa terra, co obxectivo de converterse en presidente da Xunta. A política galega atravesaba unha situación moi complicada. Ao final da segunda lexislatura, por exemplo, ningún dos cinco membros da Mesa do Parlamento estaba xa no partido polo que fora elixido deputado. E a min tampouco me gustara nada aquela moción de censura que propiciou a caída da Xunta de Albor coa participación de cinco deputados dun partido... Naquel momento crin honestamente que á administración galega lle viría ben «unha pasada por Fraga» e decidínme a xogar a súa baza abertamente.

Un día que estaba con Fraga en Madrid comentoume que acababa de chamalo Tomás Pérez Vidal para dicirlle que non quería seguir como presidente do Parlamento. Entón Fraga díxome se eu quería aquel posto, díxenlle que si e contestoume que tiña a súa palabra. O caso é que me puxen a traballar ao seu lado para tratar de conseguir unha maioría absoluta nas eleccións galegas de 1989 e ao final conseguímolos.

Chegado o momento, Fraga ofreceume a presidencia do Parlamento, tal e como comentáramos. E recordo que algúns amigos me aconsellaron que non me fose de Ourense, ou que pedise unha consellería investidora; pero que non aceptase en ningún caso a presidencia do Parlamento... No día de hoxe creo que me equivoquei con aquela decisión, para os efectos de interese persoal. Iso téño moi claro. Non obstante, creo que non me equivoquei dende unha perspectiva política cando optei por liquidar Centristas de Ourense, porque fixen un gran servizo.

Cando cheguei ao Parlamento encontreime coa sorpresa inicial de que o hemiciclo tiña só 64 escanos para un total de 75

deputados. Os escanos estaban distribuídos de dous en dous, coma se fosen pupitres, aínda que logo había un oco no medio que permitía intercalar outra cadeira de brazos. Así foi como resolvemos aquel problema que me pareceu incomprendible, aínda que non quero que ninguén se moleste con esta observación. Só me causou algún problema na primeira sesión, á hora de fixar as situacións de todos os deputados...

Camilo Nogueira, por exemplo, deume moita lata coa situación do grupo mixto na terceira lexislatura e tiven que facer encaixe de bolillos. Por un lado, Beiras non quería que situase ao grupo do BNG debaixo dun balconciño, ao fondo do hemiciclo, porque dicía que alí non os collía ben a cámara de televisión. E Camilo Nogueira non quería estar preto de Beiras, porque dicía que lle roubaba imaxe. Ao final, tiven que poñer á metade do grupo mixto a un lado e á outra metade ao outro para contentar a todos.

Eu non tiña ningunha experiencia parlamentaria, como é ben sabido. Lembro que a primeira vez que toquei o timbre para reclamar a presenza de todos nunha votación, un deputado achegouse moi mo-

lesto: «Nin que fosemos nenos!»... Aquela repartición tan axustada de forzas, 38-37, xeraba moita tensión nas distintas votacións. Unha vez que tocaba o timbre para avisar que ía empezar unha votación, pechábanse as portas e ninguén podía entrar. Lembro que en certa ocasión observei dende o asento que Pilar García Negro viña correndo, pero non ía chegar antes de que as portas se pechasen. Así que decidín suspender a sesión un instante e mandei abrir as portas. Entrou correndo, sentou no seu escano e continuei a sesión. Pois nada máis rematar, deseguida viñeron verme dous ou tres deputados do PP moi enfadados e dixéronme: «Coño, onde imos con estas concesións!». E eu contesteilleis: «Pero a vós que máis vos daba gañar 38-36 que 38-37? Non me fagades crear un mal precedente, porque se un día acontece

***Cando cheguei á Cámara non tiña experiencia parlamentaria, e a primeira vez que toquei o timbre para reclamar a presenza de todos nunha votación, un deputado achegouse moi molesto e espetoume: «Nin que fosemos nenos!»***

algo parecido cun deputado dos nosos, que é o que fago?»». Estas queixas eran moi características da xente do PP naquel tempo.

Tampouco o persoal do Parlamento me puxo as cousas doadas tras o meu acceso á presidencia. Notei un cambio moi grande entre a actitude do persoal da Deputación e o persoal do Parlamento. En Ourense eramos todos amigos e en Santiago creo que me viron sempre como un inimigo. Se logo mellorou esa situación? Non, non. Ese ambiente hostil sempre estivo aí. Non conseguín gañarme nunca ao persoal, pero creo que non eran malos traballando.

De cal lexislatura gardo mellor e peor recordo? Sen dúbida, a terceira lexislatura (1990-1993) resultou bastante complicada para min. Todo o relacionado coa reforma do Regulamento foi moi desagradable e deu lugar a incidentes lamentables... Ao asumir a presidencia deseguida me decatei de que o Regulamento vixente estaba feito para un Parlamento sen maiorías absolutas, tal e como acontecera ata entón. Por exemplo, establecía cousas tan absurdas como que para conceder unha segunda quenda o presidente tiña que reunir previamente os portavoces para negociar a súa aprobación. Outra peculiaridade sorprendente era que sempre pechaba o debate o grupo que formulaba a proposta, cando en todos os parlamentos do mundo o debate sempre o pecha o Goberno. Ou sexa que o presidente tiña unha capacidade de manobra moi reducida.

A forma en que se fixo a modificación do Regulamento foi unha barbaridade e eu encontreime nunha situación particularmente difícil, porque entendín que se non saía adiante se tería dito ou interpretado que o PP sufrira unha derrota no Parlamento malia ter a maioría absoluta. Aquilo non se entendería ben; así que despois de darlle moitas voltas non tiven máis remedio que tirar para diante... Que pasou entón? Pois pasou que se fixo unha reforma á brava. Eu fixen unha suxestión que recolleu Vázquez

***Beiras non me deixou outro camiño máis que a súa expulsión e posterior suspensión das funcións como deputado. Logo, a sentenza do Tribunal Supremo dándolle a razón, simplemente me pareceu unha cacicada***

Portomeñe e acabou presentándoa pouco menos que a xeito de imposición. Non teño noticia de que en ningún parlamento do mundo se fixese unha reforma daquel xeito. Dende logo Portomeñe foi un bo parlamentario, pero creo que se pasou de presidencialista á fronte do grupo popular.

Daqueles días teño un recordo moi malo, porque foi cando se produciu o zapatazo de Beiras e non tiven máis remedio que expulsalo. Como recordo este célebre episodio da historia do Parlamento? Pois aconteceu que Beiras estaba moi excitado, non atendía aos meus requirimentos e chegou un momento no que non me deixou outro camiño máis que a súa expulsión e posterior suspensión das súas funcións como deputado. Logo, a sentenza do Tribunal Supremo dándolle a razón simplemente

me pareceu unha cacicada... E por se a situación non estivese complicada, o día anterior á presentación do novo Regulamento para a súa aprobación, aconteceu o incidente da agresión da famosa Karina Fálagan á deputada socialista Rosa Miguélez na cafetería do Parlamento. Para calmar un pouco as cousas eu lograra con anterioridade que Fraga reti-

rase un proxecto de lei que era conflictivo, pero non importante. Pedínlle que esperase a unha ocasión máis favorable, cando as augas baixasen máis tranquilas, e fíxome caso. E Karina entrou na cafetería e deulle dúas labazadas á deputada, porque dixo que se referira a ela de forma despectiva durante unha discusión parlamentaria... Xa digo que foron uns momentos moi difíciles.

Ao final de todo aquilo estou convencido de que a reforma do Regulamento de 1993 non beneficiou ao PP absolutamente en nada. Todo se debeu á présa que lle entrou ao Goberno por sacar adiante aquela reforma, e tamén á dificultade engadida que tiña dirixir o Parlamento con Fraga como presidente da Xunta. Que é o que pasaba? Pois que Fraga tamén quería dirixir o Parlamento. Isto non constitúe ningún segredo para cantos deputados estaban



naquela Cámara... A Fraga faltáballe flexibilidade parlamentaria, aínda que eu tratei de humanizalo. De presidente a presidente, as nosas relacións sempre foron boas. Pero durante as celebracións dos plenos, eu sufría continuas interferencias de Fraga. Non tiña remedio.

A terceira lexislatura achegoume moita experiencia e creo que na cuarta lexislatura transcorreu todo mellor. Por primeira vez, o BNG tivo un representante na Mesa, que foi Bautista Álvarez, e por parte do PSdeG-PSOE entrou Miguel Cortizo, que era outro peso pesado. Non tivemos unha soa discusión; leveime estupendamente con ambos os dous. Nada máis comezar a lexislatura eu fíxenlles un ofrecemento, que eles aceptaron e cumpriron. Propúxenlles que calquera iniciativa que non tivese valor político, ou se facía por unanimidade ou non se facía. E así estivemos moito tempo.

Un día eu formulei na Mesa o encargo dos retratos dos reis para situalos na sala que hoxe leva o seu nome e Bautista opúxose. «Non, eses señores non pintan nada nesta casa», díxome. E en cumprimento daquel compromiso inicial, eu retirei o asunto. Durante un tempo estiveren a darlle voltas, ata que chamei a Bautista e anuncieille: «Vou ter que violentar o meu compromiso; non me queda outro remedio». «Paréceme ben», contestoume. Entón o tema aprobouse co seu voto en contra e eu comenteille: «Como bo democrata, supoño que aceptarás o resultado». «Que remedio! Non faltaba máis!». Así resolvemos o asunto.

A Cámara tivo sen dúbida bos parlamentarios na miña época. Se quero dar nomes? Dos meus non vou destacar ningún; todos eran bos. Do PSdeG-PSOE lembro agora mesmo a Miguel Barros, que era magnífico. Se Beiras non fose tan estridente tería sido un bo parlamentario. E Camilo Nogueira tampouco era malo, pero creo que non tiña tanto mérito aquel sistema seu de presentar todos os días unha pregunta ao Goberno. En canto coñeces a mecánica, iso non custa ningún traballo, porque nin sequera require dunha argumentación. Abondáballe con ver os xornais... Agora que o penso, dos meus teño moi bo recordo de Enrique López Veiga, conselleiro de Pesca. A primeira vez que interveu entrou como un elefante nunha cacharrería e eu dixen para min: «En miúdas leas vains meter este home!». Pero a partir da segunda

comparecencia todo foi sobre rodas e creo que logrou as únicas unanimidades daqueles primeiros momentos tan tensos. Simplemente porque sabía de pesca máis que ninguén. «Si, ten razón —recordo que lle contestou a un deputado—. Pero esa non é a pescada, que é a carioca». E ninguén lle replicaba porque coñecía o que se traía entre mans.

Anécdotas teño moitas. Por exemplo, lembro que un día me dixeran: «Cantas deputadas hai no Parlamento?». Ao empezar a terceira lexislatura creo que eran doce e establecín como norma que o día do seu santo se enviase a cada deputada un ramo de flores. Chegou o día do Pilar e mandáronlle as flores á deputada do BNG Pilar García Negro. Entón ela achegouse e díxome: «Moitas grazas, querido Victorino, por ese ramo de flores que me mandaches. Pero este día eu celebro só ou meu santo, pero non ese aparato españolista». E claro, contesteille morto de risa: «Pero, Pilar, se o ramo era polo teu nome; só polo teu nome!»... E logo teño unha maldade que lle fixen a Pachi Vázquez. Resulta que era o único home que se metera con outras cinco deputadas na Comisión de Dereitos da Muller e a Igualdade, e un día aceptáronlle unha proposta súa para ir a un congreso da muller nada menos que en Beijing. Cando mo dixeran, empecei a darlle todas as voltas que puiden para ver se encontraba a forma de non lle pagar aquela viaxe, porque me amolaba moito. Ata que un día me dixeran: «Cantas deputadas hai no Parlamento?». Naquel momento eran nove e decidín ao instante: «Que vaian todas, que vaian as nove e non a comisión!». Claro, Pachi non puido obxectar e quedou sen viaxe a Beijing.

Como foi a miña saída do Parlamento? Pois creo que Fraga ma xogou. Supoño que Cuíña e Baltar, coa axuda de Cacharro, o premeron moito para conseguir a miña marcha. El xuroume que era o momento máis amargo da súa vida, cando me comunicou que non podía propoñerme como presidente outra vez. Pero teño a razoable sospeita de que foi el mesmo o autor do crime. Logo ofrecéronme en compensación un posto como senador e unha consellería de Fenosa. Pero resultou que había unha incompatibilidade entre ambas as dúas e optei polo posto no Senado.


”

### 🔄 Comissões permanentes

O PP comezou fixando a súa posición maioritaria na Cámara coa distribución das comisións parlamentarias. O número de membros incrementouse ata 17 e aplicouse á súa configuración unha repartición proporcional aos resultados electorais: 9 postos para o grupo popular, 6 para o grupo socialista, 1 para o grupo do BNG e 1 para o grupo mixto. Coa excepción da presidencia da Comisión de Economía, que foi cedida ao socialista Ceferino Díaz, o PP reservou as demais presidencia para os seus deputados: José A. Franco (Institucional), Elisa Madarro (Ordenación do Territorio), Roberto Castro (Educación e Cultura), Fernando Pensado (Sanidade), Juan A. Garrido (Industria, Enerxía, Comercio e Turismo), Aurelio Miras (Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes), José Manuel Chapela (Pesca e Marisqueo), Jesús Palmou (Estatutos) e José M. López (Control de CRTVG). ≈ 26-1-1990











### 🕒 Investidura ao grande

O debate de investidura de Manuel Fraga como presidente da Xunta consumiu dúas xornadas. O candidato comprometeuse a realizar un «verdadeiro populismo» na presentación do seu programa e anticipou unha defensa con decisión de «un galeguismo por riba das ideoloxías». Nas quendas de intervencións, Sánchez Castiñeiras e Nogueira Román compartiron o tempo asignado ao Grupo Mixto. Beiras Torrado falou en nome do Grupo do BNG e polo Grupo Socialista subiu á tribuna González Laxe. A todos contestou o candidato e a rolda pechouse con Vázquez Portomeñe, que se estreou como portavoz do futuro Goberno do PP. Fraga obtivo a confianza maioritaria da Cámara cos 38 votos do seu grupo, cuxos deputados aplaudiron postos en pé. Vázquez Portomeñe, Pérez Vidal e González Suárez na fila de Fraga na foto da esquerda. Na fila superior, Fernando Carlos Rodríguez Pérez, Roberto Castro García, Xosé Cuíña Crespo, Xesús Palmou Lorenzo e Aurelio Miras Portugal. Na foto de abaixo, o ex-presidente socialista, Fernando González Laxe, felicitou e departiu con Fraga tras a súa designación. ~ 31-1-1990







### 🔴 Fraga sacou músculo

Manuel Fraga mostrouse exultante á súa chegada ao pazo do Hórreo para asistir á súa toma de posesión como presidente da Xunta de Galicia. Ante o requirimento dunha nube de fotógrafos que buscaban a imaxe do día, o líder do PP non dubidou en sacar músculo para reflectir en ton humorístico o seu primeiro gran triunfo electoral. Aquel xesto foi toda unha premonición das maiorías absolutas que obtería nas seguintes convocatorias, ata o ano 2005. ~ 5-2-1990



28-2-1990



*Os avogados piden ao Parlamento que faga uso da súa facultade constitucional para compilar o Dereito civil foral de Galicia*





### 🕒 Fraga abre unha época

Manuel Fraga mostrouse moi emocionado no momento do seu xuramento como presidente da Xunta, que tivo lugar no Salón Nobre do Parlamento. O ministro de Administracións Públicas, Joaquín Almunia, e o delegado do Goberno en Galicia, Domingo García Sabell, ocuparon lugares destacados. As dependencias do Parlamento quedáronse pequenas para acoller os 2.000 convidados, cos que pousou Fraga nas escaleiras do Hórreo, antes de dirixirse ao pazo de Raxoi e efectuar a súa entrada triunfal rodeado de 1.200 gaiteiros, tal e como prometera na campaña electoral. ≈ 5-2-1990





#### 📍 Deputados e senadores a un tempo

Fernando González Laxe (PSdeG-PSOE) e Tomás Pérez Vidal (PP), ex-presidentes da Xunta e do Parlamento, respectivamente, foron designados como novos senadores en representación da comunidade autónoma, xunto con José María Hernández Cochón (PP). A terna pactouse entre os dous grupos maioritarios, mentres que os partidos minoritarios se mantiveron á marxe e se abstiveron na votación. Por vez primeira, os tres candidatos (na esquerda da foto) mantiveron a súa condición de deputados e compatibilizaron as súas funcións no Parlamento galego coas súas novas responsabilidades na Cámara Alta, aínda que cun só soldo. Na foto á dereita, Antonio Carro felicita e Laxe. ~ 22-2-1990

#### 📍 Sánchez Presedo toma as rendas

O desprazamento ao Senado de Fernando González Laxe deixou vía libre a Antolín Sánchez Presedo para encabezar unha nova estratexia do Grupo Socialista ante un Grupo Popular moi crecido na Cámara polo seu contundente resultado electoral. Ao longo de toda a lexislatura consolidou o seu liderado como cartel electoral para as seguintes eleccións autonómicas. De arriba a abaixo, xunto a Sánchez Presedo aparecen na foto José Luís Rodríguez Pardo, José Antonio Ventoso Mariño, Fernando Salgado García, Ramón Félix Blanco e José Carlos Baños Márquez.



## Ceferino Díaz e Díaz

Deputado na 1.ª, 2.ª, 3.ª e 4.ª lexislaturas polo PSdeG-PSOE ~ Portavoz na 1.ª lexislatura



**P**articipar na constitución do Parlamento galego no pazo do Xelmírez foi para min un feito inesquecible. Coñecín cedo na Academia Cervantes de Escarón a necesidade das liberdades para vivir, pero foi nos estertores do franquismo, cando a loita política se fixo máis aberta e un máis instruído e concienciado (non era doado acceder á cultura e á historia democrática naquel tempo), que abracei a idea de que o País precisaba autogoberno e que había que retomar a autonomía que se frustrara no 36.

Liberdade, amnistía e Estatuto de autonomía —este último engadido en Cataluña— foron lemas que presidiron tamén en Galicia as manifestacións contra a ditadura nos últimos anos da transición, en especial tras a morte de Franco. Non todos eramos conscientes do que implicaba a reivindicación do autogoberno —logo do traumático e inconcluso proceso do Estatuto do 36 a memoria histórica popular, cando existía, era difusa e ás veces tamén confusa—; só unha minoría ilustrada e galeguista mantiña vivo o recordo encargándose de transmitilo a persoas coma min, que non escoitaran falar do Estatuto ata a universidade.

Foi emocionante entrar en Xelmírez como deputado electo do primeiro Parlamento de Galicia a carón de homes como don Ramón Piñeiro, quen arredor da súa «mesa camilla» me inculcou o compromiso autonomista. Certamente, cando nos sumamos á loita polas liberdades dende a Universidade compostelá non soñabamos con que ese momento estivese tan próximo —tres anos despois de aprobarse a Constitución— e menos que seríamos un dos setenta e un deputados elixidos. Non entraba nos meus cálculos que un neto de labregos e fillo de emigrante, de familia sen tradición política anterior e incluso aínda con medo a ela, fose chamado a participar na construción da Autonomía.

Lembro que cando subía as escaleiras de Xelmírez o meu pensamento se dirixía ao meu pai, que cos seus anos de ausencia en Venezuela posibilitara o meu acceso á universidade e con el a oportunidade de vivir aquel momento. Lembro tamén que pensaba na responsabilidade que contraía, que contraíamos os que alí estabamos, moitos con traxectorias vitais semellantes á miña, sen precedentes aos que mirar.

A longa e dura noite da ditadura provocou que á transición chegasen poucos referentes políticos da anterior etapa, o que favoreceu unha forte renovación das formacións políticas; xente nova con moito entusiasmo pero sen experiencia en xestión política en liberdade (sabíamos traballar á contra na clandestinidade) accedía á dirección dos partidos.

Había que crear as institucións e pólvas a andar para construír unha Galicia que soñabamos desenvolvida e solidaria, o que non ía ser tarefa fácil. A Autonomía nacía nun clima politicamente frío, a maioría descoñecía a súa utilidade e a crise económica situaba noutros lares as prioridades da cidadanía.

Xa que logo, o consenso facíase fundamental para prestixiar o autogoberno nos primeiros tempos. Así o entendemos os socialistas —a entrada de catro independentes galeguistas encabezados por Ramón Piñeiro tiña esa finalidade— e así o entenderon as demais forzas comezando polo primeiro Goberno do presidente Albor, no que un mozo de Forcarei, Xosé Luís Barreiro, tamén novo na política, tivo un moi importante papel á hora de pór a andar o entramado institucional. A falla dunha maioría estable de goberno xogou tamén a favor.

Foi así, con amplo consenso político, como o primeiro Parlamento de Galicia, que tivo que aprender de experiencias alleas, cumpriu coa autoencomenda de dar a coñecer a autonomía como un instrumento que melloraría a atención aos problemas do País. O que aconteceu despois será xa obxecto doutras análises.

# Antolín Sánchez Presedo

Deputado na 1.ª, 2.ª, 3.ª e 4.ª lexislaturas polo PSdeG-PSOE ~ Portavoz 1990-94



**A**quilo tan fermoso de que a herba crece no medio da noite foi certo. Co amencer democrático, as raíces cívicas da Gallaecia romana e a forza vital dunha nacionalidade histórica creadora dunha lingua propia e un camiño universal desembocaron á fin nunha comunidade política que tomaba as rendas do seu propio destino.

A autonomía puxo fin á longa noite de pedra de Galicia. Nin a estreiteza de miras, nin a inculcada apatía, nin o golpe de Estado no último suspiro ían impedir que o anhelado proxecto vise a luz. Era unha grande obra coral. Así puíden percibilo cando, como estudante, asistín en 1973 á lectura da tese de Vilas Nogueira sobre «O Estatuto Galego» na Facultade de Dereito de Santiago, cando participei na gran manifestación democrática da Coruña a favor da autonomía a finais de 1977 e cando, como portavoz socialista no Concello de Betanzos, comprobei a resposta popular á convocatoria de mobilización contra o intento de recortar o Estatuto en 1979.

A acta de nacemento do autogoberno de Galicia tivo lugar no pazo do Xelmírez coa constitución do Parlamento de Galicia. Eu seguino por televisión e non puíden evitar pensar que xusto no edificio do lado, na catedral de Santiago, xacían os restos de Afonso IX, o rei de Galicia e León que oito séculos antes convocara por primeira vez unhas Cortes con participación do pobo chan. O berce máis antigo do mundo esperaba ao acabado de nacer.

Cando me incorporei como deputado ao Parlamento de Galicia, transcorrido un ano da primeira lexislatura, este tiña a súa sede provisional no pazo de Fonseca. Naquel ambiente cheo de fume, sen despachos, teléfonos móbiles ou ordenadores (cando se falaba de PC todo o mundo entendía que se facía referencia ao Partido Comunista e non ao computador persoal), o entusiasmo dos deputados e o compromiso dos traballadores da Cámara fixeron o milagre. A ninguén amedrentou discutir o plan de electrificación ás escuras. No medio de debates interminables, con réplicas e contrarréplicas de todos os grupos, salpicadas de alusións sen fin, o Parlamento foi abrindo o espazo público que Galicia demandaba.

En democracia cada meta é tamén un punto de partida. A misión do Parlamento de Galicia era dar creto, contido e efectividade ao nacente autogoberno. Demostrar a crentes e incrédulos que a autonomía non era artificio. Era preciso inaugurar unha cultura de compromiso que evitase enfrontamentos estériles porque, como o proverbio recorda, cando os elefantes pelexan o céspede sofre.

O primeiro Parlamento autonómico careceu dunha forza maioritaria, como é habitual nos parlamentos europeos. A virtude fíxose necesaria. O seu momento estelar foi a aprobación unánime da Lei de normalización lingüística. Ramón Piñeiro, nunha memorable intervención final, rubricou aquel consenso patriótico. O futuro do galego, lingua propia e materna do parlamentarismo popular, resumía a determinación de Galicia de seguir creando colectivamente a través dos tempos e de facelo cunha marca orixinal e fraternal cos demais pobos.

A autonomía ía en serio. Na segunda lexislatura ningunha forza política se autoexcluíu da vida parlamentaria; o Parlamento converteuse nunha mesa redonda, seguindo a tradición artúrica, e atopou a súa sede definitiva. A autonomía era a panca para modernizar Galicia. Por iso os socialistas formulamos unha moción de censura. Un país atrasado, incomunicado e de emigración non podía ser paralizado pola implosión do partido gobernante. A Xunta presidida por Fernando González Laxe conseguiu remontar a crise e preparar a nosa comunidade para o reto europeo. Ao incorporarse ao espazo de maior liberdade, progreso e xustiza social da terra, Galicia entroncaba coa súa razón de ser.

O ritmo foi vertixinoso, mesmo convulso. Quizais por iso o pobo galego apostou pola experiencia e a estabilidade. A seguinte etapa comezou cunha forza maioritaria que durante demasiado tempo gozou da vantaxe dunha oposición dividida. Non se trataba de resistir para gañar, como aconsellaba o Nobel galego, senón de pechar a asimetría e abrir unha grande esperanza. Cuestión de tempo e, sobre todo, de auténtica ambición e unidade.




### 🔗 Portomeñe, pico de ouro

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe desprezou un amplo catálogo de recursos parlamentarios na defensa do primeiro Goberno de Fraga durante o tempo que exerceu como portavoz titular do Grupo Popular. A súa dialéctica envexable axudoulle a negociar incontables acordos, e tamén a súa peculiar simpatía permitiulle entenderse moi ben cos demais portavoces. A foto recolle un momento de complicidade cos deputados socialistas Carlos Príncipe e Miguel Cortizo, ante a mirada do seu compañeiro Manuel Pérez.

### Os orzamentos de Orza 🔗

O conselleiro de Economía e Facenda, José Antonio Orza Fernández, entregou ao presidente do Parlamento, Victorino Núñez, os primeiros orzamentos xerais da era Fraga nun tempo récord. Logo cumpriría con este mesmo labor durante os quince anos seguintes, dado que se converteu no único conselleiro que Fraga mantivo inalterable en todos os seus Gobernos ata 2005. A tramitación destes primeiros orzamentos xerais na Cámara foi rápida. O proxecto orixinal recibiu 118 emendas ao articulado e outras 499 emendas ao estado de gastos. Na Comisión de Economía aprobáronse 23 emendas ao articulado, que procederon de todos os grupos; e outras 13 emendas ao estado de gastos, todas do PP. Dous meses despois, o documento quedou listo para o seu debate final. Tras catro sesións consecutivas, a Cámara aprobou por maioría os orzamentos xerais da comunidade autónoma galega para o ano 1990 por un importe total de 354.514.950.000 pesetas. ~ 12 a 15-6-1990





📍 **Cora, Valedor do Pobo**

A elección do ex-presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, José Cora Rodríguez, como primeiro Valedor do Pobo, foi o resultado dun acordo entre os dous grupos maioritarios, PP e PSdeG-PSOE, que incluíu a designación de José Carlos Rodríguez e Celso Montero como vicevaledores. Este pacto supuxo o desenvolvemento dunha lei que estaba pendente dende a súa aprobación en 1984. O Defensor del Pueblo, Gil Robles, actuou como padriño na súa toma de posesión unha semana despois. Cora recibiu no seu primeiro día de traballo sete reclamacións, que se uniron a outras vinte e unha pendentes. Na foto, Fraga felicita a Cora ante os membros da Mesa do Parlamento. ≈ 31-5-1990

13-3-1990



**Unha proposición non de lei que defende Camilo Nogueira sobre a autodeterminación de Galicia só obtén os dous votos do PSG-EG**



### 📍 A sede do Valedor

A institución do Valedor do Pobo quedou definitivamente consolidada tres anos despois da súa posta en marcha, cando dispuxo dunha sede propia. Un edificio anexo ao pazo do Hórreo, onde estivera a farmacia militar do antigo acuartelamento, foi acondicionado para o seu novo uso. Ao acto de inauguración asistiron numerosas personalidades. De esquerda a dereita aparecen os conselleiros de Educación e Pesca, Piñeiro Permuy e López Veiga; José de Cora, Victorino Núñez e Antonio Carro así como Cándido Castiñeiras na esquina. ~ 14-5-1993





18-5-1990



*Beiras ten o seu primeiro choque parlamentario con Fraga tras criticar o conselleiro de Sanidade, Montero Gómez, por non falar en galego*

### 🕒 📌 Visitas de mandatarios: Lacalle e Cavaco

O presidente de Uruguai, Luis Alberto Lacalle de Herrera abriu a longa relación de visitas de presidentes, primeiros ministros, embaixadores e altos cargos que pasaron polo Parlamento a partir de 1990. O mandatario deixou unha pegada imborrable na Cámara que lle dedicou un saúdo institucional. O seu impecable discurso sobre o papel xogado pola emigración galega no desenvolvemento do seu país, cheo de expresividade e non exento de emoción, calou moi fondo entre todos os asistentes, que sempre recordaron aquela visita (8-4-1992). Máis tarde, pasou polo pazo do Hórreo o primeiro ministro portugués Aníbal Cavaco Silva quen asinou no Libro de Ouro do Parlamento ante os presidentes da Xunta e do Parlamento, e acompañantes (6-3-1993).





8-12-1990



*A Cámara aproba a creación do Servizo de Promoción da Igualdade do Home e da Muller só cos votos do PP*



### 📍📍 **Visitas de institucións: Fraguas e Filgueira**

O presidente do Parlamento, Victorino Núñez, fixo canto estivo na súa man por tender pontes e estreitar relacións con institucións e entidades da cultura galega. Cando só levaba un mes á fronte da Cámara, Núñez García atendeu con cariño a visita do presidente e o vicepresidente do padroado do Museo do Pobo Galego, respectivamente, Antón Fraguas Fraguas e Luciano García Alén. Algún tempo despois, recibiu unha representación do Consello da Cultura Galega, co seu presidente e o seu vicepresidente á fronte, respectivamente, Xosé Filgueira Valverde e José Antonio García Caridad. Estas foron as primeiras visitas dunha extensa lista, que non deixou de crecer nos anos seguintes.





### 🔗 📍 Visitas abertas: arquitectos e emigrantes

O pazo do Hórreo tivo sempre as súas portas abertas a cantos visitantes quixeron achegarse para coñecer as súas instalacións. A Mesa do Parlamento impulsou unha política de accesibilidade, independentemente do tipo de colectivo, tal e como demostran a estancia dos participantes nun Congreso de Arquitectura en Santiago na que o arquitecto Yago Seara acompañou a visita xunto a Victorino Núñez (na foto da esquerda), e a de membros do Centro Galego de Bos Aires (sobre estas liñas).



#### 📍 O primeiro Consello de Contas

A posta en funcionamento do Consello de Contas chegou un ano despois do Valedor do Pobo. Na toma de posesión celebrada no Parlamento, o seu primeiro presidente, o catedrático e ex-conselleiro de Economía, Carlos Otero Díaz, resaltou a importancia histórica que supoñía a culminación do desenvolvemento estatutario coa constitución deste organismo. O propio Otero Díaz e Néstor Fernández Feijóo foron propostos polo PP. O PSdeG-PSOE avogou por Miguel A. Crespo Domínguez e Manuel González Vidal. E Antonio Rey Lage entrou por Centristas de Galicia, socio electoral do PP. ≈ 28-2-1991

11-3-1991



**Beiras anuncia un cambio de estratexia do BNG no Parlamento: abandonará as denuncias e defenderá as súas propostas**





### 🕒 X aniversario do Estatuto

O Parlamento organizou un acto conmemorativo do X aniversario da aprobación do Estatuto de autonomía de 1981. Os presidentes da Xunta e do Parlamento, respectivamente, Manuel Fraga e Victorino Núñez, glosaron a efeméride ante as primeiras autoridades e numerosos convidados. O delegado do Goberno, Domingo García Sabell, e o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, ocuparon un lugar preferente xunto aos membros da Mesa e ao ex-presidente da Xunta, José Quiroga (á esquerda). Na primeira fila de asistentes encontrábanse (de esquerda a dereita) Meilán Gil, Filgueira Valverde, Ramón Villares, José de Cora, Antonio Couceiro, Vázquez Sande, Dositeo Rodríguez, José Antonio Orza, Juan Fernández e Manuel Pérez. Como peche do acto, por vez primeira escoitouse música de piano no pazo do Hórreo. ~ 28-6-1991

### A irrupción das mulleres ⇨

Un total de doce mulleres pasaron pola Cámara ao longo destes catro anos, aínda que só nove estiveron toda a lexislatura. Catro do PP, outras catro do PSdeG-PSOE e unha do BNG. De esquerda a dereita, Pilar Pedrosa González de Castejón (PP), Rosa M.ª Miguelez Ramos (PSOE), M.ª Antonia Álvarez Yañez (PSOE), M.ª Xosé Porteiro García (PSOE), M.ª Margarita Rodríguez Otero (PSOE), Guadalupe Varela Coello (PP), Manuela López Besteiro (PP), Elisa Madarro González (PP) e Pilar García Negro (BNG). A mediados de 1991 entrou Cristina Callejo Rey (PP). Un ano despois chegou Otilia Docampo Estévez (PSOE). E a finais do mesmo ano 1992 entrou M.ª Carmen Álvarez Fortes (PSOE).



13-3-1991



*Fraga vaise da Cámara para non votar co PP a favor dunha moción do BNG que pide á Xunta a compra do Gran Teatro de Lugo*



8-10-1991



*Alfredo Conde abandona o PSdeG-PSOE e pásase ao Grupo Mixto tras as críticas recibidas por acompañar a Fraga nunha viaxe oficial a Cuba*

## Pablo Egerique Martínez

Deputado na 2.ª lexislatura por CP e na 3.ª e 4.ª lexislaturas polo PP



**M** archei de Santiago de Compostela a finais dos anos cincuenta coa ledicia do meu título de licenciado en Dereito acabado de conseguir.

Volvíñ a mediados dos oitenta, coa miña vida profesional totalmente encamiñada e consolidada, como deputado do Parlamento de Galicia. No intre de saír do edificio da Universidade onde recollín a miña acta de deputado, tomei conciencia da responsabilidade que viña de asumir. Mesmo me sentín un pouco máis importante. Pero, por riba de todo, comprometinme a desempeñar as tarefas que me foran encomendadas con rigor, lealdade, sentido do compañeirismo e tendo un total respecto polos adversarios políticos. (Coïdo lembrar que produciu bastante estrañeza a aperta coa que saudei ao deputado Manuel Beiras Torrado o primeiro día que nos vimos no Parlamento logo de anos sen ter contacto).

Ao xuramento do cargo no pazo de Fonseca seguiron once anos intensos, nos que presidín comisións e fun membro doutras, pero, fundamentalmente, fun voceiro do Grupo Popular en todas as cuestións referentes a Economía, Facenda e Orzamentos. O traballo foi intenso en todo ese período de tempo, e mesmo chegamos a debater, por mor do calendario electoral, dous presupostos no mesmo ano, o atrasado e o que correspondía.

En todas as miñas actuacións e intervencións tentei ser fiel aos meus criterios, consolidei magníficas relacións con moitos deputados doutros grupos —relacións que aínda perduran—, ¿que dicir cos membros do propio grupo?, mantiven a palabra dada e, en definitiva, procurei non facer demasiadas ondas.

Gardo con agarimo un excelente recordo duns anos cuxo peor momento foi o da despedida.

Como anécdota podo contar un feito pouco coñecido. Corría o ano 1992 ou 1993. No Parlamento o Grupo Popular tiña 38 deputados e o resto de grupos 37. É o día no que comeza o debate do articulado da Lei de presupostos, no que eu son voceiro. Con todo o traballo ben preparado, almorzo con certa tranquilidade na miña casa de Vigo antes de emprender a viaxe a Santiago. Son preto das oito da mañá cando soa o teléfono. A miña estrañeza inicial sobe aínda un punto cando, ao responder, escoito a voz do conselleiro de Economía, José Antonio Orza, que me di:

— Onte pola tarde, un deputado do grupo sufriu un infarto, polo que no Pleno de hoxe estaremos empatados no número de votos e, en consecuencia, pola norma especial que rexe para a Lei de presupostos, perderemos a votación. Desde esta madrugada —continúa— estou a negociar con Coalición Galega a súa posible abstención e teño chegado a un acordo sobre a base de aceptar un número elevado das súas emendas, tal e como están presentadas, e transaccionar outras. ¡Vente axiña! —aprema.

O meu corazón trocou de sitio. Non sei se foi para os pés ou para a gorxa. A viaxe a Santiago debín facela algo *sonado*, pois non lembro nada. O resto pódese imaxinar. A cada emenda, argumentar, cambiar o non polo si ou por unha transacción... Ao final, os orzamentos saíron adiante, pero alí algúns deixamos a pel... de deputado.

Para rematar, quero salientar que todas as vivencias, experiencias e mesmo anécdotas experimentadas nos once anos que estiven no Parlamento terían sido imposibles sen o apoio, o agarimo e a comprensión da miña familia, especialmente da miña muller.

## Daniel Barata Quintas

Deputado na 3.ª lexislatura polo PP-Centristas de Galicia ~ Deputado na 4.ª e 5.ª (1997-2000) lexislaturas polo PP



**D**ende moi novo tiver o gusto por ser parlamentario, sempre que tiña ocasión achegábase ó pazo de Fonseca para escoitar ás nosas señorías...

No ano 1989 formei parte da terceira lexislatura estreando a actual sede do Parlamento e prolongando a miña condición durante a terceira, cuarta e quinta lexislaturas.

Recordo con emoción e compromiso a acta de constitución e coa mesma emoción o meu abandono do Parlamento no ano 2000 para incorporarme ó Consello de Contas de Galicia.

Foi unha época política certamente enriquecedora no persoal e no político. Fun responsable de cáseque tódalas actividades como parlamentario, sendo as de portavocía as que máis satisfaccións me provocaron.

As relacións eran cordiais, rigorosas e fundamentalmente respectuosas. Empregábase a ironía e o sentido do humor, raramente se esquecían as boas maneiras e se personalizaba nos debates. O nivel era alto e parlamentarios como o Sr. Fraga e o Sr. Beiras pagaba a pena escoitalos con atención nos debates sobre do estado da autonomía, certamente brillantes.

Excelentes parlamentarios como D. Víctor Vázquez Portomeñe e D.ª Pilar García Negro, con perfís distintos mais sempre cun alto nivel dialéctico e cun perfecto uso do noso idioma.

Especial traballo o desenvolvido polos dous presidentes do Parlamento D. Victorino Núñez Rodríguez e D. José María García Leira, dotados cunha fina ironía sempre oportuna.

Como anecdótica recomendaría a lectura das actas da Comisión de investigación polas obras feitas en Tamaguelos (Verín), pola singularidade do debate e os persoeiros intervinientes.



#### 📌 Informe sobre o narcotráfico

A comisión encargada de redactar un informe sobre o narcotráfico en Galicia presentou un ditame final, que contou co apoio unánime de todos os grupos. Ese consenso sobre as medidas a tomar fronte a un dos problemas que maior preocupación suscitaba entre a cidadanía galega foi especialmente resaltado polo presidente da comisión, José María Hernández Cochón. Este informe abriu o camiño para a elaboración da Lei sobre drogas de Galicia, que se aprobou na cuarta lexislatura. De esquerda a dereita, Camilo Nogueira, Cándido Sánchez Castiñeiras, José Giráldez, José M.ª Hernández Cochón, Xesús Palmou e Francisco Trigo. ~  
8-5-1992

6-2-1992



***A Comisión Institucional aproba unha iniciativa de Pilar García Negro para pedir ao Congreso que A Coruña e Ourense sexan nomes oficiais***




#### 📍 Feijóo, voz única de Sanidade

Alberto Núñez Feijóo realizou incontables comparecencias parlamentarias entre 1991 e 1996, cando non era deputado, pero exercía como portavoz único da Consellería de Sanidade en calidade de secretario xeral. A posta en marcha do Servizo Galego de Saúde (Sergas) orixinou naquel período unha morea de preguntas e interpelacións que tivo que afrontar na Cámara. Núñez Feijóo tamén acompañou o conselleiro, José Manuel Romay Beccaría, ante as comisións parlamentarias. No medio de ambos os dous, aparece na foto Antonio Carballo Romero, director xeral de Programación e Investimentos.

14-5-1992



***O Parlamento insta ao Goberno a que inclúa a Galicia na rede europea de trens de alta velocidade***








### 🔗 Conxelación salarial

A Cámara aprobou por vez primeira na súa historia unha conxelación salarial das retribucións dos deputados, a proposta de Camilo Nogueira. O deputado do PSG-EG presentou a súa iniciativa como un xesto ante unha crise mundial, cando todos os Gobernos pedían sacrificios aos seus cidadáns. Rodríguez Pardo (PSdeG-PSOE), Beiras Torrado (BNG), Sánchez Castiñeiras (CG) e González Suárez (PP) asumiron a conxelación, aínda que discreparon na análise do seu sentido último, e a proposta foi aprobada por unanimidade. As asignacións dos deputados oscilaban entre 300.000 e 400.000 pesetas en 14 pagas anuais. ≈ 23-9-1992

### 🔗 Despistes que perden votacións

As confusións e os despistes nas votacións dos deputados producíronse sempre nos parlamentos, e pasan desapercibidas cando non alteran os cómputos xerais, pero cobran o seu protagonismo cando cambian o signo dun resultado. A pesar da súa maioría absoluta, o Grupo Popular sufriu a súa primeira derrota nunha sesión plenaria por un despiste de tres deputados, cando se votaba o Proxecto de lei de escalas de funcionarios. Juan Miguel Diz Guedes (na foto mirando arriba), Jaime Pita e Miguel Vila foron os tres causantes desa derrota que, finalmente, non tivo consecuencias graves porque non afectou ao articulado, senón a unha disposición adicional que puido emendarse. ≈ 20-10-1992







### 🕒 Debate da autonomía 92: a Administración Única

A posta en marcha da Administración Única en Galicia foi a proposta central que o presidente Fraga formulou e desenvolveu no seu segundo debate sobre o estado da autonomía. Na práctica, supoñía a asunción por parte da Xunta de Galicia de todas as competencias do Estado, salvo en Facenda, Xustiza e Seguridade, sen desbordar en ningún caso o marco constitucional. Esta formulación, descoñecida ata entón, causou un grande impacto na Cámara e eclipsou os demais asuntos que xurdiron ao longo do debate. Sánchez Presedo non deu credibilidade á proposta e opúxose frontalmente. A iniciativa de reclamar ao Goberno central a súa aplicación nesta comunidade autónoma contou cos votos favorables do PP, CG e Alfredo Conde; o BNG abstívose e o PSdeG-PSOE votou en contra. Ao finalizar o pleno, Beiras Torrado entregou a Fraga un libro de 1976 sobre unha proposta xerada entón por forzas políticas galegas para articular un pacto federal, momento que recolle a foto de abaixo. ~ 10-11-1992








### 🔗 Debate da autonomía 92: auga para serenar o ánimo

O debate do estado da autonomía reduciu a súa duración de tres a dous días, e este cambio de estrutura non convenceu a ninguén. Os grupos da oposición argumentaron falta de tempo para preparar as súas réplicas ao discurso presidencial, da mañá para a tarde. Beiras impugnou sen éxito ante a Mesa o novo formato. Á súa vez, o grupo popular rexeitou de plano as 233 propostas de resolución que presentou a oposición, pola imposibilidade de estudalas en só seis horas. Victorino Núñez non aceptou ningunha inxerencia no ordenamento do debate e bebeu auga. Outro tanto fixo Manuel Fraga para defender con serenidade a constitucionalidade da súa singular proposta. 🔄

11-11-1992

### 🔴 Nova lei electoral

A lei electoral consensuada por todos os grupos en 1985 sufriu sete anos despois unha modificación substancial, que deixou de contar con aquel respaldo unánime. Guadalupe Varela actuou como voceira do PP e defendeu os cambios introducidos, fronte ao rexeitamento total dos demais grupos, cuxos portavoces lamentaron a ruptura do acordo histórico, que Ceferino Díaz remontou aos «pactos do Hostal». Entre outros cambios significativos, a reforma aprobada elevou do 3 ao 5% a porcentaxe mínima de votos para obter representación parlamentaria, e ampliou o sistema de incompatibilidades a alcaldes e presidentes de deputacións, ao tempo que endureceu o sistema de percepcións económicas e de actividades profesionais. Os deputados do PSdeG-PSOE exhibiron carteis dende os seus escanos contra a decisión de Fraga. ≈ 24-11-1992





#### 📍 A reivindicación de Castiñeiras

Cándido Sánchez Castiñeiras desenvolveu unha intensa actividade parlamentaria ao longo de toda a lexislatura dende a súa posición minoritaria no seo do Grupo Mixto. Á conexión de Galicia coa Meseta (futura A-52) dedicoulle unha atención preferente e reclamou unha e outra vez a axilización da súa execución. Sánchez Castiñeiras foi un dos primeiros deputados que mostrou a portada dun xornal na tribuna do pazo do Hórreo para defender os seus argumentos. Esta práctica adquiriu certo predicamento e fíxose bastante habitual dende entón.




### 📍 O fenómeno do Xacobeo

O fenómeno Xacobeo tivo a súa orixe nun plan de accións para a celebración do Ano Santo Compostelán de 1993, que Víctor Manuel Vázquez Portomeñe presentou na Cámara a mediados de 1991, cando era conselleiro de Relacións Institucionais e portavoz do primeiro Goberno de Fraga. Trasladado pola Mesa á Comisión Institucional, o plan foi estudado e debatido no seu seo, ata a súa aprobación parlamentaria unánime. Posteriormente, a súa promoción non estivo exenta de certa polémica, especialmente pola figura do Pelegrín, e Vázquez Portomeñe tivo que encorar varias comparecencias. O desenvolvemento do primeiro Xacobeo constituíu un grande éxito para Galicia e puxo en valor a peregrinación a Santiago como poderoso reclamo.



### 🔴 Dimisión irrevogable de Miguel Barros

Tras ocupar un escano no Parlamento dende a súa constitución no pazo de Xelmírez, Miguel Barros Puente presentou a súa renuncia irrevogable e abandonou a Cámara para defender a súa coherencia política, nun xesto ata entón sen precedentes. O deputado socialista adoptou tal determinación tras sufrir unha perda de confianza da asemblea comarcal do PSdeG-PSOE de Vigo, máis aliñada co alcalde Carlos Príncipe. En alusión á causa da súa marcha, Miguel Barros criticou na súa despedida parlamentaria as continuas interferencias dos alcaldes socialistas sobre a dirección do PSdeG-PSOE, en beneficio das súas relacións institucionais. 9-10-1992



🔄 Edición crítica de *Sempre en Galiza*

A través dun convenio entre a Universidade de Santiago e o Parlamento de Galicia, o profesor Ramón Máiz coordinou unha voluminosa e coidada edición crítica de *Sempre en Galiza*, de Castelao, obra senlleira do pensamento político galego. A presentación da obra foi moi concorrida. Na primeira ringleira, de esquerda a dereita, Camilo Nogueira, Cándido Sánchez Castiñeiras, Fernando González Suárez e Antolín Sánchez Presedo. Ao outro lado, José Cora Rodríguez e Gerardo Conde Roa. Tras o acto celebrado na Cámara, o presidente do Parlamento, Victorino Núñez, e o reitor da Universidade, Ramón Villares, entregaron un volume a Teresa Castelao no seu propio domicilio.







#### 📌 **Comisión de investigación polo accidente do Mar Exeo**

O Parlamento aprobou por primeira vez na súa historia a creación dunha comisión de investigación, despois de rexeitar as once peticións anteriores, que se sucederan dende 1981. A proposta xirou sobre as consecuencias e as solucións para afrontar os graves danos causados na costa da Coruña polo accidente do petroleiro Mar Exeo fronte á Torre de Hércules. O Goberno socialista de Felipe González non accedeu a unha declaración de zona catástrofica e iso provocou unha forte reacción contraria. A iniciativa de formar unha comisión de investigación partiu dos grupos do BNG e Mixto, que defenderon Trigo Durán (na foto) e Sánchez Castiñeiras; o PP avalou a petición e o PSdeG-PSOE abstívose. A proposta foi aprobada por 47 votos a favor e 20 abstencións. A comisión que estudou o asunto non emitiu un informe final.

~ 10-2-1993



#### 📍 Agresión a unha deputada

A cafetería do Parlamento foi o escenario da agresión que Karina Fálagan propinou a Rosa Miguélez por unhas declaracións xornalísticas que considerara ofensivas. A Mesa da Cámara asumiu a acusación en nome da deputada socialista e presentou unha denuncia por un presunto delito de atentado contra os altos organismos. Tras un longo proceso xudicial, a sentenza ditada pola Audiencia da Coruña absolveu a acusada, por entender que Rosa Miguélez non estaba no exercicio das súas funcións como deputada cando sufriu a agresión na cafetería do Parlamento. ~ 21-7-1993

# Alberte Xullo Rodríguez Feixoo

Deputado na 3.ª, 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo BNG



**T**rinta anos non son moitos para unha institución, pero no caso que nos ocupa, trinta anos sono todo. Si, no caso do Parlamento de Galiza, estes últimos trinta anos son toda a súa existencia.

Tiven a sorte de poder ocupar escano e, en consecuencia, traballar como parlamentario durante máis de quince anos deses trinta, é dicir, durante máis da metade do tempo que leva existindo a institución parlamentar en Galiza. A verdade é que a miña estadía no Parlamento supuxo momentos moi gratos, outros menos gratos e outros de tanto traballo que nin sequera podía valorar se eran gratos ou non. É ben certo que só aqueles que tivemos ocasión de traballar e vivir a vida parlamentar podemos avaliar o que comporta tanto de positivo como de negativo, e neste último aspecto debo citar o tempo que ocupa e, en consecuencia, o abandono que leva doutras actividades ou da vida familiar e social, que, sen dúbida, se ve repercutida pola adicación e o esforzo persoal que vai xunguido á función parlamentar.

De calquera xeito, a ninguén se nos obriga a aceptar participar nesa intensa vida parlamentar; isto é voluntario e, naturalmente, non podemos queixarnos daquello que aceptamos de xeito voluntario. No meu caso, non podo por menos que recoñecer que gardo unha grata lembranza de todos os anos nos que ocupei escano no pazo do Hórreo. Lembro con moito agarimo o día en que os resultados electorais me concederon por primeira vez un escano parlamentar. Estaba tan emocionado que botei bágoas dabondo celebrando o acontecemento que eu pensaba, daquela, que ía mudar a miña vida. En certo senso, así foi. Aínda que nunca deixei a miña vida profesional, é dicir, nunca estiven adicado en exclusiva á función parlamentar, si que me mudou a miña vida persoal xa que a atención que requiría ise traballo parlamentar ripábame tanto tempo que todo xiraba en función das necesidades dese traballo que con tanta ilusión e esforzo desenvolvía.

Fun afortunado en compartir escano e sesións parlamentares con dúas persoas que, ao meu entender, ocuparon até o de agora as máis ilustres cotas na vida parlamentar galega, don Manuel Fraga Iribarne e don Xosé Manuel Beiras Torrado. Don Manuel Fraga Iribarne entrou no Parlamento o mesmo día que o fixen eu, isto é, coa III lexislatura, aló polos últimos días do ano 1989, e saíu da institución pouco despois de començar a VII lexislatura, isto é, polo ano 2005, ano iste no que tamén eu abandonei o pazo do Hórreo. Así pois, entre 1989 e 2005 compartimos vida parlamentar, durante as lexislaturas III, IV, V e VI. Con don Xosé Manuel Beiras Torrado compartín as mesmas lexislaturas, se ben il xa estivo presente na Cámara na II; pero tamén abandonou a institución, coma min, ao rematar a VI.

Durante ises quince anos, a dialéctica establecida por isas dúas grandes personalidades da política galega, marcou a historia do país galego e todo xiraba arredor das súas confrontacións públicas, xa fora dentro ou fóra do hemiciclo.

Fun, como dixeran, un afortunado observador que disfrutou nun lugar preferente dises quince anos de debate parlamentar, como quen di, en primeira fila.

Gardo para min unha lembranza especial sobre a iniciativa parlamentar que tiven a honra de defender e, aínda estando na oposición, conseguir que fora aprobada por todos os grupos parlamentares. Trátase dunha interpelación a prol de poder salvar o Gran Teatro de Lugo. A interpelación foi tramitada na sesión plenaria celebrada o día 27 de febreiro de 1991. Naquil debate, tiven a honra de argumentar sobre a necesidade e a importancia de conservar a única institución cultural de certa envergadura e con posibilidade de acoller ás luguesas e lugueses amantes do teatro. A fortuna e a cantidade de cidadás e cidadáns de Lugo preocupados polo futuro de tan emblemático edificio fixeron que os grupos da Cámara se posicionaran a favor do seu mantemento, o que supuxo que na seguinte sesión, celebrada o día 13 de marzo posterior, a moción sobre o Gran Teatro de Lugo fora aprobada con 65 votos a favor. A curiosidade do asunto vén dada porque houbo un certo desacougo nas filas do grupo parlamentar maioritario, xa que algúns dos representantes dese grupo pola circunscrición de Lugo non estaban ben informados da posición adoptada polo conselleiro e o portavoz parlamentar de turno, polo que, no momento de emitir o voto, algúns diles empeñábanse en votar en contra do manifestado polos representantes oficiais do seu grupo político. Ao final, todo ficou aclarado e todos os votos emitidos foron a favor, agás o do Sr. Fraga Iribarne, quen preferiu ausentarse antes que votar en contra da opinión do seu barón provincial. Ista foi a única vez, nos quince anos nos que eu estiven presente na Cámara, que o Sr. Fraga, á sazón presidente de Galiza e do grupo parlamentar maioritario, se ausentou do hemiciclo para non votar unha iniciativa que si votamos a favor todos os demais membros presentes.

Longa vida ao Parlamento!

# Domingos Merino Mejuto

Deputado na 3.ª lexislatura polo PSG-EG ~ Deputado na 5.ª e 6.ª lexislaturas polo BNG



Vaia por diante que esta iniciativa de conmemoración me parece moi atinada e encerra en si mesma unha aposta por resaltar a importancia dese acontecemento, pois non doutra maneira podo definilo, xa que, con independencia da insuficiencia que se poida atopar nas competencias autonómicas, estou convencido de que calquera evolución neste terreo terá que ter en conta a experiencia do proceso estatutario que deu orixe ao actual Estatuto de autonomía de Galicia.

Pero isto prefiro incluílo na parte da miña intervención, na miña condición de deputado na 3.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas.

Aquí é preciso mencionar os sentimentos e recordos que estiveron presentes na miña entrada no Parlamento de Galicia durante a terceira lexislatura.

Vénme á memoria, neste punto, a grande emoción que representou para min a toma de posesión do cargo de deputado. Foi un momento durante o cal veu á miña mente o recordo do traballo a prol de Galicia das xeracións de galegos amantes da súa terra, os bos e xenerosos, e permitíume emocionarme ao recordar a ampla lista de persoas que co seu traballo e a súa vocación de amor ao país, á nación galega, tiñan contribuído a aquel momento.

Repasei mentalmente os movementos a prol da soberanía ou da autonomía, segundo a época histórica que lles tocou vivir, que inspirou a esas xeracións de galegos e galegas, e nese momento comprendín o difícil que lle resultou a Galicia conseguir o que outros lograron con moito menos esforzo.

Seguramente, penso eu, non temos a unidade interna e o consenso necesarios para facermos avanzar o proceso de «amor á terra», imprescindible para lograr a comprensión das nosas aspiracións.

Que importante sería, como pretendeu Castelao coa súa «Alba de Groría», que os galegos e as galegas coñecesen os chanzos fundamentais da historia de Galicia: unha Terra, un Pobo e unha Fala. Unha Terra grande e rica, un Pobo cheo de historia e unha Fala de pasado brillante e presente preocupante.


É preciso superar o complexo de inferioridade, historicamente interiorizado polo noso pobo. Moitos galegos e galegas descoñecen cuestións básicas da nosa historia, que explican moitos dos problemas actuais.

Sobre todo isto reflexionaba eu nun día importante para min. Nada menos que o día en que entraba a formar parte do Parlamento de Galicia e, ese mesmo día, comprobaba a división entre as distintas forzas políticas parlamentarias a propósito do recoñecemento e a defensa dos intereses de Galicia.

A historia continúa!

### O Zapatazo de Beiras ↻

Xosé Manuel Beiras, zapato en man, golpeando o seu escano e increpando a Gerardo Conde Roa, compuxo unha das imaxes máis famosas e recordadas da historia da Cámara. O incidente produciuse no momento álxido do debate sobre unha proposición de lei de reforma do Regulamento, que o PP presentou sen mediar negociación previa. PSdeG-PSOE e BNG mostraron un rexeitamento frontal, porque entenderon que rompía o consenso imperante dende 1983 e recortaba a súa capacidade de actuación. O Goberno mantívose firme na súa pretensión, que Conde Roa defendeu co mesmo ardor que puxeron na súa crítica Ceferino Díaz, Domingo Merino e Bautista Álvarez. No medio dunha forte reprimenda, cando Ceferino Díaz reprochaba a Fraga a súa postura, Beiras sacou o seu zapato e emulou a Nikita Krushev ante a ONU en 1960. Tras unha chamada á orde, todos os deputados do BNG abandonaron a sala. Finalmente, a proposta foi aprobada por 36 votos a favor e 27 en contra. Testemuñas da escena na foto foron o deputado do BNG, Alberte Rodríguez Feixoo, sentado xunto a Beiras. Na fila de diante, os socialistas Antonio Gato Soengas, María Antonia Álvarez e José Giráldez xunto a Ceferino Díaz (co micrófono). ~ 10-3-1993









22-6-1993



*Marta Álvarez Montes (PP), Antonio Chao Gómez (PP) e Fernando González Laxe (PSdeG-PSOE) son designados senadores en representación da comunidade autónoma*

### 🔁 A suspensión de Beiras

Ao longo da terceira lexislatura, o portavoz do BNG provocou incidentes moi soados na Cámara, que remataron coas súas repetidas expulsións. A primeira produciuse o 27 de febreiro de 1991 tras recibir tres avisos do presidente da Mesa e negarse a retirar os insultos proferidos contra o Grupo Popular, nun debate sobre a contratación de persoal para o plan de loita contra os incendios forestais. O 6 de outubro de 1992 protagonizou outro incidente grave ao negarse a retirar outros insultos dirixidos a Victorino Núñez e Vázquez Portomeñe. Ao proferir novos insultos contra o Grupo Popular respondeu Conde Roa, e producíronse intentos de agresión mutua, que foron evitados por outros deputados. Por último, os días 15 e 17 de xuño de 1993, Beiras expresou de forma moi irada a súa oposición á reforma do Regulamento, e o presidente decretou a súa expulsión por dúas veces da comisión encargada de ultimar o proxecto. A segunda resolución por alteración da orde, que obrigou a interromper a sesión, foi acompañada dunha suspensión dos dereitos como deputado por espazo dun mes. O portavoz do BNG solicitou amparo ante o Tribunal Constitucional, quen dous anos despois estimou parcialmente o seu recurso e anulou a resolución. O alto tribunal entendeu que o presidente do Parlamento aplicara mal o artigo 108 do seu Regulamento, e considerou que se vulneraran os dereitos fundamentais de Xosé Manuel Beiras por contradicir o artigo 25.1 da Constitución. ~ 17-6-1993





#### 📍 «Galicia hoxe, Galicia sempre»

«Galicia hoxe, Galicia sempre» foi a primeira grande exposición que promoveu e acolleu o Parlamento ao longo da súa historia. A mostra organizouse para enriquecer a programación cultural do Xacobeo 93 e reuniu unha nutrida colección de pinturas de Xaime Quessada e de esculturas de Acisclo Manzano. Durante unha viaxe a Galicia, o príncipe Felipe acudiu a visitar a exposición e durante o seu percorrido cambiou impresións con ambos os dous artistas. Na foto de arriba, os dous artistas posan con Victorino Núñez, diante dun cadro de gran tamaño de Quessada. Á dereita, o príncipe saúda a Acisclo Manzano, ante a mirada do coordinador da mostra, Xosé Manuel García Iglesias, Quessada e Victorino Núñez quen fixo as presentacións. ~  
Xuño-setembro 1993





#### 📌 **Propostas pesqueiras para a CEE**

Todos os grupos da Cámara acadaron un consenso sobre política pesqueira para defender de forma conxunta os intereses e as demandas da frota galega ante a Comunidade Europea, de cara á futura integración española. Unha vez pactado o documento, formouse unha comisión parlamentaria para entregar as propostas e explicar os seus contidos ao comisario europeo, Yannis Paleokrassas. Á fronte da embaixada galega viaxou a Bruxelas o conselleiro de Pesca, López Veiga (que aparece na foto durante un momento de repouso no seu escano), xunto cos deputados Guadalupe Varela (PP); Fernando González Laxe e José Antonio Ventoso (PSdeG-PSOE); Francisco Trigo (BNG) e Santos Oujo (CG), aos cales acompañaron tamén os representantes do sector, Pedro Caamaño e José Ramón Fuertes. As propostas galegas foron acollidas con interese e a delegación parlamentaria regresou satisfeita. ~ 5-7-1993

# Baldomero Cores Trasmonte

Persoal do Parlamento. Letrado



“**A** MIÑA RELACIÓN co Parlamento de Galicia veu ser algo así como unha inevitable conclusión de todo o mundo social e cultural que me envolvía cando estaba en Porto Rico e que inevitablemente andaba por min e sobre min. Tamén influíu a gran amizade que tiña con Xosé Fariña Jamardo, o gran tratadista da parroquia galega, que xogou un papel moi notable nos primeiros días da transición e logo da preautonomía. Fariña Fajardo foi quen exerceu como oficial maior nos primeiros días do Parlamento en Xelmírez, e animoume a vir. Non poucos entendían por que eu debía estar en Galicia, por moito que quixese a Porto Rico e ao que tantos vencellos me unían. Pero voltei e, superadas as probas correspondentes, tocounos a Alfonso Bozzo, Xosé Ramón Cólera e a min pasar a ocupar as primeiras prazas de letrados.

En principio estivemos situados nos baixos do solemne edificio do pazo de Raxoi, onde aínda subsistía, mesmo a certa distancia, o depósito de presos.

Ás veces, escoitábanse as protestas ou os cánticos destes reclusos na sala onde se celebraban algunhas reunións de comisións, a pesar de que se atopaba a bastante distancia do devandito depósito municipal. Soamente as sesións plenarias e os actos oficiais desenvolvíanse no pazo de Fonseca, que era a sede oficial do Parlamento.

Aquelas sedes provisionais eran e seguen a ser moi fermosas, como era e segue a ser fermoso o espazo que rodea Fonseca e o Obradoiro. Non era o máis axeitado, pero a súa monumentalidade redimíao de moitos fallos e defectos. O desexo de cambio de sede non foi común nin unánime, cando se formulou o asunto.

O presidente Antonio Rosón pensaba que o sitio máis axeitado era o edificio de San Clemente. Con todo, o presidente comportábase sempre dun xeito moi austero e dificilmente movía un dedo e gastaba unha perra sen que a cousa estivese xustificada. Por

outra banda, a familia dos Rosón tiñan por aqueles momentos un moi especial poder, entre todos os irmáns: xuristas, médicos e militares moi influíntes. Polo tanto, a súa opinión pesaba moito.

Nun momento determinado pareceunos que era case seguro que a nova sede do Parlamento sería a de San Clemente, aínda que coidamos máis de un que por necesitar un gran hemicycle, non procedía levalo para alí. Finalmente, feitas as xestións co xeneral Rosón polo medio, comprouse o cuartel do Hórreo e pasamos a ocupar a nova sede, agora con carácter definitivo.

Durante bastante tempo, só eramos dous letrados, José Ramón Cólera e máis eu, e non parabamos de traballar sen limitación horaria de ningún tipo. O Parlamento era absorbente e non me deixaba tempo para outra cousa.

***Nos baixos do pazo de Raxoi estaba o depósito de presos, e nalgunhas comisións que se celebraban a certa distancia podían oírse os seus cantos e protestas***

Ao pouco tempo fixemos un reparto de funcións entre os letrados e quedeime con Cultura e Educación, Comisión de Peticións, e algunha máis, como a de Dereito civil de Galicia, que levei sempre desde o primeiro día durante moitos anos. Nuns primeiros momentos pesaba sobre nós unha carga moi penosa, que non permitía un desenvolvemento

máis axeitado das funcións de asistencia a plenos, ponencias e comisións. En calquera caso, o intercambio foi sempre óptimo e enriquecíase coa presenza de Fariña Jamardo.

As comisións e ponencias, que eran abundantes, absorbían gran parte do tempo. Os plenos nun parlamento bisoño podían ser interminables, como o eran en casos ben coñecidos. Rosón era moi condescendente. Coido que todo o que tivese algo que ver co Parlamento non nos era alleo.

Dunha etapa inicial, na que a falta de medios era moi ostensible, o Parlamento foi elevando os seus medios materiais e humanos. A Biblioteca aumentaba a bo ritmo, ata que rematou por ser moi boa, enriquecida con fondos diversos. Eu mesmo exercín como director durante un tempo.

A autonomía regulamentaria do Parlamento de Galicia consiste na capacidade para ditar normas por si mesmo, e polo tanto, sen intervención ningunha doutros órganos estatutarios ou constitucionais, nas normas que han rexer o seu funcionamento e réxime interior. O Regulamento do Parlamento de Galicia e as normas máis integradoras do estatuto do seu persoal son as manifestacións máis significativas deste poder de autonormación estatutaria. O primeiro Regulamento do Parlamento de Galicia tivo moito de inspirado noutros que lle serviron de pauta.

Tanto na tramitación das normas para a discusión como na tramitación do proxecto de Regulamento figuraban na comisión e participaron no debate algúns deputados moi coñecidos como Miguel Piñeiro, Francisco Vázquez, Mariano Rajoy, Bautista Álvarez, Lois Diéguez, Claudio López Garrido, ou Camilo Nogueira, entre outros. Penso que cumpriron co seu labor bastante ben.

Como era a miña relación cos presidentes?... No meu caso, non podía ser mellor. Con todos e cada un traballei co entusiasmo que era propio de min. Cando lle fas un papel ao presidente, estás actuando na política sen pretendelo. Pero eu tratei sempre de ser o máis independente posible. Os recordos son moitos. Algúns temas importantes tocáronme vivilos preto deles, moi directamente. Pero nunca me gustou revelar ese tipo de cousas, e non vou facelo tampouco nesta ocasión.

A título anecdótico, lembro que nunha presentación dun libro meu, o presidente Victorino Núñez dixo que eu sería un pozo de información cando me xubilase, e contesteille que para min toda esa información era secreta por inocente que fose. Só unha vez, porque o dixo el en público, sorrín un día que dixo que el era o alias de Baldomero.

O meu contacto cos deputados era permanente e, en xeral, tiñan moita confianza en min. Desde os primeiros momentos

do Parlamento podían citarse unha serie de bos parlamentarios. Se houberse que mencionar dun xeito específico un grupo deles, penso que habería que nomear a Anxo Guerreiro, excelente improvisador cun toque tribunicio que lle encaixaba moi ben... Por certo que, un día saíndo dunha comisión, Guerreiro empezou a berrar «Baldomero, Valedor do Pobo! Baldomero, Valedor do Pobo!», e o seu berro foi coreado por outros deputados, que coñecían moi ben os éxitos que tiñamos na Comisión de Peticións. Mesturáronse outras cousas, e o certo que eu non puiden ser un valedor moderno, como merecía a institución. Conformeime, en cambio, con proclamarme valedor moral do pobo galego. E niso estou disposto sempre a facer do ataque unha obra comunicativa... Bos oradores foron Miguel Barros, Ceferino Díaz, Camilo

Nogueira e tantos outros.

As intervencións de Xosé Manuel Beiras tamén deben destacarse.

En xeral, non faltaron debates tensos e virulentos, algúns de Beiras, ou o de Conde Roa, por exemplo, que foron a algo máis que palabras, pero case sempre superables polas correspondentes intervencións dos presidentes.

Con moita frecuencia os deputados facían longas intervencións, como é usual en moitos parlamentarios, superando as condicións do debate e as esixencias do Regulamento parlamentario. Camilo Nogueira desbordaba os tempos, pero conseguía que o presidente Rosón non lle aplicase o rigor do Regulamento. E Pardo Montero, máis que superar os tempos, facía unha reconstrución deles. Era un parlamentario de excelente talante, para quen os rigores do tempo non eran esenciais, aínda que o eran para os pacientes deputados que tiñan que vivir a situación e tiñan que ser organizados ou estritamente cumpridores dos tempos.

Como vivencia persoal destacada durante a miña estancia como letrado no Parlamento, quedo coas «Xornadas Técnicas Galicia-CEE» en 1984, nas que fun nomeado xecretario xeral. E

***Aquelas sedes provisionais eran e seguen e ser moi fermosas, como tamén é fermoso o espazo que rodea Fonseca e o Obradoiro. Non eran as máis axeitadas, pero a súa monumentalidade redimíaa de moitos fallos e defectos***



como visita relevante ao Parlamento, quedo co grande impacto que nos causou Bibiano Fernández Osorio-Tafall, co gallo do 50 aniversario do Estatuto de autonomía.

Tivemos noticia de que en data moi próxima Osorio-Tafall tiña pensado vir de paso a Galicia. Así que pensaron que era a persoa axeitada para intervir nesta celebración. Sen perda de tempo o Parlamento nomeou a Isaac Díaz Pardo membro da comisión encargada de facer o programa de celebración, e todo estaba disposto para renderlle a Bibiano a máxima homenaxe. Acompañámolo por gran parte da súa visita e fixémoslle homenaxes no Parlamento e en toda Galicia. No meu libríño, titulado *Bibiano Osorio-Tafall, Tempo de exilio*, sintetízase o seu impacto sobre Galicia e os que o atenderon, acompañaron e estiveron ao seu carón naqueles días.

En carta a Valentín Paz Andrade do 25 de xullo de 1986, Osorio-Tafall facía constar o seu agradecemento, que resumía do seguinte modo: «otro ex-discípulo, Gonzalo Adrio, me atendió con gran afecto, pero la ayuda más grande, la recibí de Baldomero Cores Trasmonte». El foi unha das figuras máis relevantes do proceso de autonomía galega da Segunda República.

Algún incidente soado?... Un incidente soado, aínda que non tráxico, pero si inopinado, constituíuno un pleno que, na práctica, veu celebrarse dúas veces con distinto resultado. Vou contar o asunto de xeito un pouco críptico, para non molestar a ninguén.

A cuestión a estudo e debate versaba sobre o polígono de Fontiñas, e xa motivara unhas sesións moi longas durante a súa tramitación na ponencia, que me obrigaron a empregarme a fondo para liquidar diversas cuestións. Algúns deputados preferiron absterse ao concluír esta tramitación; pero tamén é certo que ningún se opuxo abertamente.

A confusión xurdiu cando o asunto chegou ao pleno para a súa aprobación definitiva. Unha vez exposto, de acordo coa

proposta da ponencia, algúns deputados encerelláronse nunha discusión que non conduciu a ningunha parte, á vez que outros conseguiron imprimirlle un xiro total. Ao final, saíronse coa súa os deputados que forzaron a segunda versión do mesmo pleno. Este logro foi atribuído a unha suposta influencia de Madrid. E un deputado ourensán, cuxo nome non vou revelar, levou o maior desgusto da súa vida, logo de ver como lle deron a volta á proposta da ponencia que el mesmo defendera e sacara adiante. Aquel transo foi definitivo na súa vida política.

Son moitas as incidencias que poden suceder nunha institución tan complexa e ao mesmo tempo tan dinámica como é un Parlamento. Lembro ben outra cousa que lle aconteceu en certa ocasión a Victorino Núñez como presidente, cando estaba a render homenaxe a Luís Pimentel e ás Letras Galegas. Todo ía moi ben, non parecía haber obstáculos, pero de súpeto o estupor do presidente non puido ser máis grande. O letrado que naquel momento estaba no pleno tampouco puido saber exactamente a que viña aquela situación. Pero o certo é que dende varios puntos do pleno xurdían discrepancias.

Logo puidemos advertir que viña dalgúns puntos de vista diverxentes sobre como debían interpretarse as Letras Galegas. Unha das protestas obedecía á interpretación que se lle debía dar a Luís Pimentel, e cando todo parecía que empezaba a desfacerse, o letrado pediu un receso para tratar de componse a situación e así estivo bastante tempo tratando de resolver a cuestión. Ao final todo resultou favorablemente e o letrado reunido cos portavoces, en nome do presidente, puideron pronunciar unha mensaxe que foi aceptada sen excepción por todos os membros do pleno.

”

**Camilo Nogueira desbordaba os tempos, e Pardo Montero, máis que superar os tempos, facía unha reconstrución deles. Rosón nunca aplicaba con rigor o Regulamento nos turnos de palabra**

**1993-1997**  
**4.<sup>a</sup> Legislatura**

**A** cuarta lexislatura abriuse o 16 de novembro de 1993 e pechouse o 28 de agosto de 1997. Manuel Fraga non só revalidou a súa maioría absoluta, senón que elevou o seu teito parlamentario ata os 43 deputados, unha cifra case inimaxinable que xa nunca volveu alcanzarse máis.

Un triunfo electoral tan rotundo como incontestable, tivo efectos balsámicos na Cámara. Entre o Goberno e a oposición, a tensión baixou de forma apreciable con respecto ao período anterior. Victorino Núñez, que repetiu como presidente, agradeceu moito esa circunstancia e puido rematar a lexislatura sen ter que expulsar ningún deputado.

A temperar aquel ambiente tan caldeado, sen dúbida contribuíu moito o acceso do BNG á Mesa do Parlamento. A erradicación dos partidos minoritarios, que non lograron superar a nova barreira electoral do 5% dos votos para dispoñer dun escano no pazo do Hórreo, abriu a porta para que o PSdeG-PSOE cedese un dos seus dous hipotéticos postos ao BNG, sen ningunha contrapartida inmediata. Foi unha aposta de futuro.

A presenza por vez primeira no máximo órgano parlamentario dun nacionalista como Bautista Álvarez, incentivou moito o compromiso institucional do seu grupo. Ata tal punto moderou a súa actuación o BNG que todos os seus deputados obviaron a súa referencia a Castelao e o retrouso do «mandato imperativo» cando prometeron os seus cargos.

Pola súa banda, o Grupo Socialista non empezou ben. A dimisión irrevogable de Sánchez Presedo como secretario xeral e portavoz parlamentario abriu unha profunda ferida, que tardou moito en cicatrizar. Ceferino Díaz, Fernando Salgado e

Miguel Cortizo asumiron sucesivamente a función de portavoz, ata que lograron certa estabilización tras case un ano de desacordos internos.

A celebración do XV aniversario da institución constatou a ampla renovación sufrida durante ese tempo pasado, dado que só seis deputados permanecían dende a constitución do Parlamento no pazo de Xelmírez. Pouco antes desta efeméride abandonaron os seus escanos por motivos ben diferentes dous deputados históricos como Antonio Carro e Santos Oujo.

A presenza feminina seguiu o seu proceso ascendente e chegou ata catorce deputadas, dez delas dentro do Grupo Popular, con papeis relevantes en varias comisións informativas.

A produción normativa xerou 44 leis, ao igual que na lexislatura precedente. Especial celebración tivo a unanimidade lograda en torno á Lei de Dereito civil de Galicia, aínda que non foi un caso único. A Lei do patrimonio cultural concitou un consenso moi ben recibido por todos os colectivos implicados. E tamén se aprobou por unanimidade a instauración oficial dos topónimos galegos da Coruña e Ourense para ambas as dúas cidades.


E a guinda deste período estivo nunha comisión formada para estudar a restitución da letra do Himno Galego, tal e como foi escrita orixinalmente por Eduardo Pondal no seu poema *Os pinos*. Pero a lexislatura concluíu sen ningunha resolución e o asunto xa non volveu tratarse máis.

## O Parlamento na 4.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 16 de novembro de 1993

Data de disolución do Parlamento: 26 de agosto de 1997

### Constitución do Parlamento



### Composición da Mesa do Parlamento

**PRESIDENTE:**

Victorino Núñez Rodríguez [PP]

**VICEPRESIDENTE 1.º:**

José María García Leira [PP]

**VICEPRESIDENTE 2.º:**

Miguel Ángel Cortizo Nieto [psdeg-PSOE]

**SECRETARIO:**

Tomás Iribarren Fernández-Rogina [PP]

(Fernando González Suárez [PP] dende o 2-10-1996)

**VICESECRETARIO:**

Bautista Álvarez Domínguez [BNG]

## Relación de parlamentarios

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA (PP)

- Alonso Riego, José Luís
- Ares Casal, María José
- Barata Quintas, Daniel
- Casares González, Juan Manuel
- Castro García, Roberto
- Cerviño Villaverde, M.ª Fernanda
- Conde Roa, Gerardo (baixa 30-7-96).  
*Substituído por Sánchez Roel, María Encarnación (alta 10-9-96)*
- Cuiña Crespo, José
- Diz Guedes, Juan Miguel (baixa 21-5-96).  
*Substituído por García Campelo, María del Carmen (alta 4-6-96)*
- Egerique Martínez, Pablo (baixa 30-7-96).  
*Substituído por Rodríguez Pablos, Carlos (alta 10-9-96)*
- Fernández García, Juan José (baixa 14-2-95).  
*Substituído por García Gorostizu, José Luís (alta 17-2-95)*
- Fernández Piñeiro, M.ª Teresa
- Fernández Rosende, Jesús María
- Fraga Iribarne, Manuel
- Franco Cerdeira, José Antonio Cesáreo (baixa 30-6-97). *Substituído por Pico Tembrás, Juan Eladio (alta 9-7-97)*
- García Leira, José María
- González Suárez, Fernando
- Iribarren Fernández-Rogina, Tomás Jesús (baixa 2-10-96). *Substituído por Bastos Rodríguez, María del Carmen (alta 8-9-96)*
- Lage Lage, José
- López Besteiro, Manuela
- López Noceda, José María
- López Outeiral, Manuel
- Madarro González, María Elisa
- Martínez Garrido, Manuel
- Miras Portugal, Aurelio Domingo
- Montes Marqués, Julio Ángel
- Núñez Rodríguez, Victorino
- Oreiro Rodríguez, José Domingo Cipriano (baixa 20-6-95). *Substituído por Concheiro Coello, Antonio (alta 22-6-95)*
- Palmou Lorenzo, Jesús Carlos
- Pedrosa González de Castejón, Pilar
- Pena Souto, José Serafín
- Pensado Barbeira, Fernando Alfredo
- Pérez Álvarez, Manuel (baixa 20-6-95).  
*Substituído por Callejo Rey, Cristina (alta 22-6-95)*

- Pérez Vidal, Tomás
- Pin Fernández, Nazario (baixa 17-6-95).  
*Substituído por Recimil Tábora, José (alta 12-9-95)*
- Pita Varela, Jaime Alberto
- Rodríguez Pérez, Fernando Carlos
- Rodríguez Rodríguez, Dositeo
- Romay Beccaría, José Manuel (baixa 6-5-96).  
*Substituído por López Díaz, José Atilano (alta 21-5-96)*
- Ruiz Rivas, Manuel
- Sotelo Villar, José Enrique
- Vázquez Portomeñe, Víctor Manuel
- Vila Pérez, José Manuel

### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Álvarez Yáñez, María Antonia
- Baños Márquez, José Carlos
- Carro Fernández-Valmayor, Antonio (baixa 7-2-96). *Substituído por Borreiro Fernández, Bonifacio (alta 15-2-96)*
- Cerviño González, Francisco Julio
- Cortizo Nieto, Miguel Ángel
- Díaz Díaz, Manuel Ceferino
- Gato Soengas, Antonio Edelmiro
- Giráldez Maneiro, José
- Labarta Fernández, Uxío Santiago
- Oujo Bello, Santos (baixa 6-2-96).  
*Substituído por Rodríguez Fernández, Francisco (alta 8-2-96)*
- Porteiro García, María Xosé
- Salgado García, Francisco (baixa 13-9-94).  
*Substituído por Rego González, Ismael (alta 15-9-94)*
- Sánchez Presedo, Antolín Luís Mariano
- Sineiro García, Francisco
- Taboada Rivadulla, Roberto Jesús
- Torres Rodríguez, Celestino
- Vázquez Fernández, Manuel (baixa 20-6-95).  
*Substituído por Blanco Gómez, Ramón Félix (alta 22-6-95)*
- Vega Fuente, Agustín
- Ventoso Mariño, José Antonio

### GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- Álvarez Domínguez, Bautista Goyel
- Beiras Torrado, Xosé Manuel
- Fernández Davila, M.ª Olaia
- García Negro, María Pilar
- López Pérez, Emilio
- Rodríguez Feixoo, Alberte Xullo
- Rodríguez Peña, Xosé Henrique
- Rodríguez Sánchez, Francisco (baixa 13-3-96). *Substituído por Bello Costa, Xaime (alta 25-3-96)*
- Suárez Canal, Alfredo
- Tello León, Xosé Henrique
- Trigo Durán, Francisco
- Vázquez Vázquez, Guillemme (baixa 13-3-96).  
*Substituído por Lobeira Domínguez, Bieito (alta 25-3-96)*
- Vega Buxán, Xesús Manuel

Renuncia anticipada á proclamación como deputada electa:

- Carmen Abeijón García (PP). Aceptada XEG 13-5-96

**Celestino Torres, o máis vello** ↻

Por primeira e única vez ao longo das catro lexislaturas que estivo na Cámara, Manuel Fraga non foi o deputado de maior idade. Ao socialista Celestino Torres Rodríguez correspondeulle presidir nesta ocasión o órgano encargado de dirixir a sesión de constitución. A Mesa de Idade completouse con Juan Manuel Casares González e Julio Montes Marqués, ambos os dous do PP, como deputados máis novos que aparecen na foto xunto aos letrados Baldomero Cores e José Ramón Cólera, respectivamente. ≈ 16-11-1993











#### 🔗 Representados os tres grupos

Os tres grupos parlamentarios optaron por unha representación plural na Mesa da Cámara, de forma que todos votaron a favor dos seus candidatos e abstivéronse fronte aos seus opoñentes. O PSdeG-PSOE favoreceu o acceso do BNG por vez primeira, ao cederlle un dos seus dous postos. O número de membros das nove comisións permanentes mantívose en 17: 10 para o PP, 4 PSdeG-PSOE e 3 o BNG. Deste xeito, cada deputado puido estar polo menos en dúas comisións. O PP permitiu que o socialista Ceferino Díaz continuase á fronte da Comisión de Economía, e asegurouse o resto das presidencias, onde houbo moi poucos cambios. En pé tras a elección da Mesa, de esquerda a dereita: Tomás Iribarren Fernández-Rogina (PP), secretario; José M.ª García Leira (PP), vicepresidente primeiro; Victorino Núñez Rodríguez (PP), presidente; Miguel Ángel Cortizo Nieto (PSdeG-PSOE), vicepresidente segundo; e Bautista Álvarez Domínguez (BNG), vicesecretario. Sentados, os letrados Cólera Leirado e Cores Trasmonte.



#### 📍📍📍 O compromiso do BNG

Os 13 deputados do BNG (nas dúas últimas filas) sentíronse especialmente satisfeitos ao dar un paso máis de carácter institucional e asumir o compromiso de acceder á Mesa do Parlamento. Todo o grupo acudiu cun exemplar de *Sempre en Galiza* e un caravel vermello para formalizar a súa promesa de acatamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía. E por primeira vez, os deputados e deputadas nacionalistas obviaron a mención a Castelao e o retroceso do «por imperativo legal». Ao finalizar a sesión de constitución, uns e outros departiron de forma distendida como recolle esta foto de Xosé Manuel Beiras cos socialistas Lois Pena, Antolín Sánchez Presedo, Francisco Cerviño e Miguel Cortizo. Na foto da dereita, Bautista Álvarez co libro e o caravel no seu escano antes da súa elección como vicesecretario da Mesa.





### 📌 Investidura de Fraga

Manuel Fraga avogou ante o Parlamento por un galeguismo construtivo e tolerante nos 155 folios que sintetizaron o seu programa de Goberno. Tras a súa reelección como presidente da Xunta cos 43 votos favorables do Grupo Popular, Fraga tomou posesión un mes despois no Salón Nobre do pazo do Hórreo. A presidencia do acto estivo formada (de esquerda a dereita) por Domingo García Sabell, Victorino Núñez, Manuel Fraga, Jerónimo Saavedra e Xerardo Estévez. ≈ 1-12-1993



# Manuel Fraga Iribarne

Presidente da Xunta (1990-2005)



“**V**OSTEDE MANIFESTOU en repetidas ocasións unha querenza especial cara ao Parlamento como institución, que non sei ben se responde á súa antiga condición de letrado en Cortes.

— Naturalmente. Considero que o Parlamento é a peza esencial da modernización da política. Por iso crin sempre no Parlamento e participei moito en todas as súas actividades.

Diría que desde a presidencia da Xunta tivo unha relación intensa co Parlamento de Galicia?

— Constantemente. Era para min unha obrigaón gratísima... Eu escribín un libro sobre o parlamento británico, no que teorizara sobre a súa esencia e a súa evolución, que tivo por parte dos propios ingleses unha valoración moi positiva.

Por certo que protagonizou vostede unha especie de preinauguración do pazo do Hórreo. Estivo alí e coñeceu as súas instalacións antes que os propios deputados.

— Foi unha invitación do presidente, Tomás Pérez Vidal, que eu atendín, como é natural. Porque considerei que coa miña presenza nese momento estaba prestando unha axuda á institucionalización do Parlamento e do Goberno de Galicia.

Como foron as súas relacións con Victorino Núñez na súa calidade de presidente do Parlamento?

— Moi boas. Entendémonos moi ben.

Pero como articulaban as súas relacións institucionais no día a día?

— Eu adoitaba falar con el antes de ir ao Parlamento para facer calquera intervención. Esa relación axudoume moitísimo... Tamén creo que representou moi ben á súa provincia.

Con todo, Victorino Núñez contoume que, a pesar da súa boa relación, non era nada fácil traballar con vostede, porque interfería con frecuencia na súa función... «Xa sabes como era Fraga cando estaba en plena forma. Non había quen o parase», díxome...

— Repito que sempre me entendín ben con el. O presidente do Goberno ten que estar dialogando constantemente co presidente do Parlamento. Como é natural, falamos moito, en profundidade. E tivemos boas relacións.

Pero levouse mellor co seu sucesor á fronte do Parlamento, o seu paisano José María García Leira.

— Cos dous leveime moi ben, como era a miña obriga.

Parece que existe unanimidade sobre o extraordinario traballo que Antonio Rosón fixo nos primeiros tempos do Parlamento de Galicia.

— Eu así o creo tamén.

E como valora o traballo que fixeron no seu tempo os distintos portavoces parlamentarios do Partido Popular: Portomeñe, Pita...?

— Valóroos moi ben. Eu non podía estar en todo, porque viaxaba moito por Galicia e necesitaba xente cualificada que pasase moito tempo no Parlamento. Eles facilitaron moito o meu labor parlamentario.

Entre os deputados do PP hai unha coincidencia xeral en que Vázquez Portomeñe foi un gran parlamentario.

— Eu opino o mesmo.

Vostede cre que, en liñas xerais, houbo un bo clima parlamentario no seu tempo?

— Eu fixen todo o posible por fomentalo.

***Eu non podía estar en todo, porque viaxaba moito por Galicia e necesitaba xente cualificada que pasase moito tempo no Parlamento. Os meus portavoces, Vázquez Portomeñe e Jaime Pita, facilitaron moito o meu labor parlamentario***

Moitos deputados da oposición queixábanse de que o PP negociaba pouco e abusaba moito da súa folgada maioría parlamentaria, sobre todo nalgunhas épocas.

— Cando se ten unha ampla maioría na Cámara non cabe dúbida que pode gobernarse con máis comodidade, porque non precisas ningún apoio externo. Pero en ningún momento se

abusou desa maioría contra ninguén... Algúns cren que as maiorías son para abusar delas. Pero eu creo que as maiorías son para usalas ben e, no noso caso, utilizámolas para facer cousas polo ben de Galicia.

***Nunca se chegou a negociar unha reforma do Estatuto, porque eu non cría nela. O que había que facer era cumprir o seu desenvolvemento ao máximo. Cando algúns falaban de reformar o Estatuto, en realidade estaban pensando en subvertelo***

Vénlle á memoria algún debate especialmente tenso ou subido de ton?

— Non quero facer ningunha distinción en especial... Como lle dixen, eu fun moi parlamentario. As cousas teñen que discutirse no Parlamento, que é o lugar apropiado para facer política, antes e agora. E cando as cousas saen do Parlamento organízanse manifestacións, viólase o Estatuto...

Pero algún recordo desagradable terá vostede?

— Onde non os hai?... Recórdoos máis ou menos, pero non os vou mencionar. Sería imposible que logo de tantos debates parlamentarios non tivese ningún recordo desagradable; pero son moi poucos, afortunadamente.

Oiría vostede comentar máis dunha vez que o nivel parlamentario foi baixando co paso do tempo.

— Non me gustan as comparacións... Eu quedei moi satisfeito de todo o que fixemos naquel tempo. Porque fixemos moitas cousas, e sempre que puidemos, fixémolas con consenso parlamentario.

Que opinión ten de Xosé M. Beiras e de Camilo Nogueira como parlamentarios da oposición?

— Beiras estaba habitualmente fóra de sitio e adoptaba posicións que eran contrarias ao Estatuto de autonomía. Pretendía converter a autonomía no preámbulo da independencia ou algo semellante... O que facía Beiras era un exemplo do que non había que facer naquel momento. O que había que facer era traballar por Galicia.

E Camilo Nogueira?

— A Camilo Nogueira prefiro non axuizalo.

Lémbrese do primeiro incidente da expulsión de Beiras do Parlamento?

— Xa dixen que Beiras non vía ben o Estatuto de autonomía e tiña unhas ideas nacionalistas extremas. Polo tanto, creo que Victorino Núñez cumpriu co seu deber cando o expulsou.

E recorda a aprobación dalgunha lei do seu Goberno con especial agarimo?

— Todas. Non hai ningunha que sexa máis importante que as demais.

Pero algunha que custase máis traballo ou que tivese dificultade para sacala adiante?

— Houbo que discutir algunhas máis que outras, como é natural. Pero dentro dun bo ambiente, que permitiu superar as dificultades.

O seu Goberno rexeitou a aprobación dunha iniciativa lexislativa popular que expuña a creación dun gran grupo lácteo galego.

— Si, lamentablemente. Pero así é o Parlamento, meu querido amigo. As votacións hai que gañalas, e non sempre se gañan...

Os incendios forestais que arrasaron Galicia de forma especial nun momento do seu Goberno tamén caldearon o debate parlamentario.

— Os incendios sempre foron un problema moi serio en Galicia. Pero como é natural abordouse con acordo parlamentario.

***Eu fun moi  
parlamentario.  
As cousas teñen  
que discutirse no  
Parlamento, que é  
o lugar apropiado  
para facer política,  
antes e agora. E  
cando as cousas  
saen do Parlamento  
organízanse  
manifestacións,  
viólase o Estatuto...***

Pero houbo un debate acalorado.

— Si, pero logrouse sacar adiante o asunto.

Nalgunha das súas lexislaturas parlamentarias expúxose en serio unha negociación para modificar o Estatuto de autonomía?

— Non, nunca se chegou a negociar unha reforma, porque eu non cría nela. O que había que facer era cumprir e desenvolver ao máximo o Estatuto. E para iso facía falta moito tempo. Desde 1990 nós conseguimos uns setenta traspasos de competencias, algúns moi importantes, como o Insalud, funcións e servizos da administración de Xustiza, xestións do INEM en traballo, emprego e formación, etcétera. O que

pasa é que cando algúns falaban de reformar o Estatuto, en realidade estaban pensando en subvertelo antes que en reformalo...

E que recorde ten do gran susto que lle deu a todo o mundo con aquel pequeno desmaio na tribuna do Parlamento?

— Eu traballaba como un negro, día e noite. E algunha vez notouseme... Pero non pasou de aí a cousa. Recórdoo máis ou menos.

”



**📍 Estancia de Félix Pons**

Por vez primeira un presidente do Congreso dos Deputados realizou unha visita institucional ao Parlamento de Galicia. O socialista Félix Pons (segundo pola esquerda, entre García Leira e Víctorino Núñez, a quen acompañaba o seu xefe de prensa, Alfredo Cid) fixo unha detida visita por todas as dependencias do pazo do Hórreo e logo mantivo unha reunión de traballo cos membros da Mesa. ~ 3-2-1994



**Visita de Carlos Menem** ↻ ↺

Entre as visitas máis destacadas de altos mandatarios que recibiu a Cámara galega durante a cuarta lexislatura destacou a estancia do presidente da República Arxentina, Carlos Menem. O presidente da Xunta, Manuel Fraga, acompañou a Menem no seu percorrido polo pazo do Hórreo, e o presidente arxentino estampou logo a súa dedicatoria no Libro de Ouro do Parlamento. 2-3-1994





#### **↻ Rolda de portavoces**

O comezo da lexislatura resultou particularmente convulso no seo do Grupo Socialista, dado que a reforma do seu regulamento de funcionamento non provocou a cohesión desexada. Á dimisión irrevogable de Antolín Sánchez Presedo como secretario xeral e portavoz parlamentario, seguiu a elección e dimisión doutros tres voceiros distintos nun prazo de sete meses. Este período de inestabilidade reflicte o alcance da crise vivida polo Grupo Socialista. Tras Ceferino Díaz e Fernando Salgado, a situación quedou estabilizada coa elección como portavoz de Miguel Cortizo.

23-2-1994



***Aprobada por unanimidade unha declaración institucional para que Santiago sexa declarada capital europea da cultura no ano 2000***




#### 🔗 A ubicuidade de Cortizo

Miguel Cortizo asumiu a portavocía do grupo socialista de forma interina e sen vocación de continuidade, dada a súa condición parella de vicepresidente segundo da Mesa. Esta dobre función por parte dun deputado nunca se formulara ata entón na Cámara de forma estable, aínda que se se dera con carácter puntual. Non obstante, Cortizo Nieto foi consolidándose no seu papel de portavoz, sen deixar de atender a súa outra responsabilidade parlamentaria, e achegou ao seu grupo parlamentario a estabilidade que necesitaba ata o final da lexislatura. A foto reflicte unha intervención súa como portavoz dende a tribuna, coa súa cadeira baleira na Mesa ao fondo. 6-9-1994

#### 📍 **Malestar no Grupo Popular**

Unha saída de ton de Beiras Torrado ante un sorriso de Conde Roa, cando remataba a súa intervención sobre o complexo industrial pontevedrés Ence-Elnosa, derivou nun longo tira e afrouxa co presidente da Cámara. Victorino Núñez pediu reiteradamente ao portavoz nacionalista que concluíse a súa intervención, salpicada de alusións persoais ao voceiro popular; pero preferiu non retirarlle a palabra e esa postura causou un forte malestar no seo do Grupo Popular. Un posterior cruzamento de declaracións moi críticas entre Conde Roa e Núñez Rodríguez provocou a mediación de Manuel Fraga para resolver a disputa aberta. Na foto, Conde Roa xesticula dende o seu escano ante o sorriso do seu compañeiro, Fernando González Suárez. Abaixo, Fraga e Portomeñe non se inmutan. ≈ 14-4-1994





#### 📍 Comisión de investigación

Só unha comisión de investigación foi aprobada por unanimidade neste período parlamentario, ao tempo que outras once propostas resultaron denegadas. As presuntas irregularidades na contratación administrativa dunhas obras en Verín e Castrelo do Val, dentro dun convenio entre a COTOP e a Deputación de Ourense, ocuparon o traballo da devandita comisión. Xesús Palmou presentou á Cámara o ditame final, que rexeitou a existencia de calquera responsabilidade política. 13-9-1994

22-11-1994



***O Parlamento rexeita unha iniciativa lexislativa popular para a creación dun gran grupo lácteo galego, que apoiaban sindicatos e organizacións agrarias***

## Tomás Iribarren Fernández-Rogina

Deputado na 3.ª e 4.ª lexislaturas polo PP ~ Secretario da Mesa 1990-96



Cheguei ó Parlamento de Galicia nas eleccións do 17 de decembro de 1989, cando apenas transcorrera un mes dende que se producira un deses acontecementos que a Historia nos ofrece de cando en cando marcando un xiro decisivo na existencia do xénero humano. Certamente, fronte ó que Fukuyama sinalara, a Caída do Muro non constituíu a Fin da Historia, pero o que é innegable é que o derrubamento dun sistema opresor por obra e graza do pobo ó que pretendidamente dicía beneficiar foi un dos poucos feitos esperanzadores dun século XX case apocalíptico.

Aínda que daquela xa contaba cunha ampla experiencia política no Concello de Pontevedra, teño que recoñecer que moi cedo me sorprendeu como o Parlamento era verdadeiramente o que debe ser segundo os manuais de Dereito Constitucional, un foro de encontro e desencontro, un espazo que, malia a súa evidente perda de protagonismo, constitúe e constituirá sempre a esencia, a alma da democracia.

Tiven o privilexio de asomarme a esa incomparable ágora dende o posto de secretario da Mesa. Contribuír ó desenvolvemento do san «xogo parlamentario» foi, sen dúbida, unha das experiencias máis gratificantes do meu modesto *cursus honorum*. E isto, ademais, nun Parlamento novo, que entraba na puberdade —non en van, estreaba novo «corpo» trala mudanza de Fonseca ó Hórreo—, o que facía aínda máis apaixonante o reto de afrontar e redobraba, se cabe, o entusiasmo e as ilusións de todos no desempeño do mandato conferido polos cidadáns. Lembro que me foi de grande axuda a mellor das guías introdutorias a ese Novo Mundo no que me internaba. Refírome á obra clásica *O Parlamento Británico*, dedicada polo seu autor, Manuel Fraga Iribarne, quen como profundo coñecedor da vida parlamentaria —acumula entre as súas oposicións a de letrado das Cortes— me deu nunha primeira visita importantes consellos que sempre tiven en conta.

Foron seis anos apaixonantes, nos que todos e cada un dos membros da Mesa souberon conducir a nave parlamentaria ata a súa entrada definitiva na madurez. Nese período, claro é, houbo tensións, momentos difíciles, asuntos delicados, desacordos manifestos, pero sempre, por riba das nosas lóxicas diferencias, todos fomos conscientes da importancia de consolidar unha institución capital para o desenvolvemento de Galicia e, por ende, de España.

As miñas tarefas na Mesa non foron obstáculo para participar ocasionalmente no debate de iniciativas con plena paixón política, como o que tivo lugar a propósito da ansiada creación dun campus universitario en Pontevedra, realización final que se atopa entre as miñas maiores alegrías políticas.

Tanto no meu labor no seo do órgano reitor da Cámara como no de estrito parlamentario sempre contei coa inestimable colaboración de tódalas persoas que integraban a administración parlamentaria (letrados, técnicos, auxiliares, etc.). Eles, coa súa dedicación e esforzo, foron en gran parte artífices de tódolos logros acadados polo Parlamento de Galicia dende a súa creación.

Como se desprende destas liñas, gardo a mellor das lembranzas dos meus anos parlamentarios, contemplados non sen certa nostalgia por canto na miña traxectoria posterior en novos postos inseridos na órbita do Executivo sempre evoquei con saudade ese espírito «deportivo» co que os británicos caracterizaron sempre á nai de tódolos Parlamentos e que por irradiación pode detectarse sempre en tódalas asembleas democráticas. Por todo isto, é para min unha auténtica honra poder escribir estas liñas e contribuír modestamente mediante elas á celebración dos trinta anos dun Parlamento do que os mellores días están, sen dúbida, aínda por chegar.

# Fernando González Suárez

Deputado na 2.ª lexislatura por CP, na 3.ª polo PP-Centristas de Galicia, e na 4.ª polo PP Secretario da Mesa na 4.ª lexislatura



Parlamento de Galicia é unha institución que nace como consecuencia do Estatuto de autonomía Galicia aprobado por Lei orgánica do 6 de abril de 1981, no que se declara nacionalidade histórica e se constitúe en Comunidade Autónoma para acceder ó seu autogoberno de conformidade coa Constitución española.

En o artigo 9.º deste Estatuto indícase que como un dos poderes da Comunidade Autónoma figura o Parlamento cunha serie de funcións que veñen especificadas no artigo 10: exercer a potestade legislativa, controlar a acción executiva, designar os senadores representantes da Comunidade Autónoma galega, elixir de entre os seus membros ó presidente da Xunta de Galicia, esixirlle responsabilidade tanto a el como ó seu Goberno, solicitar a adopción de proxectos de lei ante o Congreso Deputados e presentar recursos de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional.

O Parlamento de Galicia comezou a súa I lexislatura con data do 19 de decembro de 1981, despois das primeiras eleccións autonómicas celebradas o día 20 de outubro do mesmo ano.

Ó non existir local adecuado para iniciar as súas actividades, o Parlamento tivo primeiro que usar o pazo do Xelmírez, cedido polo arcebispo, lugar moi fermoso pero totalmente inadecuado, e ós poucos meses, o día 30 de xuño de 1982, pasou ó pazo de Fonseca, e despois das modificacións oportunas instalou no salón artesoadado o seu Salón de Plenos e no pazo de Raxoi os servizos administrativos ata o día primeiro de marzo de

1989 en que se inauguraron oficiosamente as instalacións do pazo do Hórreo, actualmente sede definitiva do Parlamento de Galicia.

A primeira actuación foi o día 1 de marzo de 1989 en que celebrou sesión ordinaria a Comisión de Economía e Facenda. Á sazón o seu presidente sinalou este feito non dándolle importancia á efeméride do día, no que se celebraba como santo a un galego de grande importancia e transcendencia como o foi San Rosendo, que ademais da súa biografía relixiosa como bispo e fundador do mosteiro de Celanova, defendeu Galicia loitando contra os viquingos e os mouros, librando a nosa terra dos fillos de Odín e de Mahoma, como o recordou este deputado na súa intervención, dándolle a importancia que a data merecía.

Son moitas e variadas as anécdotas que se poden relatar perante as tres lexislaturas en que permanecín como deputado, II, III e IV.

A II lexislatura foi moi densa en acontecementos diversos e variados, ata o extremo de que houbo un debate singular: unha moción de censura. O periodismo de información parlamentaria, tanto escrita como gráfica, seguindo as pautas dos acontecementos, deu conta do sucedido con puntual precisión. O debuxante Siro López, que na I lexislatura só pintaba aos deputados vestidos con traxe de etiqueta, xustificando así ademáns versallescos e cerimoniais, ofrece nos seus falares unha especial retranscrición, que é o procedemento humorístico da ironía sen mordacidade. Con este estilo quixo reflectir o consenso dunha Cámara, con grupos parlamentarios sen maioría suficiente.

A II lexislatura foi moito máis densa en acontecementos diversos e variados, ata o punto que durante a súa duración houbo tres Gobernos distintos nados tras sucesos singulares, o que deu lugar a maiorías distintas. Durante este período 1985-1989 os personaxes xa non van vestidos de etiqueta, usan togas romanas ou roupas medievais, vestidos máis acordes co ambiente que se vivía naquel intre no que abundou a maquinação, o cabideo, o enredo e o pasteo.

A demora do nomeamento do presidente do Goberno ao non acadar a maioría necesaria, que logrou con retraso, a dimisión dos conselleiros co conseguinte cambio de executivo e a moción de censura por parte da oposición, á que se sumaron outros deputados tráfugas, foron acontecementos singulares moi ben reflectidos polo humor gráfico das viñetas.

Para relatar a dimisión do Goberno, o debuxo amosa a soidade do presidente presidindo unha gran mesa baleira, e a explicación parlamentaria utilizada polo portavoz do grupo parlamentario que apoia ao Goberno, ao que viste de toga romana, e debúxao declamando, ante a pregunta da oposición, pronunciou unha frase lapidaria digna do hispánico Séneca, pero moi expresiva, con catro palabras que xa son historia: *pasou o que pasou*.

A moción de censura vén debuxada comezando cun asedio a unha fortaleza medieval, mediante un ariete de cabeza de macho caprino que portan os censuradores, e continúa pola lectura da censura polo propio aspirante que dá lectura a un longo pergameo, rematando o suceso aparecendo tendido nunha liteira, coroado de apolíneo loureiro, portando as andas os deputados que lle prestaron o apoio necesario.

Na III lexislatura sucede algo tan singular como é a aparición dun grupo parlamentario que ostenta maioría absoluta e o debuxante amosa ao novo presidente portando un bastón de mando e moi ben asido: *unha gaita galega*, símbolo inequívoco de poder, e non precisa doutra arma tan ostentosa, senón tan harmónica, para mandar, que como dicía Pondal: A gaita galega é un instrumento de forza e foi usada como instrumento de empuxe.

Os personaxes volven estar vestidos de etiqueta, máis formal pero menos espontánea. Xa non hai enredos e aparece o Consello de Contas e o Valedor do Pobo como un novo Don Quixote soñando en converterse en endereitador de agravados, defensor de doncelas e loitador contra malandríns.

Na IV lexislatura o debuxante define ao presidente do Goberno como representante dunha maioría: segue portando a gaita galega como bastón de mando e leva un suntuoso e longo manto de armiño, inequívoco símbolo de poder.

É indubidable que o Parlamento xa é unha institución perfectamente consolidada e fundamental no Estado das autonomías, como cámara das liberdades, e os deputados poden expresar o sentir popular, que representan formulando as iniciativas que crean oportunas e que son votadas nun xogo de maiorías e minorías. E que haxa discrepancias entre os grupos diversos é síntoma de boa saúde parlamentaria, pero sempre buscando o acordo que máis favoreza a Galicia.

🕒 **Despedida do arcebispo Rouco Varela**

Monseñor Rouco Varela, ata entón arcebispo de Santiago, realizou unha visita de despedida ao presidente do Parlamento, con motivo da súa designación como arcebispo da arquidiocese de Madrid. Os bos desexos que Victorino Núñez transmitiu a Rouco Varela cumpríronse, porque máis tarde foi nomeado cardeal polo papa Xoán Paulo II e logo ocupou durante moitos anos a presidencia da Conferencia Episcopal Española. ≈ 3-10-1994







#### 🕯️ Primeira representación rexia

O presidente do Parlamento asumiu por primeira vez oficialmente unha representación rexia, e realizou na catedral compostelá a invocación conmemorativa do traslado dos restos do apóstolo Santiago. En nome do Rei don Xoán Carlos, Victorino Núñez pediu ao patrón das Españas a súa axuda para rematar coa corrupción. O acto relixioso revestiu unha gran solemnidade e a Cámara contou cunha ampla representación. 🗓️ 30-12-1994





### 📌 Aplausos á Lei de Dereito civil

A Cámara acolleu cunha pechada ovación a aprobación por unanimidade da Lei de Dereito civil de Galicia, tras unha longa xestación que se iniciara na segunda lexislatura. O novo texto lexislativo que compilaba o dereito consuetudinario da comunidade autónoma, dende as servidumes e os arrendamentos, ata o dereito de familia e sucesorio, foi o resultado dun laborioso traballo, que contou coa participación de numerosos expertos. Victorino Núñez leu o informe da Comisión Institucional e logo interviñeron como portavoces Xesús Palmou (PP), Antonio Carro (PSdeG-PSOE) e Alberte R. Feixoo (BNG). De forma excepcional e pola relevancia social da nova lei, o presidente do Parlamento invitou ao pleno a 200 persoas, entre políticos e xuristas. 20-4-1995

22-2-1995  
→

*Apróbase por unanimidade unha reclamación ante o INI para que Endesa reverta parte dos seus beneficios en Galicia*



#### 📍 **Presidentes de Consellos de Contas**

Galicia acolleu por primeira vez unha reunión de presidentes dos Consellos de Contas das distintas comunidades autónomas, que dedicaron boa parte do encontro a analizar os seus problemas máis comúns. O presidente anfitrión, Carlos Otero Díaz, acompañou os seus convidados na visita que fixeron ao pazo do Hórreo, onde foron recibidos por Victorino Núñez, con quen mantiveron un encontro informal.

~ 27-6-1995

26-4-1995



**Aprobada por unanimidade a solicitude ante a UE dun tratado de pesca con Marrocos que non supoña a redución da frota galega**

### 📌 **Comparencia de Cuíña**

O conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuíña Crespo, realizou unha comparencia voluntaria para informar a Cámara sobre a súa desvinculación accionarial das empresas familiares que tiñan relacións coa contratación de obras públicas. Primeiro, Cuíña ía facelo na Comisión de Ordenación do Territorio onde falaba habitualmente. Pero despois mudou a un pleno a súa comparencia. Durante unha hora longa explicou as actuacións e as contas do grupo familiar entre 1990 e 1994, defendendo o seu lícito proceder sen incorrer en ningunha incompatibilidade. A oposición deu por boas as explicacións de Cuíña Crespo. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fixo o mesmo un ano despois e arquivou as dilixencias abertas por unha autodenuncia do propio conselleiro para clarificar o seu patrimonio. 24-10-1995





#### **Leis culturais consensuadas**

Esta cuarta lexislatura resultou particularmente movida para Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, porque a iniciou como conselleiro de Cultura e a rematou como conselleiro sen carteira de Asuntos Parlamentarios. Tanto nun como noutro labor, o seu traballo parlamentario foi intenso, preto sempre de Manuel Fraga. Froito do diálogo e a busca do consenso que practicou neste período con máis convicción que nunca foron as leis do Patrimonio cultural de Galicia (1995) e da Protección dos camiños de Santiago (1996), que se aprobaron por unanimidade. Na foto, Portomeñe charla con Santos Oujo, mentres Fraga fai o propio con outro deputado.

# Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Deputado na 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> lexislaturas ~ Portavoz de Coalición Popular na oposición e do Partido Popular no Goberno



“**A**NTONIO ROSÓN FOI o meu introdutor na política galega durante a etapa preautonómica, cando eu non o esperaba, nin tampouco o desexaba. Pero non puideron dicirle que non. Logo entrei no primeiro Parlamento, e permanecín alí por espazo de dezaseis anos seguidos, dende 1981 ata 1997. Naturalmente de Rosón gardo un extraordinario recordo. Como presidente actuaba con certo corte paternalista con todos cantos o rodeabamos e tiñamos moitos menos anos. O Regulamento para el era como papel mollado á hora de dirixir as sesións e dar o uso da palabra. Facía o que lle parecía mellor para dirixir o funcionamento da Cámara e foi descendente con todos os deputados.

Claro que lembro ben a miña primeira intervención parlamentaria: centrouse nunha apaixonada defensa da cota empresarial da Seguridade Social agraria. Aconteceu que o Bloque formulara a supresión desta cota, no marco dunha serie de protestas e algardas na rúa con cortes de estradas e camiños, e vertido dos bidóns nos que se recollía o leite dos meus paisanos. Aqueles actos violentos irritáronme e afervoáronme en defensa dos meus paisanos máis humildes, dada a miña orixe aldeá... Eu estaba convencido de que a Seguridade Social agraria fora moi beneficiosa e, polo tanto, consideraba que calquera ataque a ésta era unha marcha atrás, que poñería en perigo boa parte dos avances conseguidos. En última instancia, cría que a eliminación da cota empresarial favorecía o rico e prexudicaba ao pobre, porque o rico viña obrigado a pagala aínda que fose un absentista do agro, como eramos tantos galegos que conservabamos terras, pero non eramos labradores, nin, polo tanto, beneficiarios da Seguridade Social agraria. Todo este pensamento plasmeino naquela intervención parlamentaria e acendíame tanto que Bautista Álvarez, o representante do BNG, dixo que nunca vira unha intervención tan dura na súa vida. Eu estaba tan excitado que mesmo lle corrixín esa apreciación, facéndolle observar que, en todo caso, sería que nunca escoitara, non visto, unha intervención así... A Bautista recórdoo con respecto e estima.

No debate sobre a fixación da capitalidade, que resultou interminable, tiveron ganas de intervir porque encaixaba mal as argumentacións de Paco Vázquez e doutros en favor da Coruña.

Aquilo que escoitaba soábame máis a conveniencia que a convicción, e por convicción eu era partidario de Santiago, claro está. Pero José María Pardo Montero, que estaba sentado ao meu carón, serenou os meus impulsos e disuadiume de facelo. Así que aquel día, en contra da miña vontade, permanecín calado na miña cadeira de brazos.

Cando se produciu a disolución de UCD en 1983 formei parte do grupo de doce deputados que pasaron a AP para configurar unha maioría parlamentaria, e estiven nas negociacións abertas para formar un novo Goberno. Ofrecéronme a Consellería de Educación, pero rexeiteina e suxerín o nome de Pablo González Mariñas. Ao final, rematei aceptando o cargo, malia que sobre a materia non tiña máis escola que a de ser pai de familia. Cando cheguei á casa e lle dixen á miña muller que ao día seguinte ía oficializarse o meu nomeamento como conselleiro de Educación, ela, que era profesora, rompeu a chorar e díxome que non sabía onde me metera...

O primeiro que fixen cando cheguei á consellería foi tratar de normalizar as súas relacións co Parlamento, que eran pésimas. Francisco Cacharro Pardo, o meu antecesor, non se entendía co Parlamento, ou o Parlamento non se entendía con el. Pero as pugnas eran continuas. De modo que sometín a miña actuación ao control parlamentario con toda naturalidade, porque entendía que a educación interesaba a todo o mundo e eu quería impulsar un sistema educativo galego co maior respaldo posible. Pouco a pouco logrei que aquelas relacións se normalizasen bastante e cando un día os deputados socialistas Gato Soengas e Ceferino Díaz dixeran nunha rolda de prensa en Lugo que a Consellería de Educación mellorara moito, aquel recoñecemento supuxo para min unha enorme satisfacción, como era lóxico. Xusto é recoñecer que ambos os dous deputados foron o meu azoute parlamentario, e que andando o tempo nos convertemos en amigos.

Por que non logrei a aprobación da miña Lei de reforma universitaria? Aquela lei era moi innovadora e encontreime con dúas fronteas opostas que non conseguín vencer nin convencer: unha estaba na propia Universidade de Santiago e a outra estaba no Parlamento. Cando presentei a lei ao Parlamento para a súa tramitación producíronse sucesivos empates, coa abstención do

presidente Rosón. Ante aquela quela sen saída, subín á tribuna presidencial para falar con Rosón e apelei á súa condición de pai político: díxenlle que non podía deixarme na estacada despois de ser o culpable de que eu chegase ata alí. Á seguinte votación, el deume o seu apoio e a lei recibiu vía libre, pero decateime de que Rosón, coas súas amables reticencias, tiña razón e que unha lei como aquela non debía impoñerse. De modo que subín á tribuna, anunciei a súa retirada para buscar un consenso e aplaudíronme todos, tirios e troianos, para gran sorpresa miña. Pero deseguida rematou a primeira lexislatura sen tempo para a articulación parlamentaria dun novo proxecto.

Daqueles primeiros anos no pazo de Fonseca recordo moi gratamente a convivencia e a camaradería que reinaban entre todos os deputados. Había unha serie de valores comúns que xeralmente se respectaban e que facilitaban a consecución de acordos sen grandes dificultades. Aquel clima tan especial non se produciu nunca máis... A título anecdótico, polo seu contraste co momento actual, lembro un debate bastante acalorado sobre a prohibición de fumar no Parlamento, que estaba permitido entón. Eu era portavoz do meu grupo e avinme a que os seus integrantes se comportasen con liberdade de voto, tal e como propuxeran nunha reunión previa. Os partidarios de seguir fumando sufrimos unha derrota estrepitosa; entre outras cousas, porque Cándido Sánchez Castiñeiras, que é médico, fixo unha intervención terrorífica sobre os perigos e as consecuencias do tabaquismo. A min non se me ocorreu outra cousa que parafrasear a canción de Sara Montiel e espeteille: «Fumando espero... que vostede xamais volva realizar unha intervención tan tétrica, porque deixou acolloados a todos os deputados...».

A crise de Goberno que Barreiro abriu contra Albor foi un momento terriblemente delicado. A cordialidade que aparentabamos os membros do Goberno non existía en realidade, porque a situación

era explosiva. A prensa non paraba de zurrarlle ao presidente e de encirrar a Barreiro, que era un verdadeiro sátrapa mediático. Como se sabe, dimitimos todos os conselleiros, pero o presidente Albor, do que gardo o mellor dos recordos porque era e é un cabaleiro, refixo o seu Goberno e propúxome volver entrar nel. Dei moitas voltas, pero mantiven a miña negativa. Non me pareceu correcto aceptar aquela proposta despois de marchar só uns días antes, pero agradecí moito e sempre o ofrecemento por todo o que tiña de confianza. Mariano Rajoy nunca quixo perderme, e ao cabo dalgúns meses nomeáronme portavoz do grupo por unanimidade. Como intervención solemne, recordo a defensa do Goberno de Albor na moción de censura que presentaron o PSdeG-PSOE, Coalición Galega, na que se integrara Barreiro, e outras forzas políticas. Ao longo de todos estes anos crin firmemente que Albor perdeu a presidencia da Xunta de forma ilexítima. Aquilo foi un lance que só unha reducida minoría de galegos viron, e talvez vexan aínda, como algo normal en devir político dun país, pero non o foi.

De todos os cargos que desempeñei na miña vida política, quizais onde me encontrei máis a gusto foi exercendo de

***A miña etapa máis feliz transcorreu como voceiro da oposición fronte ao Goberno tripartito. Aquela liberdade de subir á tribuna e denunciar supostas torpezas a destro e sinistro era magnífica, como era a de propoñer iniciativas que revelasen unha alternativa real ao Goberno***

portavoz parlamentario. Nese sentido, a miña etapa máis feliz transcorreu como voceiro da oposición fronte ao Goberno tripartito de González Laxe. Aquela liberdade de subir á tribuna e denunciar supostas torpezas e fallos a destro e sinistro era magnífica, como era a de propoñer iniciativas que revelasen unha alternativa real ao Goberno. Debo recoñecer que o principal destinatario duns esforzos dialécticos foi, por razón do seu oficio, o presidente González Laxe. Logo, andando o tempo, convencinme de que era home de boa vontade, e que eu debía serenar os meus ímpetos e repartilos entre os seus conselleiros. Naturalmente fíxeno dentro da cordialidade que sempre intentei manter, e confeso que algún daqueles conselleiros, como Antolín Sánchez Presedo, rematou sendo un bo amigo, cabaleiro e cabal.



Que logo eu practiquei moito o rolo parlamentario? Non, non. Nego a maior. Estatisticamente creo que durante a época de Fraga houbo máis acordos por consenso que por imposición da maioría que tiña o PP. Iso do rolo era unha hábil escusa da oposición para esixir un maior diálogo e cota de influencia de que presumir. Pero esa esixencia reflectía certa impotencia derivada da súa minoría parlamentaria por perder unhas eleccións tras outras... Non é certo que Fraga impuxese ese rolo sobre a oposición minoritaria.

Creo que durante os oito anos que fun portavoz parlamentario con Fraga como presidente non se meteu en máis que en catro ou cinco asuntos. En todos os demais, tiveron liberdade absoluta para propoñer e facer. Lembro que nalgunha ocasión, tras escoitar as miñas argumentacións e posición sobre algún tema, me dicía que estaba en desacordo, que non contásenos co seu voto, e íase do escano pouco antes da votación, para volver de novo unha vez concluída esta.

Sempre tiveron unha boa relación cos demais portavoces: Xosé Manuel Beiras, Antolín Sánchez Presedo, Miguel Cortizo, Camilo Nogueira, Santos Oujo, Cándido Sánchez Castiñeiras, Mella, etc. Todos foron amigos meus... A quen temía máis, dialecticamente falando? Quizais a Beiras, aínda que Carlos Mella tiña unha agudeza tremenda, se ben penso que case nunca cría no que defendía. Con quen me resultou máis difícil pechar acordos? Seguramente con Camilo Nogueira, porque lle custaba moito ceder nas súas posicións partidistas. Pero foi o deputado máis laborioso do Parlamento na súa época e Galicia é debedora por aquel traballo tan intenso...

Por certo que, con motivo das interpelacións e preguntas continuas que facía Camilo Nogueira, lembro dúas anécdotas de cando eu era conselleiro de Educación. Nunha ocasión, formuloume unhas dúas mil preguntas que, en realidade, eran a mesma, pero unha por cada colexio. Eu contestei a todas en dous minutos. Naturalmente aquilo molestoulle... E noutra ocasión, preguntoume cantos funcionarios de Chantada ou das súas inmediacións estaban a traballar na Consellería de Educación. E como en efecto eran moitos, teño que dicir na miña xustificación que cando me fixen cargo do departamento encontrei, en servizos centrais, pouco máis que unha vintena de funcionarios, evidentemente insuficiente para os seus labores, e achei que o propio sistema

estaba enormemente sensibilizado polo que xulgaba como carencias e certa desorde. Na busca febril de persoal acudín a Madrid aos distintos servizos dependentes do ministerio, pero que xa foran transferidos a Galicia. Non logrei recrutar máis que uns dez funcionarios, pero as necesidades eran inmensamente superiores e non tiveron máis remedio que acudir á contratación daqueles aos cales coñecía e podía garantir. A lei de entón permitíao.

Ao deputado Nogueira, isto alarmoulle, e de aí a súa incisiva pregunta, que formulou con coraxe e ardor: «Cantos funcionarios hai na súa consellería de Chantada ou das súas inmediacións?» Contesteille que Chantada era o corazón de Galicia e que por iso «as súas inmediacións» eran toda Galicia. De aí, en consecuencia, eran os funcionarios contratados, sen excepción. Camilo Nogueira agarrou un gran rebote, supoñendo que a resposta era unha tomadura de pelo.

Con quen da oposición me entendín ben no Parlamento? Cos portavoces do PSdeG-PSOE entendínme ben; especialmente con Antolín Sánchez Presedo. Pero tamén con Miguel Cortizo e con Rodríguez Pardo. Todos eles, sen prexuízo da eficacia e do vigor con que levaron a bandeira da oposición, tiñan un alto sentido institucional e un fondo de lealdade nas negociacións. E hei de recoñecer que recordo a Beiras con afecto.

Entre os parlamentarios do meu grupo, lémbrome de todos porque todos foron responsables, compañeiros e amigos. E sen dúbida que todos eles me permitirán citar un tan só: Fernando González Suárez, o meu segundo como portavoz, un todoterreo e algo así como a seguridade do Banco de Inglaterra. Non esquezo a súa eficacia e a súa amizade.

Da miña longa vida parlamentaria non esquezo cinco momentos: a moción de cesura contra o presidente Albor; a aprobación do Plan Xacobeo 93, por unanimidade da Cámara; a aprobación da Lei do patrimonio cultural de Galicia, tamén por unanimidade; a aprobación da Lei de protección dos camiños de Santiago, igualmente por unanimidade, e o fracaso na tramitación da Lei de ordenación universitaria de Galicia, froito especialmente do esforzo dun moi ilustre profesor compostelán, Luis Suárez-Llanos, a quen tiveron a honra de ter como director xeral de Universidades.

”



#### 🔗 Unha declaración feminista para Beijing

A Comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres aprobou por unanimidade unha declaración conxunta para presentar na Conferencia Internacional da Muller que se celebrou en Beijing. A proposta elaborada por Pilar García Negro contou co respaldo total das demais deputadas a un texto que reclamaba, entre outras cousas, a elaboración, discusión e publicación dunha Carta dos Dereitos das Mulleres. De forma xeral, a declaración conxunta poñía o seu acento na supresión lexislativa de toda discriminación que obstaculizase o acceso das mulleres a calquera posto laboral, profesional ou político. Ata entón, ningún outro Parlamento autonómico tiña operativa unha comisión feminina destas características.

🔗 31-7-1995



#### 📍 Os nomes da Coruña e Ourense

A aplicación da toponimia galega aos nomes das provincias da Coruña e Ourense foi aprobada polo Parlamento de forma unánime a través dunha proposición de lei que defendeu o portavoz do PP, Fernando González Suárez. Naquel momento estaban normalizados os nomes de ambas as dúas capitais, pero non as denominacións de ambas as dúas provincias e, polo tanto, a incongruencia era manifesta. A deputada do BNG, Pilar García Negro, reclamou para o seu grupo a paternidade dunha iniciativa semellante para solicitar o devandito trámite ante o Congreso dos Deputados, que igualmente fora aprobada por consenso na anterior lexislatura. 12-9-1995

5-3-1996



**O Parlamento ratifica a Marta Álvarez e Luis Antonio Chao, do PP, e a Fernando González Laxe, do PSdeG-PSOE, como senadores de representación autonómica**

## Olaia Fernández Davila

Deputada na 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo BNG



O primeiro Pleno de constitución do Parlamento galego no ano 1993 foi, sen lugar a dúbidas, o que máis emoción espertou en min nos dez anos que fun deputada.

Con toda seguridade o meu compromiso coa nazón galega co que eu chegaba a aquel foro parlamentar, e aquel agasallo dos meus compañeiros de sindicato co que me atopei nada máis cruzar o limiar do Parlamento, que dicía: «Para que non te sintas desarroupada», contribuíron a que aquela mañá interiorizase para sempre a defensa dos intereses de Galiza. Co *SEMPRE EN GALIZA* nunha man e un caravel vermello noutra, asumín ese compromiso como algo inseparábel, consubstancial e propio de min. Na miña memoria aquel día continúa a ser o acontecemento por excelencia de toda a miña vida de traballo institucional.

En liñas xerais, podó dicir que toda a etapa de deputada no Parlamento galego foi un período gratificante. O que non quita que houberse días máis intensos, de maior interese e incluso cunha carga emotiva maior que outros máis rutineiros. Días sempre vinculados a plenos nos que se abordaban temas que tiñan unha maior relevancia. Cuestións que habituaban relacionarse con problemáticas relacionadas co traballo e os intereses económicos de Galiza, como, por exemplo, o sector naval, o grupo de empresas Álvarez e outros semellantes. Tamén temas relacionados con cuestións sociais, e refírome a persoas con discapacidade, doenzas como a hemofilia, a defensa da sanidade pública, debates que adoitaban contar coa presenza de persoas directamente afectadas. Lembro con emoción o debate sobre o sector naval. Estaban presentes traballadores de distintos estaleiros coa mesma emoción contida nas súas facianas.

O meu paso polo Parlamento de Galiza produciu asemade o acercamento a moita xente, coñecín a moitas persoas coas que colaborei estreitamente e coas que traballei arreo. O froito final é un labor do que me sinto satisfeita por dous motivos: por ter cumprido coa función para a que fun elixida pola cidadanía, escoitar as súas demandas, e por ter dado traslado delas a través das iniciativas presentadas no Parlamento.

Poñerme aquí e agora a facer agradecementos explícitos sería unha ardua tarefa porque son moitas as persoas ás que lles debo agradecer: persoas relacionadas cos servizos sociais, coa sanidade, co mundo da discapacidade, con traballadores de empresas en conflito, con autónomos do eido comercial. Estarei eternamente agradecida pola oportunidade e pola ocasión de nos encontrar. Sen esquecer, á miña organización, ao BNG. As e os militantes de organizacións locais e comarcais do BNG cuxa colaboración foi imprescindible para sacar á luz moitos temas e problemas de interese para Galiza. Viron a luz no Parlamento de todos os galegos e galegas.

Foron anos de ilusión, de entrega, de traballo arreo e de gran compañeirismo no Grupo Parlamentar, e a pesar dos atrancos, das grandes dificultades coas que nos atopamos, cumpriron un servizo para todos os galegos e galegas, e contribuíron ao reforzamento da nosa identidade nacional.

# María Pilar García Negro

Deputada na 3.ª, 4.ª, 5.ª, e 6.ª lexislaturas polo BNG



Catorce anos: é o primeiro pensamento que me vén á mente cando, en Compostela, paso por diante da sede do Parlamento de Galiza. Catorce anos de traballo neste lugar, tres lexislaturas e media, desde Decembro de 1989 a Decembro de 2003, en que demitín da miña deputación. Catorce anos nunha etapa da vida central: dos trinta e seis aos cincuenta anos. Naquel distante inverno de 1989, a formación política a que pertenzo, o BNG, que me encomendara tal responsabilidade, obtiña por vez primeira grupo parlamentario. Eu era, aliás, a primeira muller nacionalista con presenza na Cámara galega, dun total de nove compañeiras, catro do Grupo Parlamentario do PP e outras tantas do PSOE. Recordo aquela miña primeira lexislatura con especial afecto. Bautista Álvarez, Xosé Manuel Beiras, Alberte X. Rodríguez Feixoo, Francisco Trigo e eu mesma debiamos atender non só as nosas respectivas circunscricións senón todo o abano de temas sectoriais que nos adxudicáramos, para alén do inevitábel labor de control do goberno. Educación, Cultura, Política Lingüística, Política para as Mulleres..., ademais dos temas correspondentes ás comarcas da Coruña e de Ferrol, foron as áreas en que me tiven que desempeñar como deputada novel. Foi moito o traballo e era moi grande a ilusión. Tan mal non o debemos de facer, cando, na seguinte lexislatura case triplicamos o número de escanos, pasándonos de cinco a trece deputados e deputadas.

¿O máis grato? Poder ser altavoz de demandas máis que xustificadas, de necesidades económico-sociais claras, dos nosos connacionais; non desertar nunca da obriga autoimposta de obrar por delegación, non por decisión persoal; non abdicar, porén, da miña liberdade ou, se se quer, de marxos de espontaneidade a que nunca renunciarei. Poder conseguir, por exemplo, en 1994, a constitución da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, que convocou ao longo da súa existencia o arco de comparecentes

máis plural e diverso posíbel. ¿O máis ingrato? A distancia, ás veces abismal, entre o producido, o debatido, o defendido, o negado ou, mesmo, o conseguido, e a súa transmisión mediática, nada inocente, claro está. Desfiguración, silenciamento, marxinalización... de moitas iniciativas, ao compás dun crecente servilismo de tantos medios a respecto da Xunta de Galiza e das súas axencias.

Gostaríame reiterar aquí e agora o que subliñei na miña despedida como deputada, no Pleno do 19 de Decembro de 2003: agradecer o traballo dentro das filas da única organización política de obediencia galega; recoñecer a axuda facilitada por todas as traballadoras e traballadores da Cámara; desculparme por se algunha vez molestei ou ofendín innecesariamente alguén. E engadir algo da máis patente actualidade: a necesidade de que, 30 anos despois de promulgado o Estatuto de Autonomía e 28 a Lei de Normalización Lingüística, se proceda, nun evidente exercicio de modernización, á súa reforma. Reforma en termos progresivos e de maior autogoberno, naturalmente, nun sentido avanzado da historia e das necesidades da nación galega a que nos debemos e grazas á cal esta institución existe. Para servir o país, non para se servir del...



#### 🔗 **Marcha con polémica de Carro**

A aceptación polo socialista Antonio Carro Fernández-Valmayor dun posto no novo Consello Consultivo de Galicia, a convite do presidente da Xunta, Manuel Fraga, e contra o criterio do PSdeG-PSOE, abriu unha forte controversia política. Carro abandonou por este motivo o escano que ocupara durante quince anos, dende o nacemento do Parlamento, onde desempeñou postos relevantes como portavoz socialista e vicepresidente segundo, e pediu a baixa no seu partido tras un anuncio de expulsión. ~ 1-2-1996

#### **Renuncia de Oujo** 🔗

Cando a controversia pola marcha de Antonio Carro seguía aberta, outro deputado histórico anunciou a súa renuncia voluntaria e causou baixa no Grupo Socialista. Santos Oujo Bello argumentou motivos persoais, de carácter profesional, para xustificar a súa retirada da política, tras permanecer na Cámara dende a súa primeira constitución no pazo de Xelmírez. Oujo Bello foi deputado por UCD, CG e PSdeG-PSOE, sucesivamente, e tivo unha participación moi activa na vida parlamentaria. ~ 5-2-1996









### 📍 A Lei sobre drogas

O problema do tráfico e consumo de drogas en Galicia calou moi fondo entre os deputados, que mesmo crearon unha comisión non permanente para o seu estudo e seguimento. De aí a expectación xerada en torno ao debate parlamentario da lei autonómica que tratou de combater e atallar este grave problema social. Como membro invariable das sucesivas comisións de Sanidade na súa calidade de médico, Francisco Cerviño seguiu de preto esta tramitación normativa e esforzouse moito por achegar posturas e lograr acordos puntuais. Durante o debate e a votación final do ditame saído dun ano de traballo sobre o Proxecto de lei de Galicia sobre drogas que presentara a Xunta de Galicia, Cerviño González negociou co portavoz do PP, Ruiz Rivas, dúas emendas transaccionais que se incorporaron ao texto definitivo. 25-3-1996

### 📍 A cesión do 30 % do IRPF

José Antonio Orza compareceu ante a Cámara para responder as preguntas de Cortizo e Beiras sobre a incidencia en Galicia do novo modelo de financiamento autonómico, un asunto capital que se debateu moito e fixo correr ríos. Coa súa sobriedade e competencia características, o conselleiro de Economía e Facenda analizou en detalle a repercusión nas contas galegas daquela cesión recadatoria do 30 % do IRPF. Orza Fernández asegurou que Galicia obtería uns recursos adicionais por enriba dos 50.000 millóns de pesetas no próximo quinquenio 1997-2001. En consecuencia, defendeu que a autonomía financeira saía reforzada con aquel modelo pactado entre o novo Goberno de José María Aznar e Convergencia e Unión (CIU), que motivou a retirada dun recurso de inconstitucionalidade que a Xunta de Galicia presentara cando a cesión se establecera só nun 15 % do IRPF. 22-5-1996



**O Himno Galego a estudo** 🔁 🔍

Por proposta de Pilar García Negro, aprobouse a formación dun relatorio conxunto lexislativo para estudar unha modificación da Lei de Símbolos de Galicia que afectaría ao texto do Himno Galego. A iniciativa xurdiu como consecuencia dun estudo do profesor Manuel Ferreiro que poñía ao descuberto pequenos cambios no texto orixinal do poema *Os pinos* de Eduardo Pondal, adaptado como letra do Himno Galego e musicado por Pascual Veiga. Ao defender a súa proposta, García Negro explicou que se trataba dunha restitución do texto orixinal, por pequenos erros de carácter semántico. O presidente do Parlamento, Victorino Núñez, asumiu a presidencia deste relatorio conxunto lexislativo, que chegou a celebrar varias reunións; pero o final da lexislatura impediu o peche da súa tramitación e a iniciativa decaeu sen resolución. ~ 27-5-1996



### O aparcadoiro soterrado ↻ ↻

A construción dun aparcadoiro soterrado baixo os xardíns exteriores do pazo do Hórreo foi a obra máis importante que se acometeu durante os mandatos presidenciais de Victorino Núñez. O aparcadoiro acolle 114 prazas e comunícase co edificio por uns corredores que chegan ata dous núcleos de ascensores e escaleiras.



### Celebración do XV aniversario ↻

O Parlamento festexou o seu XV aniversario cunha solemne conmemoración, que durou menos dunha hora e contou con breves intervencións do presidente Núñez Rodríguez e os portavoces dos tres grupos, Vázquez Portomeñe, Beiras Torrado e Cortizo Nieto. As chamadas ao diálogo foron comúns en todas as intervencións, e se a nostalxia marcou as intervencións dos dous primeiros, a crítica non faltou nos discursos dos portavoces da oposición. Entón, só seis deputados seguían na Cámara dende a súa primeira constitución en 1981: os populares Pérez Vidal, Vázquez Portomeñe, Alonso Riego e Miras Portugal, xunto aos socialistas Gato Soengas e Díaz e Díaz. ~ 19-12-1996

### ↻ Unificación do municipalismo

A Federación Galega de Municipios e Provincias, a Federación de Concellos Galegos e a Federación de Concellos Rurais elixiron o marco institucional do Parlamento de Galicia para acoller a sinatura do seu acordo de unificación nunha soa Fegamp. Os seus respectivos presidentes, Julio Álvarez, Manuel Lagares e José Luis García (á dereita, detrás da mesa das firmas) rubricaron o acordo logrado entre o municipalismo galego ante os presidentes da Xunta e do Parlamento, Manuel Fraga e Victorino Núñez, respectivamente, xunto a representantes dos tres grupos parlamentarios, autoridades e convidados. ~ 22-4-1996





12-9-1996  
→

*Aprobado por unanimidade un documento que pide ao Goberno medidas correctoras sobre desequilibrios económicos pola cesión do 30 % do IRPF*

## Roberto Castro García

Deputado na 3.ª, 4.ª, 5.ª, 6.ª e 7.ª lexislaturas polo PP



**R**epresentando aos galegos e ás galegas en xeral, e aos ourensáns en particular, tiven o inmenso honor de formar parte do Parlamento de Galicia como deputado, nas lexislaturas III, IV, V, VI e VII, pola circunscrición de Ourense, e formando parte das candidaturas do Partido Popular (na III lexislatura, en coalición con Centristas de Galicia).

Das cinco, en catro formei parte do grupo maioritario que apoiaba ao Goberno, e na VII —tamén no grupo con máis deputados (37)— conformando a oposición parlamentaria. En ningún momento perdín a condición plena de deputado, xa que formei parte da Deputación Permanente en todo este longo tempo (decembro 1989-marzo 2009).

Nestes vinte anos como parlamentario, mantiven sempre unha enorme ilusión, consciente de que —nun sistema parlamentario democrático— poder representar á cidadanía é unha das maiores alegrías que pode ter un político, e tamén é unha das maiores responsabilidades.

Pero se a ilusión foi sempre grande en todas elas, a III (a miña primeira lexislatura como deputado) foi especial. As eleccións celebráronse o día 17 de decembro de 1989 —en pleno período do Nadal—. Foi unha campaña moi activa, cun Manuel Fraga Iribarne pletórico de enerxía, vitalidade e moitas ideas. Cun programa moi voluminoso e cunha ilusión enorme na cidadanía (viñamos de ser gobernados por un tripartito, apoiado por tráfugas do Partido Popular, entre os anos 1987 e 1989). Fraga foi elixido presidente da Xunta en catro lexislaturas seguidas, substituíndo ao presidente Albor coa paréntese da xestión do presidente González Laxe.

A partir de entón, Galicia foi evolucionando dunha forma extraordinaria. E como deputado, sentínome partícipe da enorme actividade que xeraba o Goberno presidido por Fraga, porque contaxiaba a todos os afiliados do noso partido e —¿por que non dicilo?— tamén aos nosos simpatizantes e mesmo a homes e mulleres non comprometidos politicamente. Tanto é así que gañamos por maioría absoluta xusta (38 sobre 75) en 1989, para pasar na seguinte lexislatura a 43 de 75.

Debo dicir que os moitos proxectos daqueles Gobernos transformaron o país. A mellora nas estradas de Galicia, o impulso definitivo ás autovías de conexión coa Meseta, as escolas, os institutos de ensino, os centros de saúde, o abastecemento e o saneamento da zona rural de Galicia, as lexítimas demandas dende aquí feitas ao Goberno de Madrid, significaron un punto de inflexión para Galicia. ¡A cantas inauguracións asistín como deputado, na miña provincia, e cantos proxectos vin convertidos en realidade neses vinte anos de actividade parlamentaria!...

E iso que os recursos económicos non eran o que hoxe son. Empezamos o primeiro ano da III lexislatura cun orzamento arredor dos 315.000 millóns das antigas pesetas. Cando deixamos o goberno en 2005, logo de esgotarse a VI lexislatura, o orzamento de Galicia representaba un equivalente a mil millóns e medio das antigas pesetas, ou sexa, multiplicouse por cinco.

Son moitas as lembranzas de todo ese tempo pasado. Darían seguramente para escribir un libro, cousa que co tempo non descarto facer. Pero se teño que resumir en breves palabras, diría que —a pesar das naturais e lóxicas discrepancias entre grupos parlamentarios— a nosa relación como deputados e deputadas sempre foi moi cordial, como debe ser. A defensa das ideas e dos posicionamentos de cadaquén non debe impedir unha relación persoal respectuosa e cordial. Por iso, nunca considerei inimigos aos que tiña en fronte. Sempre os considerei adversarios. E uns e os outros, eles e nós, mantivemos —moitas veces con vehemencia— unhas lexítimas posicións discrepantes na defensa do noso país, ao que queremos e polo que loitamos. Todos e todas tentamos construír un país mellor, máis xusto, máis democrático, con mellor calidade de vida para os seus habitantes, dende posicións distintas e moitas veces distantes.

Quedan na miña lembranza os nomes de compañeiros e compañeiras (do meu e doutros grupos) que xa non están no mundo dos vivos pero que merecen o meu respecto e a miña consideración. Citaría a Ramón Félix Blanco, a María Martín, a Segundo Durán, a Victorino Núñez, a José Lage, a Bonifacio Borreiros, a Elisa Madarro, a José Antonio Garrido, a José Cuíña, Pilar Pedrosa, José Manuel Vila Pérez... Estou na firme crenza de que viven nun mundo mellor, e para eles o mellor dos meus recordos.

# Manuel López Outeiral

Deputado na 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo PP



**E**fectivamente, en doce anos de parlamentario, foron moitas as anécdotas vividas. Momentos simpáticos que conviviron con outros máis importantes, e tamén, ¿como non?, aqueles menos cómodos.

Tiven a inmensa fortuna de ser testemuña de momentos transcendentais da historia recente de Galicia. Tres maiorías absolutas á beira dun dos homes de Estado máis recoñecidos do século XX español, Fraga Iribarne, foron todo un privilexio.

Os debates Beiras *versus* Fraga foron, na súa inmensa maioría, certamente memorables. Á parte do fondo, tamén se coidaban as formas, cadaquén no seu estilo.

O estilo poético de Beiras levouno a comparar a Fraga coa «maionesa»; a réplica do león de Vilalba non se fixo esperar, rexeitando a famosa salsa por estranxeira en favor da ben galega «allada».

Seguramente moitos recordarán o feo que lle fixo, intencionado ou non, o profesor Beiras a Fraga, abandonando aquel o salón de plenos na quenda de palabra do vilalbés. Na réplica, Beiras escusouse atribuíndo a súa ausencia a unha urxencia líquida. Na contrarréplica, Fraga avogou pola brevidade para evitar calquera asomo de urxencia «líquida, sólida ou gaseosa».

O respecto que se profesaban os dous persoeiros era notable. Sen embargo, Beiras tiña algunhas teimas que o fixeron protagonista dalgúns episodios dramático-burlescos. O rexeitamento que sentía contra o «Opus Dei» levouno a personalizar no compañeiro Conde Roa algún que outro ataque furibundo. O político santiagués atribuía esas saídas de ton ó desequilibrio mental do nacionalista («¿Tomaches a pastilla?» díxalle), co que en máis dunha ocasión houbo que recorrer a impedir que o líder nacionalista alcanzase «físicamente» o escano do popular.

Xunto a unha infinidade de anécdotas tamén vivín momentos francamente dramáticos. Neste sentido nunca poderei esquecer o episodio do afundimento do *Prestige*, a posterior reacción popular, a utilización política, as dúas mocións de censura no Parlamento galego, a persecución á que foi sometido o meu partido durante semanas, o frenético traballo do Parlamento, das consellerías, dos concellos, da Administración central do Estado... Foron momentos da miña vida política que non me gustaría que ninguén máis tivese que pasar por eles.

Para finalizar, unha anécdota persoal. Inda que me cubrisen de ouro, non sería quen de recordar a miña derradeira intervención pública na sede parlamentaria. Non obstante, da primeira que fixen gardo un grato e simpático recordo.


No segundo pleno da miña primeira lexislatura, tiña a palabra a xa desaparecida compañeira Elisa Madarro, cando empezou a ser apupada por unha parte da oposición. A miña evidente inexperiencia levoume a pedir unha cuestión de orde ante o que eu consideraba un atentado en toda regra contra as liberdades, coa pasiva permisividade da presidencia. A manifesta incomodidade do presidente, Victorino Núñez, era só equiparable á miña incontinencia verbal recitando integramente o artigo CEN, cando xa se me retirara o uso da palabra. En fin, este episodio non vai ser estudado nas facultades de ciencias políticas, nin significou un antes nin un despois no parlamentarismo europeo; pero foi francamente significativo dende o punto de vista da aprendizaxe.

Fraga aprendeu o meu nome, Victorino aprendeu que había un insensato dentro da nova camada de deputados, Elisa aprendeu o valor da amizade, Romay Beccaría aprendeu que o deputado número trece pola demarcación coruñesa era un perigo parlamentario, e eu, naturalmente, aprendín o artigo número 100 do Regulamento de funcionamento da nosa Cámara parlamentaria.


O meu bo amigo Manolo Ruiz predixo que aquela actuación miña significaría a fin da miña carreira política ou o principio dun ascenso meteórico. Afortunadamente equivocouse, nin unha cousa nin outra: doce anos no Parlamento e vinte no concello do meu benquerido Boiro, pero sempre vivindo no meu recordo os entrañables anos do meu paso pola política de Galicia.

### Debates do estado da autonomía ⇨

Entre o primeiro e o último debate sobre o estado da autonomía da cuarta lexislatura produciuse un cambio político, que marcou as tres intervencións do presidente da Xunta: en 1994 gobernaba en Madrid o PSOE, e en 1996 facíao o PP. Manuel Fraga pasou así de censurar unha actitude discriminatoria do Goberno de Felipe González, a ponderar unha disposición amigable do Goberno de José M.ª Aznar. Cortizo Nieto e Beiras Torrado foron os portavoces do PSdeG-PSOE e BNG en todos os debates, mentres que Dositeo Rodríguez substituíu a Vázquez Portomeñene en 1995 e foi moi criticado polos seus antagonistas. Aquel ano constatouse o maior desacordo, ata o punto que a oposición por vez primeira na Cámara non votou ningunha proposta do PP, coma se todos os seus deputados estivesen ausentes. En 1994 aprobáronse 11 propostas de resolución do PSdeG-PSOE (176 presentadas) e 10 do BNG (66 presentadas) que, na súa maior parte, se centraron en temas sanitarios (plans de loita contra o cancro, atención xeriátrica e atención á muller, así como unha fixación de límites de espera en cirurxía e probas diagnósticas). E en 1996 aprobáronse 4 do PSdeG-PSOE (45 presentadas) e 11 do BNG (117 presentadas), con singular unanimidade na petición de medidas de apoio á frota pesqueira. O presidente da Xunta pediu ao Goberno amigo de Madrid financiamento para as autovías coa Meseta, as transferencias do INEM e dos portos de interese xeral. ≈ 20 e 21-9-1994; 10 e 11-10-1995; 8 e 9-10-1996







18-6-1996



*O Parlamento rexeita unha iniciativa legislativa popular contra a incineración de residuos urbanos, avalada por 50.000 firmas*



#### Xornadas de letrados

Baixo o título de «Parlamento e xustiza constitucional», a Cámara acolleu a celebración dunhas xornadas organizadas pola Asociación Española de Letrados de Parlamento. Destacados especialistas como Jesús M.ª Corona, Antonio Bar, Enrique Álvarez, Enrique Arnaldo, José Juan Mollinedo, José Ramón Cólera, etcétera, impartiron conferencias e presentaron relatorios ao longo de tres xornadas. A apertura correu a cargo do presidente da Xunta, Manuel Fraga, e a clausura levouna a cabo o presidente do Congreso, Federico Trillo. O ex-presidente da Corte Constitucional Italiana, Antonio Baldassarre, foi o convidado especial. ≈ 18 ao 20-9-1996

27-2-1997



O Defensor del Pueblo, Fernando Álvarez de Miranda, realiza unha visita oficial ao Parlamento, acompañado polo Valedor do Pobo, José Cora



#### 📍 Xornadas sobre drogas

O Salón dos Reis acolleu unhas xornadas sobre o tráfico e consumo de drogas, que estiveron organizadas pola comisión parlamentaria encargada do seu estudo e seguimento. A súa programación espertou un grande interese e contou coa participación de destacados especialistas. O director do Servizo de Vixilancia Aduaneira, Luís Manuel Rubí, pronunciou a conferencia inaugural e a conferencia de clausura estivo a cargo do delegado do Plan Nacional contra a Droga, Gonzalo Robles. Entre representantes de asociacións e colectivos cidadáns, membros das forzas e corpos de seguridade, funcionarios de prisións, deputados e concelleiros, unhas 200 persoas asistiron a estas xornadas. 4 e 5-4-1997





#### 📖📖 Biblioteca Carballo Calero

A compra polo Parlamento da biblioteca persoal de Ricardo Carballo Calero supuxo un dobre salto, cualitativo e cuantitativo, na dotación dos seus fondos, que superaron entón os 25.000 volumes. A adquisición produciuse por iniciativa de Pilar García Negro, discípula do profesor e amiga da familia, que contou co respaldo de todos os grupos. O Parlamento adquiriu así un fondo de 4.000 libros e revistas, e deu o nome de Carballo Calero a unha nova sala da súa biblioteca, que foi inaugurada pola viúva, María Ignacia Ramos, xunto ás súas fillas Margarita e María. Previamente formalizouse a recepción do legado bibliográfico nun acto presidido por Victorino Núñez, ao que asistiron os familiares máis directos e representantes de todos os grupos parlamentarios. 27-6-1997

**1997-2001**

# **5.<sup>a</sup> Legislatura**

**A** quinta lexislatura comezou o 18 de novembro de 1997 e rematou o 28 de agosto de 2001. Manuel Fraga repetiu por terceira vez a súa maioría absoluta, con só un escano menos (42) que no período anterior. Este referendo electoral non deixou o menor asomo de dúbida sobre a aceptación da súa xestión á fronte da Xunta de Galicia por parte do pobo galego.

Ante este feito incuestionable, non por repetido menos relevante, todos os focos se centraron en Xosé Manuel Beiras, que situou o BNG (18 deputados) por enriba do PSdeG-PSOE (15 deputados), por primeira vez na historia.

Os socialistas pagaron caras as súas desavinzas internas e non conseguiron o beneficio esperado da súa alianza electoral con Esquerda Unida-Esquerda Galega e os Verdes. Abel Caballero como candidato á presidencia da Xunta acadou o peor resultado electoral obtido nunca polo PSdeG-PSOE. E o seu grupo parlamentario reduciuse a 13 deputados, dado que os outros dous que lograron os seus coaligados optaron por situarse no Grupo Mixto que renaceu das súas cinzas.

Precisamente esta circunstancia deu nova vida a un histórico da primeira lexislatura como Anxo Guerreiro, quen volveu demostrar o seu bo facer parlamentario doce anos despois. Aínda que se fixo un oco cada vez que puido meter baza, a sanidade foi a súa principal bandeira e o conselleiro Hernández Cochón pasouno mal en máis dunha ocasión coas súas aceiradas críticas.

Cunha invocación ao diálogo, José María García Leira acedeu á presidencia da Mesa en substitución de Victorino Núñez Rodríguez, que se converteu en senador pola cota autonómica.

Esa mesma opción aceptou Víctor Vázquez Portomeñe, que cedeu a Jaime Pita os trastes de portavoz do Grupo Popular.

O BNG iniciou con moita forza a súa nova función de liderado na oposición, esixindo unha e outra vez a comparecencia do presidente da Xunta. Manuel Fraga mantivo o seu costume de non intervir máis que nos debates sobre o estado da autonomía e pouco máis. Pero esa postura persoal non foi óbice para que o seu Goberno comparecese máis que en todas as lexislaturas anteriores.

Durante a súa primeira visita oficial a Galicia, o príncipe Felipe acudiu ao Parlamento e mantivo unha reunión de traballo cos portavoces parlamentarios que foi moi gabada polos asistentes.

A produción lexislativa sufriu unha notable diminución, ata quedar en 33 leis, a cifra máis baixa da historia do Parlamento.


A lexislatura pechouse de forma inesperada cun anuncio electoral en pleno debate dunha moción de censura sen ningún viso de prosperar. O BNG aproveitou a chamada «crise das vacas tolas» para forzar a saída do conselleiro de Agricultura, Castor Gago. Pero Beiras non logrou o seu obxectivo de poñer a Fraga contras as cordas. O presidente da Xunta fixou outubro como data para os próximos comicios, e o debate diluíuse como un terrón de azucre.

## O Parlamento na 5.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 17 de novembro de 1997

Data de disolución do Parlamento: 28 de agosto de 2001

### Constitución do Parlamento



#### PARTIDOS POLÍTICOS

**PP.** Partido Popular de Galicia

**BNG.** Bloque Nacionalista Galego

**PSdeG-PSOE.** Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (concorreu en coalición electoral con Esquerda Unida-Esquerda de Galicia e Os Verdes)

### Composición da Mesa do Parlamento

**PRESIDENTE:**

José María García Leira [PP]

**VICEPRESIDENTE 1.º:**

Celso Delgado Arce [PP]

(Miguel Santalices Vieira [PP] dende o 28-3-2000)

**VICEPRESIDENTE 2.º:**

Bautista Álvarez Domínguez [BNG]

**SECRETARIO:**

Juan Pedrosa Vicente [PP]

**VICESECRETARIO:**

Miguel Ángel Cortizo Nieto [psdeg-PSOE]



## Relación de parlamentarios

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA (PP)

- Álvarez Montes, María Marta
- Barata Quintas, Daniel (baixa 14-7-00). *Substituído por Escudero Centrón, Serafín (alta 12-9-00)*
- Barreiro Fernández, José Manuel
- Casares González, Juan Manuel
- Castro García, Roberto
- Conde Roa, Gerardo (baixa 14-7-00). *Substituído por Concheiro Coello, Antonio (alta 12-9-00)*
- Cortegoso Fernández, Ramón
- Couceiro Méndez, Antonio (baixa 18-10-99). *Substituído por Freire Vázquez, M.ª Begoña (alta 9-11-99)*
- Crespo Sabarís, Pablo (baixa 14-7-98). *Substituído por Castro Domínguez, María Nava (alta 15-9-98; baixa 4-12-98). Substituída por Rodríguez Pablos, Carlos (alta 11-12-98)*
- Cuiña Crespo, José
- Currás Fernández, Celso
- Delgado Arce, Celso (baixa 21-3-00). *Substituído por Rodríguez Fernández, Gregorio (alta 11-4-00)*
- Domínguez Vaz, Miguel
- Durán Núñez, Alberto
- Fernández Rosende, Jesús María
- Fraga Iribarne, Manuel
- Gago Álvarez, Cástor
- García Campelo, María del Carmen
- García Leira, José María
- González Ballesta, Justo José
- Hernández Cochón, José María
- Juncal Rodríguez, Juan Manuel
- López Besteiro, Manuela
- López Casas, Manuel (baixa 23-1-01). *Substituído por Vázquez Iglesias, José Jaime Francisco (alta 13-2-01)*
- López Outeiral, Manuel
- Madarro González, María Elisa
- Muñoz González, Joaquín
- Orza Fernández, José Antonio
- Palmou Lorenzo, Xesús
- Pedrosa Vicente, Juan
- Pensado Barbeira, Fernando (baixa 6-7-99). *Substituído por Ascensión Yeguas Sánchez (alta 14-9-99)*
- Pérez Varela, Jesús
- Pita Varela, Jaime
- Rodríguez Pérez, Fernando Carlos (baixa 27-3-00). *Substituído por Mendoza López, Manuel (alta 11-4-00)*
- Rodríguez Rodríguez, Dositeo (baixa 30-7-99). *Substituído por López García, Sergio (alta 14-9-99)*

- Rodríguez Seijas, María Dolores
- Ruíz Rivas, Manuel
- Santalices Vieira, Miguel
- Sotelo Villar, José Enrique (baixa 6-7-99). *Substituído por Blanco Fernández, María Fernanda (alta 14-9-99)*
- Tapia Fernández, María Jesús
- Varela Pérez, Mauro
- Vila Pérez, José Manuel

### GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- Álvarez Blanco, María Salomé
- Álvarez Domínguez, Bautista
- Beiras Torrado, Xosé Manuel
- Darriba Calviño, Rosa
- Díaz Díaz, Xosé
- Fernández Davila, María Olaia
- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco
- García Negro, María Pilar
- Gutiérrez Fernández, Eduardo
- Lobeira Domínguez, Bieito
- López Pérez, Emilio
- Nogueira Román, Camilo (baixa 14-7-99). *Substituído por Merino Mejuto, Domingos (alta 14-9-99)*
- Rodríguez Feixoo, Alberte Xullo
- Rodríguez Peña, Xosé Henrique
- Suárez Canal, Alfredo
- Tello León, Xosé Henrique
- Trigo Durán, Francisco
- Vega Buxán, Xesús

### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Álvarez Yáñez, María Antonia
- Caballero Álvarez, Abel
- Casares Mouriño, Xabier
- Cortizo Nieto, Miguel
- Losada de Azpiazu, Javier (baixa 17-2-99). *Substituído por Soneira Tajés, María Soledad (alta 23-2-99)*
- Louro Goyanes, Antón
- Méndez Romeu, José Luis
- Pérez Touriño, Emilio
- Rego González, Ismael
- Salazar Bello, Isabel
- Sineiro García, Francisco
- Veiga Pombo, Manuel
- Villarino Santiago, María Dolores

### GRUPO MIXTO (EU-EdeG)

- Guerreiro Carreiras, Anxo
- Pazos Varela, Xosé Manuel

Renuncias anticipadas á súa proclamación como deputados electos:

- José Luis García Gorostizu (PP). Aceptación pola XEG o 25-10-99
- Manuel Fernández Diz (PP). Ratificación persoal da súa renuncia ante a Secretaría da XEG o 24-1-01. Aceptación pola XEG o 31-1-01
- José Federico Martínón Sánchez (PP). Aceptación pola XEG o 31-1-01



#### 📍 Fraga volve á Mesa de Idade

Tras a súa terceira vitoria electoral consecutiva por maioría absoluta, Manuel Fraga volveu recuperar na sesión constitutiva do novo Parlamento a presidencia da Mesa de Idade, cando estaba a punto de cumprir 75 anos. Bieito Lobeira Domínguez (BNG) e Joaquín Muñoz González (PP), como deputados máis novos, secundaron a Fraga durante todo o proceso de elección do presidente da Cámara e demais membros da Mesa. ~ 18-11-1997



### 📍 A Cámara recibe sangue novo

A nova Cámara estreou alfombra nova para recibir os 35 novos deputados, en tanto que outros 5 retornaron tras un período de ausencia. Unha vez elixido presidente, García Leira agradeceu a confianza depositada polo seu partido na súa persoa para exercer tan alto cargo e fixo unha invocación ao diálogo entre todos os grupos parlamentarios por enriba das súas diferenzas ideolóxicas. Tamén aproveitou a ocasión para ponderar o labor do seu antecesor, Victorino Núñez. A tribuna estivo abarrotada de convidados, na súa maioría familiares dos novos deputados. A sesión de constitución rematou coa tradicional entoación do Himno Galego con todos os asistentes postos de pé. ~ 18-11-1997

### García Leira, novo presidente 🗳️

José María García Leira, que tivo unha notable aprendizaxe como vicepresidente primeiro nas dúas lexislaturas anteriores, foi elixido presidente da Mesa cos 42 votos do PP, 32 votos en branco e un nulo. Tampouco houbo votos en contra para os restantes membros; toda a elección transcorreu sen ningún sobresalto. De esquerda a dereita, Juan Pedrosa Vicente (PP), secretario; Celso Delgado Arce (PP), vicepresidente primeiro; José M.ª García Leira (PP), presidente; Bautista Álvarez Domínguez (BNG), vicepresidente segundo; e Miguel Ángel Cortizo Nieto (PSdeG-PSOE), vicesecretario, secundados polos letrados en ambas as dúas esquinas. A Mesa aprobou por maioría na súa primeira reunión que os membros das comisións se reducisen de 17 a 16 cunha repartición sen consenso: 9 do PP; 4 do BNG, 2 do PSdeG-PSOE e 1 do Mixto. O PP renovou a metade das presidencias e Xosé Díaz Díaz (BNG) encabezou a Comisión de Economía, tradicionalmente presidida por un membro da oposición. ~ 18-II-1997



# José María García Leira

Vicepresidente primeiro da Mesa do Parlamento na 3.<sup>a</sup> e 4.<sup>a</sup> lexislaturas  
Presidente do Parlamento na 5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> lexislaturas



“CANDO MANUEL FRAGA me pediu a principios de 1990 que ocupase a vicepresidencia da Mesa do Parlamento, tras a súa gran vitoria electoral na terceira lexislatura, foi unha gran satisfacción para min. Así comezou a miña relación co Parlamento, que logo se prolongou por espazo de dezaseis anos: os oito primeiros como vicepresidente e os oito seguintes xa como presidente.

Se foi difícil o cambio de dirixir un concello a gobernar un parlamento? Efectivamente non ten nada que ver unha cousa coa outra, tendo en conta ademais que eu era alcalde de Vilalba con maioría absoluta e, polo tanto, actuaba dunha forma moi executiva. Dende a Mesa do Parlamento, pola contra, prevalecía a negociación e a busca de acordos e pactos con todos os grupos antes que ningunha outra cousa. Pero adapteime rápido porque nos intercambiamos as tarefas para facer un pouco de todo e as relacións entre os membros das mesas onde eu estiven sempre foron moi boas. Non recordo ningunha discusión forte; todo o contrario. Cada un expoñía a súa postura, que os demais respectaban, e logo intentábanse consensuar todas as decisións.

Tan cómodo e adaptado atopeime con este posto que logo adoitaba contar con frecuencia que os dous mellores cargos que había en Santiago de Compostela eran os de bispo auxiliar e vicepresidente do Parlamento. Porque as responsabilidades nunca eran deles, había outros por enriba que tiñan esa pesada carga.

A miña primeira lexislatura no Parlamento entre 1990 e 1993 foi sen dúbida a máis movida. A maioría absoluta de Manuel Fraga deixou moi tocados os demais partidos, porque seguramente non esperaban ese resultado, e reaccionaron con moita virulencia nos primeiros debates. A Xunta de Fraga sentíase atacada no Parlamento dende todas as fronteas... Este clima de confrontación baixou bastante nas seguintes lexislaturas, quizais porque Fraga non só foi confirmado senón tamén ampliando as súas maiorías absolutas, e os demais partidos non tiveron máis remedio que acatar a vontade que os galegos expresaban dunha forma tan clara.

Victorino Núñez foi un gran presidente; eu aprendín moito ao seu carón. Era presidencialista, claro. Gustáballe estar en todo; saber e coñecer que pasaba a cada momento no Parlamento. Creo que impulsou o diálogo dende unha postura de autoridade, en

tanto que presidente; pero así tiña que ser naquel hemiciclo tan caldeado. Tivemos unha relación moi fluída e entendémonos ben. Obviamente tiven que substituílo moitas veces na presidencia da Mesa ao longo daqueles oito anos, pero non lembro ter sufrido ningunha situación especialmente incómoda...

A expulsión tan comentada de Xosé Manuel Beiras? Efectivamente eu estaba na presidencia da Mesa cando aquel debate empezou a complicarse pola actitude de Beiras e tiven que chamalo á orde. Victorino Núñez estaba no seu despacho e decidiu vir substituírme e asumir a presidencia, cando soubo que a cousa estaba a poñerse mal. Logo Beiras crispouse aínda máis e Victorino non tivo máis remedio que expulsalo, creo que con toda a razón do mundo. Non lle deixou ningunha outra opción. O feito de que logo unha sentenza xudicial determinase que cometera un defecto de forma na aplicación do Regulamento non significou en modo ningún que non tivese razón ao determinar a súa expulsión.

Paréceme que a decisión de expulsar un deputado é quizais o momento máis desagradable que pode vivir un presidente de calquera parlamento. Iso paréceme a min. Como presidente lembro que tiven que expulsar un deputado que subiu á tribuna cun cartel contra a guerra de Iraq. Naquela sesión eu pasei por deixar que tivesen eses carteis nos seus escanos, pero subir á tribuna e colocar un xa me pareceu unha provocación que non podía autorizar. Algunha outra vez teño un vago recordo de que a algún deputado ao que lle chamei a atención en varias ocasións optou por marchar de forma voluntaria un segundo antes de que eu o expulsase...

Tamén o zapatazo de Beiras foi unha das imaxes máis recordadas na historia do Parlamento. Creo que cando golpeaba a mesa do seu escano co zapato se queixaba do proceso seguido na reforma do Regulamento do Parlamento; falaba de ditadura, de recorte de liberdade, de imposición. Pero como dicía antes, naquela lexislatura a oposición enfrontábase a todo o que propoñía o Goberno de Fraga, fose o que for. Non daban tregua; opoñíanse a todo.

Neste caso concreto, a proba máis evidente daquela postura tan obstrucionista como pouco xustificada foi que o Regulamento saído daquela reforma aínda se mantén vixente na actualidade, sen un só cambio, e pasaron xa moitos anos. Basicamente o que fixo aquela reforma do Regulamento foi axilizar a vida parlamentaria, tanto

nas intervencións como nas comisións e nos plenos, e tamén se suprimiron algúns trámites innecesarios ou moi longos. Por exemplo, recordo que o debate anual dos orzamentos da comunidade autónoma chegou a prolongarse por espazo de dez, doce ou catorce días. Aquilo era inviable. Logo ese debate reduciuse a só dous ou tres días, que resultou un tempo máis que razoable.

Durante todo este período, é certo que Fraga viña pouco ao Parlamento; pero creo que nunca faltou a ningunha votación importante. A oposición criticáballe moito esta actitude en todas as súas intervencións cando o presidente non estaba no seu escano. Recordo que se referían a el como «o eterno ausente» e dende a Mesa non podíamos chamarlles a atención porque era un feito real: Fraga non estaba presente. Logo rectificou porque entendeu aquela demanda da oposición e, dende logo, a súa ausencia non obedecía a ningún temor por enfrontarse con ningún deputado.

O acceso por vez primeira á Mesa do Parlamento dun membro do BNG produciuse na cuarta lexislatura, ao iniciarse o segundo mandato de Victorino Núñez. A gran sorpresa foi que Bautista Álvarez non lle creou un só problema, nin a min tampouco despois. É verdade que, de entrada, nós estábamos un pouco en garda, á expectativa do que puidese pasar, porque fora un deputado moi combativo. Pero como membro da Mesa tivo unha actuación impecable. Dicotir outra cousa sería tanto como faltar á verdade. Sempre defendeu unha postura institucional e creo que iso chegou a custarlle algún que outro desgusto co seu propio grupo. Cando eu era presidente, expoñía a súa opinión nas nosas reunións coa maior tranquilidade, e se non estaba de acordo con algunha cousa, pois razoaba a súa formulación. E algunha vez, se vía que unha cousa non lle gustaba e non era importante, pois ausentábase... Bautista Álvarez foi un gran deputado, moi participativo en todas as actividades da Cámara, e contribuíu moi to ao bo desenvolvemento dos debates parlamentarios.

***A controvertida reforma do Regulamento axilizou a vida parlamentaria. Boa proba daquela postura tan obstrucionista da oposición foi que o Regulamento saído daquela reforma tan criticada aínda se mantén vixente na actualidade, sen un só cambio***

Naturalmente eu teño moitos máis recordos vivos das lexislaturas quinta e sexta, cando exercín como presidente do Parlamento... Como xurdiu o meu nomeamento? Pois foi produto do azar, porque estaba previsto que tras a saída de Victorino Núñez ocupase o seu posto Mauro Varela, un deputado de Lugo. Pero xurdiu un imprevisto que o impediu. Así que un día, ás nove da noite, recibín na miña casa unha chamada de Fraga e soltoumo de súpeto. Eu chanceei dicíndolle que se equivocaba; pero el contestoume en igual ton dicíndome que non se equivocaba nunca. E como intentei resistirme un pouco, citoume no seu despacho á mañá seguinte. Cando cheguei, preguntoume se xa se me pasara o susto do día anterior. Díxenlle que pensaba que era unha broma, e contestoume: «De broma nada. Ten que aceptar vostede.»

Non estaba eu moi seguro de que puidese ser un bo presidente do Parlamento, porque creo que son un pouco mandón... Pero a experiencia acumulada nos oito anos anteriores axudoume moito. E ademais da boa relación que mantiven con todos os membros das mesas, contei co apoio excepcional do letrado maior, José Ramón Cólera, en

quen tiña unha confianza plena. Cólera posiblemente era o mellor especialista en dereito parlamentario que había en España. Fixémonos moi amigos e seguimos véndonos de cando en vez. Foi o meu anxo da garda.

O momento máis duro que pasei como presidente do Parlamento produciuse con toda a polémica polo afundimento do *Prestige*, ademais do esvaeamento de Fraga, claro, que foron uns instantes tremendos. Co *Prestige* paseino moi mal, porque dende o principio estiven en contra da creación da comisión de investigación que aceptou o PP. Moi especialmente, advertín o meu partido do erro tan grande que cometía ao permitir que a oposición tivera a maioría na mesa da comisión que decidía as convocatorias, orde do día, etc. Iso supuxo darlle unha baza moi importante á

oposición, posto que eran tres membros en total, dous contra un, e aquilo foi un desastre. Alí non quería aclararse nin resolverse nada, só criticar o Goberno... Logo veu o pau da sentenza do Tribunal Constitucional, que ordenou a reapertura da comisión despois de que a disolvesemos. Persoalmente encaixei moi mal aquela resolución, porque pensei daquela e sigo pensando agora que o que aproba o pleno do Parlamento pode desaprobalo máis tarde.

O esvaecemento de Fraga, ademais de preocuparme moito, loxicamente, serviume para valorar a calidade humana dalgúns políticos: mentres a maioría dos deputados estaban preocupados pola saúde do presidente e só se interesaban pola súa recuperación, algúns esixiron que continuase o debate... Para min, aquilo non tiña dúbida: o primeiro era a saúde de Fraga.

Un momento histórico acaeceu coa visita oficial do Príncipe de Asturias, Felipe de Borbón. Recordo ao respecto a anécdota que protagonizou Anxo Guerreiro, que foi un gran parlamentario. Eu suxeirinlle ao príncipe que tivese unha reunión cos portavoces de todos os grupos para escoitar opinións moi diversas. A el pareceulle moi ben. E cando lle tocou a quenda de falar a Guerreiro espetoulle con toda naturalidade que estaba contra a Monarquía e que aspiraba a que este país fose unha República... O príncipe acolleu a súa formulación con toda naturalidade.

Como levei unha Mesa con maioría de mulleres na sexta lexislatura? Ben, eu pensara sempre que levarse ben coas mulleres nesta vida era unha cousa fundamental, e acabei de convencerme entón. As mulleres teñen a mesma ou máis capacidade de traballo que os homes, e destacan polo seu tesón e polo seu entusiasmo. Tanto Inmaculada Rodríguez como Salomé Álvarez e Dolores Villarino exerceron moi ben as súas funcións. O seu único problema foi de adaptación ás normas e aos trámites que están regulados; unha vez que asumiron os mecanismos parlamentarios, aos que

loxicamente non estaban afeitas, todo funcionou moi ben. Os debates ou as discusións no seo da Mesa transcorreron de igual forma que cando todos os seus membros eran homes... A máis dura das tres? Seguramente Lola Villarino, porque era unha muller de carácter e defendía as súas propostas con moita intensidade. Pero facía igual que os homes: cando unha iniciativa súa non ía ben asentábase ou xa non acudía para evitar unha controversia maior. Eu teño moi bo recordo das tres porque eran extraordinarias.

A situación do Parlamento no pazo do Hórreo pareceume un grande acerto. Agora mesmo penso que o Hórreo é un dos parlamentos mellor dotados de España. Á rehabilitación inicial na época de Pérez Vidal incorporáronse logo unhas melloras importantes. Durante a presidencia de Victorino Núñez construíuse

o aparcadoiro subterráneo, que resultou unha obra moi complicada. E logo eu impulsei a execución dos despachos individuais para todos os parlamentarios; desta obra síntome especialmente orgulloso, porque era unha demanda xeneralizada. Ambas as cousas fixéronse baixo terra e tiveron unha gran complexidade porque, dalgún xeito, houbo que

suxeitar moi ben o edificio para garantir a súa estabilidade mentres se executaban os proxectos....

Bos parlamentarios? Si, na miña época penso que había moi bos parlamentarios. O mellor, Vázquez Portomeñe, o portavoz do PP, ademais de Fraga. Logo destacaría a Xosé Manuel Beiras (BNG), Anxo Guerreiro (EU) e Méndez Romeu (PSdeG-PSOE).

Non, despois de catro lexislaturas, xa non quixen seguir en 2005. Fraga díxome que se quería continuar tería o seu apoio. Pero díxenlle que non quería presentarme ás eleccións, porque pensaba que a miña etapa estaba cumprida. Optei pola xubilación, e agora dedícome a ler, viaxar, ver algúns amigos. Entretéño-me. Nunca tiven a intención de escribir unhas memorias, porque non creo que tivese unhas vivencias tan importantes. ”

***A oposición criticaba moito as ausencias de Fragas nas primeiras lexislaturas e nas súas intervencións se referían a el como «o eterno ausente». Dende a Mesa non podíamos chamarlles a atención porque era un feito real: Fraga non estaba presente***



📍 **Catro ministros na toma de posesión**

A investidura de Manuel Fraga converteuse nun mero trámite e non tivo ningunha historia. Tras xurar o seu cargo case un mes máis tarde, o presidente da Xunta non renunciou ao seu terceiro percorrido triunfal dende o pazo do Hórreo á praza do Obradoiro, acompañado dos seus inseparables gaiteiros. A principal nota diferente con respecto ás cerimoniais anteriores estivo na importante representación do Goberno central, agora presidido por José María Aznar. Ata catro ministros (Rodrigo Rato, Mariano Rajoy, Loyola de Palacio e José Manuel Romay) e unha relación interminable de dirixentes e cargos do PP, que encabezaba Alberto Ruiz Gallardón, arrouparon a Fraga nunha celebración xa habitual, pero non por iso menos sinalada. Na foto, Rodrigo Rato e García Leira sentados no estrado escoitan o discurso de Fraga. ~ 9-12-1997



### 🔴 Pita substituíu a Portomeñe

Jaime Pita Varela substituíu a Víctor Vázquez Portomeñe como portavoz titular do Grupo Popular, exerceu como man de ferro un papel nada doado e elevou o ton de crítica, sen evitar a reprimenda parlamentaria. A xeito de explicación sobre as ausencias tan cuestionadas do presidente da Xunta, Pita Varela insistiu unha e outra vez ao longo da lexislatura en que o Regulamento do Parlamento establecía o control do Goberno, pero non do seu presidente en particular. E demostrou con datos e cifras que as comparecencias dos membros da Xunta de Galicia seguiron un proceso ascendente, ata triplicarse con respecto ás lexislaturas anteriores. Na foto, Jaime Pita (no centro) conversa cos seus principais colaboradores: Roberto Castro (á súa esquerda) e Juan Casares (á dereita).





16-4-1998



*Galicia estrea con Francisco Pan Montojo a representación das comunidades autónomas en órganos consultivos da UE, tal e como reclamara o Parlamento*

3-5-1998



**Cuíña Crespo anuncia na Cámara que a Xunta tiña a intención de cobrar taxas para financiar os seus proxectos de infraestruturas**

### ↻ ↺ Relevos socialistas

O PSdeG-PSOE iniciou a súa travesía do deserto, tras os malos resultados electorais, coa reorganización do seu grupo parlamentario. Abel Caballero optou por renunciar á súa acta no Congreso dos Deputados para asumir a presidencia dos socialistas na Cámara galega. Pérez Touriño foi elixido como portavoz principal e Cortizo Nieto (de pé xunto a Touriño), ocupou a vicesecretaría da Mesa. Méndez Romeu e Rego González (que seguen a charla dende os seus escanos) foron os principais colaboradores de Touriño. Na foto da dereita, Touriño, Rego e Romeu na nova situación do Grupo Socialista.

~ 18-11-1997







### 🔗 Cordialidade inicial

Os portavoces do PSdeG-PSOE e BNG, respectivamente, Pérez Touriño e Beiras Torrado, sempre mantiveron as espadas en alto e coincidiron en moi poucas cousas ao defenderen posicionamentos contrarios dentro do espazo reservado á oposición parlamentaria. Pero o ambiente de cordialidade que reinou durante a primeira metade desta lexislatura reflectiuse en diversas ocasións, como este pousado cómplice nunha reunión da Mesa e Xunta de Portavoces.

### Sala das Letras Galegas 📌

A antevéspera da celebración do Día das Letras Galegas, que aquel ano estivo dedicado ás figuras de Martín Codax e Johan de Cangas e Meendinho, tivo lugar a inauguración oficial da sala do mesmo nome no pazo do Hórreo. As súas paredes adornáronse cunha colección de retratos dos persoeiros homenaxeados pola Real Academia Galega (RAG) dende o ano 1963. Siro López Lorenzo e Manuel Ferreiro Badía foron os autores de toda a serie que se elaborou cunha materia plástica especial. O presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego, pronunciou unha conferencia, e aparece na foto co conselleiro de Presidencia, Dositeo Rodríguez, percorrendo cos demais convidados a Sala das Letras Galegas para visio-  
nar os debuxos colgados nas súas paredes. ~ 15-5-1998






➤ **Historia da Universidade de Santiago de Compostela**

O Salón dos Reis do Parlamento acolle a presentación do libro *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*, obra do profesor José Ramón Barreiro Fernández (en primeiro plano), quen explicou o seu contido. Xunto ao presidente da Cámara, José María García Leira, interveu tamén Darío Villanueva Prieto, que desempeñaba o posto de presidente da Rede de Bibliotecas Universitarias de España. ~ 26-11-1989

### 📍 ➡ Visita oficial do Príncipe Felipe

O príncipe Felipe de Borbón realizou unha nova visita ao Parlamento dentro da súa primeira estancia oficial en Galicia. O príncipe estreou o Libro de Ouro e logo mantivo unha intensa reunión de traballo cos membros da Mesa e a Xunta de Portavoces (na foto da dereita). Don Felipe sorprendeu os seus interlocutores cunha pregunta inicial sobre a reforma do Senado. Despois tomou notas sobre algunhas consideracións dos portavoces e aceptou con naturalidade a proclamación sobre o seu republicanismo que fixo Anxo Guerreiro e a súa defensa do Estado federal. O bo talante mostrado polo príncipe durante a súa estancia no pazo do Hórreo foi moi gabado por todos os deputados. ~ 14-9-1998







*«Con ocasión da miña primeira viaxe oficial a Galicia, teño a grata oportunidade de visitar a sede dun Parlamento durante a cal poderei coñecer máis de preto as vicisitudes da actividade parlamentaria da Comunidade e así achegarme máis á realidade e vida cotiá dos galegos. Moi afectuosamente»*

—Dedicatoria do príncipe Felipe no Libro de Ouro do Parlamento

## Xesús Palmou Lorenzo

Deputado na 3.ª, 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo PP



**A** celebración do trinta aniversario dun dos acontecementos máis importantes da historia de Galicia, a constitución do Parlamento, ten para min unha especial significación, como cidadán e como político.

Como político síntome especialmente honrado e satisfeito de ter formado parte desta institución ao longo de cinco lexislaturas ininterrompidas, compatibilizando tamén, en parte de tres delas, o cargo de deputado co de conselleiro.

Quero subliñar, en primeiro lugar, o labor de concienciación social do noso Parlamento ante un problema que nos afectaba tan de cheo aos galegos como era o narcotráfico. A Comisión para o estudo da repercusión económico-social do narcotráfico en Galicia, da que fun secretario nunha primeira etapa e logo presidente, converteuse nun emblema de loita contra esta lacra, colaborando coas iniciativas sociais na concienciación cidadá e nas modificacións lexislativas que fixeran máis eficaz o labor policial e xudicial. Visitamos o Parlamento Europeo, distintos países da Unión e os parlamentos autonómicos, que logo nos devolveron a visita, e contribuímos á creación da Comisión Mixta Congreso-Senado co mesmo obxectivo.

Tiven a fortuna de participar, como membro representante do meu grupo parlamentario, en todas as ponencias que elaboraron as distintas proposicións de lei que conforman o noso Dereito civil propio, o mesmo no aspecto material que no procesual, e recordo como un dos momen-

tos máis intensos da miña vida parlamentaria a defensa no Pleno da Cámara o día 20 de abril de 1995 da Proposición de lei de Dereito civil de Galicia, con asistencia, como invitados, das principais autoridades e representacións da sociedade galega. A proposición sería aprobada por unanimidade despois dun intenso, longo e difícil traballo de elaboración no seo da Ponencia, dadas as discrepancias existentes entre os dous textos elaborados por expertos fóra da Cámara e os seus propios autores.

Despois participei na elaboración e aprobación, tamén por unanimidade e polo mesmo procedemento, da Lei de arrendamentos e parcerías históricas e da Lei do recurso de casación do Dereito civil de Galicia, que convertería a nosa Comunidade na única, naquel intre, en contar con normas procesuais civís propias.

Recordo tamén con especial satisfacción a miña participación como ponente na Lei de creación da Academia Galega de Seguridade e o meu empeño en defender como localización máis idónea o concello da Estrada fronte a Ferrol ou Santiago de Compostela. Anos máis tarde quixo o destino que fose eu, como conselleiro, quen fixase a súa sede definitiva na Estrada, contratase a maior parte das obras e as inaugurase co presidente Fraga, o día 3 de outubro de 1997.

E quero subliñar un feito anecdótico e transcendente á vez. O día 21 de marzo de 1995 debateuse na Cámara a toma en consideración do Proxecto de lei de protección do Camiño de Santiago, que contou con emendas de devolución de toda a oposición. Constituíuse a Ponencia, integrada por María Xosé Porteiro (PSOE), Bautista Álvarez (BNG) e eu polo Grupo Popular. Recibín instrucións do conselleiro Víctor Vázquez Portomeñe de aceptar todas aquelas emendas da oposición que mellorasen o texto e contribuísen ao consenso. Despois de varios meses de traballo saíu da Ponencia un informe que modificaba ata a exposición de motivos. Grazas ao talento e á boa disposición de Portomeñe e ao traballo da Ponencia, unha lei especialmente emblemática, transcendente e complexa, que entrou no Parlamento con fortes discrepancias entre os grupos parlamentarios saíu co apoio unánime da Cámara o día 23 de abril 1996, case un ano despois.

Pero como dixeran, o meu labor parlamentario non estivo exento de frustración. Na última lexislatura, por proposta do meu grupo parlamentario e do seu presidente Alberto Núñez, tocoume a

enorme honra de conformar como secretario da Mesa a Comisión para a Reforma do Estatuto de autonomía de Galicia e ser membro e voceiro da Ponencia conxunta para a elaboración dun novo texto. A Comisión escoitou a todos os sectores da sociedade galega, que masivamente expresaron o seu parecer sobre o tema. A Ponencia traballou, habilitando os períodos vacacionais, na procura dun texto que alumease o Estatuto de todas as galegas e galegos. A pesar de ter consensuado aproximadamente o noventa por cento en aspectos tan complicados como o seu título preliminar, lingua, organización territorial e practicamente competencias e financiamento, a reforma non foi posible. É certo que os traballos levados a cabo están aí como froito do esforzo e do espírito de concordia, co destino, oxalá, de que algún día poidan ser aproveitados en todo ou en parte.

Na miña faceta de conselleiro nas dúas etapas en que me tocou ser membro do Goberno de Galicia, tiven unha intensa relación co Parlamento. Xunto co compañeiro Tomás Pérez Vidal, comparecía persoalmente, en contra do costume anterior e posterior, ante a Comisión correspondente, o que me permitiu sempre unha fluída comunicación coa Cámara, e, por outra banda, estou seguro de que esta circunstancia me evitou múltiples comparecencias en Pleno, a instancia da oposición, para dar conta da miña xestión.

Pero tamén como membro do executivo tiven que anotarme algunha frustración no Parlamento. O día 8 de febreiro de 2005 presentamos ante a Cámara unha comunicación sobre o futuro modelo policial de Galicia, comunicación debatida o día 22 de febreiro do mesmo ano e que, despois dun día de intenso debate, rematou o día seguinte cunha proposta que contou co apoio unánime e na que se definía a filosofía e o camiño para dotar a Galicia dunha Policía propia, cumprindo o mandato do artigo 27.25 do Estatuto de autonomía. Tras a posterior elaboración do anteproxecto, que incluía ás Policía Locais, consensuado cos alcaldes das grandes cidades e coa Fegamp, foi informado favorablemente polo *Consejo de Política de Seguridade* e presentado no Parlamento como proxecto de lei o día 8 de marzo de 2005. Porén, a disolución da Cámara impediu que o proxecto se convertese en lei. Ao día de hoxe, cando xa se intenta a reforma da nosa lei básica, non temos aínda asumida esta competencia estatutaria.

# Manuela López Besteiro

Deputada na 3.ª, 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo PP



Indagar no recordo ten os seus proles e as súas contras. Dezaseis anos traídos ao presente poden producir vertixe se se fai dun modo exhaustivo e, en todo caso, cabe que nos invada a nostalxia ou que sobresaian os erros cometidos, ou que queiramos quedarnos só cos acertos. Sexa como sexa, aí quedaron traballo, esforzo, ilusión e, ás veces, un san orgullo de ter conseguido o que unha se propuxera.

Ao longo das catro lexislaturas, o pazo do Hórreo converteuse para min, e creo que para todos os compañeiros, nunha segunda casa, tanto no sentido físico, polo tempo que pasamos nela, como no sentido figurado, polas enerxías políticas que lle dedicamos no traballo cotián de ir articulando o tecido lexislativo da nosa comunidade.

O Parlamento foi para min á vez un descubrimento e unha escola de dura aprendizaxe. Un descubrimento porque eu era unha de tantas galegas iluminada pola ignorancia parlamentaria, que identificaba o Parlamento galego case exclusivamente polo edificio. Dedicada dende os dezanove anos ao mundo educativo e chegada á vida política case por accidente, estaba convencida de que a educación era a única actividade pola que pagaba a pena loitar, e, malia que segue sendo hoxe a miña profesión e a miña dedicación, descubrín xa na miña primeira lexislatura que había outros mundos e outros problemas importantes aos que había que buscar solucións.

Como voceira de Traballo do Grupo Parlamentario Popular comprendín que o emprego era un ben tan prezado como a educación e a atención

social, unha necesidade imperiosa. A primeira comprobación ao encargarme dos temas de Igualdade foi dolorosa. Cantas deputadas estabamos sentadas no Hórreo? Tres, cinco... Cantos organismos existían no Goberno traballando a favor das mulleres e que presuposto tiñan? Ningún e cero, respectivamente. Podo confesar que me convertín ao feminismo nese momento? O feminismo de intentar cambiar a realidade para conseguir equiparar dereitos e realidades entre homes e mulleres.

O traballo e a igualdade ocuparon boa parte das miñas inquietudes e tarefas lexislativas na III lexislatura, que era a miña primeira experiencia parlamentaria. Recordo con precisión o apoio incondicional do presidente Fraga a moitas iniciativas, como a Proposición de lei de creación do Servizo Galego de Igualdade (primeiro Dirección Xeral, hoxe transformada en Secretaría Xeral), que hoxe se consideran imprescindibles e naquel momento non concitaron todas as adhesións, nin no Grupo Parlamentario Popular, nin tampouco noutros grupos. Nas lexislaturas seguintes, como conselleira de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude puideron converter, na medida do posible, esas preocupacións en decisións de Goberno.

Tamén na primeira lexislatura descubrín, creo que ao mesmo tempo que moitos outros deputados, e non exclusivamente do Grupo Parlamentario Popular, que o concepto docente «dominio da lingua oral» en galego era claramente deficiente. Como representantes da Cámara galega, a maioría dos deputados sentiamos que o galego é a lingua normal de expresión no Parlamento galego, pero que lle «dabamos couces» ao galego normativo. Recordo con especial agrado o día que baixei da tribuna sen recordar se me expresara en galego ou en castelán, porque ata entón as miñas intervencións representaban dous esforzos: convencer dende o fondo e non errar demasiado na forma. É de xustiza, pola contra, resaltar a capacidade oratoria, o galego florido, de rico e amplo vocabulario dalgúns destacados deputados repartidos polos diferentes grupos parlamentarios, dos que os demais aprendiamos.

O Parlamento foi para min unha dura escola de aprendizaxe. Confeso que o primeiro, ademais do Regulamento da Cámara, foi o texto completo do Himno de Galicia. Por algunha razón circulaba imprimido entre moitos deputados.

A defensa dunha moción, unha proposición ou un proxecto de lei, unha interpelación ou o debate de presupostos esixen dos deputados coñecementos amplos, eu diría que exhaustivos,

de materias descoñecidas e, polo tanto, moito esforzo, tempo e dedicación, que non é suficientemente coñecido polos cidadáns.

Persoalmente recordo a inmersión en toda a lexislación laboral e de seguridade e hixiene no traballo, a aprendizaxe da terminoloxía e a técnica dos presupostos, que, seguramente pola miña pouca capacidade, me levou moito máis de «dúas tardes» como a un coñecido presidente de Goberno.

Algunhas aprendizaxes estaban máis preto do meu mundo educativo, como sintetizar vinte folios xa resumidos para explicar en dous minutos de forma clara e, oh!, convincente un tema extenso; como facer uso da ironía unha persoa coma min, eslamiada e aburrída...; como aplicar o método socrático, o meu preferido como docente, nun debate polémico. Dende logo, confirmei na práctica o que todos os profesores recoñecen como un dos fallos do ensino actual, a deficiente aprendizaxe da expresión oral en todas as súas formas expositivas, incluída a oratoria.

Outras aprendizaxes eran e son máis sutís e complexas e teñen que ver coas actitudes: como, despois de defender con paixón unhas ideas, podes chegar a pactar compromisos coa oposición, que tamén defendeu con idéntica ou maior paixón as contrarias, e como recoñecer a parte de verdade que hai en ambas as dúas posicións.

Aprender a estifa «feridas» despois dun pleno acalorado, limar asperezas, tender pontes e lograr acordos. Calquera visitante do Hórreo encontrará, con moita frecuencia, a cafetería do Parlamento chea de deputados. Pode transmitir este feito unha idea equivocada da actividade parlamentaria, e é certo que moitas veces será unha «escapada» a moitas horas seguidas dun pleno, pero a fórmula de «tomar café» con deputados dos outros grupos é unha técnica parlamentaria das boas.

Malia todo, a maior e mellor aprendizaxe que se adquire no Parlamento ten que ver co sentido da responsabilidade que supón para cada deputado representar a todos os galegos, non só aos que pensan como ti, non exclusivamente a aqueles que votaron ao teu partido e a ti, senón a todos os que, cunha ideoloxía ou coa oposta, axudan coas súas ideas e os seus traballos a construír unha Galicia cada vez mellor.

Esa responsabilidade obrígate a respectar as ideas e as posicións dos outros grupos parlamentarios e, por enriba das leas verbais, a atender e entender as súas razóns. Porque entre todos se constrúe este país.



#### 📍📍📍 **As caricaturas de Siro**

O Parlamento editou con motivo do seu XVI aniversario un libro moi celebrado na Cámara, que recolleu unha selección persoal das mellores e máis incisivas viñetas de actualidade política que Siro López publicaba a diario en *La Voz de Galicia*. Foi un libro encargado por Victorino Núñez cando era presidente, pero acabou editándose cando deixara de sê-lo. Siro López estivo acompañado na presentación de *16 anos de Parlamento galego* polo presidente da institución, José María García Leira, e arroupado por moitos amigos deputados que non resistiron a tentación de ollar os debuxos no mesmo acto. ~ 30-9-1998



#### 🔴 Beiras con CIU e PNV

O Parlamento recibiu a visita dunha representación política dos partidos asinantes da chamada «Declaración de Barcelona». No Salón dos Reis, Xosé Manuel Beiras (BNG) exerceu como anfitrión dos seus convidados, Xabier Arzalluz (PNV), Pere Esteve (CDC) e Domenec Sesmilo (UDC), tres meses despois de que os seus respectivos partidos rubricasen na referida capital catalá un acordo a favor do establecemento dun estado plurinacional. Á esquerda, Celso Delgado, vicepresidente do Parlamento. ≈ 30-10-1998

#### ➡ A volta de Guerreiro

Anxo Guerreiro desenvolveu unha contundente oposición durante toda a lexislatura dende o reducido Grupo Mixto e cuestionou especialmente moitas situacións e actuacións da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. A Cámara rexeitou dúas peticións súas para a creación de senllas comisións de investigación sobre o brote de *Aspergillus* nun quirófano do Medtec no Hospital Meixoeiro e sobre supostas irregularidades en servizos concertados polo Sergas con hospitais cirúrxicos privados para operar pacientes derivados. O conselleiro Hernández Cochón defendeu a súa actuación en todas as súas comparecencias; pero tivo que recoñecer a apertura de oito expedientes a outros tantos facultativos por unha posible vulneración das incompatibilidades reguladas, que tivo unha gran repercusión entre a clase médica. ≈ 23-2-1999





5-4-1999  
→

*Os presidentes autonómicos reúnen en Santiago con motivo do Ano Santo e piden que as comunidades elixan os seus eurodeputados*



#### **📍 Dúas comparencias nun pleno**

Un ano e medio tardou o Grupo Popular en aceptar a inclusión de dúas comparencias de conselleiros nunha mesma sesión plenaria, por solicitude dos grupos da oposición. O portavoz do PP, Jaime Pita, sinalou o seu carácter excepcional e reiterou a vixencia do criterio mantido ata entón dunha comparencia da Xunta por pleno. As dúas intervencións desta sesión estiveron a cargo dos conselleiros de Agricultura e Gandería e de Industria e Comercio, pero non tiveron unha relevancia especial. ≈ 25-5-1999



27-4-1999



*A Lei de ordenación farmacéutica, que rematou co status de privilexios dos propietarios de oficinas, foi aprobada só cos votos do PP*



#### 📍 Asociación de ex-parlamentarios

A Asociación de ex-Parlamentarios e ex-Parlamentarias do Parlamento de Galicia xerminou durante unha reunión celebrada en Santiago de Compostela, que coincidiu cunha estancia da directiva da Asociación de ex-Deputados e ex-Senadores das Cortes Xerais para articular o seu colectivo galego. Á convocatoria de Fernando González Suárez responderon Senén Bernárdez Álvarez, Andrés García Picher, José Luis García Casanovas, Gerardo González Martín, José María López Noceda e Xulio Pardellas de Blas, os cales se reuniron cos seus homólogos nacionais. Un mes máis tarde aprobaron os estatutos e formaron unha directiva provisional con María Xosé Porteiro García como presidenta. Inicialmente, a asociación empezou con 57 membros, e non desenvolveu ningunha actividade ata finais de 2007, en que Jesús María Fernández Rosende, José Luis Rodríguez Pardo e Alberte Rodríguez Feixoo se encargaron de adaptar os seus estatutos por acordo dos tres grupos. A asociación constituíuse formalmente o 21 de xaneiro de 2010 con 124 asociados e solicitou a súa inscrición no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia. A fotografía recolle a reunión do presidente García Leira coa asociación de ex-deputados e ex-deputadas das Cortes Xerais que alentaron aos seus homólogos galegos. ~ 17-9-1999

## Jesús Fernández Rosende

Deputado na 2.ª lexislatura por CP e na 3.ª, 4.ª, 5.ª e 6.ª polo PP



**L**ongo de transcorridos algúns anos desde que abandonei o Parlamento de Galicia, as miñas lembranzas inmediatas sobre aquela época lévanme ao capítulo solemne, serio e importante da actividade que alí se desenvolvía, realizada ao longo de varios anos: debates, negociacións de acordos, entrevistas con cidadáns e organizacións, situacións tensas e complicadas relacionadas con asuntos de moitísimo impacto económico e social —as catástrofes do *Mar Exeo* e o *Prestige* foron un claro exemplo de todo aquilo que vivín en primeira persoa— e un longo e variado etcétera, que consta nalgún sitio en formato multimedia para quen teña interese.

Cuestións todas elas que, de cando en vez, me veñen á cabeza ou alguén mas recorda e que se poden resumir baixo o xenérico título de traballo parlamentario.

Pero, sen ningunha dúbida, ao carón de todos estes atópanse os momentos entrañables, compartidos, destas vivencias con persoas, que foron e seguen a ser o mellor da propia institución, persoas de toda clase e condición, que che fan xenerosa e desinteresada doazón de valores, das que non deixas de aprender e coas que coñeces unha infinidade de cousas novas, curiosas, incríveis, pois pertencen a lugares distintos da nosa terra e teñen as máis diversas ocupacións ou, mesmo, distintas afeccións.

Non me refiro, por suposto, só a deputados ou altos cargos que por alí circulan, senón tamén a letrados, funcionarios, uxieres, choferes, camareiros, auxiliares de todo tipo, que no momento que as coñeces converxen contigo nese espazo físico onde conviven «fixos» (os funcionarios e traballadores) e «interinos» (os deputados e membros do Goberno) que se chama Parlamento de Galicia.

Con eles ou entre eles, non había consulta ou dúbida, sobre calquera tema ou materia, que non se puidese resolver sobre a marcha cunha resposta, ás veces erudita, dalgún dos que me rodeaban.

Lembro, con moito agarimo, os faladoiros de café como os momentos onde aprendín cousas tan dispares como que as mellores fabas, non só de Galicia senón tamén de Asturias, eran as de Lourenzá; ou onde atopar un ferreiro artesán en Santiago que fabricaba cravos de ferro pola vella, que, finalmente, foron parar á porta dunha capela en Bóveda que días máis tarde visitei; ou os nomes científicos, en latín por suposto, dunha chea de bichos raros e non tan raros.

Mención especial merece a audiencia que concitaban as disertacións maxistráis que tiñan a súa xénese nunha simple consulta en materia de agricultura, medicina, tratamentos veterinarios e un moi longo etcétera de temas que naqueles intervalos «de café» se pronunciaban.

Recoñezo, por todo iso, que fun un privilexiado, pois coincidín nunha etapa de persoas de gran valía, ás que tiveron a honra de coñecer e tratar: conselleiros de gran brillantez e inmejorable currículo, cuxa cualificación supuxo que moitos fosen fichados para misións máis relevantes; portavoces de todos os grupos parlamentarios nas distintas áreas, que nas súas intervencións se mostraban como auténticos equilibristas da palabra, magos do argumento, simpáticos e moi ocorrentes en ocasións, duros ou moi duros noutras; ás veces, as menos, vulgares ou ordinarios.

Desta etapa da miña vida, agora na distancia, podo concluír que ser deputado do Parlamento de Galicia é unha experiencia única e magnífica, un traballo apaixonante e, indubidablemente, sempre é unha grande honra servir a Galicia e aos galegos.

Todo iso permíteme hoxe dicir, primeiro, que fixen o que estivo na miña man por cambiar cousas, por melloralas; segundo, que algunha pequena cousa logrei cambiar; terceiro, quedan moitas cousas por facer e cambiar, e permíteme invitar a todo o mundo a intentar facelo, e o Parlamento de Galicia é un dos sitios onde iso se pode conseguir.

# Juan Pedrosa Vicente

Deputado na 5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> lexislatura polo PP ~ Secretario da Mesa na 5.<sup>a</sup> lexislatura



O meu sincero agradecemento á Mesa do Parlamento, e en especial á súa presidenta, por terme convidado a escribir unha liñas sobre os momentos máis significativos que lembro do meu paso como membro da Cámara durante a V e a VI lexislaturas (anos 1997 a 2005).

Destacaría varios momentos relevantes:

— O meu nomeamento polo Pleno e o día que prestei xuramento como secretario da Mesa, que supuxo unha enorme responsabilidade e, ao mesmo tempo, unha certa preocupación ao ser, ata ese momento, o único secretario que non era xurista nin licenciado en dereito. Pero esa inquietude viuse atenuada pola profesionalidade e a boa formación do corpo de letrados encabezado polo oficial maior, señor Cólera, que en todo momento, como economista que son, me prestou asistencia e asesoramento.

— Outro motivo especial, do que gardo un grato recordo, foi cando no ano 2003 a Casa Real designou ao presidente do Parlamento Delegado rexio nos actos da Ofrenda ao Apóstolo Santiago, nos que, en calidade de secretario da Mesa, actuei como secretario do Delegado rexio.

— Igualmente, destacaría pola súa transcendencia, emotividade e importancia social, ter dado lectura ao Decreto de nomeamento, publicado no *Boletín Oficial do Estado*, do presidente da Comunidade Autónoma de Galicia en dúas ocasións (anos 1997 e 2001, respectivamente), así como ter levantado acta da súa toma de posesión.

Por último, e para non excederme, como anécdotas podería enumerar varias, pero non por razón do cargo, senón pola localización do meu despacho, que era o máis próximo ao salón de sesións (hemicycle) e que utilizaban algunhas señorías non só para chegar a tempo ás votacións, senón para realizar múltiples xestións políticas de gran calado. Por iso, permitídemme que, dada a confidencialidade delas, as reserve e as garde nos meus recordos.

Non querría rematar estas letras sen acordarme dos compañeiros que nos deixaron, en especial, de Alberto Durán, todo un «gentleman» co que durante anos compartín alegrías e tristezas, e co que me unía unha estreita relación persoal e unha entrañable relación de amizade. Descanse en paz.



### 🔴 **Cuíña no punto de mira**

O conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, José Cuíña, realizou unha comparecencia plenaria, a petición propia, para ofrecer información pormenorizada sobre a investigación xudicial aberta en torno a unha suposta trama delituosa para atentar contra a súa vida. Cuíña Crespo agradeceu a solidariedade recibida e explicou todos os pormenores do estraño asunto, que relacionou con escuros intereses urbanísticos. A Cámara rexeitou máis tarde a solicitude dunha comisión de investigación que formularon os grupos do BNG e PSdeG-PSOE. 22-2-2000



#### A Cámara ovacionou a Cora ↻ ↻


A Cámara viviu unha situación nada habitual na despedida do Valedor do Pobo, José Cora Rodríguez, con todos os deputados postos en pé dedicándolle unha longa ovación. Cora presentou o seu último informe correspondente ao ano 1999 e aproveitou a ocasión para realizar tamén un balance do traballo realizado ao longo da década. O alto comisionado ponderou a consolidación e o recoñecemento da institución e, pola contra, lamentou a pervivencia das súas denuncias máis habituais. Pola súa banda, os portavoces dos tres grupos aplaudiron a súa obxectividade e recoñeceron a súa independencia no traballo realizado. ↻ 13-6-2000



27-6-2000



**A Cámara aproba unha comisión de investigación sobre varias actuacións da Ciudad de los Muchachos-Benposta**



### 🔁 A «crise das vacas tolas»

O Parlamento de Galicia celebrou por segunda vez na súa historia —catorce anos despois da caída do Goberno de Fernández Albor— unha sesión plenaria para debater unha moción de censura que tiña todas as papeletas para quedarse en nada, tal e como así aconteceu finalmente. O Grupo do BNG presentou a súa reprobación contra o presidente da Xunta para esixirlle responsabilidades políticas, principalmente pola súa xestión da chamada «crise das vacas tolas», aínda que tamén incluíu na súa motivación a falta dun acordo pesqueiro con Marrocos e os efectos do último temporal. Vinte días antes da celebración do debate, cando Xosé Manuel Beiras presentou a moción de censura por sorpresa, o presidente da Xunta destituíu o conselleiro de Agricultura, Castor Gago, e nomeou no seu lugar a Juan Miguel Diz Guedes. Unha vez aberto o pleno para debater a moción, Manuel Fraga ensombreceu o debate co anuncio de eleccións autonómicas na primeira quincena de outubro. A partir dese instante, as intervencións duns e outros pasaron a un segundo plano e diluíronse os seus argumentos. Os socialistas abstivéronse, e a moción de censura foi rexeitada por 41 votos en contra e 18 a favor. 29-1-2001





#### 📌 Medalla de ouro da UDC

Un solemne acto no pazo do Hórreo acolleu a entrega da medalla de ouro que a Universidade da Coruña (UDC) concedeu ao Parlamento de Galicia. O reitor José Luis Meilán reivindicou no seu discurso o papel da institución universitaria como punta de lanza do progreso de Galicia. José M.ª García Leira agradeceu a distinción que recolleu das mans de Meilán Gil e recordou a aprobación por unanimidade da lei que deu orixe ao nacemento das universidades da Coruña e Vigo. ~ 22-3-2001





#### 🔗 Declaración contra o terrorismo

O asasinato por ETA dun concelleiro do PP en San Adrián del Besós (Barcelona) provocou unha onda de indignación e rexeitamento en todo o país, que foi plenamente compartida pola Cámara galega. O texto da resolución estivo condicionado pola negativa de Camilo Nogueira, eurodeputado do BNG, a secundar uns días antes en Estrasburgo a iniciativa conxunta en contra do terrorismo etarra que formularon os grupos popular e socialista europeos. A negociación entre os portavoces dos tres grupos acabou tomando como referencia o texto aprobado polo Congreso dos Deputados, cunha mensaxe adaptada á sociedade galega. O Parlamento expresou a súa firme repulsa polo crime do edil catalán, e fixo un chamamento á unidade de todos os demócratas fronte ao terrorismo, en defensa do Estado de dereito e dos valores democráticos que consagra a Constitución. ~ 26-9-2000



#### 📍📍📍 **Visitas internacionais**

O Parlamento de Galicia recibiu ao longo da década dos anos 90 unha morea de visitas de personalidades distintas —ademais das clásicas estancias de embaixadores e mandatarios— que ratificaron unha proxección ascendente do seu relevo internacional. Entre eses visitantes nada habituais estiveron Michael Barnier, comisario de política rexional da Unión Europea —na foto de arriba— (26-4-2001); o xefe Asháninka cun representante da Fundación Paz e Solidariedade —arriba á dereita— (12-2-1999); ou Will Thyss, presidente da Confederación Mundial do Traballo —na foto da dereita— (16-10-1998).



### 📌 ➡ Biografías de deputados

*Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)* foi un laborioso traballo de catro anos, que xurdiu como froito dun convenio de colaboración que a Real Academia Galega e o Parlamento de Galicia asinaron en 1997. Baixo a coordinación xeral do autor do proxecto, Xosé Ramón Barreiro Fernández, o libro estivo a cargo de Beatriz López Morán, Xosé Luís Míguez Goyanes e o propio Barreiro Fernández, coa colaboración de María Xesús Souto Blanco e Xosé M. Amado López, como investigadores. Máis de 2.000 fichas de deputados e senadores de Galicia ao longo de dous séculos compiláronse en dous grosos volumes: de 1810 a 1923, e de 1927 a 2001, respectivamente. O presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, e o presidente do Parlamento, José María García Leira, realizaron a presentación da obra no pazo do Hórreo xunto ao seu coordinador xeral, o profesor Barreiro Fernández, en presenza de moitos parlamentarios. En primeiro termo, de esquerda a dereita, Elisa Madarro, Pilar García Negro, Juan Manuel Casares, dous representantes da Consellería de Cultura e máis o letrado maior, José Ramón Cólera, ao fondo.

~ 12-10-2001







#### **📌 Achea documental estatutaria**

O Parlamento editou *O Estatuto de autonomía de Galicia; documentación oficial (1977-1981)* no marco da celebración do vixésimo aniversario da súa aprobación. O letrado Baldomero Cores Trasmonte recompilou nunha voluminosa obra de 800 páxinas os pasos e as etapas máis salientables da preautonomía galega, ata a constitución de Galicia como comunidade autónoma e o seu acceso ao autogoberno. O autor presentou a súa obra a véspera da conmemoración do plebiscito do Estatuto do 36, acompañado polo presidente e o vicepresidente primeiro do Parlamento, respectivamente, José M.ª García Leira e Miguel Santalices Vieira. ~ 27-6-2001

# José Ramón Cólera Leirado

Persoal do Parlamento. Asesor dende 1981 ~ Letrado oficial maior dende 1984 ata 2007



“ **A**NTES DE CHEGAR COMO LETRADO ao primeiro Parlamento de Galicia vivín moi de preto a etapa preautonómica desde 1978. Eu era secretario de primeira categoría de administración local e levaba os concellos do Pino e Arzúa. Cando se constituíu a Comisión de Transferencias entre a Xunta e as Deputacións, chamoume Antonio Rosón porque necesitaban un fedatario para facer as actas das reunións. «Ten que axudarme para botar isto a andar. Pero non lle vou pagar nada porque non hai cartos», díxome. E eu aceptei, aínda que sen deixar o meu traballo de secretario municipal. Pouco despois, cando se creou o primeiro Goberno da Xunta preautonómica, nomeáronme secretario xeral técnico da Consellería de Administración Local con Miguel Sanmartín Losada, logo denominada de Xustiza e Interior.

Máis tarde, o presidente da Xunta, José Quiroga, suxeriu o meu nome como persoa idónea para elaborar as normas xurídicas e administrativas destinadas á constitución do futuro Parlamento, e designáronme para facer ese labor especial. Solicitei ir a Cataluña e ao País Vasco para ter unha referencia solvente e despois cumprín co encargo e fixen as normas, que aprobou o Consello da Xunta preautonómica antes das primeiras eleccións democráticas. Con carácter xeral, seguí moi to as normas catalás, dado que ían por diante nosa na configuración da súa autonomía.

Inmediatamente despois das primeiras eleccións de 1981 tivemos unha reunión na Xunta e pedíronme que exercese como oficial maior na sesión de constitución do primeiro Parlamento. Pero nesa ocasión rexeitei o encargo porque crin que non era a persoa axeitada. Pedíronme un nome e eu propuxen a Xosé Fariña Jamardo, que fora profesor meu no Instituto de Estudos de Administración Local, e que daquela era o secretario xeral da Deputación de Pontevedra. Ademais de ser un magnífico técnico,

tiña moito predicamento no mundo cultural galego polas súas publicacións. Falei con el e aceptou. Foi un nomeamento en comisión de servizos, pero con compatibilidade de funcións, sen deixar o seu posto na deputación. Entón puxémonos a traballar cóbado con cóbado e en quince días preparamos todo o necesario para canalizar a posta en marcha do primeiro Parlamento.

Á hora de elaborar as normas provisionais para o funcionamento parlamentario, recordo que o primeiro problema se suscitou arredor da fixación do número de deputados necesarios para constituír un grupo parlamentario. Os antecedentes de Cataluña e do País Vasco fixaban cinco deputados, pero o BNG-PSG tiña só tres e pugnou forte por ter grupo propio. O asunto debateuse e finalmente impúxose a tese inicial dos cinco deputados.

O presidente Quiroga Suárez repartiu o traballo institucional daqueles días para a posta en marcha do Parlamento en tres persoas, basicamente: Evaristo Castromil encargouse dos aspectos protocolarios, Julio Riera asumiu os aspectos organizativos, e eu ocupei dos aspectos xurídicos... Quen decidiu a elección do pazo de Xelmírez

para acoller a constitución do Parlamento? Creo que foi unha decisión consensuada, porque se barallaron varios lugares. Por exemplo, recordo que se pensou no instituto Rosalía de Castro. Supoño que o peso da historia resultou determinante, porque o arcebispo Xelmírez foi o gran facedor da autonomía galega fronte ao reinado de Castela, e o seu pazo compostelán xa acollera outras celebracións anteriores de especial relevancia. Alí só se celebraron media ducia de sesións plenarias, dado que era un lugar moi incómodo: subir aquelas escaleiras ata o terceiro andar resultaba un auténtico suplicio e un verdadeiro risco para moitos deputados de certa idade.

Castromil e Riera encargáronse tamén de todos os detalles para o traslado do Parlamento ao pazo de Fonseca e o seu corres-

***Eu estiven colaborando no desenvolvemento do Parlamento dende o primeiro día e intervín moito nas negociacións das transferencias, sempre dende unha perspectiva técnica, sen afiliación política. E traballei moi a gusto xunto a don Antonio Rosón, que foi un gran presidente***

pondente acondicionamento, que fixo a construtora pontevedresa José Malvar. O salón artesoado practicamente non se tocou e a capela que estaba en fronte converteuse en sala de comisións. Unha especie de gran saba ocultaba todo o altar. E despois preparáronse dous despachos, un para a presidencia e outro para o seu gabinete. En Fonseca instalouse só a parte institucional do Parlamento, en tanto que a parte administrativa se situou nuns baixos cedidos polo Concello de Santiago no pazo de Raxoi, xunto aos calabozos municipais.

Eu estiven colaborando no desenvolvemento do Parlamento dende o primeiro día e intervín moito en todas as negociacións das transferencias, pero sempre dende unha perspectiva técnica. Nunca tiven afiliación política, pero traballei moi a gusto xunto a don Antonio Rosón, que foi un gran presidente; case diría que resultou un home providencial naqueles anos...

Rosón era moi hábil, moi conciliador e reflexivo, e tamén era moi galego. Tiña unha forma de traballar no Parlamento que me resultaba moi peculiar. Cando eu tiña que informar como letrado sobre calquera asunto, nunca o facía ante a xunta de portavoces, senón que me reunía con el no seu despacho e alí estábamos o tempo que fixese falta ata que Rosón quedaba cunha opción clara de cada tema. El sempre desexaba coñecer todas as alternativas, repasabamos unha a unha; era coma se me fixese un exame previo. Este sistema era moi bo para el e para min tamén. Para el era bo porque se empapaba dos temas previamente e logo demostraba o seu coñecemento e o seu dominio cando se trataban ou debatían nos plenos. E para min era moi cómodo, porque atopábame independente ante todos os grupos ao me relegar a un segundo plano, a salvo das controversias políticas e das inevitables polémicas. Eu aprendín moito ao seu lado e tiñalle un gran cariño. Tamén exerceu o cargo cunha austeridade espartana.

***Sen menosprezar a ningún e salvando as diferenzas, os deputados do primeiro Parlamento eran xente dunha preparación extraordinaria. Para min resultou unha tarefa moi doada cambiar impresións xurídicas con aqueles parlamentarios***

Cando se configurou en 1983 o primeiro equipo do Parlamento e se anunciaron as prazas, eu non estaba moi convencido de seguir alí e atrasei a miña solicitude ata o último día. Entón Rosón chamoume e díxome: «Veña pra aquí! Estou revisando as listas, pero non vexo ou seu nome. Vostede non pode irse agora; eu necesito que siga aquí». E convenceume... O tribunal de selección do concurso outorgoume o número un, Alfonso Bozzo foi o número dous e Baldomero Cores foi o número tres. Os tres formamos o primeiro equipo de letrados do Parlamento.

Logo formulouse quen ía ser o letrado maior e eu non quería, porque me interesaba máis seguir traballando a media xornada, só pola tarde. Pero acabei aceptando e logo fun letrado oficial maior durante vinte e tres anos; ou sexa, media vida aquí... Poderíamos estar a falar horas e horas, porque tiven innumerables vivencias ao longo de tanto tempo.

Sen menosprezar a ningún e salvando as diferenzas, os deputados do primeiro Parlamento galego eran xente dunha gran formación e dunha preparación extraordinaria. Para min resultou unha tarefa moi doada cambiar impresións

xurídicas con aqueles parlamentarios, cada vez que xurdía algún problema...

Daquela primeira lexislatura lémbrome moi ben do pleno para debater sobre a capitalidade, que foi a primeira lei aprobada. Foi a sesión da historia do Parlamento que rematou máis tarde, sobre a unha e media da madrugada da noite de san Xoán, e resultou bastante complicada e tensa. Paco Vázquez chegou a pedir amparo á presidencia e solicitou a presenza policial, porque dixo que acababa de recibir un anónimo con ameazas serias de que estarían a esperalo fóra cando rematase a sesión. Rosón foi aquela noite máis xeneroso que nunca na concesión da palabra e no tempo de intervención, sobre todo a Paco Vázquez. Algunhas veces, cando se mostraba moi condescendente coas quendas e as



intervencións, eu dicíalle en voz baixa: «Pero don Antonio...!» E un día díxome: «Deixe que falen, que o Parlamento é a institución axeitada para facelo».

Algún momento especial daqueles anos? Entre os momentos máis relevantes ou significativos na historia do Parlamento, eu destacaría toda a tramitación da moción de censura contra Albor e a posterior celebración daquela sesión que orixinou o cambio de Goberno. Tiven moito traballo e foi moi difícil, porque non había antecedentes sobre unha moción de censura que tivese triunfado antes en España e podían darse situacións que ata entón non se contemplaran nunca. Por exemplo, analizamos que habería que facer se o censurado presentaba a súa renuncia antes de que se iniciase o pleno para debater aquela moción. Ao final, non houbo problemas legais, pero vivíronse momentos moi emotivos.

Outro asunto que me deu moito traballo foi a primeira reunión da Comisión do Deputado, onde compareceu Xosé Luís Barreiro por petición propia para defenderse dunhas acusacións graves. Esta comisión tiña que celebrarse a porta pechada e tampouco se reunira nunca; non tiñamos ningún antecedente. Por vez primeira houbo que levantar unha acta taquigráfica; polo seu carácter secreto non podía gravarse a comparecencia. E aquela acta gardouse logo na caixa forte da presidencia... A articulación da primeira comisión de investigación, que versou sobre unha situación interna do Consello da Xuventude, tamén constituíu outro rompedeiro de cabeza, aínda que logo non foi adiante. Cada asunto novo xeraba todo un reto para min.

O Parlamento viviu ao longo de todos estes anos diversas situacións conflitivas. Recordo ben o asalto literal ao pazo de Fonseca que protagonizaron uns traballadores de dúas empresas dun grupo agropecuario, que querían reunirse co conselleiro de Agricultura. Eu estaba a oír o barullo desde dentro, onde se celebraba un pleno, e imaxineime unha situación caótica, ata o punto de que parecía que en calquera momento ían entrar na Cámara. Alí puido pasar de todo... A Mesa que presidía Tomás Pérez Vidal reuniuse coa xunta de portavoces para decidir como había que actuar e acordouse o envío dun informe ao fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que actuase de oficio. O asunto rematou no Tribunal Supremo, que ratificou as penas de varios

anos de desterro para os líderes daquela protesta, por un delito contra altos organismos da Comunidade Autónoma.

E outro episodio conflictivo produciuse na cafetaría do pazo do Hórreo, cando Karina Fálagan irrompeu no seu interior e agrediu a deputada socialista Rosa Miguélez por un comentario que fixera... Recordo que o presidente Victorino Núñez me chamou inmediatamente para comentarme a agresión e preguntarme que é o que tiñamos que facer. Alí vulnerárase claramente a inmunidade parlamentaria e, polo tanto, tiña que tramitarse unha acción penal. Entón o Parlamento de Galicia decidiu por vez primeira encargar o caso a un avogado de fóra, porque nin eu nin os demais letrados dominabamos a materia penal como para afrontar un asunto de tanta responsabilidade pola súa especial significación...

Que faga unha selección amable de bos parlamentarios? Ben, eu entendo por bos deputados aqueles que, ademais de seren bos oradores, son tamén bos improvisadores. Xosé Luís Barreiro, Vázquez Portomeñe e Xosé Manuel Beiras foron moi bos parlamentarios. Antolín Sánchez Presedo e Bautista Álvarez sempre levaban os temas moi ben preparados. Entre os deputados menos coñecidos ou os que non estiveron moito tempo, destacaría a Fernando Martínez Randulfe (EG), a Miras Portugal e a Miguel Barros Puente (PSdeG-PSOE). Camilo Nogueira era moi incisivo e peleón, pero nunca lle chegaba o tempo que lle daban e sempre pedía máis. Carlos Mella falaba como escribe nos seus libros; era moi cáustico, moi irónico... Facendo memoria, a lista sería longa.

Por que me fun? Funme porque estaba moi canso e cumprira os 65 anos. Traballara moito aquí; ata levaba o traballo para casa. Durante moito tempo creo que era o primeiro que chegaba e o último que se ía do Parlamento. Nun momento determinado considerei xubilarme, pero a constitución do novo equipo da institución do Valedor do Pobo animoume a continuar a miña longa vida administrativa.

”

**2001-2005**

# **6.<sup>a</sup> Legislatura**

**A** sexta lexislatura empezou o 20 de novembro de 2001 e concluíu o 26 de abril de 2005. Manuel Fraga logrou con folgura a súa cuarta maioría absoluta de 41 deputados, en tanto que PSdeG-PSOE e BNG empataron a 17 escanos.

Este resultado electoral non supuxo ningunha variación importante con respecto aos comicios anteriores. Non obstante, as cousas cambiaron moito, ata o punto de que os tres grupos iniciaron este período novo nun ambiente distendido, de cordialidade persoal e diálogo institucional. Un apertón de mans entre Fraga e Beiras, con toda a Cámara por testemuña, enmarcou este punto de encontro.

Tan ben pintaron as cousas aqueles días de viño e rosas, que García Leira aproveitou a ocasión para establecer, con carácter definitivo, a prohibición de fumar no pazo do Hórreo despois duns cantos intentos falidos.

O presidente da Xunta demostrou coas súas comparecencias periódicas dende o primeiro momento, que estaba totalmente disposto ao intercambio de propostas e a confrontación de ideas nun marco máis sereno. Este xesto de Fraga foi moi celebrado por Touriño e Beiras, ata o punto de que a Cámara se converteu nunha balsa de aceite.

Ata trinta mulleres accederon ao hemiciclo nesta lexislatura, e esa presenza tivo o seu reflexo inmediato na constitución da Mesa da Cámara, onde cada grupo optou por unha representación feminina. Inmaculada Rodríguez (vicepresidenta 1.ª), Salomé Álvarez (vicepresidenta 2.ª) e Dolores Villarino (vicesecretaria) compuxeron unha insólita maioría no órgano de goberno, que nunca se dera ata entón, nin volveu repetirse despois.

Inesperadamente, produciuse o afundimento do *Prestige*, que tinguu de negro o escenario parlamentario. Xa nada volveu ser igual. A aceptación dunha comisión de investigación por parte do PP, para clarificar os feitos e depurar responsabilidades, non impediu a presentación de dúas mocións de censura por PSdeG-PSOE e BNG, que non prosperaron pero romperon o bo clima reinante entre os tres grupos. Máis tarde, unha sentenza do Tribunal Constitucional obrigando a reabrir a referida comisión, que o PP pechara ante o bloqueo desenvolvido pola oposición, contribuíu a acender a disputa aberta en torno a un suceso que conmocionou a opinión pública.

Non menos duro resultou o golpe emocional que produciu o esvaecemento do presidente da Xunta en pleno debate do estado da autonomía a finais de 2004. A Cámara estremeceu-se aquel día, e saudou a súa recuperación vinte e catro horas despois, cando Fraga continuou o seu discurso coma se nada tivese pasado.

Por unanimidade aprobáronse o estatuto de capitalidade para Santiago, o recoñecemento das parellas de feito e un plan de normalización do galego, cun total de 445 medidas concretas.

Unha deputada e un deputado, tan significativos como Pilar García Negro e Miguel Cortizo Nieto, foron os protagonistas de dúas despedidas inesperadas e leváronse o aplauso xeral das súas compañeiras e compañeiros.


Nesta lexislatura acometeuse tamén a reforma máis importante do pazo do Hórreo dende a súa inauguración como sede do Parlamento. Esta obra permitiu a todos os deputados ter un despacho propio para desenvolver con decoro as súas actividades propias.

## O Parlamento na 6.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 20 de novembro de 2001

Data de disolución do Parlamento: 26 de abril de 2005

### Constitución do Parlamento



### Composición da Mesa do Parlamento

PRESIDENTE:

José María García Leira [PP]

VICEPRESIDENTE 1.º:

Inmaculada Rodríguez Cuervo [PP]

VICEPRESIDENTE 2.º:

Salomé Álvarez Blanco [BNG]

SECRETARIO:

Juan Pedrosa Vicente [PP]

VICESECRETARIO:

Dolores Villarino Santiago [psdeg-PSOE]

## Relación de parlamentarios

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA (PP)

- Álvarez Montes, María Marta
- Amarelo de Castro, Fernando
- Baltar Blanco, José Manuel
- Barreiro Fernández, José Manuel
- Bueno Berrío-Ategortua, Marisol
- Caldelas Fernández, María Josefa
- Casares González, Juan Manuel
- Castedo Carballo, Remedios
- Castro García, Roberto
- Cuiña Crespo, Xosé
- Díaz Vázquez, Manuel
- Fernández Rosende, Jesús María
- Fraga Iribarne, Manuel
- Gago Álvarez, Cástor
- García Leira, José María
- González Loroño, Beatriz
- Juncal Rodríguez, Juan Manuel (baixa 14-6-03). *Substituído por Mayán Santos, José Manuel (alta 25-6-03)*
- López Abella, Susana
- López Besteiro, Manuela
- López Díaz, Victoria Eugenia
- López García, Sergio (baixa 27-9-02). *Substituído por Carballo Páez (alta 3-12-02)*
- López Outeiral, Manuel
- López Veiga, Enrique César
- Madarro González, Elisa (baixa 24-1-03). *Substituída por Calvo Pouso, Diego (alta 7-2-03)*
- Martín Alonso, María (baixa por falecemento 24-5-02). *Substituída por Janza Muñiz, Paula (alta 18-6-02)*
- Palmou Lorenzo, Xesús
- Pedrosa Vicente, Juan
- Pita Varela, Jaime Alberto
- Porro Martínez, María Corina (baixa 21-7-03). *Substituída por Gómez Alonso, Alejandro (alta 9-9-03)*
- Ramallo Vázquez, María Pilar (baixa 21-7-03). *Substituída por González Solla, Salvador (alta 9-9-03; baixa 13-5-04). Substituído por Pérez Ares, César Augusto (alta 25-5-04)*
- Reviejo Ares, Miguel Ángel
- Rodríguez Corcoba, Fernando
- Rodríguez Cuervo, Inmaculada
- Rodríguez Fernández, Maximino
- Rodríguez Seijas, María Dolores
- Rojo Noguera, Pilar
- Ruiz Rivas, Manuel
- Santalices Vieira, Miguel Ángel
- Sestelo Fernández, Ramón
- Sueiro Pastoriza, Alberto
- Tapia Fernández, María Jesús

### GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- Álvarez Blanco, María Salomé
- Álvarez Domínguez, Bautista
- Beiras Torrado, Xosé Manuel
- Díaz Díaz, Xosé
- Fernández Davila, María Olaia (baixa 23-7-03). *Substituída por Darriba Calviño, Rosa M.ª (alta 9-9-03)*
- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco
- García Negro, María Pilar (baixa 23-12-03). *Substituída por Pontón Mondelo, Ana Belén (alta 7-2-04)*
- Gutiérrez Fernández, Eduardo
- Lobeira Domínguez, Bieito
- López Pérez, Emilio
- Merino Mejuto, Domingos
- Rodríguez Feixoo, Alberte Xullo
- Rodríguez Peña, Xosé Henrique
- Suárez Canal, Alfredo
- Tello León, Xosé Henrique (baixa 4-6-02). *Substituído por Novo Arrojo, M.ª Tereixa dos Anxos (alta 18-6-02)*
- Trigo Durán, Francisco
- Veiga Buxán, Xesús



### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Casares Mouriño, Xabier (baixa 30-4-02). *Substituído por Rodríguez González, Manuel Luis (alta 14-5-02)*
- Cerviño González, Francisco
- Cortizo Nieto, Miguel (baixa 28-1-05). *Substituído por Fontán Prado, María Esther (alta 9-2-05)*
- Gallego Calvar, Carmen
- González Laso, Natividad
- López Vidal, Pablo Xabier
- Louro Goyanes, Antón (baixa 30-3-04). *Substituído por Borrajo Rivas, Pedro (alta 13-4-04)*
- Méndez Romeu, José Luis (baixa 23-4-04). *Substituído polo Lage Tuñas, José Manuel (alta 11-5-04)*
- Pérez Herraiz, Margarita
- Pérez Touriño, Emilio
- Pose Mesura, Modesto
- Rego González, Ismael
- Seara Sobrado, Laura
- Sineiro García, Francisco
- Soneira Tajés, María Soledad
- Varela Sánchez, Ricardo
- Villarino Santiago, Dolores



### 🕒 🔄 **As mulleres copan as Mesas**

Manuel Fraga repetiu unha vez máis como presidente da Mesa de Idade, e ao seu carón tivo as deputadas máis novas: á esquerda, María Josefa Caldelas Fernández (PP), e á dereita, Laura Seara Sobrado (PSdeG-PSOE). Este predominio feminino plasmouse tamén na elección da Mesa do Parlamento. O nomeamento de Inmaculada Rodríguez Cuervo (PP) como vicepresidenta 1.ª foi acollido con moitos aplausos dos seus compañeiros. Ao seu lado, Fernando Rodríguez Corcoba, e ao outro, Maximino Rodríguez Fernández e María Dolores Rodríguez Seijas. Na fila de enriba, de esquerda a dereita, María Jesús Tapia, Alberto Sueiro, Ramón Sestelo e Miguel Santalices. 🕒 20-11-2001





### Salomé releva a Bautista ↻ ↺

José María García Leira foi reelixido como presidente do Parlamento, e a Mesa contou por primeira vez na súa historia cunha maioría feminina en representación dos tres grupos. De esquerda a dereita, Juan Pedrosa Vicente (PP), secretario; Inmaculada Rodríguez Cuervo (PP), vicepresidenta 1.ª; José María García Leira (PP), presidente; Salomé Álvarez Blanco (BNG), vicepresidenta 2.ª; Dolores Villarino Santiago (PSdeG-PSOE), vicesecretaria, e un letrado e unha letrada nas esquinas da mesa. O relevo que o BNG fixo na Mesa, de Bautista Álvarez por Salomé Álvarez, foi moi celebrado polo grupo. Na foto, Xosé Manuel Beiras e Xosé Francisco Ferreiro Abelleira sorrín co cariñoso saúdo dos protagonistas da mudanza, mentres Pilar García Negro fala con Francisco Trigo, de costas, co libro *Sempre en Galiza* na man. 20-11-2001









#### 🕒 Apertón de mans

Manuel Fraga iniciou a súa cuarta lexislatura co ofrecemento dun maior e máis fluído diálogo institucional no discurso conciliador que pronunciou no debate de investidura. O líder socialista, Emilio Pérez Touriño foi o primeiro en aceptar a proposición lanzada, e dous días despois fixo o propio o portavoz nacionalista, Xosé Manuel Beiras, quen selou ese acordo cun apertón de mans tras a proclamación de Fraga como presidente da Xunta. Esas boas intencións ratificáronse durante un xantar que Fraga e Beiras celebraron un mes máis tarde. Con Touriño xa fixera o propio anteriormente, aínda que de forma discreta. 🕒 5-12-2001





### 🔄 Novo escenario político

O novo escenario aberto entre os tres grupos políticos do ámbito parlamentario repetiuse durante a toma de posesión de Fraga como presidente da Xunta. O líder nacionalista Beiras Torrado asistiu por primeira vez a esta celebración, onde tampouco faltou o líder socialista Pérez Touriño, entre un gran número de autoridades e convidados que encheron o Salón Nobre do pazo do Hórreo. Fraga manteivo o seu ton conciliador, avogou por modificar todo o reformable e anunciou o inicio dunha nova era en Galicia. A representación do Goberno central estivo a cargo do vicepresidente Mariano Rajoy, que aparece sentado durante a intervención de Fraga, ao outro lado de García Leira.

### 🔴 Prohibido fumar

A prohibición de fumar en plenos e comisións quedou lista ao final da 5.ª lexislatura. García Leira aproveitou a primeira reunión da Xunta de Portavoces para aplicala sen máis dilacións coincidindo co inicio da nova lexislatura. O presidente argumentou que a institución normativa por excelencia non podía dar mal exemplo e incumprir a prohibición vixente de fumar en lugares públicos. Os portavoces aprobaron a proposta por asentimento e ese mesmo día, García Leira comunicou aos membros da Mesa a aplicación da medida de forma inmediata. ~ 26-II-2001



*«Non sei se é vostede consciente de que coa prohibición de fumar está pedíndome a cabeza do Bautista»*

—Resposta de García Leira a Santalices Vieira ao rematar a 5.ª lexislatura con alusión incluída a Bautista Álvarez, compañeiro de Mesa e fumador empedernido.



### Comisións permanentes ↻

As comisións permanentes pasaron a ter 14 membros para acomodar mellor a súa distribución numérica ao resultado electoral: PP, 8; PSdeG-PSOE, 3 e BNG, 3. O PP efectuou unha ampla renovación nas presidencias: 1.ª- Institucional, Fernando Amarelo de Castro. 2.ª- Ordenación do Territorio, Maximino Rodríguez Fernández. 4.ª- Educación e Cultura, Pilar Rojo Noguera. 5.ª- Sanidade, Miguel Santalices Vieira. 6.ª- Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, José Manuel Baltar Blanco. 7.ª- Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, Castor Gago Álvarez. E 8.ª- Pesca e Marisqueo, Ramón Carballo Páez. PSdeG-PSOE e BNG disputáronse a presidencia da Comisión de Economía por contar co mesmo número de escanos e, finalmente, elixiuse ao socialista Francisco Sineiro García. 2001-11-30

## José Manuel Barreiro Fernández

Deputado na 5.ª e 6.ª lexislaturas polo PP



**O**s dez anos que pasei no Parlamento de Galicia (1997 a 2007) non teño dúbida de que marcaron un antes e un despois tanto na miña traxectoria política como persoal.

Foi unha década moi intensa, tanto polos asuntos que abordamos na Cámara, moitos de enorme transcendencia, como polas diferentes responsabilidades que me tocou asumir, xa fose como integrante do grupo parlamentario ou como membro do Goberno.

Unha variedade de asuntos e competencias que, precisamente pola súa diversidade, me proporcionaron moitas satisfaccións persoais e algún que outro desgusto. Tocoume ser voceiro de grupo co Partido Popular no Goberno e tamén na oposición, voceiro de Economía, presidente da Comisión de Agricultura, conselleiro de Medio Ambiente, vicepresidente...

Algúns dos encargos que me encomendaron foron, non o nego, especialmente difíciles. A presidencia da Comisión de investigación das vacas tolas e mesmo a do *Prestige*, pola gravidade e as consecuencias que ambas situacións levaban apareladas para o conxunto do país, estiveron cheas de intensidade e tensión.

Lembro igualmente con enorme claridade o primeiro debate orzamentario no que participei, aló polo 1998 e case acabado de chegar á Cámara, con Emilio Pérez Touriño e Xosé Manuel Beiras.

En calquera caso, son precisamente estes episodios, imaxino que pola súa transcendencia, os que máis frescos manteño na memoria.

Tamén, como un efecto colateral do traballo intensivo e do debate que suscitaban estas e outras cuestións, amén do tempo que lle dedicamos á súa análise e desenvolvemento, permitiéronme afianzar relacións persoais á marxe da estrita actividade política.

Satisfaime moito neste senso poder dicir que conto con bos amigos en todo o arco político, froito precisamente de compartir prolongadas sesións de traballo, ás veces tensas, outras algo máis distendidas, derivados precisamente do cumprimento das obrigas e responsabilidades que me tocou asumir durante a miña estadía no Parlamento.

Unhas amizades que estou convencido de que non chegarían a terse materializado, nin sequera tería a oportunidade de coñecer a moitas desas persoas, se non se desen eses condicionantes e non compartísemos ese marco común.

Non podo negar tampouco que formar parte do equipo de Manuel Fraga e mesmo do actual presidente Alberto Núñez Feijóo supuxo para min, ademais dunha obvia e lóxica satisfacción, unha fonte de inspiración inesquecible.

En definitiva, pasado o tempo, lembro con moita ledicia e ata con certa nostalgia a miña estadía na Cámara galega. Foron tempos, pese as dificultades ás que moi por encima aludín xa, dunha intensidade e dunha riqueza vital excepcional, posiblemente difíciles de repetir.



# Alberto Sueiro Pastoriza

Deputado na 6.ª, 7.ª e 8.ª lexislaturas polo PP



**N**unca me pasara polo pensamento que algún día escribiría sobre a miña experiencia no Parlamento de Galicia. Recuperado da sorpresa inicial, sinto a vertixe de comprobar como, efectivamente, dende aquel remoto xullo do 2001, cando o presidente Fraga confirmou que participaría na candidatura da Coruña, xa estamos a piques de cumprir dez anos, tres lexislaturas.

Se trato de poñer orde no caudal de emocións, lembranzas, instantes, anécdotas, ledicias e decepcións, satisfaccións e desenganos, que de súpeto me asaltan intentando facer unha escolma deste tempo, síntome completamente incapaz. ¿Como elixir o máis importante se cada feito que creo digno desa categoría me encadea inevitablemente a outros, que tamén son merecentes de destacar querendo ser minimamente xusto con tantas persoas, situacións e momentos inesquecibles?

Obrigado a clasificar os acontecementos, dende unha visión estritamente histórica, diría que fun testemuña dunha década apaixonante: o solpor do presidente Fraga, o primeiro Goberno non popular saído dunhas eleccións e a confirmación de Núñez Feijóo como o persoeiro político galego dos albores do século XXI. Grosso modo esta sería a síntese do meu periplo polo Parlamento.

Pero, se debo falar da intrahistoria, do meu percorrido persoal pola casona do Hórreo, entón diría que hai tres momentos que se erguen, entre todos, como os máis salientables, aqueles que deixaron unha pegada máis fonda.

O primeiro aconteceu o 5 de decembro do 2001. Despois de doce anos de enfrontamento encarnizado, as dúas figuras máis importantes da política galega da fin do século XX estreitaban a súa man e albiscaban un novo vieiro para a política galega. Contemplan, na miña primeira presenza nunha sesión plenaria, un xesto tan cargado de simbolismos e significados como aquel, non por inesperado menos admirable, causoume unha fonda impresión. Lembro perfectamente a sensación de emoción por ser testemuña directa daquel intre que pechaba a transición en Galicia e normalizaba definitivamente a política galega. Sentínme moi afortunado e acreditei na idea dun novo tempo da man daquela nova xeración de novos deputados que estreabamos a VI lexislatura. Non aconteceu así. O *Prestige* tamén afundiú esa inocente esperanza.

Foi tamén un día cinco, o 5 de outubro do 2004, cando vivín outro dos días que decote asaltan o meu maxín cando repaso os anos no Parlamento. O presidente Fraga lía o seu discurso na tribuna, debate do estado da autonomía, paseniño a súa voz foi esmorecendo, o discurso tornou confuso e despois inapreciable; de súpeto o presidente sufría un esvaecemento.

Pasado o primeiro momento de alarma e superada a preocupación pola saúde de Manuel Fraga, sentín unha mestura de impotencia, rabia e abatemento. Intimamente soubemos que presenciáramos, en directo, a evidencia do final dunha época. A confirmación de que nin a máis forte das vontades pode quebrar a implacable lei do tempo.

E o tempo sentenciaba diante de nós. E de novo, a enésima lección do mestre. Outra vez a lenda quixo superar á persoa. A vontade por riba da realidade. O presidente, fiel a si mesmo, rematou a súa intervención e cumpriu co seu deber. Coma decote soubo estar á altura da súa historia. A pesar de todo, no máis profundo de nós un pensamento rebulía: *Alea jacta est*.

Foi a sétima unha lexislatura de fonda aprendizaxe. Coñecemos a oposición e con ela unha nova perspectiva da acción política, imprescindible para forxar carácter e limar soberbias. Para gañar hai que perder. Quero ter neste punto unha lembranza moi especial para aquel grupo de 37 deputados, leais, unidos, responsabilizados e con gran xenerosidade. Un luxo traballar con todos.

E chegou o momento. Aconteceu o triunfo do primeiro de marzo. E a caprichosa sorte quixo que o 16 de abril de 2009 tivese eu a honra de ser o primeiro deputado en votar na investidura do novo presidente. Brincadeiras do destino, xa que tamén fora eu quen defendera a derradeira interpelación ó Goberno de coalición en decembro de 2008. Tocoume despedir un Goberno e saudar outro.

Aquel día, posto en pé, berrei «SI» en maiúsculas, con rotundidade. Fun consciente da responsabilidade dese acto e da ledicia de facer o que, en conciencia, cría mellor para os galegos. Galicia cidade única, con esta arela principiou un novo tempo que eu tiven a fortuna de iniciar e desexo firmemente que sexa de gran proveito para Galicia.

Teño, é certo, unha experiencia no Parlamento de Galicia tan longa como probablemente inmerecida. Unha vida na que teño tanto que agradecer a tantas persoas que non me quedarían días para facelo. Pero non esquezo a ninguén, e doulles hoxe as grazas a todos.

Ó cabo, se a vida chegase a netos, e algún quixera escoitarme, contareilles orgulloso que naqueles días eu estaba alí. E, coma a min mesmo, pareceralles increíble.



🔗 🔄 📅 **O Parlamento abre as súas portas**

O Parlamento celebrou o seu vixésimo aniversario cunha xornada de portas abertas. O presidente García Leira abriu o portalón principal do pazo do Hórreo e recibiu visitantes de todas as idades xunto aos demais membros da Mesa. Os máis pequenos transmitiron a súa alegría e a súa espontaneidade, en tanto que os adultos eloxiaron moito a apertura da Cámara e gozaron coas visitas guiadas polas súas distintas dependencias. Á dereita o responsable de guiar as visitas, Hixinio Estévez, vixía a chegada de seis cativos que foron recibidos por García Leira, Juan Pedrosa e Inmaculada Rodríguez Cuervo. 2001-12-19





#### **Touriño-Rego**

Ismael Rego González, como presidente, e Emilio Pérez Touriño, como portavoz, formaron un binomio moi competido durante toda a lexislatura á fronte do Grupo dos Socialistas de Galicia. Na práctica, Rego ocupouse do día a día e levou a voz cantante na Cámara. Touriño reservouse para intervir como portavoz nas ocasións máis importantes, mentres dedicaba a outra parte do seu tempo a atender as súas responsabilidades como secretario xeral do PSdeG-PSOE.



#### 🔄 Beiras-Canal

Beiras Torrado, como portavoz, e Suárez Canal, como viceportavoz, complementáronse ben e xogaron distintos papeis en representación do Grupo do BNG, segundo as ocasións e os momentos. Durante o tempo que o primeiro estivo máis condescendente co Grupo Popular, o segundo encargouse de manter o pulso da oposición e desempeñar a función máis dura.



## Xesús Veiga Buxán

Deputado na 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo BNG



**N**unca esquecerei aquel mes de outubro de 1993. Para unha persoa que tiña formado parte activa da oposición á ditadura franquista, acadar a condición de deputado do Parlamento de Galiza nas listas do Bloque Nacionalista Galego (BNG) constituía unha grande honra e representaba a oportunidade de contribuír á construción dun sistema institucional da máxima calidade democrática para esta vella nación galega. Tamén foi un momento para experimentar o inevitábel medo escénico que provoca, nun acabado de chegar, a monumentalidade do pazo do Hórreo.

O Parlamento que eu coñecín entre o ano 1993 e o ano 2005 acreditou unha boa capacidade como instrumento receptor e canalizador dos principais problemas que se suscitaban no corpo social galego. A experiencia vivida permíteme afirmar que todas as demandas, reivindicacións ou inquiredanzas nadas no tecido asociativo do noso País foron trasladadas á Cámara do Hórreo, especialmente por aqueles deputados e deputadas que formabamos parte da oposición e que desexabamos facer efectiva, de xeito permanente, a obriga de controlar e impulsar a acción do Executivo. Sirva como exemplo paradigmático o acontecido como consecuencia do afundimento do buque *Prestige*. A singular relevancia que adquiriu este episodio na recente historia da sociedade galega tivo o seu correlato na presentación e no debate das iniciativas parlamentares —as mocións de censura— que expresan o máximo nivel de confrontación democrática entre a maioría e a oposición.

Despois de ter participado na vida parlamentar durante tres lexislaturas considero pertinente deixar constancia da miña opinión a respecto das tarefas que cómpre acometer e/ou intensificar no labor de consolidación da cultura democrática no seo da primeira institución representativa da nosa nación. Para que o Parlamento sexa efectivamente o centro da vida política galega é preciso que se actúe, como mínimo, nunha tripla dimensión:

1. Acreditar mediante accións concretas e continuadas a vontade do poder executivo para que a Cámara lexislativa sexa, realmente, o escenario principal dos debates e dos acordos entre as forzas que representan ao corpo social do noso País.
2. Introducir todos os cambios regulamentarios precisos para axilizar a vida parlamentar e dotala da máxima transparencia.
3. Aproveitar as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para facilitar o contacto rápido e directo dos deputados e deputadas cos seus votantes.

Trinta anos despois do seu nacemento e no inicio da segunda década do século XXI, o Parlamento galego ten o reto de renovar a súa complexidade coa sociedade galega deste novo tempo histórico. Ampliar as competencias lexislativas como consecuencia da institucionalización dun novo marco de autogoberno e construír novas relacións de interactividade coa cidadanía, velaquí os vimbios que sustentan a miña esperanza no futuro que agora comeza. Agardo que os vindeiros trinta anos permitan confirmar e desenvolver a madurez da Cámara que representa a soberanía popular galega.

# Francisco Trigo Durán

Deputado na 3.ª, 4.ª, 5.ª e 6.ª lexislaturas polo BNG



**A**s lembranzas son unha visión xeral e non unha anécdota ou feito sobranceiro. Foron moitas as vivencias e ao final quedache a honra de ser representante do pobo na Asemblea do teu país.

A estadia no Parlamento comezou coa presentación de credenciais, unha circunstancia mecánica fixo que chegara en autostop ao Hórreo no límite do prazo. Con Xosé Manuel, Bautista, Pilar e Alberte constituímos o primeiro Grupo Parlamentar do BNG na Cámara, os tribunais impediránnos sermos seis.

Lembro a primeira intervención no pleno, co medo escénico primeirizo, defendendo unha emenda sobre da situación da frota galega en Namibia. A pesca e a defensa dos intereses do sector, xunto coa ordenación do territorio, foron as miñas actividades principais.

Naquel Grupo Parlamentar púxose a proba o traballo, a solidariedade, a cohesión e a firmeza democrática do BNG na defensa do país; non esquecíamos a quen representabamos: ao pobo galego e a unha longa tradición de defensa democrática, da que fixeramos causa na primeira lexislatura do Parlamento cando a expulsión del dos tres deputados do BNP-G-PSG.

Esa firmeza e cohesión déronnos azos para combater a reforma do Regulamento, onde tivemos que aguantar a exclusión inxusta de Xosé Manuel. Aínda que tarde, o Tribunal Constitucional deunos a razón diante da inxustiza. Tivemos que traballar arreo na defensa dos nosos dereitos; parecía que alguén non quería vernos alí. Fixémonos fortes, solidarios e aguantamos, detrás estaban os compañeiros e compañeiras de organización, iso era combustible dabondo para traballar.

Fitos importantes do traballo houbo moitos, resumíraos no debate orzamentario anual, onde aparecía en rede o BNG, fornecéndonos de iniciativas, que nos permitían poñer ao país na institución; era un traballo inmediato, cheo de urxencias, con Isabel —a nosa administrativa— sacándome as castañas do lume; personalizo nela o traballo de todas as traballadoras e todos os traballadores do Grupo Parlamentar, sen os que non poderíamos facer un traballo eficaz.

Hai intres máis ou menos gratificantes, algúns delicados ou difíciles. Quédame sempre no recordo a miña intromisión nas visitas de escolares ao Parlamento, e logo de permiso de Hixinio, o uxiar que os acompañaba, sometíame ás súas preguntas sobre dos políticos, os soldos, que facíamos alí... Responderlles en directo gratificaba dun xeito especial.

A actividade parlamentaria non era só nas catro paredes do Hórreo, co BNG visitabamos o país, escoitabamos aos cidadáns e organizacións sectoriais de todo tipo, ou iniciabamos campañas políticas como fora a explicación do Tratado de Maastrich e o seu debate na Cámara. O noso traballo estaba ao servizo do pobo, non para os estudosos e as hemerotecas. Reclamabamos naquel intre, e haino que seguir a facer, dos medios públicos e privados máis información e igualdade de tratamento para todos.

Quédame a lembranza da miña nai que finaba ese día, respecto dun acto parlamentario, a derradeira investidura de Fraga no 2001; fixen unha escapada para chegar ao intre da votación, foi a miña homenaxe, educárame naquilo de que primeiro é a obriga e despois a devoción.

Fun feliz no Parlamento, nunca estiven a desgusto, renego dos que din que estar en política é un sacrificio; iso non se lles podía dicir ás deputadas Lali, Rosa e Salomé, coas que ao remate dos plenos paraba na área de servizo da autoestrada, continuando co debate plenario. Lembraireime sempre dos compañeiros de Grupo Parlamentar e tamén farei mención na representación dos outros grupos, no PP de Cuíña, polos debates con el, de Elisa Madarro e Lupe Varela; no PSOE de Sánchez Presedo, Miguel Cortizo e Ismael Rego. Tamén agradezo o traballo de todos os empregados e empregadas do Parlamento, que coído que deixei como amigos e que personalizo en Mariña, Maribel, Marisé e Ricart.

### 🔴 Reforma do Regulamento

Aproveitando o clima de entendemento, García Leira comezou o seu segundo mandato presidencial cunha formulación aberta á modificación do Regulamento para tratar de imprimir á Cámara unha maior axilidade e eficacia. Atrás quedaron os seus desencontros naturais con Fraga sobre a dinámica parlamentaria. Aínda que con posturas iniciais distintas, todos os grupos estiveron de acordo en abordar ese difícil reto no seo da Comisión do Regulamento ao longo do primeiro período de sesións, pero se pechou sen ningún acordo. ≈ 15-1-2002







### 📍 Comparencias organizadas

O portavoz popular Jaime Pita aproveitou unha temperá sesión da Deputación Permanente para anunciar a comparencia voluntaria de todos os conselleiros, un a un, para explicar á Cámara no inicio da lexislatura os plans e as liñas de actuación de cada departamento. O presidente da Xunta fixo o mesmo e baixou á area parlamentaria para responder as preguntas formuladas por Touriño e Beiras. Na foto, Fraga durante unha comparencia cos seus conselleiros Pita, Orza, Cuíña, Currás e Rodríguez Yuste. 20-2-2002

11-6-2002  
→

*Santiago de Compostela reforza o seu rango de capital de Galicia por medio dun estatuto referendado por unanimidade da Cámara*



#### **🚩 O orzamento de 2002**

O BNG non deu a súa aprobación aos orzamentos da Xunta para o ano 2002, pero foi a vez que estivo máis preto de facelo, e a súa postura negociadora foi moi valorada polo PP, que lle permitiu sacar adiante ata 18 emendas, por só 6 do PSdeG-PSOE. O conselleiro de Economía, José Antonio Orza, presentou por primeira vez uns orzamentos en euros, sometidos a un plan de estabilidade, pero beneficiados ao mesmo tempo polo notable incremento da autonomía financeira. Os orzamentos aprobados eleváronse finalmente a 7.197.165.009 euros. ~ 23 e 24-4-2002



#### 📍 Homenaxe a Portela Valladares


Baixo a coordinación xeral do historiador José Antonio Durán, a Cámara impulsou un programa de actos de homenaxe a Manuel Portela Valladares, no marco da celebración do cincuenta aniversario do seu pasamento. O recoñecemento unánime a un dos políticos galegos máis destacados e tamén máis controvertidos, dúas veces primeiro ministro da República e fundador do xornal liberal El Pueblo Gallego, constituíu a nota característica das distintas intervencións na presentación do devandito programa. De esquerda a dereita José Luis Méndez Romeu (PSdeG-PSOE), Juan Casares González (PP), José M.ª García Leira (Presidente do Parlamento), Eduardo Gutiérrez Fernández (BNG) e José Antonio Durán.

≈ 6-6-2002



### ↻ ↻ Despachos para deputados

A reforma máis importante que o Parlamento acometeu desde a súa situación no pazo do Hórreo tivo lugar entre os anos 2001 e 2002 e foi encargada a Andrés Reboredo, o arquitecto que planificara e dirixira a súa rehabilitación integral. Por medio dunha escavación dos patios situados a ambos os dous lados do hemiciclo gañáronse 2.700 metros cadrados que se destinaron principalmente a despachos para todos os deputados. Tamén se instalou unha ampla marquesiña e realizouse un vial rodado para comunicar a entrada habitual de vehículos coa entrada principal. Convidado por García Leira, o presidente da Xunta xirou unha visita ás obras cando estaban practicamente rematadas e os deputados accederon aos seus despachos despois do verán de 2002.







### 🔗🔗🔗 Entendemento PP-BNG

O desenvolvemento do primeiro debate sobre o estado da autonomía desta lexislatura confirmou o bo entendemento parlamentario que seguían mantendo o PP e o BNG. Manuel Fraga anticipou a Xosé Manuel Beiras no seu discurso que estaba disposto a apoiar varias propostas de resolución do seu grupo, e Jaime Pita encargouse de materializar a negociación nos propios escaños dos deputados nacionalistas. O BNG obtivo o apoio comprometido para reclamar ao Goberno central a xestión íntegra dende Galicia dos fondos europeos a través dun convenio, así como para solicitar a participación das comunidades autónomas na elección dos membros do Tribunal Constitucional, entre outros asuntos. Ao longo do debate, os conselleiros José Antonio Orza e José María Hernández Cochón consultaron diversos asuntos ao presidente da Xunta, que seguiu de preto todas as intervencións. Sobre estas liñas, Jaime Pita e Roberto Castro (á dereita) achegáronse aos escaños do BNG para negociar as súas propostas con Suárez Canal, Veiga Buxán e Trigo Durán. 2

8 e 9-10-2002

🔗 «Temos un Parlamento, temos unha lingua»

A Consellería de Educación e o Parlamento desenvolveron mediante un convenio de colaboración un certame escolar de poesía e narración a través de Internet durante o curso 2002-03. «Temos un Parlamento, temos unha lingua» foi o seu título e tamén o seu lema para os distintos traballos. A súa boa acollida contribuíu a incrementar o número de visitas e impulsou a celebración de sucesivas edicións entre escolares de primaria e secundaria. Abaixo, unha alumna premiada le o seu traballo ante os membros da Mesa, Inmaculada Rodríguez, José M.ª García Leira e Salomé Álvarez. ~ 15-3-2002







### 📍 📍 Día Internacional do Neno

O Parlamento desenvolveu unha programación especial para celebrar o Día Internacional do Neno, a través dun convenio de colaboración con Unicef-Acnur-Save the Children, e xunto ás consellerías de Educación e Familia. A Sala de Recepcións acolleu unha exposición fotográfica titulada «Grandes ollos pequenos» e no hemiciclo celebrouse unha sesión plenaria con alumnos de oito colexios: Inmaculada Concepción, de Marín; Lar, de Mos (Pontevedra); Anexa, de Lugo; Insua Bermúdez, de Vilalba; San Jorge, de Santiago; San Ramón, de Moeche (A Coruña); Amaro Refojo, de Ourense e Pena Corneira, de Carballada de Avia (Ourense). Oitenta escolares dos devanditos centros debateron a significación dos artigos 22 e 23 da Convención de Dereitos do Neno ante a atenta mirada doutros oitenta compañeiros situados nas tribunas. Arriba, a conselleira de Familia, Pilar Rojo, segue a intervención de García Leira, xunto aos membros da Mesa, antes de iniciarse o pleno escolar. 21-11-2003



### 🔁 🔄 🔄 **Prestige I. Mocións de censura**

A catástrofe do *Prestige* marcou un antes e un despois neste período parlamentario. A Cámara empezou a tratar o asunto en decembro de 2002 e mantívose vivo de diversas formas ata o final da lexislatura. De entrada, o portavoz popular, Jaime Pita, aceptou as peticións defendidas por Louro Goyanes (PSdeG-PSOE) e Suárez Canal (BNG) para formar unha comisión de investigación, co fin de esclarecer tanto as circunstancias, como as responsabilidades do suceso. Inmediatamente despois, os dous grupos da oposición presentaron senllas mocións de censura que foron rexeitadas, con Pérez Touriño e Beiras Torrado como candidatos alternativos. Fraga e Beiras non volveron entenderse máis, despois de que o primeiro asegurase que o segundo faltara á palabra dada: non presentar unha moción de censura a cambio de aprobarse unha comisión de investigación. 🔄 12-12-2002





#### 📍 **Prestige II. Comisión de investigación**

A comisión de investigación da catástrofe do *Prestige* aprobouse por unanimidade o día 2 de decembro e constituíuse dúas semanas despois. O grupo de traballo estivo composto por doce membros, catro por cada grupo parlamentario: Barreiro Fernández (presidente), Ramallo Vázquez (vicepresidenta), Castro García e Fernández Rosende, polo PP. Álvarez Blanco (secretaria), Lobeira Domínguez, Suárez Canal e Trigo Durán, polo BNG. E Cortizo Nieto, Gallego Calvar, López Vidal e Villarino Santiago, polo PSdeG-PSOE. Mentres estivo activa, outros deputados interviñeron nas súas tres únicas reunións que acolleron diversas comparecencias durante o mes de xaneiro de 2003. Ante a inasistencia da oposición, que impedía a súa celebración por dispoñer da maioría necesaria, o PP optou por disolvela o 11 de marzo, ao iniciarse un novo período de sesións. O Tribunal Constitucional ditou o 29 de novembro de 2004 unha sentenza contraria á devandita disolución e obrigou a reabrila de novo. A comisión volveu constituírse a mediados de xaneiro de 2005 e feneceu co final da lexislatura, sen emitir ningún dictame. 📅 16-12-2002

28-1-2003



**A Comisión Permanente rexeita a comparecencia do presidente da Xunta solicitada pola oposición para explicar a dimisión de José Cuíña como conselleiro**

**Quintana e Cabezas, senadores autonómicos** 🇮🇪

Anxo Quintana foi o primeiro membro do BNG que no ano 2000 ocupou un escano no Senado como representante desta comunidade autónoma, integrando con Victorino Núñez e Juan Corral a terna consensuada no Parlamento. Quintana foi reelixido para o mesmo cargo nesta sexta lexislatura, formando parte doutra terna con Manuel Cabezas (na foto, sentados na tribuna de convidados do hemiciclo) e Corina Porro. 30-3-2004





**Parellas de feito** ↻ ↺

O Parlamento recoñeceu a figura legal das parellas de feito ao aprobar de forma unánime unha proposición de lei consensuada entre os tres grupos. Susana López Abella (PP), Laura Seara Sobrado (PSdeG-PSOE) e Pilar García Negro (BNG) presentaron o froito dun ano de traballo ata lograr o consenso desexado en torno ás súas cuestións básicas. Seara Sobrado ponderou a receptividade do Goberno galego e García Negro recoñeceu a implicación da conselleira Pilar Rojo, quen seguiu o debate dende o seu escano. Este acordo deu lugar seis meses despois á Lei para a igualdade de mulleres e homes. 18-12-2003



25-7-2003



*Unha obra escultórica de Santiago Apóstolo a cabalo, de Antón Patiño, instálase no exterior do Parlamento*

9-12-2003  
→**O PP aproba en solitario a Lei de ordenación sanitaria sen aceptar ningunha emenda**

#### 🕒 **Adeus de Pilar García Negro**

Pilar García Negro anunciou o punto final aos seus catorce anos de incisiva actividade parlamentaria por medio dunha despedida sorpresa. A deputada nacionalista argumentou razóns estritamente persoais para explicar a súa inesperada decisión, que considerou moi meditada e totalmente desligada de calquera discrepancia organizativa co BNG. García Negro recibiu no seu adeus un aplauso xeral da Cámara. 🕒 18-12-2003

# María Inmaculada Rodríguez Cuervo

Deputada na 6.ª lexislatura polo PP ~ Vicepresidenta primeira da Mesa



20 de novembro do 2001 pasei dunha fábrica de pezas metálicas a unha «fábrica de leis». Ese foi o día da constitución do Parlamento de Galicia na súa VI lexislatura (2001-2005). Indubidablemente, un dos días máis importantes da miña vida. Deses momentos, coido que lembro cada instante... especialmente cando xurei lealdade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

Quizais teña moito que ver co feito de ser filla de emigrantes galegos en Madrid, que sempre soñou con vivir en Galicia porque aquí sentía que estaba a miña verdadeira orixe. ¿Quen me ía dicir cando deixei Madrid aos 33 anos para incorporarme ao proxecto empresarial da miña familia que chegaría a ser deputada por Ourense e vicepresidenta 1.ª do Parlamento de Galicia?

Cando xurei o meu cargo na Mesa do Parlamento só pensaba na miña avoa, xa finada, muller humilde dunha aldea dos Peares, que xamais imaxinara que «a súa neta de Madrid» estaría nesa responsabilidade e pensaba o milagre que se obrou en España no século XX. Foi un momento de moita emotividade por toda esa «carga xenética» que levamos dos nosos antepasados e que sempre nos acompaña.

Eu viña de empresa e con formación científica... aprender o Regulamento do Parlamento, coñecer o trámite parlamentario, ¡meu Deus que duro se me fixo! Menos mal que contei co apoio dunha das persoas máis doces que habita esa casa, Puri, cantos deputados aprendimos dela, así como con José Ramón Cólera... O «know how»

da «fábrica de leis» está nese corpo de letrados que dan forma a canto texto se traballa e organiza a casa, independentemente de quen gañe as eleccións.

Un déficit grande que si tiña o Parlamento de Galicia era na área informática, sen programa de xestión axeitado, sen web, sen correo electrónico, etc. O presidente José María García Leira encomendoume o Plan director de Tecnoloxías da Información e, dado que eu xa coordinara a implantación de ferramentas informáticas na miña empresa, sentínome feliz e, por fin, útil ao Parlamento.

Acompañoume nesta tarefa José Antonio Sarmiento, que ademais de magnífico letrado, sabía de redes, servidores e moitas máis cousas. Co apoio de Gonzalo Montes, do CIXTEC (que entón «botaba unha man» na informática do Parlamento) percorremos algúns outros parlamentos autonómicos de España, buscando a mellor ferramenta e estrutura para as nosas necesidades. E así acadamos situar ao Parlamento de Galicia entre os máis avanzados en xestión de información. Aquel proxecto obrigou a todos a facer un esforzo pero a implantación foi impecable, incluíndo o «levantamento de escanos» no verán para facer chegar o cable a todos os escanos, a creación da sala de audio e vídeo, a páxina web e xusto rematou a lexislatura cando xa tiñamos dispoñible a sinatura electrónica, que non puidemos implantar nesa lexislatura.

Política... outro dos meus impactos foi vivir os debates parlamentarios «en directo», a virulencia verbal dalgúns que a min me daba un pudor enorme, xa que as altisonancias e, sobre todo, as faltas de educación (frecuentes nalgúns debates) nun lugar tan «sacro» como o Parlamento me parecían bochornosas. Botaba en falta os debates parlamentarios de «luva branca» onde a forza argumental e a elocuencia fosen os protagonistas. Algúns deputados si me facían desfrutar dun debate rico, estivese ou non de acordo con eles, aqueles deputados que si fixeran os deberes, estudiaban os temas... como se notaba a diferenza: Suárez Canal, Beiras (sempre aprendía novas palabras do galego máis refinado que xamais escoitei e que anotaba), Elisa Madarro, Juan Casares, Méndez-Romeu, Alberto Núñez (entón no Goberno non deputado aínda), etc.; eran ponencias sen papeis... ricas, intensas... Despois de tanto «rifirrafe» tomaban un café na sala de detrás e tan contentos. ¿Como me custaba entendela, ese

esforzo porque non chegara ao lado persoal a defensa de diferentes posicións?

Tiven a sorte de vivir uns meses nun clima de consenso moi intenso, de construír entre todos en positivo... ata que chegou o *Prestige*. Aquel barco cruzouse no noso destino partíndose non só o barco senón Galicia enteira. Ninguén tivo a culpa mais entón vin o peor lado da política: o oportunismo.

Defendín dende o comezo a existencia dun Pleno extraordinario para que os cidadáns percibisen que si estabamos preocupados e buscando solucións, porque había que buscalas xuntos; isto era un problema de todos pero, claro, era mellor manterse á marxe para non compartir responsabilidades e poder esfolar a gusto.

Un membro da oposición pedíame reunirse co presidente Fraga, en privado, para negociar a creación dunha comisión de investigación e eu accedín a colaborar xa que consideraba que era o mellor xeito de demostrar que o Goberno da Xunta nada tiña que ocultar e sempre actuou de boa fe. Non me arrepinto por ter facilitado e apoiado a creación desa comisión, que, en definitiva, non convida nin ao PSG nin ao BNG e que, por suposto, máis adiante na VII lexislatura eles xamais crearían para a investigación dos lumes...

Foron momentos amargos, de dor pola costa galega, de dor polas inxustizas que presencié, polo aproveitamento desa circunstancia, pola soidade de xente que deixou a pel como o conselleiro López Veiga e o seu equipo. Foi triste pero é unha experiencia que che marca de por vida.

Representar ao Parlamento de Galicia proporcionoume outro privilexio que foi asistir a múltiples actos de todo tipo, en toda a xeografía, de todos os signos e intentar dar a coñecer un pouco máis o Parlamento, que é un deputado, e sorprendía ver que a algunhas persoas lles chamaba a atención que eramos «normais»... Ás veces ¡que lonxanos eran os políticos da xente! Coñecía a xente marabillosa que me enriqueceu como persoa, tal como marisqueiras, redeiras, comerciantes, inmigrantes, sindicalistas, embaixadores, ministros, príncipes, etc. ¡Ah! e os meus queridos Isaac Díaz Pardo e Xerardo Fernández Albor, pura cortesía e conversación intelixente. ¡Que bos momentos! Sen deixar unha lembranza moi especial para a miña amiga María José Cimadevila, que tanto me ensinou e compartiu comigo momentos moi duros. E moito agradecemento a José María Ameijenda, Couso, Raquel,



# Marisol Soneira Tajés

Deputada na 5.ª, 6.ª, 7.ª e 8.ª lexislaturas polo PSdeG-PSOE

Isabel, Mariña, Ana, Reyes, Vicentinho, Rita e un longo etcétera.

A crise do *Prestige* deixou feridas en todos e produciu episodios que hoxe semellan moi lonxanos, como a crise dos deputados de Ourense a raíz da saída de Xosé Cuíña do Goberno. Eles terían as súas razóns pero eu non as compartía e tamén era deputada ourensá. En política cando un se molla e toma partido: ou gáñase ou pérdese. Eu perdín e iso obrigoume a deixar a política. Non me arrepiño de nada, agora que xa pasaron os anos véxoo con certa tenrura e sen rancor. En calquera caso, fose como fose, agradézolle a José Luis Baltar a oportunidade que me deu ao escollerme para encabezar aquela lista do PP de Ourense 2001. Foi unha honra ser deputada autonómica e a vida continuou despois (sí, hai vida despois da política).

Iso si, o que case máis boto en falta son os pinchos de tortilla de Carmen... ese é o verdadeiro sabor do Parlamento de Galicia: doce, suave, ás veces queimaba e ás veces mordías unha pedriña de sal que escocía e logo daba gusto. Como a vida mesma.



**O** Partido de Avellaneda é un municipio situado na zona sur de Buenos Aires que conta cunha poboación de preto de trescentos mil habitantes. Alí acudiron, na posguerra española, milleiros de galegos ante a demanda de man de obra para a industria do conxelado da carne e as actividades asociadas.

Na rúa 25 de Mayo, no número 462, ten a súa sede o Centro de Jubilados y Pensionados de la República Argentina, nunhas instalacións que, grazas ás axudas de distintas e diversas administracións, acollen con dignidade a varios centos de persoas maiores, de procedencia galega na súa maioría, que reciben asistencia de distinto tipo.

En xullo de 2003, a Comisión non Permanente para o Estudio da Situación dos Emigrantes do Parlamento de Galicia visitou este centro para coñecer, de primeira man, a situación en que se atopaban os galegos maiores ante a gran crise económica que vivía Arxentina. Aterramos nunha rúa anegada por augas negras e pequenas montañas de lixo que o vento frío do inverno austral movía sen dirección. Cando entramos recibíunos un vello fisterrán, acompañado por unha xunta directiva composta por persoas de tanta idade ou máis maiores que o propio Perfecto Marcote, alma páter do colectivo e presidente do mesmo. As instalacións eran modestísimas e a calor das persoas asistentes á xuntanza non conseguía disipar o aire xélido que se filtraba a través dun tellado de uralita onde o inverno non atopaba obstáculos.

As demandas foron moitas. As necesidades tornábanse insuperables. O relatorio da miseria palpábase no ambiente dunhas persoas que, logo de décadas de esforzo e traballo, atopábanse sen recursos, sen saúde e coa autoestima asolagada por unha situación allea a eles mesmos e moi lonxe da súa comprensión.

Neste contexto un señor maior pediu a palabra. Os seus ollos tiñan o veo inocultable dos estragos da diabetes. Todos esperabamos o relatorio doutro cadro vital dramático pero el, con voz trémula, non reclamou nin pensións, nin medicamentos, nin outro tipo de axuda material. Pediunos que modificásemos a lexislación para que a súa netiña, que era «a luz dos seus ollos» puidese ser española e así puidese retornar á «terra onde saín fai tantos anos».

A emoción embargounos a todos e dende a mesa que compartiamos os portavoces parlamentarios con Perfecto Marcote observamos como unha onda de emoción percorría o auditorio facendo que as bagullas corresen libres polos regos que a idade debuxara nos rostros que tiñamos en fronte.

Neste aniversario da cámara de soberanía de todos os galegos, pídenos a Sra. presidenta que fagamos un relatorio do que, para cada un de nós, significou o paso polo Parlamento. Para min non houbo momento dunha emoción superior nin motivación maior que a de traballar para conseguir que o sonho dun vello ancián galego de Avellaneda (Arxentina) se cumprise. Afortunadamente conseguímolos e a neta dun galego da Costa da Morte, se quere, pode volver á terra do seu avó pola porta principal e non pola de servizo.



#### **📍 Cidades con status**

O consenso volveu recuperarse na Cámara en torno á Lei para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Santiago, Ourense e Pontevedra do réxime de organización dos municipios de gran poboación. López Vidal (PSdeG-PSOE), Suárez Canal (BNG) e Rodríguez Corcoba (PP) felicitáronse polo acordo unánime e defenderon o novo status que outorgou máis capacidade de autogoberno a estas cinco cidades con máis de 75.000 habitantes. Os alcaldes Sánchez Bugallo (Santiago), Fernández Lores (Pontevedra) e López Orozco (Lugo) acudiron ao pleno, ponderaron a aprobación da lei e saudaron o presidente García Leira. ~ 15-6-2004

**30-3-2004**



***Os tres grupos parlamentarios acadan un acordo para reformar a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural***

30-6-2004



**O Parlamento aproba por unanimidade que a Xunta reclame ao Goberno central a xestión do parque nacional Illas Atlánticas**



#### **445 medidas a prol do galego** ↻ ↺

O conselleiro de Educación, Celso Currás, logrou o respaldo de todos os grupos ao Plan xeral de normalización da lingua galega, que contiña un total de 445 medidas concretas co obxectivo principal de conseguir a igualdade plena entre as dúas linguas. Currás explicou o traballo desenvolvido para estruturar o devandito proxecto baixo a supervisión dunha comisión técnica presidida polo catedrático Manuel González e composta polos profesores Ferreiro Fente, Ferro Couselo e Rodríguez Meira. Tras a exposición das súas liñas xerais, abriuse un prazo para a incorporación de propostas. Ao día seguinte aprobáronse cinco medidas propostas por Rodríguez González (PSdeG-PSOE), dúas de Gutiérrez Fernández (BNG) e outra de Rodríguez Seijas (PP). O plan obtivo finalmente o referendo de toda a Cámara. A foto mostra a intensa actividade dos membros do Goberno, mentres Currás defende a súa proposta: Fraga fala por teléfono; Pita e Orza intercambian opinións, e Núñez Feijóo revisa os seus papeis. ↻ 21-9-2004





«—*Descanse un poquito, presidente*

—*No, no*

—*Presidente, debe parar un momento*

—*¡Que no!*


—*Hágame caso. Descanse un poquito, presidente*

—*He dicho que no»*

—Diálogo entre o conselleiro de Sanidade e o presidente Fraga na tribuna, no momento álxido do esmorecemento

#### 📍 O esvaecemento de Fraga

Manuel Fraga protagonizou o momento máis dramático da historia do Parlamento, cando se esvaeceu na tribuna mentres pronunciaba o discurso de apertura do debate sobre o estado da autonomía. Repentinamente, a voz do presidente da Xunta comezou a apagarse, ata facerse imperceptible. O desconcerto foi total entre uns deputados atónitos ante a imaxe titubeante de Manuel Fraga. Á fin, Miguel Santalices, José Manuel González e Francisco Cerviño (de dereita a esquerda), os tres médicos, subiron á tribuna e atenderon a Fraga. De costas está José Manuel Mayán e un pouco máis afastado, Modesto Pose (á esquerda). Tras un pequeno forcexo co presidente, lograron vencer a súa resistencia e levarlo ao seu despacho da Cámara, nun estado de semiinconsciencia. Aos poucos minutos xa estaba recuperado. 5-10-2004



### 🔁🔁🔁 Debate condicionado

O esvaecemento de Fraga condicionou o debate sobre o estado da autonomía, tanto no seu desenvolvemento como no seu contido. Antes, o presidente da Xunta formulara unha oferta para afrontar a reforma do Estatuto sen saírse do marco constitucional, e dentro dese mesmo marco volvera incidir na reforma do Senado. Despois, Fraga recortou a súa intervención, esbozou un plan plurianual de financiamento universitario ata 2010 e anunciou unha Lei xeral do sistema universitario. Pola súa banda, Pérez Touriño mostrouse respectuoso con Fraga no aspecto humano, pero foi contundente na súa vertente política. O portavoz socialista reclamou o fin da lexislatura e presentouse como alternativa de goberno. Por outro lado, Beiras Torrado convidou a Fraga a retirarse a tempo e seguir o seu exemplo, descartada a súa candidatura á presidencia da Xunta nas próximas eleccións. O portavoz do BNG fixo un repaso moi crítico da era Fraga, pero o toma e daca entre ambos os dous foi de baixa intensidade. O debate pechouse con 128 propostas de resolución aprobadas: 53 do PP, 28 do BNG e 9 do PSdeG-PSOE. 25 e 6-10-2004



### O impacto da droga en Galicia ↻ ↺

O Parlamento acordou a constitución dunha comisión permanente especial para o estudo e seguimento da loita contra o narcotráfico en Galicia, como reflexo da forte preocupación existente sobre este grave problema social. Esta comisión impulsou a celebración dunhas xornadas técnicas, que despertaron un grande interese, co fin de escoitar e debater a opinión autorizada de diversos especialistas. Ao longo de dous días, polo Salón dos Reis pasaron dende o tenente fiscal do TSXG, José Luís Conde, ata o coordinador da Udyco en Galicia, Jaime Iglesias, pasando polo conselleiro de Sanidade, José Manuel González, que aparece na mesa do acto (de esquerda a dereita) con Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, García Leira, Manuel Ameijeiras e Beatriz González. Na outra foto, o deputado socialista Modesto Pose, médico de profesión, intervindo no debate entre o público asistente mentres Xosé Francisco Ferreiro Abelleira o escoita ao seu carón. ~ 15 e 16-11-2004





#### 📍 Despedida de Cortizo

O portavoz socialista, Miguel Cortizo Nieto, foi despedido cun aplauso da Cámara tras coñecerse o seu nomeamento como embaixador de España en misión especial para as relacións coas comunidades españolas en Iberoamérica. Na súa última intervención parlamentaria, Cortizo conseguiu a aprobación dun proxecto non de lei que englobaba diversas actuacións dun referendo para a ratificación da Constitución europea. Beiras desexou sorte a Cortizo no seu novo labor. 📍  
2-12-2004

**2005-2009**  
**7.ª Lexislatura**



**A** sétima lexislatura iniciouse o 18 de xullo de 2005 e pechouse o 6 de xaneiro de 2009. Os resultados electorais outorgaron 25 escanos ao PSdeG-PSOE, que sumados aos 13 escanos do BNG compuxeron unha nova maioría parlamentaria fronte aos 37 escanos do PP. O cambio de ciclo resultou inevitable, e a Cámara abriu unha nova etapa, a terceira na súa historia.

Por vez primeira a Xunta tivo un Goberno bipartito, que estivo presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño, e unha muller accedeu á presidencia do Parlamento, Dolores Villarino Santiago, tamén socialista. Manuel Fraga foi designado senador pola comunidade autónoma e deu a testemuña a Alberto Núñez Feijóo como xefe da oposición e novo líder do PP en Galicia.

Os tres grupos parlamentarios estrearon portavoces: Ismael Rego (PSdeG-PSOE), Carlos Aymerich (BNG) e José Manuel Barreiro (PP). A marcha deste último determinou a súa substitución por Manuel Ruiz Rivas a metade da lexislatura.

A aplicación e o desenvolvemento das novas tecnoloxías favoreceron o incremento cuantitativo do traballo parlamentario diario, que empezara a crecer de forma apreciable na lexislatura anterior. Esta dinámica contribuíu a dar maior xogo aos viceportavoces e portavoces sectoriais no seu labor de apoio aos portavoces principais.

Tamén a Cámara estreou novo letrado maior Xosé Antón Sarmiento Méndez, tras a xubilación de José Ramón Cólera Leirado, un histórico que dixo adeus tras desempeñar ese posto dende a primeira lexislatura.

A negociación aberta para a reforma do Estatuto de autonomía foi o asunto de máis grosa. A comisión formada por

consenso fixo un arduo traballo ao longo de nove meses. Un número importante de representantes dos distintos estamentos sociais, políticos e culturais, compareceron no Parlamento para expresar as súas opinións. Aínda que o acordo non estivo moi lonxe, finalmente as diferenzas observadas ao longo de todo o proceso volvéronse insalvables. Os líderes dos tres partidos non puideron rubricar un pacto histórico no seu último e falido intento.

Un gran consenso logrouse en política forestal durante o primeiro debate sobre o estado da autonomía. Esa confluencia dos tres grupos puxo fin a unha longa controversia sobre os incendios, as súas causas e as súas consecuencias. Por outra parte, despois de moitos anos volveu aprobarse unha iniciativa lexislativa popular, a favor da preservación dos ríos, que chegou ao Parlamento co aval de 44.000 firmas. A lei correspondente aprobouse por unanimidade pouco tempo despois.

Igualmente houbo acordo total para sacar adiante un novo Estatuto de Persoal, co fin de modernizar e actualizar todo o status da administración parlamentaria.

A Cámara conmemorou o seu XXV aniversario con dous plenos especiais, que marcaron a apertura e o peche dun denso programa de actividades culturais e sociais. As principais cidades galegas acolleron estes actos marcados polo desexo de achegar o Parlamento á cidadanía.

O ecuador da lexislatura deu a luz unha vidreira sobre o hemiciclo que embeleceu todo o ámbito. O seu deseño foi encargado a Isaac Díaz Pardo.


E cando finalizou a lexislatura, aprobárase un total de 53 novas leis, máis que en ningún outro período.

## O Parlamento na 7.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 18 de xullo de 2005

Data de disolución do Parlamento: 6 de xaneiro de 2009

### Constitución do Parlamento



### Composición da Mesa do Parlamento

**PRESIDENTA:**

Dolores Villarino Santiago [PSdeG-PSOE]

**VICEPRESIDENTE 1.º:**

María Tereixa Paz Franco [BNG]

**VICEPRESIDENTE 2.º:**

Jaime Alberto Pita Varela [PP]

**SECRETARIO:**

Pablo Xavier López Vidal [PSdeG-PSOE]

**VICESECRETARIO:**

José Manuel Baltar Blanco [PP]

## Relación de parlamentarios

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA (PP)

- Baamonde Díaz, Agustín
- Balseiro Orol, José Manuel
- Baltar Blanco, José Manuel
- Barreiro Fernández, José Manuel (baixa 17-7-07). *Substituído por García Pacín, María Isabel (alta 11-9-07)*
- Bernardo Tahoces, Ángel
- Calvo Pouso, Diego
- Castelao Bragaña, José Manuel
- Castiñeira Broz, Jaime
- Castro García, Roberto
- Cerdido Pintos, María Marta
- Cuiña Crespo, Xosé (baixa 28-12-07). *Substituído por Oubiña Solla, Rosa (alta 31-1-08)*
- Gómez Alonso, Alejandro
- Ferverza Costas, José
- Fraga Iribarne, Manuel (baixa 24-2-06). *Substituído por Santiso Miramontes, José Antonio (alta 6-3-06)*
- González Méndez, María Amparo
- López Abella, Susana
- López Besteiro, Manuela
- López Rodríguez, Dámaso
- López Veiga, Enrique César
- López-Chaves Castro, Ignacio Javier
- Mato Otero, Beatriz
- Miras Portugal, Aurelio Domingo
- Negreira Souto, Carlos
- Núñez Feijóo, Alberto
- Orza Fernández, José Antonio
- Palmou Lorenzo, Xesús
- Pérez Ares, César Augusto
- Pita Varela, Jaime Alberto
- Rodríguez Arias, Marta
- Rodríguez Fernández, Maximino
- Rodríguez Miranda, Antonio
- Rojo Noguera, Pilar
- Ruiz Rivas, Manuel
- Salgado Núñez, Carmen Janet
- Santalices Vieira, Miguel Ángel
- Sueiro Pastoriza, Alberto
- Valladares Rodríguez, María Luisa

### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Acuña do Campo, María del Carmen
- Barcón Sánchez, María del Mar
- Burgo López, María Concepción
- Cajide Hervés, María del Carmen
- Cerviño González, Francisco
- Fernández Leiceaga, Xoaquín María
- Gallego Calvar, Carmen
- Gallego Lomba, José Manuel
- Lage Tuñas, José Manuel
- López Vidal, Pablo Xavier
- Losada Álvarez, Abel Fermín (baixa 11-4-08). *Substituído por Sánchez Trujillano, María Soledad (alta 21-4-08)*
- Meijón Couselo, Guillermo Antonio
- Méndez Romeu, José Luis
- Pérez Herraiz, Margarita (baixa 3-4-08). *Substituído por Fernández López, Miguel Angel (alta 3-4-08)*
- Pérez Touriño, Emilio
- Pose Mesura, Modesto
- Rego González, Ismael
- Seara Sobrado, Laura
- Sestayo Doce, Beatriz
- Soneira Tajés, María Soledad
- Tojo Ramallo, Luis María
- Tomé Roca, José
- Varela Sánchez, Ricardo
- Vázquez Fernández, Manuel
- Villarino Santiago, Dolores

### GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- Adán Villamarín, María do Carme (baixa 24-8-05). *Substituída por Riobó Dios, María Modesta (alta 13-9-05)*
- Aymerich Cano, Carlos Ignacio
- Blanco Álvarez, Fernando Xavier (baixa 24-8-05). *Substituído por Parga Núñez, Manuel (alta 13-9-05)*
- Blanco Parga, Carlos Fernando
- Bugallo Rodríguez, Ánxela (baixa 24-8-05). *Substituída por González Mariñas, Pablo (alta 13-9-05)*
- Da Silva Méndez, María Carme
- Lobeira Domínguez, Bieito
- Paz Antón, Xosé Ramón
- Paz Franco, María Tereixa
- Pontón Mondelo, Ana Belén
- Quintana González, Anxo Manuel
- Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
- Vega Buxán, María Xosé (baixa 16-7-07). *Substituída por Ferreiro López, María Cristina (alta 11-9-07)*

Renuncias anticipadas á proclamación como candidatos electos:

- Ana Luisa Bouza Santiago (BNG). Aceptación pola XEG o 23-8-05
- Pedro Borrajo Rivas (PSdeG-PSOE). Aceptación pola XEG o 10-4-08





#### **📍 Dolores Villarino, primeira presidenta**

A deputada socialista Dolores Villarino converteuse na primeira muller que acadou a presidencia do Parlamento, despois de transcorridas seis lexislaturas e pasados vinte e catro anos dende a súa constitución inicial. A formación da nova Mesa axustouse con toda normalidade á aritmética parlamentaria. De esquerda a dereita, Pablo López Vidal (PSdeG-PSOE), secretario; María Tereixa Paz Franco (BNG), vicepresidenta 1.<sup>a</sup>; Dolores Villarino Santiago (PSdeG-PSOE), presidenta; Jaime Pita Varela (PP), vicepresidente segundo, e José Manuel Baltar Blanco (PP), vicesecretario. ≈ 18-7-2005





### 📍 Investidura de Touriño

A elección de Emilio Pérez Touriño como presidente da Xunta de Galicia marcou un cambio de ciclo na política galega. As catro lexislaturas e os dezaseis anos de goberno de Manuel Fraga quedaron atrás e abriuse unha nova etapa de goberno bipartito PSdeG-PSOE/BNG. O debate de investidura transcorreu conforme ao guiión que xa estaba escrito, e os 38 votos unidos de socialistas e nacionalistas déronlle a maioría absoluta a Pérez Touriño, fronte aos 37 votos do PP a favor do candidato alternativo, Manuel Fraga. Ao final da sesión, o novo presidente recibiu moitas felicitacións, entre elas, as de Núñez Feijóo (abaixo), Anxo Quintana (arriba) e Manuel Fraga. ≈ 27 a 29-7-2005

### 📍 Toma de posesión

O Salón dos Reis do Parlamento foi o marco da toma de posesión de Pérez Touriño como presidente da Xunta de Galicia. O compromiso de afondar no autogoberno dentro do marco constitucional, a través dunha reforma estatutaria como instrumento básico, resultou a súa principal mensaxe despois da súa elección. O ministro de Administracións Públicas, Jordi Sevilla, asistiu en representación do Goberno central, e aparece na foto xunto a Dolores Villarino no estrado. Ao fondo, a dona e outros familiares do novo presidente.

≈ 2-8-2005



#### 📍 Baño de masas no Obradoiro

Despois da súa toma de posesión no Parlamento e convertido xa en presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño déuse un baño de masas á súa chegada á praza do Obradoiro, ao son da marcha do Antigo Reino de Galicia. Uns 3.000 convidados dos ámbitos político, económico, social e cultural asistiron ao acto festivo, que se montou sobre un grande escenario deseñado para a ocasión. A actriz María Pujalte recitou dous poemas e tamén interveu a Real Filharmonía de Galicia, entre outros participantes. ≈ 2-8-2005



# Emilio Pérez Touriño

Deputado e portavoz do PSdeG-PSOE na 5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> lexislaturas ~ Presidente da Xunta de Galicia na 7.<sup>a</sup> lexislatura



“ **E** U ENTREI AO PARLAMENTO en 1997, co inicio da quinta lexislatura, cando o PSdeG-PSOE obtivo os peores resultados da súa historia, con Abel Caballero como candidato á presidencia da Xunta, e converteuse na terceira forza política. Enseguida me elixiron como portavoz do grupo socialista e asumín de inmediato o debate de investidura de Fraga. Este é o recorde primeiro que teño da miña actividade parlamentaria... Logo a actividade como portavoz, que mantiven durante os oito anos seguintes ata a miña elección como presidente, complicouse bastante a partir de 1998 ao desempeñar tamén a secretaría xeral do partido desde o congreso extraordinario de Ourense, despois de que Francisco Vázquez presentou a súa dimisión. Tiven que compartir ambas as responsabilidades, que me esixiron un grande esforzo.

Aqueles foron uns momentos moi difíciles para o PSdeG-PSOE e, particularmente, para o pequeno grupo que asumimos a dirección do partido co obxectivo principal de reconstruílo e recuperar o terreo perdido. A partir de entón, o día a día do traballo parlamentario como portavoz correu a cargo de Ismael Rego, quen o desenvolveu con éxito; pero eu seguín moi de preto ese labor, que sempre me gustou moito, e nunca deixei de asumir as sesións de control ao presidente e os debates máis importantes do ano.

A autonomía galega estaba totalmente consolidada e madura ao abrirse aquela quinta lexislatura. Non había pendente ningún asunto central de concertación autonómica; xa viñan pechados dos períodos anteriores e só estaban encima da mesa algúns temas relativamente menores. Así que non lembro ningunha negociación singularmente destacada nese período porque a modificación do Regulamento xa a decidira o Goberno Fraga coa súa maioría absoluta. Pero esta situación de baixo perfil pola nosa banda cambiou radicalmente coa sexta lexislatura.

**O debate sobre o Prestige foi o momento máis tenso e dramático que recordo da miña traxectoria parlamentaria. Entre finais de 2001 e 2002 iniciouse un momento moi interesante para o diálogo institucional, e sempre me preguntei que é o que daría de si no caso de non producirse aquela catástrofe**

Cal foi a clave dese cambio que me levou á presidencia da Xunta?... De entrada, PSdeG-PSOE e BNG situámonos en igualdade de condicións tras obter nas eleccións de 2001 o mesmo número de deputados; pero cun Beiras máis sosegado tras perder 50.000 votos. Logo, como portavoz parlamentario introducín un cambio de estilo, que me levou a tomarlle a palabra a Fraga sobre a referencia que fixera durante o debate de investidura relativa á conveniencia de abrir un diálogo institucional.

Á volta daquel Nadal, Beiras realizou tamén un cambio estratéxico, e da descualificación máis dura e agresiva pasou a unha relación máis cordial e próxima... En efecto, Fraga instrumentalizou ben aquela situación, lanzándolle un salvavidas a Beiras tras o trompicon que o BNG acababa de levar. Daquel diálogo saíra acordar con

Manuel Fraga o compromiso de negociar algúns temas importantes para dinamizar a vida parlamentaria, que viña do seu período máis rixido. E desde entón Fraga asumiu comparecer no Parlamento e someterse ás sesións de control que antes non existían, e tamén a pactar nomeamentos importantes que correspondían en órganos institucionais como o Valedor

do Pobo e a presidencia do Consello de Contas, por exemplo. Tamén acordamos dialogar sobre a normalización lingüística e o pacto polo territorio... Entre finais de 2001 e 2002 iniciouse un momento moi interesante para o diálogo institucional, e sempre me preguntei que é o que daría de si no caso de non producirse a catástrofe do *Prestige*.

Sen dúbida o debate sobre o *Prestige* foi o momento máis tenso e dramático que recordo da miña traxectoria parlamentaria. Aquela moción de censura foi dura para Fraga, que vivía os seus peores momentos dentro do PP, á vez que tiña unha contestación e mobilización na rúa moi importante... Foron momentos álxidos, porque tiven que pedirlle a súa dimisión e a convocatoria de eleccións anticipadas, demandándolle que devolvese a voz aos cidadáns porque aquilo non podía seguir así...

A título máis persoal tamén lembro como un momento dramático o desmaio de Fraga a pouco de iniciarse o seu derradeiro debate sobre o estado da autonomía a finais de 2004. Fraga pasouno moi mal coa revolta dos seus baróns, estaba canso e feble, e aquel momento deixounos estupefactos na Cámara... Non, non crin que se acababa, pero quedei moi preocupado. Nunca esquecerei aquel momento.

O desastre do *Prestige* cambiouno todo, claro... Cortou aquela dinámica parlamentaria de diálogo e abriu un período de confrontación moi forte que chegou ata as eleccións de 2005... Que se a crise do *Prestige* foi decisiva para o envorco electoral? Eu creo que non; tivo a súa incidencia, pero non resultou decisiva. Ou sexa que se evidentemente é certo que provocou unha gran mobilización popular e enmarcou o momento de maior distanciamento entre o Goberno de Fraga e a cidadanía galega, o rédito electoral desta situación foi relativamente pequeno, tal e como demostraron os resultados das eleccións municipais de 2003. Máis ben penso que o cambio político obedeceu á visualización dun período que estaba esgotado e á percepción, ao mesmo tempo, de que xa estaba lista unha alternativa liderada polo PSdeG-PSOE co apoio do BNG.

Como foi a miña relación co Parlamento desde a presidencia da Xunta?... Eu estou convencido de que asumín como presidente da Xunta ante o Parlamento todo o que antes demandara a Fraga como portavoz do grupo socialista. Tratei de cumprir con todas as demandas da vida parlamentaria, de acordo coa súa dinámica propia. Sometinme sempre ás sesións de control e rendín contas de cada viaxe ao exterior ou da miña participación institucional nas xuntanzas importantes para Galicia. Creo que fun un dos presidentes que compareceu máis veces ante o Parlamento para informar ou para render contas das miñas actividades institucionais e someterme ao seu control.

***Disgusteime moito cando tiven que ausentarme do Parlamento para non votar a favor do envío á fiscalía do ditame dunha comisión de investigación sobre a Cidade da Cultura. Entendín que o tema xa estaba resolto e non podía aceptar de ningunha maneira a formulación do BNG***

Tamén a miña relación coa presidenta do Parlamento foi fácil, grata e fluída. Como mínimo reuniámonos unha vez ao mes para comentarmos os asuntos de interese conxunto... A elección de Dolores Villarino foi unha proposta miña, que considerei innegociable no pacto de goberno co BNG porque estaba seguro de que era a persoa adecuada. Eles querían a presidencia, pero eu tiña especial interese en que se visualizase no Parlamento quen era a forza política que tiña a clara maioría dentro da coalición gobernante... A miña amizade con Lola remontábase aos tempos da facultade de Económicas, así que coñecía da súa capacidade e da súa valía, tanto profesional como persoal. Despois, ela e Antón Louro foron os meus principais apoios cando accedemos á dirección do partido naquel congreso de Ourense. Ademais de

todos estes motivos, quixen potenciar o papel da muller na política e normalizar o criterio de paridade. Tiven verdadeiro desexo de que unha muller estivese á fronte por primeira vez do Parlamento do país. Por iso insistín no seu nomeamento, a pesar de que foi un dos asuntos que máis discutimos para pactar a coalición... No día de hoxe paréceme que Lola

Villarino desempeñou o seu papel cun gran respecto á función que ten que cumprir un Parlamento. É unha muller con carácter, pero tamén con criterio, e exerceu como presidenta de acordo coa súa alta representación.

Claro que teño recordos non tan bos. Por exemplo, o recordo dunha sesión de control na que se deu a entender por Feijóo que eu prevaricara coa adxudicación da autovía da Barbanza. Foi un asunto moi soado por reiterado, que o PP terminou levando ao xulgado dunha forma absolutamente forzada, difamatoria e fóra de lugar. Boa proba diso foi que o caso se sobreseu sen abrirse sequera xuízo contra ninguén. Pero aquela longa campaña foi realmente calumniosa e doeume singularmente pola conselleira e os funcionarios. Persoalmente impulsei a apertura dunha comisión

de investigación que solicitara a oposición, con motivo dunha viaxe financiada pola Secretaría Xeral de Emigración a unha persoa que o PP identificou como axente electoral noso. E este tema aínda segue pendente dunha resolución xudicial...

Noutra orde de cousas, lembro que me desgustei cando tiven que ausentarme do Parlamento para non ter que votar a favor do envío á fiscalía do ditame dunha comisión de investigación sobre a Cidade da Cultura. Eu dera instrucións moi precisas no seu momento para non aceptar esa formulación do BNG e entendín que o tema estaba resolto. Ata que un día me atopei no Parlamento con que ía abordarse o asunto e xa non tiña marcha atrás, dado que o BNG considerou aquel punto do ditame como condición *sine qua non* para a súa firma... Por coherencia e conviccións decidín ausentarme. Aquilo levantou un gran rebumbio, pero eu sempre estiven e estarei en contra de xudicializar a política. O asunto era moi claro, porque o Parlamento abría unha comisión de investigación e xa actuara con toda a súa capacidade para chegar politicamente ata o fondo. De modo que me parecía totalmente improcedente aquela remisión ao fiscal do ditame parlamentario.

No contexto dunha lexislatura moi fértil, de todas as leis que se aprobaron nela síntome particularmente satisfeito de dúas: a Lei de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, porque foi a primeira que, no cumprimento do compromiso rexenerador, o Goberno mandou ao Parlamento, e a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que pretendía evitar que na costa se seguise construíndo de forma desmedida... E logo está o gran traballo parlamentario que se fixo sobre a reforma do Estatuto, que ten a súa historia.

Tras a celebración que fixemos no verán do ano 2002 do Día Nacional de Galicia en Rianxo, a vila natal de Castelao, que era un lugar simbólico para enmarcar aquela conmemoración, eu lancei

**Penso que os temas de discordia na reforma do Estatuto foron dous: a definición de Galicia no preámbulo, e o artigo dedicado á lingua, onde Feijóo xa me advertira meses antes que sería un elemento de confrontación, tal e como aconteceu despois**

a proposta política de abordar a reforma do Estatuto. Pero Beiras dixo que non era o momento e Fraga comentou que aquilo eran cousas de maiores... Dous anos despois foi o propio Fraga quen expuxo a mesma proposta no debate sobre o estado da autonomía. Pero nunca se abordou sequera a formación dunha comisión ou ponencia, porque se negou en redondo sempre. Tiña un dobre discurso: en Madrid falaba de reformar os estatutos e aquí bloqueaba o tema porque seguía pensando que non era o momento... Fomos nós quen propuxemos a creación desa ponencia no seo do Parlamento para desenvolver a reforma do estatuto. E logo de varios meses de intenso traballo entre representantes dos tres grupos: Fernández Leiceaga (PSdeG-PSOE), Carlos Aymerich (BNG) e Pedro Puy (PP), alcanzouse un grao de consenso moi

alto. A reforma estaba feita nun 95 %, pero faltaba completar esoutro 5 %. Só quedaron fóra daquel acordo parlamentario dous ou tres asuntos, que decidimos abordar nunha reunión a porta pechada directamente entre Feijóo, Quintana e eu, para tratarmos de conseguir o acordo final.

Desde o meu punto de vista, esencialmente os temas de discordia foron dous: un foi a definición ou o carácter de Galicia, que figuraba no preámbulo, e onde eu propuxen como vía de consenso a expresión de «nación de Breogán», tal e como está recollido no Himno Galego, que forma parte da Lei de símbolos de Galicia. E outro foi o artigo dedicado á lingua, onde Feijóo xa me advertira meses antes que sería un elemento de confrontación, tal e como aconteceu despois. O caso é que Feijóo se pechou en banda e dixo que non podía aceptar de ningún modo o acordo e aí acabouse todo, naquela lexislatura.

”



### 🔁 Control parlamentario regulado

O titular de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, abriu cun balance puntual sobre a tempada estival de incendios forestais a rolda de comparecencias voluntarias dos conselleiros sobre asuntos de actualidade. Ese mesmo día, o presidente da Xunta interveu tamén para informar sobre os asuntos tratados nunha reunión de presidentes de comunidades autónomas que tivo lugar uns días antes. Pérez Touriño ratificou a súa intención de acudir á Cámara todos os mércores para someterse ao control parlamentario. O vicepresidente da Igualdade e do Benestar seguiu o mesmo camiño quince días despois e o portavoz do PP, Alberto Núñez Feijóo, mostrouse de acordo con esa liña de traballo. Na foto da dereita, de arriba abaixo os conselleiros e conselleiras de Medio Rural, Cultura, Sanidade, Pesca e Asuntos Marítimos, Medio Ambiente, Traballo e Vivenda e Solo. ~ 13-9-2005

10-10-2005



**Francisco Xesús Jorquera Caselas é elixido por unanimidade como senador autonómico en substitución de Anxo Quintana**



18-10-2005



*O Parlamento convoca cinco bolsas de 6.000 euros para estudos de posgraao en centros superiores da UE*



**🔗 Sarmiento, novo letrado maior**

O inicio da lexislatura trouxo consigo o nomeamento de Xosé Antón Sarmiento Méndez como letrado maior do Parlamento. Esta designación por acordo da Mesa produciuse tras a xubilación solicitada por José Ramón Cólera Leirado, quen desempeñou a devandita función durante 23 anos, dende os inicios parlamentarios, tras prestar tamén o seu asesoramento administrativo á Xunta preautonómica.

**Protesta de alcaldes** ↻ ↺

Un grupo numeroso de alcaldes e concelleiros do PP concentrouse á entrada do pazo do Hórreo para protestar contra a suspensión de 247 obras de infraestruturas en zonas rurais, que estaban aprobadas polo Goberno anterior. O conselleiro de Medio Rural, Suárez Canal, explicaba na Cámara as razóns da súa decisión mentres unha vintena de edís seguían dende a tribuna de convidados a sesión plenaria. Tras coñecer os incidentes acontecidos no exterior do Parlamento e oír no seu interior algún comentario saído da citada tribuna, a presidenta ordenou o seu desaloxo. O Grupo Popular decidiu marchar como mostra de solidariedade, e Núñez Feijóo encabezou logo unha multitudinaria rolda de prensa onde criticou a actitude de Dolores Villarino. ≈ 23-II-2005



**XXV aniversario** ↻ ↺

O Parlamento iniciou a celebración das súas vodas de prata cun pleno conmemorativo, onde xogaron un papel especial mozos galegos nados o mesmo ano da súa constitución por vez primeira, que ocuparon a tribuna de convidados. A moza María Duro Mansilla falou en nome deste colectivo tras as intervencións institucionais dos tres portavoces, Aymerich, Rego e Feijóo. A sesión abriuse cunha actuación do Dúo Gótico e concluíu coa interpretación do Himno Galego polo Coro de Nenos Cantores da Orquestra Sinfónica de Galicia. Á súa terminación, descubriuse unha gran peza escultórica de Fernando Blanco no xardín. ≈ 19-12-2005







28-12-2005



O Parlamento dá vía libre á reforma da Lei de Dereito civil de Galicia, que se aprobou seis meses despois





#### 🕒 Reunión de ex-presidentes

A celebración do XXV aniversario do Parlamento congregou como convidados especiais a todos os presidentes da Xunta dende o período preautonómico. De esquerda a dereita, Gerardo Fernández Albor, Manuel Fraga Iribarne, Fernando González Laxe e José Quiroga Suárez non quixeron perderse unha conmemoración tan especial e departiron amigablemente no despacho da presidenta antes de iniciarse o solemne acto. 2019-12-2005



#### **📍 A experiencia de Rego**

Toda a experiencia que Ismael Rego acumulara ao longo de tantos anos de estancia na Cámara, non dubidou un instante en poñela ao servizo do Goberno bipartito e, particularmente, do seu presidente, Pérez Touriño, quen lle encomendou a portavocía do grupo socialista. Rego González cumpriu co seu labor de buscar o máximo entendemento posible con Aymerich Cano, en tanto que portavoz do seu socio de goberno. Dende a tribuna estivo sempre ao quite, fronte ás interpelacións e ás críticas da oposición encabezada por Núñez Feijóo.

# Ismael Rego González

Deputado do PSdeG-PSOE na 2.ª, 3.ª, 4.ª, 5.ª, 6.ª, 7.ª e 8.ª lexislaturas  
Portavoz do PSdeG-PSOE na 7.ª lexislatura



“CASUALIDADE OU CAUSALIDADE? En todo caso, para un veciño dunha aldea do norte de Lugo, chamada Cangas de Foz, constitúe un auténtico privilexio ser o deputado que máis lexislaturas ten cumprido no Parlamento de Galicia. Poderíase dicir, que, en certo modo, madurei como deputado á par da propia autonomía: vivín primeiro o seu inicio, despois a súa consolidación e agora a súa madurez... Desde logo xamais puiden imaxinarme cando pisei o pazo de Fonseca por primeira vez ao comezar a segunda lexislatura en 1986 que ía exercer como deputado durante tantos anos. Sen dúbida, foi froito da casualidade. Unha e outra vez teño pensado que aquela era a miña última lexislatura, e aquí sigo aínda desenvolvendo unha tarefa que sempre me resultou moi enriquecedora e ilusionante. Sempre vivín a miña experiencia como un episodio de duración moi breve, cun futuro dubidoso e un pasado certo.

O día que tiven que subir por primeira vez á tribuna do Parlamento en Fonseca para prometer o cargo e tomar posesión non podo negar que estaba moi nervioso. Aquel momento resultou para min emocionante. Eu procedía do mundo sindical, traballaba na fábrica de Alúmina-Aluminio, que está na costa de Lugo e era concelleiro do Concello de Cervo. Naqueles primeiros anos da segunda e terceira lexislaturas non tiven ningún papel institucional relevante dentro do Grupo Socialista, máis alá da defensa a ultranza da Mariña luguesa, e a miña primeira iniciativa parlamentaria practicamente fixémosla a seis mans entre Ceferino Díaz e Fernando Martínez.... Se a recordo? Claro que me acordo moi ben: foi unha pregunta sobre a situación tan calamitosa que tiña a estrada entre Viveiro e A Gañidoira; no texto dicíamos que parecía un desfiladeiro de Afganistán...

A primeira vivencia parlamentaria que me impactou foi a moción de censura presentada polo PSdeG-PSOE contra o presidente Albor, como consecuencia da crise suscitada dentro do Goberno e no seo do seu sustento parlamentario. Lembro a gran calidade humana que emanaba do presidente da Xunta, Gerardo Fernández Albor, que era excepcional; unha persoa moi próxima, que te saudaba sempre en calquera esquina.

O debate da moción de censura deixou unhas pegadas profundas, tanto a nivel político coma humano, ao producirse o cambio

de Goberno nunhas circunstancias, ao meu xuízo, pouco desexables. Aínda recordo moi ben unha frase que dixo Albor nunha das súas últimas intervencións como presidente, cando xa sabía que ía deixar de selo, e na que só pedía que o deixasen saír con dignidade daquela situación. Aquilo resultou emocionante para un deputado novo como era eu entón... Nun Parlamento no que había oradores excepcionais, dun gran nivel e cunha gran formación intelectual, mestres da persuasión.

Da estancia do Parlamento en Fonseca teño unha lembranza entrañable. Era un sitio pequeno, non tiña aire acondicionado e fumábase moito, especialmente os non-fumadores. Todos estábamos moi preto, porque non había moito espazo para moverse, nin fóra nin dentro do salón de sesións. Así que os contactos e as negociacións se facían fóra de alí, nas terrazas dos bares máis próximos e nos salóns dalgúns hoteis, cando se trataba de asuntos relevantes. Recordo a anécdota da perda dunha votación dun proxecto do Goberno porque un dos deputados estaba fóra a falar por teléfono...

E lembro moi ben cando Iglesias Corral pronunciou na tribuna a súa frase tan celebrada, que logo pasou á historia. Necesariamente había que estar alí, naquel pleno, para coñecer tamén o contexto no que aconteceu o que aconteceu: un tras outro, todos os portavoces dos distintos partidos dirixíanse machaconamente a Albor para dicirlle que estaba alí nunha actitude pasiva, sen dicir unha palabra coma se non tivese pasado nada con aquela ruptura estrepitosa do seu Goberno. Claro, entón Iglesias Corral subiu ao estrado e saíulle da alma aquilo de: «Quen dixo que aquí non pasou nada? Como que aquí non pasou nada? Aquí pasou o que pasou!». A partir daquel momento, o debate quedou practicamente diluído por esta frase que tivo unha gran repercusión mediática.

Durante o Goberno tripartito de Fernando González Laxe seguín exercendo como deputado do meu territorio lucense, xa sei que aos teóricos do mandato representativo non lles gusta ese tipo de expresións, pero é o que foi. Daquel período gardo moi bo recordo do consenso parlamentario arredor da lei que permitiu a gran reforma universitaria. A descentralización universitaria da Coruña e Vigo foi un feito transcendental, que demostrou xa unha notable madurez institucional. En liñas xerais, creo que

o Goberno tripartito supuxo un cambio relevante con respecto á etapa anterior, e logo a chegada de Fraga xa marcou un antes e un despois de xeito rotundo.

Fraga chegou á presidencia da Xunta cunha maioría absoluta escasa; tiña máis escanos pero menos votos que a oposición. Por ese motivo a súa primeira lexislatura resultou bastante bronca porque dalgunha forma aínda se discutía aquela maioría. Desde o principio, Fraga adoptou dúas decisións moi significativas: unha estratéxica, que consistiu en tratar de darlle en todo momento un maior protagonismo ao segundo grupo da oposición, o BNG, fronte ao primeiro grupo que era o PSdeG-PSOE. Como se soubera que era moi bo para os seus intereses potenciar a división entre ambos os dous grupos. Aínda que máis tarde establecería con Antolín Sánchez Presedo a maioría dos acordos precisos para consolidar o entramado institucional que estaba pendente. A segunda é a modificación da Lei electoral de Galicia e do Regulamento da Cámara, co obxectivo de adaptalos a unha estratexia claramente predefinida. Sobre estes dous piares empezou a consolidarse a figura de Fraga en Galicia.

A capacidade de adaptación de Fraga, vindo de onde viña durante tantos anos, sorprendeume, e as maiorías folgadas que conquistou nas seguintes convocatorias electorais demostraron que foi capaz de configurar un proxecto sólido e aglutinador de toda a dereita, ao que soubo acuñarlle o marchamo de galeguista e que conectou coa maioría da cidadanía galega. Coa volta de Paco Vázquez á Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE pasei a ter un papel máis activo na Cámara, de territorial a transversal, porque entrei a formar parte da dirección do noso grupo parlamentario, cando estaba como portavoz Miguel Cortizo. E logo asumín tarefas de máxima responsabilidade como presidente do grupo parlamentario cando Emilio Pérez Touriño se converteu en secretario xeral tras o congreso de Ourense.

***Eu tiven que protagonizar negociacións duras e complicadas ao longo destes 24 anos de traballo no Parlamento. Pero podo afirmar con moito orgullo que pola Cámara non pasou un só deputado co que non poida sentar hoxe a charlar e tomar un café***

Ademais da presidencia do grupo parlamentario con Touriño de portavoz, asumín tamén a portavocía de Política Territorial. Alí inicie unha relación moi próxima co conselleiro Cuiña Crespo. Con Pepe Cuiña mantiven debates duros e tensos ás veces sobre política territorial. Pero os dous fomos quen de deixar atrás aqueles enfrontamentos en canto saíamos do hemiciclo e xa baixabamos as escaleiras falando cordialmente, coma se non tivese pasado nada.

A lexislatura da crise do *Prestige* seguramente resultou a máis complicada para todos. Ata que estalou aquela catástrofe, os socialistas galegos dirixidos por Touriño fixemos un traballo moi metódico e exhaustivo coa presentación de múltiples proxectos lexislativos para mostrarnos antes como alternativa que como azoute do Goberno. Esa foi a intención de Touriño: quería, cus-

tase o que custase, que a súa figura se visualizase como alternativa de Goberno serio e comprometido co país e as súas raíces galeguistas. Logo o asunto do *Prestige* obrigou a cambiar o paso, con dúas mocións de censura por medio e unha tensión máis que evidente... E máis tarde aconteceu o esvaecemento de Fraga cando falaba na tribuna, que foi un

momento tremendo. Humanamente aquel episodio marcoume; máis alá das distancias ideolóxicas existen afectos persoais que van sedimentando co paso dos anos, e, ademais, porque se visualizou como todo podía cambiar nun segundo. Entón comezou a percibirse xa ás claras que aquel ciclo político liderado por Fraga chegaba á súa fin.

Cando se formou o Goberno PSdeG-PSOE e BNG, foi un momento de felicidade por ver ao fin o soño de moitos e moitas cumprido. Xa o vivira a nivel local, pero a sensación de facelo realidade no Goberno do país é especial. Se naquel momento o presidente Touriño me tivese ofrecido unha consellaría e non me propuxese a portavocía do noso grupo, eu teríame levado unha decepción. Por iso notouseme a satisfacción cando me pediu que

asumise esa responsabilidade. A vida parlamentaria sempre me gustou moito e actuar como portavoz do partido que sustenta o Goberno na Cámara con Emilio como presidente da Xunta colmou todas as miñas aspiracións.

Iso de ser a persoa que propuxo á presidenta do Parlamento, Lola Villariño, o nomeamento de Touriño como presidente tivo para min unha importancia especial, malia tratarse dun feito puramente simbólico e ao que seguramente pouca xente lle dá importancia. Eu tiña claro que aquela alternancia supoñía a madurez definitiva da nosa autonomía. Dito todo isto, sabía moi ben desde o primeiro momento que o meu traballo non ía ser nada doado, pero estaba convencido de que podía facelo razoablemente. No día de hoxe penso que non saíu mal de todo.

Co BNG como socio de coalición tiven que negociar ata as comas dos acordos e incluso en ocasións os espazos entre liñas; nalgunha ocasión negociamos ao límite. Pero este consenso era un labor esencial para evitar que o Goberno sufrise calquera sobresalto parlamentario. Así logramos chegar ao final da lexislatura sen perder unha soa votación no Parlamento. Ben, a verdade é que perdemos unha votación, porque se equivocou a presidenta nun tema pouco importante. Pero aquilo quedou nunha simple anécdota...

Algunha frustración desta etapa? Si, aínda sigo lamentando hoxe que non fosemos capaces de pactar a reforma do Estatuto de autonomía. Creo que o proceso foi exemplar e que faltou moi pouco; pero non logramos ese consenso.

Con bo criterio, o Goberno quedou a un lado na reforma do Estatuto ata o final e circunscribiu a negociación ao ámbito parlamentario. Creouse unha comisión formada por representantes dos tres grupos e facilitouse a comparecencia no Parlamento de todos os colectivos cidadáns e representantes institucionais e corporativos que estaban interesados e que tiñan algo que dicir sobre esa reforma. As súas achegas resultaron moi valiosas. A Ponencia formada traballou con moito rigor, ata que alcanzamos un nivel de acordo que eu cifraría nun 95 %. A partir de aí todo quedou a expensas dunha reunión ao máis alto nivel entre Touriño, Quintana e Feijóo.

Agora podo dicir que eu coñecía as propostas que ía facer o presidente, tanto sobre a definición de Galicia como do idioma, que

eran os dous escollos principais, e anoitecía convencido de que ao día seguinte se chegaría a un acordo. Non aconteceu así e esta foi a miña gran frustración parlamentaria. En política nunca se sabe, pero non creo que volva enxergarse en moito tempo unha oportunidade tan boa para alcanzar un acordo como naquela ocasión.

Na miña calidade de portavoz socialista falaba moito co presidente naquela lexislatura; tanto no seo dunha comisión que levaba as relacións e os asuntos do Goberno co Parlamento, e que se reunía semanalmente, como tamén de forma individual cada vez que era preciso, que o era... Para nós era importante lograr acordos parlamentarios que contasen cun respaldo máis amplo que os apoios derivados do propio pacto de goberno. E conseguímolos en ocasións. Co PP chegamos a algún acordo importante; por exemplo, na votación do texto articulado da primeira Lei de orzamentos que presentou o bipartito. Paréceme que foi a primeira vez na historia da autonomía que esta lei non tivo ningún voto en contra. Logramos que o PP se encontrase sen razóns para votar en contra e abstivéronse...

En xeral, con todos os portavoces tiven unha relación cordial. E, logo obviamente, con Carlos Aymerich tiven unha relación máis intensa e extensa durante o Goberno bipartito, porque nos víamos ou falabamos case todos os días, e tamén nos levabamos ben. Aymerich creo que foi un bo portavoz do BNG...

Se quedo con algún acordo en especial? De todos os acordos síntome orgulloso. Creo que para articular calquera acordo tes que ser capaz de poñerte un pouco no lugar e na posición do que tes enfronte cando a negociación está enriba da mesa. É dicir, ver o asunto desde o punto de vista do teu oponente. Con esa óptica contraria o acordo sempre me resultou máis doado.

Sen dúbida, tiven a oportunidade de protagonizar negociacións duras, tensas e complicadas ao longo destes vinte e catro anos de traballo continuado no Parlamento de Galicia. Desde a tribuna non fun un anxiño; pero en ningún caso me dediquei a insultar ou a descualificar a ninguén. Expuxen sempre os meus argumentos e as miñas razóns. E podo afirmar con moito orgullo que polo Parlamento non pasou un só deputado co que non poida sentar hoxe a charlar e tomar un café. Esta é a maior satisfacción e o que considero o meu principal patrimonio nesta intensa experiencia parlamentaria.





7-2-2006



*Dolores Villarino le unha declaración institucional de apoio á campaña «Panos brancos contra a droga» da Fundación Galega contra o Narcotráfico*



### ↻ ↻ Adeus de Fraga

Manuel Fraga dixo adeus ao Parlamento cando tiña 83 anos para asumir a súa nova responsabilidade como senador de representación autonómica. As tribunas contaron coa presenza dunha ampla representación de cargos do PP que quixeron darlle unha cálida despedida. Fraga fixo a súa última intervención para agradecer o apoio recibido durante tantos anos e subliñar a oportunidade da súa chegada ao Senado no preciso momento en que ía estudarse a súa propia reforma, unha e outra vez demandada por esta Cámara. ≈ 7-2-2006





#### 📍 ➡ A reforma do Estatuto

Tras asumirse o reto de abordar conxuntamente a reforma do Estatuto de autonomía, abríronse as reunións entre representantes dos tres grupos parlamentarios para formar a comisión de estudo e elaborar o seu plan de actuación. Os tiras e afrouxas foron constantes dende a formación do grupo de traballo, que quedou integrado por nove membros, a cuxa fronte estiveron Francisco Cerviño (presidente), Pablo González Mariñas (vicepresidente) e Xesús Palmou Lorenzo (secretario). Un amplo espectro de cualificados representantes dos ámbitos culturais, políticos e sociais compareceron ante esta comisión de estudo ao longo de nove meses. Ao final, os 21 puntos de desacordo do traballo parlamentario sintetizáronse en tres, que resultaron insalvables: financiamento, lingua e nación. Os tres líderes, Touriño, Quintana e Feijóo, mantiveron a mediados de xaneiro de 2007 unha reunión decisoria que concluíu sen o acordo buscado. Sobre estas liñas, unha comparecencia dos portavoces dos tres partidos ante a prensa. Na foto grande, posaron en torno ao escudo de Galicia, de esquerda a dereita, Bieito Lobeira, Carlos Aymerich, José Manuel Baltar, José Antonio Orza, María Xosé Vega, José Manuel Barreiro, Francisco Cerviño, Ismael Rego, Beatriz Sestayo, Xesús Palmou, Xaquín Fernández Leiceaga, Pablo González Mariñas e Pablo López Vidal. ~

15-3-2006

4-4-2006



**O Salón dos Reis acolle unha xornada de prevención cardiovascular para chequear a saúde dos deputados, cuxo resultado xeral resulta satisfactorio**



# Francisco Julio Cerviño González

Deputado na 4.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> lexislaturas polo PSdeG-PSOE



*O Parlamento é a Asemblea deliberativa dunha nación, cun único interese, o do conxunto, e na que non deben primar nin propósitos nin prexuízos locais, senón o ben común, que resulta da razón xeral do conxunto.*

EDMUND BURKE

Discurso aos electores de Bristol, 1774

**P**ódese ter, dentro da vocación política —que a min me foi transmitida por vía placentaria pola miña nai, militante do Partido Galeguista dende o ano 1932, mesmo cando deixou de existir o Partido durante o franquismo—, vocación de parlamentario?

A miña experiencia abócame a dar unha resposta afirmativa, e despois de que complete dezaseis anos da miña vida no Parlamento ao final desta lexislatura, a quen me gustaría parecerme cando sexa maior é ao senador Seabright Coley, maxistralmente interpretado por Charles Laughton no filme de Otto Preminger *Tempestad sobre Washington*. Claro que eu non chegarei aos trinta anos que el levaba no Capitolio, nin por suposto aos corenta e seis que alcanzou Edward Kennedy.

Cando o presidente Pérez Touriño constituíu o seu Goberno, e eu estaba en moitas quinielas, non quería estar nel. É verdade que aínda adoezo por non estar na foto histórica do primeiro Goberno progresista do país que acadou o poder por elección dos cidadáns dunha maioría alternativa diferente, e que —*vanitas vanitatum*— a un lle gustaría participar do conxunto de aparatosos elementos rituais e decorativos que rodean ao Executivo, e que se o presidente mo tivese pedido tería, como é natural, aceptado, pero eu prefería permanecer no Parlamento, e a esas poucas privacións engadir o valor da dispoñibilidade de tempo da que adoito carecen os membros dos executivos.

Nestes anos tiven a oportunidade de comprobar a importancia da vida parlamentaria para os cidadáns, ao lexislar, ao ser poñente de oito leis e participar en comisións de estudo como a do narcotráfico ou a de seguridade viaria, e a ordenar o debate presidindo a Comisión de Sanidade, Emprego e Servizos Sociais e a Comisión do Estatuto, do Estatuto de autonomía desgraciadamente non nato.

E tamén comprobar como o labor de control e impulso é moito máis importante do que se pensa, transcende, e mesmo os Gobernos recoñecen. A miña experiencia dime que cando un membro do Parlamento pon o foco nun asunto, o Goberno móvese, aínda que non o recoñeza e mesmo o negue. E iso é moi importante para os cidadáns.

Vivín nestes anos no Parlamento momentos moi intensos, como os sucedidos durante a crise do *Prestige* ou durante a Guerra de Iraq; momentos dramáticos, como o esvaecemento na tribuna do presidente Fraga; momentos divertidos, como cando o presidente da Cámara, D. Victorino Núñez, ao pedirlle eu que prohibise fumar no hemiciclo, contestoume que lle estaba pedindo «a cabeza do Bautista», referíndose ao vicesecretario, D. Bautista Álvarez, que naquel momento fumaba ostensiblemente na Mesa.

Pero sen dúbida o momento para min máis feliz e máis importante na miña vida parlamentaria foi a investidura como presidente da Xunta de D. Emilio Pérez Touriño, e non só pola lóxica alegría de levar á Presidencia do Goberno a un correlixionario, senón pola miña ligazón co proxecto de D. Emilio Pérez Touriño para o Partido dos Socialistas de Galicia, dende o primeiro momento, e moi

significativamente tamén pola miña amizade con el dende a nosa época universitaria, onde militamos xuntos na JEC (Juventud Estudiante Católica —cristiáns de esquerdas—) e na Asociación Democrática de Estudantes Galegos (ADEG), sendo ambos os dous delegados do Sindicato Democrático de Estudantes no curso 1967-68.

Gardo desa sesión un imperecedoiro recordo, e tamén, por que non dicilo?, unha certa nostalgia.

Finalmente, quero dicir que debemos entre todos prestixiar a política, entendida como un servizo aos cidadáns, e para iso é fundamental elevar o prestixio do Parlamento, mellorando o nivel dos nosos debates e a calidade do conxunto do noso traballo, e empuxando entre todos, sobre todo a maioría gobernamental de cada momento, por unha maior autonomía respecto dos executivos, gañando así en calidade democrática. Esa é a nosa obriga cara aos cidadáns, e cara ao réxime democrático constitucional que tanto esforzo custou traer, e que é o que maior cotas de felicidade colectiva —e individual— permite acadar.

Ten sido e é un privilexio enorme e impagable representar e traballar tantos anos a prol dos cidadáns, de Galicia e da democracia española.

# Xaquín Fernández Leiceaga

Deputado na 7.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> lexislaturas polo PSdeG-PSOE 2009-2011



**N**as dúas lexislaturas en que teño sido deputado no Parlamento de Galicia destacan na miña memoria tres situacións. Dúas son obvias, ao corresponder aos debates de investidura. O primeiro momento, en xullo de 2005, era realizado pola música de tambores e fanfarras. Por fin, despois de tantos anos, había a oportunidade de que un progresista, Emilio Pérez Touriño, ocupase a presidencia da Xunta de Galicia. Algunha incerteza —pois aínda estaba fresca a lembranza do sucedido na Asemblea de Madrid— e a normal preocupación do principiante que entra nun ámbito descoñecido eran amplamente contrapésadas pola ledicia do triunfo fronte a un político respectado pero que representaba o pasado. Criamos, falsamente, que se abría un longo período de Gobernos progresistas, e que se cumpría unha certa xustiza histórica: a xeración que encarnara a loita pola democracia e o autogoberno en Galicia ía ter por fin a oportunidade de amosar a súa valía.

O segundo momento, en abril de 2009, acompañase polas notas graves do fracaso. Inopinadamente, creo que para case todos, Alberto Núñez Feijóo ía ser o novo presidente. Á decepción engadíase, no meu caso, a responsabilidade: a Comisión Xestora do PSDG encomendárame representar ao grupo parlamentario no debate de investidura, nun contexto complicado pola ausencia de xefatura efectiva na nosa formación política. Pasar con dignidade o debate era o primeiro elemento que permitiría construír unha alternativa á dereita triunfante e amosar ao electorado progresista que seguíamos en pé. Vivín a sensación de estar só ante o perigo.

Outros deben vulgar o resultado. En todo caso, constatouse que unha nova xeración, a que accedera á maioría de idade coincidindo coa implantación do réxime democrático, facíase coas chaves do futuro.

Por último, un proceso: o inconcluso intento de reforma do Estatuto de autonomía de 1981 que tivo lugar ao longo do ano 2006. Por riba das lóxicas diferenzas políticas creo que até o final os que conformamos o relatorio parlamentario que tiña a encomenda de redactar un texto vivimos coa ilusión de que era posible —porque o era— chegarmos a un acordo; traballamos longa e intensamente; reducimos discrepancias e establecemos un consenso sobre un noventa e cinco por cento do texto. Foi fóra do Parlamento de Galicia onde se trazaron as liñas de xeito que non resultase posible a intersección. Non é este o lugar de atribuír responsabilidades. Si o de manifestar o meu recoñecemento a todos os que participaron de boa fe no intento así como facer votos para que o produto inconcluso pero nun estado avanzado de definición que fabricamos poida ser introducido de novo no torno para unhas voltas finais que lle confiran a aparencia definitiva.



19-5-2006  
→

**A Mesa do Parlamento celebra no Concello de Lugo a súa primeira reunión oficial fóra do pazo do Hórreo**

**O programa do aniversario**

O diálogo e a convivencia foron os principais referentes das actividades culturais e institucionais que impulsou ao longo desta lexislatura un Parlamento convertido en fábrica de valores. Baixo o principio do achegamento da Cámara á cidadanía, desenvolvéronse unha gran cantidade de actos en toda Galicia que mesmo se estenderon alén da propia celebración do 25 aniversario e das portas do pazo do Hórreo. A presidenta, Dolores Villarino, estampou a súa dedicatoria a prol da convivencia e o respecto no gran panel ubicado xunto a catedral de Lugo. As fotos da dereita recollen unha recepción da Mesa en Ourense e un concerto do programa itinerante «Convivir convivencias» en Lugo.

V2  
Buen  
CONVIVIR  
SEMPRE  
O MELLOR



### 🔄🔄🔄 Estado da autonomía: consenso forestal

O primeiro debate do estado da autonomía que libraron Pérez Touriño e Quintana González fronte a Núñez Feijóo, serviu para alcanzar un consenso sobre política forestal, tema candente dende o inicio da lexislatura tras a súa propagación dende períodos anteriores. Por outra parte, o presidente da Xunta anunciou un apreciable recorte da presión fiscal como acción estratéxica do seu Goberno para o 2007, e pediu un acordo sobre tres asuntos capitais: a reforma do Estatuto, a ordenación do territorio e a citada redefinición da política forestal. O vicepresidente puxo o seu acento particular na reforma estatutaria. E o líder da oposición reservou ata o último momento a súa aceptación ao devandito acordo forestal tras presentar ao debate un total de 516 iniciativas. Os tres grupos parlamentarios aprobaron por unanimidade 67 propostas de resolución, algunhas de especial relevancia: 37 do PP e outras 30 conxuntas do PSdeG-PSOE e BNG. Ademais, os dous partidos do Goberno impuxeron a súa maioría numérica para aprobar outras 18 propostas. ~ 3 e 4-10-2006







## Alejandro Gómez Alonso

Deputado na 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> lexislaturas polo PP



**A** celebración dos trinta anos de vida do Parlamento de Galicia é, sen lugar a dúbida, un feito que hai que destacar na historia democrática do noso país, un fito que merece ser lembrado e conmemorado.

Pertencer á Cámara galega supón para min unha enorme honra polo que significa, e debo recoñecer que, tras tres lexislaturas nela, o Parlamento de Galicia é unha parte moi importante da miña vida.

Nesta «casa de todos os galegos», durante tres etapas políticas diferentes, tiveron a sorte de vivir moitos momentos interesantes e enriquecedores que xa nunca vou esquecer.

Puiden aprender en tempos de oposición, baixo a dirección de Alberto Núñez Feijóo, o verdadeiro sentido do que significaba representar ao pobo de Galicia.

Do mesmo xeito, aprendín nestes anos que, por enriba de ideoloxías políticas, o que dignifica a vida política, o verdadeiramente importante, é cumprir co deber e facer un bo traballo que poida redundar no interese xeral.

Para rematar, gustaríame agradecer a todos os meus compañeiros o apoio e a colaboración prestada, pero, sobre todo, quero destacar o traballo silencioso e discreto das persoas que fan posible que o Parlamento de Galicia funcione, facendo unha especial mención aos traballadores do meu grupo parlamentario, xa que lles teño un especial cariño.

# José Manuel Baltar Blanco

Deputado na 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> lexislatura polo PP ≈ Vicesecretario da Mesa na 7.<sup>a</sup> e vicepresidente primeiro na 8.<sup>a</sup> lexislatura



**L**embro perfectamente o 20 de novembro de 2001: ese día adquirín «a condición plena de deputado» na sesión constitutiva da VI lexislatura. Non era un tópico dicir que era un «intre especial» da miña vida. Eu xa coñecía a institución tanto dende o punto de vista de quen se sente fortemente atraído pola política como dende a perspectiva de quen profesionalmente se ocupara no pasado das relacións dun departamento da Administración autonómica coa Cámara galega.

Nos meus anos de estudante na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela (1985-1990) seguía dende preto, moi interesado, a vida política do meu país e singularmente a actividade parlamentaria. Máis tarde traballei no gabinete dun conselleiro que presidira o Parlamento e que me encargou o seguimento polo miúdo das iniciativas parlamentarias relacionadas coa consellería, dende as preguntas ata o debate e a tramitación das leis, destacando a 3/1993, das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia. Sempre tiveron en conta que o feito de contar cunha asemblea lexislativa propia fora un soño para moitos no pasado e xa tiñamos, centrándonos no traballo e cumprindo as nosas obrigas, a quen non defraudar: aos galeguistas que non chegaran a estar «no parlamento de seu», correspondéndonos a outros continuar con ese labor e profundar no autogoberno da nosa nacionalidade histórica.

Cando, tras o chamamento correspondente, xurei desempeñar o meu cargo de parlamentario, realmente apreciei e valorei o momento e entendín que colmara as miñas «aspiracións» políticas. Saber que formas parte desa realidade representando a Ourense tamén engade un «plus» de responsabilidade. Dende entón volví ter protagonismo activo en dúas sesións constitutivas máis, as da VII e VIII lexislaturas, en ambas as dúas destacaría ter sido elixido para formar parte da Mesa, o órgano reitor da Cámara, como vicesecretario e vicepresidente 1.<sup>º</sup> respectivamente. Durante todo este tempo presidín comisións —tamén plenos—, e fun voceiro e ponente de leis, destacando os meses nos que representei ao meu grupo na Ponencia para a reforma do Estatuto de autonomía na sétima lexislatura, experiencia política inesquecible. Sei o que significa formar parte do grupo que sostén ao Goberno e tamén coñezo o traballo como grupo parlamentario na oposición.

En 2011 cumpríranse dez anos dende aquela primeira sesión constitutiva, case a cuarta parte da miña vida (e un terzo da historia da Cámara) e considero ao Parlamento, o edificio e aqueles que lle dan vida a esta institución —persoal e parlamentarios—, algo verdadeiramente próximo. Mesmo a miña dona, María Caldelas, tamén foi deputada! Son moitas as anécdotas que podería contar sen, por suposto, dar nomes... o membro do Goberno que, para dar resposta a unha pregunta da oposición, confundiu o micrófono de man co teléfono do seu escano... o deputado que, tras formar parte da Mesa na lexislatura anterior, cando ía intervir dende a tribuna comezou a subir as escaleiras... aquel deputado que «colou» a un visitante no hemiciclo durante a celebración dunha sesión plenaria ante a incredulidade de quen a presidía e os poucos parlamentarios que nos demos conta... En fin, moitas lembranzas, moitas vivencias, moitos momentos para o diálogo e para o debate, moito traballo por Galicia. A homenaxe permanente que lle debemos ao Parlamento consistirá en que adquira plenamente o protagonismo que merece como institución básica do poder galego. Parabéns no seu trinta aniversario. *Deus fratesque Gallaeciae.*

3-11-2006



**O Parlamento acomete un plan de eficiencia e aforro enerxético en todas as súas instalacións**



#### **🕒 Iniciativa popular aprobada**

Despois de varias propostas infrutuosas, o Parlamento tomou en consideración unha proposición de lei de iniciativa legislativa popular para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, cuxa tramitación viña canalizada da lexislatura anterior. Daniel López Vispo, secretario xeral de Adegas, realizou a defensa dunha proposta que chegou avalada por case 40.000 sinaturas. O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, apoiou a iniciativa, e o mesmo fixeron Ana Pontón (BNG) e Laura Seara (PSdeG-PSOE), fronte á oposición de Jaime Castiñeira (PP). A toma en consideración foi aprobada por 38 votos a favor e 35 en contra. Finalmente, esta nova lei saíu adiante cun consenso total catro meses despois. ≈ 20-6-2006

9-3-2007  
→**O Parlamento encarga á Escola de Capataces Forestais de Lourizán o deseño dun xardín autóctono ante a súa fachada principal**

### 📍 Peche do aniversario

O Parlamento pechou a conmemoración do seu XXV aniversario con outra sesión plenaria, onde non faltou a representación dos mozos nados en 1981. Nesta ocasión, o seu portavoz foi Antonio López García, un invidente que estaba a rematar os estudos de Xornalismo, acompañado do seu can guía Xumer. Os portavoces dos tres grupos foron Aymerich, Rego e Barreiro, e as actuacións estiveron a cargo de Suso Vaamonde, Niño Josele, Cuchús Pimentel e Delio Domínguez. A interpretación flamenca que estes dous últimos artistas fixeron do Himno Galego ao peche do acto non compraceu a todos os asistentes e provocou unha agre polémica nos días seguintes entre a presidenta, Dolores Villarino, e o BNG por boca do seu portavoz, Carlos Aymerich.

≈ 19-12-2006



### 📍 Homenaxe feminista

A Cámara acolleu unha recreación do histórico debate librado en 1931 por Clara Campoamor en favor do recoñecemento do sufraxio feminino. María Xosé Queizán (na tribuna) escribiu o guión da representación, que incluíu tamén a lectura dramatizada por destacadas actrices de escritos de Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, como símbolos das feministas galegas que loitaron pola igualdade entre homes e mulleres. ≈ 30-3-2007

20-3-2007



*Os tres grupos parlamentarios móstranse favorables a que os emigrantes voten nunha urna*

# Dolores Villarino Santiago

Deputada do PSdeG-PSOE na 5.<sup>a</sup> lexislatura ~ Vicesecretaria da Mesa na 6.<sup>a</sup> lexislatura ~ Presidenta do Parlamento na 7.<sup>a</sup> lexislatura



“ **U**N SENTIMENTO DE DECEPCIÓN marcou a miña primeira toma de contacto co pazo do Hórreo. Eu crin que alí había moitos máis medios para desempeñar o labor parlamentario.

Pero cando cheguei, case non tiñamos onde sentar fóra do hemiciclo e ata compartiamos os armarios para gardar as nosas pertenzas básicas entre dous ou tres parlamentarios. A sensación de precariedade foi grande naqueles días, aínda que logo as dotacións se melloraron de forma apreciable. O meu salto de concelleira do Concello de Vigo a deputada autonómica provocoume unhas sensacións novas; sentín que as posibilidades de facer cousas dentro da actividade política eran distintas, claramente superiores.

Dende que cheguei á Cámara tiven asignada unha portavocía dentro do grupo socialista.

Primeiro estiven en industria, pero deseguida pasei a economía e alí continuei bastante tempo. Obviamente, o debate orzamentario era a responsabilidade máis importante deste labor e tamén era o asunto onde Touriño se mostraba máis esixente. Sempre fixemos un orzamento alternativo ao documento oficial, non tanto partida a partida, senón de forma máis conceptual, e ese traballo supúxome bastante esforzo.

Durante a miña primeira lexislatura no Parlamento, o seguimento da crise do *Prestige* foi o tema máis importante que tiven encomendado. Supuxo unha carga de traballo moi grande para o grupo socialista en xeral e para min en particular. Lembro moi ben que pasei aquel Nadal traballando sen parar, sen dispoñer dun só día libre, porque tiña asignada a coordinación de todos os traballos que estaban relacionados coa moción de censura que estaba en marcha e a actividade era frenética.

Eu acepto que era unha deputada moi activa e correúda; supño que me chamaron á orde en máis dunha ocasión polas miñas intervencións duras. Como detalle anecdótico recordo que cando

xa era presidenta, algúns deputados do PP chanceaban moito comigo, porque me preguntaban como podía reclamarlles calma e sosego, se eu era a primeira que non tiña nin unha cousa nin a outra. E entón eu contestáballes que non ía permitir a ninguén nin o 10 % do que me permitiran a min no seu momento...

Naquel tempo, o PP levaba tantos anos con maiorías absolutas que non entendía moi ben cal era o papel e a función do Parlamento. Nin poñían moito interese en establecer acordos, nin tampouco se esforzaban en argumentar as súas posturas. Dicianche que tal cousa tamén a fixera Felipe González, ou que tal outra era «o que vostedes fan en Andalucía». E conste que non esaxero, aínda que dende a perspectiva actual recordo aqueles debates como algo entrañable. En fin, o que é a actividade parlamentaria

propriadamente dita parécese que estaba un tanto descoidada polo partido gobernante.

Como cheguei á Mesa?

A miña designación como vicesecretaria da Mesa do Parlamento na sexta lexislatura produciuse de xeito fortuíto. Touriño chamoume para facerme a proposta, pero eu non acababa de verme naquel papel. Había outro compañeiro

máis axeitado ca min, pero non aceptou. Así que finalmente tiven que asumir esa función, pero tamén continuei como portavoz de economía, simultaneando ambos os dous traballos. Touriño quería certo control e unha boa información sobre os temas que pasaban ou competían á Mesa.

Como anécdota desa dobre función que tiña asignada, lembro que cada vez que baixaba dende o meu posto na Mesa ata a tribuna do hemiciclo para realizar unha intervención, García Leira me preguntaba se ía falar moito e eu contestáballe sempre que non, que ía falar pouco. A verdade é que moitas veces me portaba fatal e me pasaba en exceso do tempo dispoñible. E coa súa paciencia infinita, o presidente comentábame cando volvía ao meu sitio na Mesa que menos mal que ía falar pouco...

***Eu acepto que era unha deputada moi correúda. Cando xa era presidenta, algúns deputados do PP chanceaban moito comigo, porque me preguntaban como podía reclamarlles calma e sosego, se eu non tiña nin unha cousa nin a outra***

Dentro do traballo da Mesa tiven ao meu cargo o apartado de persoal, que non era unha tarefa doada. Pero teño que recoñecer que o presidente, José María García Leira, me apoiou sempre e aceptou as miñas formulacións con moita xenerosidade. Eu recordeo con moito cariño a García Leira; estoulle moi agradecida, porque me tratou con moito afecto e eu non son unha persoa nada doada de levar...

Por primeira vez na historia do Parlamento, as mulleres fomos maioría naquela Mesa e creo que achegamos un toque de sensatez e de pragmatismo. As mulleres mantemos os pés moi pegados á terra, porque debemos afrontar ao mesmo tempo moitas responsabilidades de distinto signo, as familiares e as profesionais. De todos os xeitos, a colaboración foi moi grande entre todos os membros das dúas mesas que coñecín como vice-secretaria e como presidenta. Imporíase a unanimidade de forma habitual, salvo en asuntos moi puntuais que estaban condicionados polos intereses dos partidos.

Aquela etapa como vicesecretaria da Mesa achegoume unha experiencia moi importante para a miña posterior función como presidenta do Parlamento. Que aprendín? Aprendín bastantes cousas. Sobre todo, decateime de que o Parlamento tiña os seus funcionarios, pero non dispoñía dunha administración propiamente dita, co seu sistema de tramitación e a súa debida articulación cos seus informes e os seus expedientes. Claro que había unha pirámide funcional, pero moi pouco máis. Cando estaba á fronte do persoal comecei a elaborar un estatuto, que logo se aprobou durante a miña etapa como presidenta. Aquel traballo chocou con moitas dificultades, porque había dous ou tres temas especialmente complicados. Ao final, creo que o estatuto de persoal só contou co apoio da CIG, pero todo o que formulara algún outro sindicato non era asumible e eu non puiden aceptalo. Dende logo, a tarefa non foi doada, pero foi posible.

***O posto de presidenta do Parlamento foi a tarefa máis bonita que eu asumín en política. Para min foi unha honra; sentínme moi a gusto con ese labor e agradecín moito esa deferencia que tivo o partido ao outorgarme a súa confianza***

Como xurdiu o meu nomeamento como presidenta? Pois o partido estaba a configurar o Goberno durante un fin de semana e chamoume Emilio Pérez Touriño para dicirme que pensara en min como presidenta do Parlamento, pero que aínda non tiña claro se prefería que eu formase parte do seu Goberno. Díxenlle que estaría onde el quixese e non me deixou elixir. Chamoume ao día seguinte e saudoume: «Ola, presidenta». E xa entendín que era o que decidira...

Cando estabamos na oposición e non chegara aquel momento, de tanto que traballaba algúns días ás veces pensaba que se algún día gobernabamos, eu quería ser deputada rasa para só ter que apertar o botón que me mandaran. Pero deixando a un lado ese pensamento, teño que admitir que o posto de presidenta do Parlamento foi a tarefa máis bonita que eu asumín en política. Para min foi unha honra; sentínme moi a gusto con ese labor e agradecín moito esa deferencia que o partido tivo comigo ao outorgarme a súa confianza nun posto de tanta responsabilidade.

Efectivamente a miña etapa anterior na Mesa resultoume moi útil cando accedín á presidencia do Parlamento na lexislatura seguinte... Se introducín cambios substanciais? Non, o funcionamento da Mesa está bastante regulado; a miña confianza era plena en todos os seus membros, que tiñan distribuídas as distintas funcións. Creo que o noso Regulamento non difire moito das normas dos restantes parlamentos de España e do mundo. Durante a miña presidencia formulouse unha modificación do Regulamento, pero os grupos non se puxeron de acordo. A presidencia ordena o debate e goza de autoridade para flexibilizar iniciativas, prazos e tempos. E nunca me sentín incómoda por unha excesiva rixidez. Dende logo eu non lle vin sentido á necesidade de modificar o Regulamento da Cámara.

Os tempos de intervención son para a presidencia un pouco o cabalo de batalla do día a día. Todos queren falar máis e, en xeral,



os deputados do Goberno sempre cren que os deputados da oposición dispoñen de máis minutos. Eu considero natural esa xenerosidade cos tempos de intervención da oposición parlamentaria e, especialmente, cos grupos minoritarios.

Nalgunha ocasión formuláronme que o control dos tempos de intervención, que só visualiza a presidencia, debían conectarse coas pantallas xerais do hemiciclo para que puidesen seguiilos todos os deputados. Pero eu negueime en redondo, porque considero que iso provocaría unha guerra total... Se tiveren que expulsar a algún deputado/a? Non, creo que non. Si ameacei moito, pero nunca cheguei a adoptar esa decisión extrema. Aínda que pareza mentira, teño a impresión de que o deputado que me deu máis guerra foi o portavoz socialista, Ismael Rego. Quizais sexa porque o quero moito e cada vez que me facía algún reproche, ou cuestionaba algunha decisión miña, aquilo doíame tres veces máis que se viñese dun membro da oposición.

Nas miñas relacións cos deputados en xeral houbo de todo: cuns lévaste mellor e con outros non conectas. O labor da presidencia é inherente cun traballo de mediación permanente e iso suponche a incompreensión xeral, tanto da oposición como do teu propio grupo. Pero creo que é natural.

En canto a obras de infraestrutura no pazo do Hórreo non acometin durante a miña presidencia ningún proxecto destacado, porque xa estaba todo feito. Nas lexislaturas anteriores melloráronse moito as instalacións en canto a grandes dotacións. Eu acondicionei uns despachos para cada membro da Mesa e tamén ampliei a área reservada aos membros do Goberno, porque ata entón só había uns despachos para o presidente e o vicepresidente, pero os conselleiros case non tiñan onde sentar cando viñan á Cámara. Tamén habilitamos dúas salas de traballo, xa que unicamente había dúas salas de ponencias. Como detalle emblemático da miña etapa resaltaría a montaxe no hemiciclo da vidreira

***Durante a miña presidencia formulouse unha modificación do Regulamento, pero os grupos non se puxeron de acordo. A presidencia ordena o debate e goza de autoridade para flexibilizar iniciativas, prazos e tempos, e nunca me sentín incómoda por unha excesiva rixidez***

deseñada por Díaz Pardo. E logo, tras a posta en marcha dun programa de tolerancia cero con respecto ao uso do papel, practicamente eliminamos os espazos destinados ao seu almacenamento e a todo o traballo de reprografía, fotocopiado e impresión. Alí fixemos un pequeno comedor institucional que cumpre a súa función nalgunhas ocasións... Esa acción de tolerancia cero de consumo de papel pareceume un obxectivo importante, posto que supuxo un paso adiante para a adaptación ás novas tecnoloxías da administración parlamentaria. Así o traballo fíxose máis eficiente, ao facilitar que as cousas rodasen a través dos ordenadores e non a través dos corredores.

O plan de optimización enerxética, o sistema de xestión ambiental e climatización xeotérmica con placas solares e fotovoltaicas, o plan integral de recollida de residuos, etcétera, foron pasos que eu dei dende a presidencia. Sempre estiveren moi sensibilizada con eses temas e fixen unha aposta forte e decidida pola súa implantación no Parlamento.

Tamén estou particularmente orgullosa do programa de actos que desenvolvemos tras a miña chegada á presi-

dencia, con motivo da celebración das vodas de prata do Parlamento de Galicia. O obxectivo principal de conmemorar aqueles 25 anos foi sacar o Parlamento á rúa, achegar o Parlamento á cidadanía. Esa foi a base do programa que nos permitiu facer actos en moitos lugares de Galicia. Sempre fomos xuntos todos os membros da Mesa e esa imaxe de unidade e camaradería entre membros dos tres partidos péreceme que resultou un bo exemplo de apertura e transparencia para os cidadáns que viñan coñecernos.

E dentro dese programa, a música entrou por primeira vez no hemiciclo, con todos os riscos que levaba consigo aquela iniciativa. Neste caso, tratábase de simbolizar que o Parlamento non era un lugar pechado, que a música tamén podía chegar ata aquí. Diso tamén me sinto moi satisfeita.

”

31-10-2007



*A Cámara rexeita en dúas ocasións unha comisión de investigación sobre a adxudicación da autovía do Barbanza*



#### **Voto non delegable**

A solicitude de acollerse a unha baixa por maternidade sen renunciar ao seu dereito ao voto na Cámara, que formulou a deputada Amparo González Méndez (PP) cando estaba a punto de dar a luz, abriu un acalorado debate. O dereito á conciliación entre a vida laboral e familiar que formulou Susana López non foi cuestionado en sucesivas intervencións, aínda que se fixeron formulacións diversas. Pero a presidenta do Parlamento, Dolores Villarino, lembrou que o Regulamento vixente non contemplaba a delegación do voto en ningunha circunstancia. De aí a negativa a aceptarse a devandita petición. Na foto, as dúas deputadas do PP, López Abella falando, mentres González Méndez escoita. ≈ 18-10-2007



### 📍 Benigno López, novo valedor

Benigno López González, ata entón maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, converteuse no terceiro Valedor do Pobo (tras Cora Rodríguez e Vázquez Sande) co apoio unánime de toda a Cámara. A súa toma de posesión tivo lugar durante un solemne acto celebrado no Salón dos Reis, con asistencia do presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño. A presidenta do Parlamento, Dolores Villarino, destacou na súa intervención a boa valoración desta figura estatutaria que pon as institucións ao servizo dos máis débiles. E o novo Valedor do Pobo gabou os seus antecesores e resaltou o seu compromiso total co traballo encomendado. A cerimonia contou cunha nutrida concorrencia. Na primeira fila, de dereita a esquerda, Albor, Romeu, Quintana, Bugallo, Ameijeiras e Sande. ≈ 27-7-2007





📍 **Ruiz Rivas, novo portavoz do PP**

Manuel Ruíz Rivas foi elixido na metade da lexislatura como novo portavoz do Grupo Popular tras a baixa voluntaria de José Manuel Barreiro Fernández para asumir a súa nova responsabilidade na Deputación de Lugo e liderar o PP nesa provincia. Ao mesmo tempo, Núñez Feijóo anunciou a designación de Pilar Rojo Noguera como nova viceportavoz, xunto a Roberto Castro García, quen seguiu desempeñando esa función que xa tiña dentro do grupo. ≈ 8-9-2007

### A Cidade da Cultura a exame ↻ ↺

A Cámara aprobou por unanimidade a formación dunha comisión de investigación sobre a xestión e o desenvolvemento do proxecto da Cidade da Cultura. A renuncia duns e outros a acoutar a devandita investigación a un período ou ámbito determinado facilitou ese consenso entre Aymerich Cano (BNG), Fernández Leiceaga (PSdeG-PSOE) e López-Chaves Castro (PP) en nome dos seus respectivos grupos para realizar unha investigación sen ningún atranco. A comisión estivo presidida por Ana Pontón (BNG) e formada por tres deputados por cada grupo. O seu programa de traballo pasou por revisar a fondo 55 expedientes e desenvolver 33 comparecencias de cargos públicos, incluídos Fraga, Touriño e Feijóo. Na foto de abaixo á esquerda, en fila, Concepción Burgo (PSdeG-PSOE), Xosé Ramón Paz (BNG), Ignacio López-Chaves (PP), Ana Belén Pontón (BNG), Carlos Aymerich (BNG), Miguel Santalices (PP) e Roberto Castro (PP). ≈ 11-9-2007



# Miguel Santalices Vieira

Deputado na 5.ª, 6.ª, 7.ª e 8.ª lexislatura polo PP



**C**ada lexislatura xera múltiples historias, todas teñen algo diferente, un feito que deixa a súa pegada no xa longo percorrido da nosa institución.

Son moitos os recordos que percorren a miña mente para comentar o meu tempo no Parlamento, por iso decidín seleccionar aquelas pasaxes que dalgún xeito foron especiais para min.

Teño que falarlles de tempos de aprendizaxe, de tensión política, de convivencia, de toma de decisións importantes, de relacións humanas e, por suposto, de sentimentos e morriñas persoais. A elas dedicarei especial atención.

O meu debut na institución prodúcese en 1997 e non foi moi afortunado.

Todo comeza cando Jaime Pita, por aquel entón voceiro do meu grupo, me comunica que no próximo Pleno teño que defender unha iniciativa da oposición.

A chamada, feita con antelación dabondo, produce un calafrío, é un fenómeno estraño, porque eu viña dun longo percorrido na administración pública, en concreto procedía da dirección do Hospital de Ourense, pero invádeche unha preocupación especial. Tratábase de debutar no Pleno do Parlamento e iso impón moito.

Durante a semana previa ensaiei todo, medín tempos, resaltei diante do espello, coidei a voz e pedín moitos consellos.

O día do debut, todo ía ben, estaba tranquilo, ata que o presidente García Leira me nomea para dirixirme ao estrado; descendín as escaleiras e empecei a miña alocución.

A modo introdutorio pareceume oportuno facer a loanza desta institución na que realizaba a «solta», tal e como se coñece no argot aeronáutico, enxalzándoo todo. De súpeto, o recordado Rodríguez Peña comenta en voz alta: «Só fai falta que nos saquen a bailar».

O presidente, coa súa voz rouca, dime: «Cíngase á cuestión, como siga así acabamos contando os mundiais de fútbol».

Aquilo desequilibroume. O que tiña magnificamente preparado para os dez minutos, fíxeno en catro, voaron as páxinas. Cando regresaba ao meu escano —hoxe confeso que moi afectado— unha voz dende o meu grupo dime: «Pasáche de freada»; era o comentario de Manolo Ruiz Rivas.

Esa mesma noite, moi doído, chamei ao meu grande amigo Xaime Quessada, o mesmo que aprobou a miña entrada en política, para comentarlle o incidente. Tratába de buscar un ánimo, un apoio; tal cousa fixen! Ceou comigo e despois de comentar o sucedido sentenciou: «Gran ridículo, pequeno saltón. Tes catro anos para arranxalo».

Máxima tensión sufrín o día que o presidente Fraga se evaace na tribuna do Parlamento. Era un debate do estado da autonomía; mañá fría, estes discursos sempre tan longos, hora e media de debate mínimo. Estaba a falar de educación, de súpeto, perde forza, apágase a súa voz, agárrase á tribuna e prodúcese un silencio interminable... acontecemento que non foi percibido por todos os deputados. Eu levaba tempo observando a cara do presidente e pñoime de pé coincidindo coa alerta de Margarita López Herraiz. Encaro o estraído, chego rápido, un pouco despois do conselleiro de Sanidade, José Manuel González, ao que o presidente xa lle advertira da súa intención de non abandonar a tribuna, pñoime á súa esquerda e dígolle: «Presidente, debe abandonar a tribuna».

O presidente Fraga resistíase, ata que lle dixen: «Presidente, fágame caso, polo seu ben e o de Galicia», case empurrándoo e ao tempo que lle indiquei ao presidente do Parlamento que suspendese o Pleno, e logramos controlar esa tensa situación.

Penso ao día de hoxe que cando o presidente Fraga escoitou a palabra «Galicia» decidiu retirarse, mellor dito, deixarse levar. O que sucedeu despois é outra historia que forma parte do segredo profesional.

Para a historia quedará tamén a colaboración de todos os deputados médicos ou profesionais sanitarios, e sen dúbida o intercambio verbal con

Tuco Cerviño. Debido á solicitude que eu lle fixen ao presidente do Parlamento para que avisase o médico da institución, Tuco dime: «Hai médicos aquí, Miguel», ao que lle respondín: «Sí, pero non temos nin puta idea».

Menos transcendencia, pero tamén certa tensión, produciuse o día que decidín que no Pleno do Parlamento non se podía fumar. Levaba varios días maquinando a idea, propúxenlo en dúas ocasións á Mesa do Parlamento, da que eu era vicepresidente primeiro. Bautista Álvarez, fumador empedernido, sempre dicía o mesmo: «Hai temas máis importantes».

García Leira díxome: «Encárgate de montar o botiquín, e no tema de deixar de fumar, dáte por perdido, xa o intentou Victorino e fracasou».

Eu seguín, era unha cuestión de imaxe; conseguín o respaldo do presidente e un bo día fixemos desaparecer os cinceiros do hemiciclo. Beiras botaba fume, foi o asunto máis debatido e, como sempre, sentenza de Bautista: «Todo isto pasa por meter un médico na Mesa do Parlamento».

Hoxe sei que Bautista, co que teño boa amizade, me dá as grazas, deixou de fumar. Beiras creo que non, debería plantexalo.

Levo con moito orgullo ser o primeiro médico que formou parte da Mesa do Parlamento e que ademais consensuou a primeira Lei antitabaco á galega; convén recordar que por aquelas datas fixen un estudo que botaba datos preocupantes: dos setenta e cinco deputados, fumabamos cincuenta e un.

Para rematar, dicir que sentín un orgullo inmenso cando xurei a miña primeira vez na constitución do Parlamento a condición de deputado. Nunca esquecerei cando fun nomeado vicepresidente primeiro, e sempre recordarei a celebración dos vinte e cinco anos ao compás da música do meu tío avó Faustino Santalices en versión flamenca. Tampouco esquecerei cando tiven a inmensa honra de representar ao meu grupo no centenario do Himno Galego.

Agora que celebramos o noso trinta aniversario, querría ter un recordo para todos aqueles que realizan a súa actividade laboral no Parlamento, e dunha forma moi especial ao persoal do meu grupo. Sen o seu apoio, o meu traballo sería imposible.

Sen dúbida, dende unha profunda reflexión, este é o meu mellor recordo. Todos e cada un dos que están e os que no seu día estiveron a compartir actividade comigo deixaron algo das súas vidas na miña.

# Manuel Ruiz Rivas

Deputado na 4.<sup>a</sup>, 5.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 7.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> lexislaturas polo PP *Portavoz 2007 ata marzo de 2011*



**A** primeira vez que asistín a unha reunión do meu Grupo Parlamentario ocupei a primeira cadeira que me pareceu, unha situada na parte alta da sala. Rapidamente, un dos meus compañeiros achegouse a min para advertirme de que aquel asento se reservaba normalmente ao portavoz do Grupo. Cando, aínda ruborizado, tentaba pasar desapercibido cara a outro lugar, un conselleiro que estivera atento a toda a xogada díxome, sen perder o sorriso: «Non corras tanto, home, xa terás tempo de chegar aí».

Corría o ano 1993 e a miña inexperiencia fixo que parecese que eu quería correr moito. Nada máis lonxe da realidade. O meu único obxectivo no momento de estrear a miña acta de deputado era o de achegar o que humildemente puidese á construción dunha Galicia mellor e aprender para servir da maneira máis efectiva a ese obxectivo.

Foi, desde o primeiro día, unha experiencia absolutamente positiva e máis enriquecedora aínda do que esperaba. Representar aos cidadáns é unha gran responsabilidade, pero constitúe tamén unha importante satisfacción. A responsabilidade de traballar para mellorar as cousas, para lograr o avance de Galicia, para solucionar os problemas dos seus cidadáns, ofrece a satisfacción de poder achegar ideas para que a voz dos galegos sexa escoitada, os seus anhelos cumpridos e o país mellorado e adaptado aos tempos e ás circunstancias.

E, no persoal, permitíume asistir, á marxe das lóxicas diferenzas ideolóxicas, a debates realmente interesantes e que, en moitas ocasións, ían marcar dun xeito importante a vida futura do país. Debates que, nos primeiros anos, e como apunte anecdótico, lembro que se celebraban habitualmente rodeados de malos fumes. E non me refiro ao ton das discusións ou a que o aire se cargase de palabras duras, nin tan sequera ás continuas discusións sobre os lumes forestais; refírome, simplemente, a que naquela época estaba permitido fumar nas sesións parlamentarias, algo que hoxe resulta mesmo insólito lembrar.

Traballei para cumprir aquel obxectivo que me marcara ao chegar ao Parlamento e, catorce anos despois de que a miña condición de novato me levase a sentar naquela cadeira que non me correspondía, en 2007 tiveron a honra de poder ocupala ao ser designado portavoz do meu Grupo Parlamentario.

Hoxe sinto que o meu inicial obxectivo segue presente como aquel primeiro día: desexo servir a Galicia, sen importarme dende onde facelo.



27-12-2007



**O PP abandona sine die a Comisión de Sanidade tras sufrir a expulsión de dous membros no prazo dunha semana**



2-9-2008



**O pazo do Hórreo estrea un sistema de climatización xeotérmica dentro dun amplo programa «Por un Parlamento máis verde»**

### ↻ ↺ A vidreira de Díaz Pardo

A Cámara elixiu o XXVI aniversario da súa constitución para inaugurar unha gran vidreira deseñada por Isaac Díaz Pardo e realizada por Vidreiras Artísticas José Tejedor, que pasou a ocupar un lugar preferente sobre a Mesa do hemiciclo. En forma de arco rebaxado, a obra está composta por 64 pezas de vidro soprado a boca, esmaltadas a lume e gravadas a ácido. Díaz Pardo asistiu ao acto como convidado especial e explicou o simbolismo da vidreira co dolmen como principal referencia e forma máis primitiva para mellorar a realidade.

≈ 19-12-2007





#### 📍 Despiste na votación

A pesar da axustada maioría parlamentaria, os deputados e as deputadas que sustentaron o Goberno bipartito nunca perderon unha votación na Cámara, ata que case ao final da lexislatura se produciu un despiste da presidenta, que se equivocou de botón e provocou a única derrota do PSdeG-PSOE e BNG. Dolores Villarino recoñeceu o seu erro ao instante, cando as pantallas electrónicas reflectiron un resultado sorpresa, pero se negou en redondo a formular a rectificación que solicitaron varios deputados socialistas e nacionalistas. Tal equivocación deu vía libre a unha proposta de Susana López Abella (PP) para mellorar as prestacións ás viúvas galegas. ≈ 25-6-2008

8-10-2008



***A Cámara mostra o seu apoio unánime á normalización lingüística e a súa condena ao franquismo no debate do estado da autonomía***

# Hixinio Estévez Adán

Persoal do Parlamento. Funcionario 🔄 Responsable das visitas guiadas



“ **E** U ERA PROFESOR DE EXB, estaba no paro, pero xa traballara en substitucións en dous colexios e en dúas empresas privadas. E un amigo avisoume de que acababan de convocarse unhas prazas para entrar no Parlamento de Galicia. Presenteime á convocatoria e aprobeinas... Ao mesmo tempo aprobei outras para o centro tutelar de menores de Ourense. Decidinme polo Parlamento. A vintena aproximada de funcionarios que entramos naquela época non tiñamos nada claro como ía evolucionar a administración autonómica que estaba nacendo. Todos eramos moi novos; tiñamos entre 23 e 27 anos. Procedíamos de todas partes de Galicia, estabamos en Santiago durante os días laborables e as fins de semana volvíamos ás nosas casas. Co paso do tempo, practicamente todos botamos raíces en Santiago, que se converteu na nosa cidade e aquí quedamos a vivir.

Así que traballo no Parlamento desde decembro de 1982, cando xa levaba algúns meses ocupando o pazo de Fonseca, onde se acondicionou o salón artesoado para as sesións plenarias, a capela transformouse en sala de reunións,

e logo había tamén dous ou tres despachos para o presidente e o seu gabinete... Durante o tempo que non había sesións plenarias traballabamos nos baixos do pazo de Raxoi, que era onde estivo situada a parte administrativa do Parlamento desde a súa constitución. Aínda lembro ben os berros de protesta dalgúns detidos que pasaban polos calabozos municipais, que lindaban coas nosas oficinas...

O recordo máis antigo? Pois teño que falar de don Ramón Piñeiro, porque nunca esquecerei cando no meu primeiro día de traballo —ía empezar unha comisión— se achegou a saudarme e darme ánimo, iso nunca se esquece e agrádese moito. Era unha persoa de gran categoría humana, admirado e respectado por todos; a min asombrábame a súa enorme sinxeleza. Sen dúbida

**Empecei coas visitas ao Parlamento en 1993 e gústame moito este labor, que considero importante. Hoxe estamos en 13.000-15.000 visitas cada ano. De todos os colectivos, quédome coas persoas ou os nenos con discapacidades, porque transmiten un agarimo especial cando lles contas algo**

a relación que tiñamos cos deputados e tamén cos xornalistas era moi próxima e directa... As rodas de xente que se formaban na entrada de Fonseca tiñan moita salsa. Non había cafetería, nin os deputados dispuñan de despachos ou salas de grupos para estar como agora. Non había Internet e alí falábase de todo un pouco con moita familiaridade, nun ambiente totalmente distendido ou ás veces non tanto, como cando se pechaban as portas do salón de sesións cando ía realizarse unha votación. Os uxieres eran os encargados de facelo dunha forma manual; non como agora, que a presidencia dispón dun peche electrónico que controla desde a súa mesa. E iso motivaba algún que outro problema cos deputados que quedaban atrasados e que querían entrar custase o que custase... Daquela o meu traballo era a coordinación dos catro

uxieres —hoxe son catorce— e os deputados requiríannos principalmente para conseguir información variada: boletíns, ordes do día, propostas parlamentarias. A verdade é que facíamos un pouco de todo.

Naqueles primeiros anos, a actividade principal do Parlamento desenvolvíase polas tardes, xa que a maioría dos deputados traballaban polas

mañás nas súas respectivas profesións; case todos tiñan despachos ou consultas profesionais. Por este motivo, os plenos comezaban ás cinco da tarde; logo dilatábanse e adoitaban acabar con frecuencia bastante tarde. Nós dificilmente saíamos antes das dez da noite. As xornadas eran maratonianas... Nunca esquecerei unha longuíssima xornada que se prolongou ata as tres ou catro da mañá, cando estivemos facendo fotocopias dos orzamentos da Xunta, co conselleiro de Economía á fronte, para entregar o documento completo a todos os deputados ao día seguinte. Estes horarios do Parlamento levámoslos todos nas costas...

Igualmente recordo que as reunións das comisións se gravaban nunhas cintas magnetofónicas que tiñan unha duración determinada, e cando se acababan, a sesión parábase dez ou quince

minutos para realizar o cambio sen a menor protesta, aínda que fose á metade dunha intervención. Nalgún acto especial chegouse a pedir prestadas unhas alfombras ao Concello. Os medios materiais eran ben diferentes.

Dos debates parlamentarios teño moitas lembranzas; nós sabiamos moi ben como transcorría a sesión. Home, sempre hai algunhas intervencións que che chaman a atención por unha cousa ou por outra. Si lembro que nos primeiros anos tras a aprobación de leis importantes e novas por consenso a satisfacción de todos os deputados era moi forte e con moita solemnidade. Pero claro, nestes trinta anos cantos plenos van alá, 800? E comisións, 4.000?...

Como recordo ao presidente Rosón? Recórdoo como un home que infundía moita confianza, e tiña moito respecto aos funcionarios. Era moi cordial e dirixíase a cada un sempre polo seu nome. Aquela familiaridade era agradable...

Naturalmente o salto de Fonseca ao Hórreo notouse moitísimo. O cambio foi moi grande en todos os sentidos. A proximidade da xente que pasaba pola rúa do Franco non a temos no Hórreo. Ao principio, algúns crían que non farían falta moitos máis funcionarios; pensaban que máis ou menos poderíamos arranxarnos. Pero enseguida se viu que a nova sede era moi grande e que requiría máis persoal para atender todas as súas necesidades. Logo as novas tecnoloxías trouxeron moitos cambios. Pronto saltamos de 30 funcionarios que eramos ata entón a case 80 que somos agora, máis ou menos.

Desde cando son o responsable das visitas ao Parlamento? Empecei no ano 1993. En Fonseca as visitas escolares eran mínimas, oito ou dez colexios ao ano. Naquel entón realizábaas o persoal do gabinete e xa colaborei con algunhas. O salón de plenos era o único que se podía visitar. Tanto o acceso polo claustro como o teito artesoadado daban aires de historia. Logo, xa no pazo

do Hórreo, polos anos noventa, quen empezou con este labor foi Mariña Folgueira, a xornalista que puxo a semente do que se fai hoxe.

O número de visitas medra cada ano, e se nos primeiros eran soamente escolares agora cada vez achéganse máis persoas adultas, universitarios... De tal xeito que se no ano 1993 máis ou menos eran 3.000-4.000, hoxe estamos en 13.000-15.000. En dez anos pasaron polo Parlamento unhas 150.000 visitas, das que uns 15.000 son profesores. Algúns deles foron despois deputados, e espero que dentro de pouco lle tocará representar o pobo a algún rapaz dos que veu de visita neses anos pasados.

A min gústame moito este labor, que considero importante e por iso trato de facelo o mellor posible. Encárgome de todo, de principio a fin: xestiono as peticións de visitas que chegan, ben por teléfono ou ben por Internet. Logo fixo o día e a hora. Sempre hai que encontrar unha hora para que todo o mundo que desexe visitar o Parlamento de Galicia poida facelo. E despois dirixo o percorrido completo por todo o Parlamento, que adoita prolongarse durante unha hora

e media, aproximadamente... Como me preparei para facer este labor? Pois gústame dicir que botei o pico e a pa ao ombreiro, e empecei a aprender e a empaparme de todo o que oía e me contaban uns e outros. Por aquí pasaron e pasan miles de persoas, e moi ilustres, das que podes aprender moito. Tamén quero resaltar que sempre recibín a máxima colaboración por parte de todos os compañeiros funcionarios, deputados e persoal dos grupos parlamentarios, que ante calquera dúbida, consulta, necesidade que formule a resposta é sempre a correcta.

A participación dos deputados nas visitas cada vez é maior. Creo que o ano pasado estiveron case todos nalgunha visita, e moitos en máis dunha. Adoitan acompañar as visitas da súa comarca ou da súa cidade. Pero algunhas veces son as persoas que

***Nas visitas escolares procuro a complicidade e a participación dos rapaces, tratando de aproveitar a súa espontaneidade e a súa viveza, e busco sempre que o percorrido sexa didáctico, que aprendan algo. Pero eu adapto a explicación que fago ao tipo de visita***

veñen as que preguntan por tal ou cal deputado, e sempre que poden tratan de saudalas e atendelas.

A monotonía non existe para nada e non é un traballo pousado... Unha vez, por exemplo, acompañei a unhas 300 mulleres do rural, e a visita prolongouse máis de tres horas, case o dobre do tempo habitual... Obviamente, o guión da visita é o mesmo ou moi parecido, porque as cousas máis relevantes da súa historia non poden cambiarse. Agora proxectamos un vídeo de curta duración, a modo de introdución, que resume ben as cousas máis importantes. A variación está máis ben no tipo de visita: se temos un grupo de persoas maiores hai que ir con máis calma; o que lles gusta é «pisar» no Parlamento de Galicia, sentirse cómodos... Se veñen universitarios ou adolescentes, pois explícolles o proceso que se segue para elaborar unha lei, as iniciativas de control. Ou relátolles a historia da biblioteca e os libros que se gardan alí; ou sexa, algo máis técnico e informativo. E se son nenos ou rapaces, pois xa busco a súa complicidade e a súa participación, tratando de aproveitar a súa espontaneidade e a súa viveza, e buscando sempre que o percorrido sexa didáctico, que aprendan algo. A vocación pedagóxica está aí. Adapto a explicación ao tipo de visita.

Cando simulamos un debate con nenos, e non tan nenos, e dan discursos —que é algo no que lles insisto— sempre lles digo que o fagan con liberdade, que digan o que sintan, e os que escoitan que teñan respecto e tolerancia polo que din os demais. É unha experiencia única e sorprendente tanto en formas como en contidos.

Sobre as intervencións dos escolares loxicamente hai miles de anécdotas. Unha moi simpática protagonizouna un neno de dez anos que se arrimaba moito a min, coma se quixese dicirme algo importante. E, por fin, achegouse e díxome: «Meu pai mercou onte un tractor e por iso veño tan contento. Ben, meu pai mercou

o tractor, pero pagouno meu avó...». E despois do percorrido chegamos ao hemiciclo, e varios rapaces saíron á tribuna para falar e facer propostas. Uns pediron menos clases, máis recreo e cousas así. E aquel rapaz levantouse e dixo moi serio desde a tribuna: «Eu propoño menos falar e máis sementar, porque se non sementamos non recollemos e non comemos...».

Outros nenos imitan a políticos, soben á tribuna e din: «Teño a solución para a crise, propoño...». Efectivamente teño moitas anécdotas cos nenos como principais protagonistas, porque non teñen ningunha vergoña, participan máis e preguntan sobre calquera cousa que se lles pasa pola cabeza, e iso dáche pé a explicar outra cousa. Pero hai de todo... Hai pouco unha señora maior preguntoume dende cando era festivo o Día das Letras Galegas e

houbo que documentarse. Revisamos o DOG ata que comprobamos que a festividade se fixou en 1991.

Cal foi a visita máis impresionante?... Ben, eu creo que as persoas ou os nenos con discapacidades transmiten un agradecemento e un agarimo especial cando lles contas algo. Impresionoume moito un adolescente xordomudo que viña

co seu colexio e que entendía o que se dicía a través do tacto sobre as cordas vocais. Premía os dedos sobre as cordas vocais do pescozo da profesora, quen lle transmitía todo o que eu ía contando. Pero logo preguntoume se podía facer esa operación directamente comigo e eu díxenlle que si, naturalmente. Foi unha experiencia inesquecible. Pareceume que este rapaz era o máis intelixente de todo un grupo de 2.º de bacharelato, porque sempre se adiantaba á miña explicación con algunha pregunta moi atinada. Colíaa ao voo. Aquele mozo impresionoume moitísimo. ”

***A relación que tiñamos cos deputados e cos xornalistas era moi próxima e directa. As rodas de xente que se formaban na entrada de Fonseca tiñan moita salsa. Non había cafetería, nin os deputados dispuñan de despachos e alí falábase de todo un pouco con moita familiaridade***

**2009-**  
**8.<sup>a</sup> Legislatura**

**A**oitava lexislatura comezou a súa andaina o 1 de abril de 2009 cun hemiciclo renovado, onde o PP volveu recuperar a maioría absoluta que perdera catro anos atrás. Este toma e daca electoral coa conseguinte alternancia á fronte do Parlamento e da Xunta de Galicia, nunca se producira ata o momento nestes 30 anos de vida parlamentaria.

Alberto Núñez Feijóo logrou este difícil xiro, despois de afrontar cun éxito incuestionable os seus primeiros comicios como novo líder do Partido Popular. A suma dos 25 escaños do PSdeG-PSOE e dos 12 do BNG, resultaron insuficientes nesta ocasión para prorrogar o seu anterior Goberno bipartito, fronte aos 38 disputados do PP.

Pilar Rojo substituíu a Dolores Villarino na presidencia da Cámara, ratificando desta forma a pegada feminina en todos os ámbitos do hemiciclo, que nesta ocasión reuniu 29 deputadas. Ademais, o BNG constituíu un grupo parlamentario con igual número de deputados que de deputadas, unha situación que nunca antes se dera.

Carlos Aymerich (BNG) foi o único portavoz que seguiu no seu posto, mentres que PP e PSdeG-PSOE cambiaron aos seus primeiros espadas parlamentarios en distintas circunstancias, na primavera de 2011 coas eleccións municipais como pano de fondo: Pedro Puy Fraga substituíu a Manuel Ruiz Rivas, e Abel Losada Álvarez substituíu a Xaquín Fernández Leiceaga.

Un acordo pechado entre os tres grupos para canalizar un maior número de actuacións e iniciativas nas sesións plenas, puxo aínda máis alto o listón da súa produtividade, que xa estaba á cabeza dos parlamentos autonómicos.

Se na lexislatura pasada se reuniron no pazo do Hórreo por primeira vez os ex-presidentes da Xunta de Galicia, neste período fixérono os ex-presidentes do Parlamento. Pola súa banda, Emilio Pérez Touriño renunciou ao seu escano, e de forma moi discreta dixo adeus aos seus dezaseis anos na Cámara.

A grave crise económica tivo o seu reflexo inequívoco na actividade parlamentaria por partida dobre. Por unha parte, dende a súa chegada a presidenta puxo en marcha un plan de austeridade nos gastos correntes, e máis tarde consensuou un recorte nas asignacións e nos soldos de deputados e funcionarios, que oscilou entre un 5 e un 15 por cento. Por outro lado, a xestión da propia crise e os seus efectos diversos estiveron no ollo do furacán e convertéronse nun tema concorrente entre a oposición e o Goberno.

A lei de fixación dun teito de gasto para a Xunta de Galicia constituíu un fito, posto que resultou pioneira entre as comunidades autónomas. Unha proxección semellante adquiriu a Lei de racionalización da prestación farmacéutica. O visto e prace ao protocolo de integración de Caixa Galicia e Caixanova acaparou outra parte importante do debate parlamentario.


A metade desta lexislatura, a Cámara puxo en marcha un programa para conmemorar o XXX aniversario da súa creación, austero e digno á vez. Este libro é un froito máis desa efeméride.

E a lexislatura continúa.

## O Parlamento na 8.ª Lexislatura

Data de constitución do Parlamento: 1 de abril de 2009

### Constitución do Parlamento



### Composición da Mesa do Parlamento

**PRESIDENTA:**  
Pilar Rojo Noguera [PP]

**VICEPRESIDENTE 1.º:**  
José Manuel Baltar Blanco [PP]

**VICEPRESIDENTE 2.º:**  
Francisco Cerviño González [PSdeG-PSOE] dende 29-11-2011  
(Ricardo Varela Sánchez [PSdeG-PSOE] baixa 24-11-2011)

**SECRETARIO:**  
José Manuel Balseiro Orol [PP]

**VICESECRETARIA:**  
Carme Adán Villamarín [BNG] dende 13-9-2011  
(Anxo Manuel Quintana González [BNG] baixa 6-9-2011)



## Relación de parlamentarios\*

### GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA (PP)

- Álvarez-Campana Gallo, José Manuel (baixa 28-4-09). *Substituído por* *Escribano Rodríguez, Javier* (alta 12-5-09; baixa 29-10-11). *Substituído por* *Freire Insua, Gema* (alta 3-11-11)
- Arias Rodríguez, Raquel (baixa 6-5-09) *Substituída por* *Álvarez Chao, Emma* (alta 12-5-09)
- Arias Veira, Pedro
- Baamonde Díaz, Agustín
- Balseiro Orol, José Manuel
- Baltar Blanco, José Manuel
- Barros Sánchez, Natalia
- Calvo Pouso, Diego (baixa 6-5-09). *Substituído por* *Piñeiro Martínez, Marisol* (alta 12-5-09)
- Castiñeira Broz, Jaime
- Cobián Fernández de la Puente, Pablo (baixa 4-10-11). *Substituído por* *Villaverde Pais, María Teresa* (alta 10-10-11)
- Fernández Fernández, Rosendo Luis (baixa 4-7-11). *Substituído por* *Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta M.ª* (alta 13-9-11)
- Fervenza Costas, José (baixa 13-6-11). *Substituído por* *Moreira Ferro, Jacobo* (alta 14-6-11)
- García López, José Antonio (baixa 7-6-11). *Substituído por* *Yáñez García, María Lourdes* (alta 14-6-11)
- García Pacín, Isabel
- Hernández Fernández de Rojas, Agustín (baixa 21-4-09). *Substituído por* *Goldar Güimil, Jesús Antonio* (alta 12-5-09)
- López Abella, Susana (baixa 28-4-09). *Substituída por* *López Rodríguez, Dámaso* (alta 12-5-09)
- López Campos, José Carlos (baixa 7-6-11). *Substituído por* *López Rodríguez, M.ª Lorena* (alta 14-6-11)
- López-Chaves Castro, Ignacio Javier (baixa 13-7-11). *Substituído por* *Iglesias Ferreira, M.ª de Fátima* (alta 13-9-11)
- Mato Otero, Beatriz (baixa 21-4-09). *Substituída por* *Díaz Pardo, María Ángeles* (alta 12-5-09)
- Negreira Souto, Carlos (baixa 7-6-11). *Substituído por* *Fraga Sánchez, Antonio Ángel* (alta 14-6-11)
- Nóvoa López, Enrique
- Núñez Feijóo, Alberto
- Oubiña Solla, Rosa
- Pardo López, María del Carmen (baixa 6-5-09). *Díaz Lugilde, M.ª Yolanda* (alta 12-5-09)

- Prado del Río, Paula
- Puy Fraga, Pedro
- Quintana Carballo, Rosa María (baixa 21-4-09). *Substituída por* *Seoane Romero, María* (alta 12-5-09)
- Rodríguez Arias, Marta
- Rodríguez González, Román
- Rodríguez Miranda, Antonio
- Rojo Nogueira, Pilar
- Romero Fernández, Cristina
- Rueda Valenzuela, Alfonso (baixa 21-4-09). *Substituído por* *Gómez Alonso, Alejandro* (alta 12-5-09)
- Santalices Vieira, Miguel
- Ruiz Rivas, Manuel (baixa 7-6-11). *Substituído por* *González Montemuiño, M.ª Encarnación* (alta 14-6-11)
- Sueiro Pastoriza, Alberto
- Valcárcel Gómez, Marta
- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel

### GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSdeG-PSOE)

- Acuña do Campo, Carmen
- Barcón Sánchez, M.ª del Mar (baixa 15-6-11). *Substituída por* *Tojo Ramallo, Luis María* (alta 28-6-11)
- Burgo López, Concepción
- Caride Estévez, María José
- Cerviño González, Francisco
- Fernández Leiceaga, Xaquín
- Fraga Santos, Silvia Belén
- Gallego Calvar, Carmen
- Gallego Lomba, Manuel
- Lage Tuñas, José Manuel
- López Vidal, Pablo Xabier
- Losada Álvarez, Abel
- Meijón Couselo, Guillermo
- Méndez Romeu, José Luis
- Pérez Touriño, Emilio (baixa 10-3-10). *Substituído por* *Cajide Hervés, Carmen* (alta 16-3-10)
- Pose Mesura, Modesto
- Quintas Álvarez, María
- Rego González, Ismael
- Seara Sobrado, Laura Carmen (baixa 12-1-10). *Substituída por* *Francisco Rivera, Juan Carlos* (alta 09-2-10)
- Sestayo Doce, Beatriz
- Soneira Tajés, María Soledad
- Tomé Roca, José (baixa 6-9-11). *Substituído por* *Fernández López, Miguel Ángel* (alta 13-9-11)
- Varela Sánchez, Ricardo
- Vázquez Fernández, Manuel
- Verdes Gil, Sonia

### GRUPO PARLAMENTARIO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- Adán Villamarín, Carme
- Aymerich Cano, Carlos
- Blanco Álvarez, Fernando Xabier (baixa 5-10-11). *Substituído por* *Parga Núñez, Manuel* (alta 10-10-11)
- Bouza Santiago, Ana Luisa
- Lobeira Domínguez, Bieito
- Paz Franco, Tereixa
- Pontón Mondelo, Ana Belén
- Quintana González, Anxo Manuel (baixa 6-9-11). *Substituído por* *Branco Parga, Carlos Fernando* (alta 13-9-11)
- Sánchez Montenegro, Isabel
- Suárez Canal, Alfredo
- Táboas Veleiro, Teresa
- Viéitez Alonso, Henrique

(\*). Relación actualizada a data 11-11-11





### 🔄 🗳️ **Pilar Rojo, elixida presidenta**

O desenvolvemento da sesión constitutiva da oitava lexislatura correu a cargo dunha renovada Mesa de Idade. A presidencia recaeu nun dos deputados máis veteranos da Cámara, o socialista Francisco Cerviño, quen estivo secundado na devandita tarefa polas deputadas máis novas, Marta Valcárcel (PP) e Silvia Fraga (PSdeG-PSOE), quen aparece na foto, sentada xunto ao letrado maior. Pilar Rojo Noguera foi proclamada como nova presidenta do Parlamento entre o aplauso dos seus compañeiros. Á súa esquerda, Álvarez-Campana Gallo e Ruiz Rivas á dereita. Arriba, Castiñeira Broz e Calvo Pouso. 1-4-2009





#### 🔗 **Formación da Mesa**

A elección dos membros da Mesa transcorreu conforme ao guión habitual: cada grupo votou o seu candidato e mantívose a representación plural, con maioría do PP. A sesión finalizou con todos os deputados en pé entoando o Himno Galego. De esquerda a dereita na foto, José Manuel Balseiro Orol (PP), secretario; José Manuel Baltar Blanco (PP), vicepresidente 1.º; Pilar Rojo Noguera (PP), presidenta; Ricardo Varela Sánchez (PSdeG-PSOE), vicepresidente 2.º; e Anxo Quintana González (BNG), vicesecretario. 2009-1-4

# Pilar Rojo Noguera

Deputada na 6.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup> legislaturas ✨ Presidenta do Parlamento de Galicia na 8.<sup>a</sup> legislatura



“ **P**ISEI POR PRIMEIRA VEZ O EDIFICIO do Parlamento de Galicia cando era delegada provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. O conselleiro estaba nunha sesión plenaria e citoume alí para manter unha reunión. Debo admitir que, á primeira vista, as instalacións do pazo do Hórreo me impresionaron.

Saír elixida deputada autonómica do PP pola provincia de Pontevedra nas eleccións do 2001 supuxo unha honra e unha responsabilidade que asumín con moita ilusión e ganas de traballar, e tamén coa lóxica preocupación por coñecer canto antes o funcionamento e a organización da Cámara.

Lembro que Inmaculada Rodríguez, que acababa de resultar elixida vicepresidenta primeira, me puxo en contacto cos Servizos Xurídicos, onde me orientaron e resolveron todas as dúbidas iniciais. A letrada que me atendeu díxome que era a primeira deputada que buscaba asesoramento antes de empezar a desempeñar a súa función na Cámara.

Como encarei a miña vida parlamentaria? Foi ao empezar a traballar no Parlamento cando realmente me decatei de que formaba parte dun grupo político. E esa foi unha sensación nova, que nunca notara ata entón, pero que asumín con total naturalidade.

Como deputada novata estiven un tempo calada e expectante, pero deseguida me impliquei na engrenaxe parlamentaria do noso grupo, atenta a todo o que pasaba ao meu arredor, sempre preocupada por cumprir coas miñas obrigas, e con certo desasosiego polo temor a non facer ben algunha cousa. Pero creo que me soltei axiña.

As miñas primeiras responsabilidades na sexta legislatura foron a presidencia da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, e vicepresidenta da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públi-

cas, Medio Ambiente e Servizos. En ambas as dúas desempeñei as miñas primeiras tarefas.

Daquel traballo na Comisión de Cultura lembro que a deputada do BNG Pilar García Negro case sempre me pedía a palabra antes de empezar. «Por unha cuestión de orde, señora presidenta» dicíame antes de comezar coa orde do día..., asunto que a unha novata coma a min lle producía certo desacougo nas primeiras sesións. Sen embargo, creo que mantivemos unha boa relación (e espero que ela o comparta), que se prolongou despois, cando asumín a Consellería de Familia. E na Comisión 2.<sup>a</sup>, de Ordenación Territorial, aprendín moito ao carón de Elisa Madarro, que era a presidenta, e da que conservo un recordo entrañable.

Un pouco máis tarde fixéronme portavoz da Comisión de Asuntos Europeos, tarefa coa que me sentín moi a gusto. Precisamente aí xurdiu a miña primeira intervención como deputada nun pleno da Cámara.

Desde o inicio da sexta legislatura, Fraga e Beiras fixeron un intento serio por entenderse e chegar a acordos

importantes, por riba das súas naturais diferenzas políticas. O gran respecto intelectual que se profesaban resultou clave na procura daquel achegamento. Recordo algún debate no que parecía que só eles sabían de verdade de que estaban a falar, mentres os demais parecíamos unha especie de convidados de pedra. Logo o *Prestige* estragou todo o clima de entendemento, e deu paso a unha segunda parte da legislatura, máis tensa e bronca, que me tocou vivir como conselleira.

A miña designación como conselleira de Familia supuxo para min unha sorpresa total. A verdade é que nunca pensara entrar no Goberno. Nada máis asumir o cargo, atopeime coa responsabilidade de xestionar a estada en Galicia dos voluntarios procedentes de todas as partes de España, e tamén do estranxeiro, que

***A mellor improvisación é o coñecemento e unha boa preparación previa dos debates. E sempre tratei e trato de aplicar ese principio***

colaboraban na limpeza da costa afectada polo vertido. Esa tarefa centrou toda a miña preocupación inicial como conselleira.

As relacións entre a consellería e o Parlamento leveinas cunha actitude aberta —creo, polo menos iso tentaba—, non só cara ao meu grupo, senón tamén con respecto aos outros dous. Mantiven unha relación permanente co Grupo Popular, falando directamente e facilitando información sobre os asuntos do meu departamento na procura da mellor coordinación posible, sempre necesaria. Pero as portas da consellería sempre estiveron abertas tamén para os deputados e deputadas dos outros grupos que levaban temas da miña competencia.

A tribuna do hemiciclo inspirábame e inspírame moito respecto. Para unha persoa preocupada coma —e non o digo como unha virtude, senón pola miña propia forma de ser—, que acababa de chegar á consellería e que quería facelo ben, intervir no Parlamento supoñía unha gran responsabilidade.

Estudaba os temas co meu equipo. E sempre quixen trasladar unha información clara e exhaustiva. Creo que era das inxenuas que pensaba que, ao mellor, podería convencer á oposición. Desde logo non perdín a esperanza! Preparaba os meus papeis e as miñas fichas para poder responder calquera cuestión que puidera suscitarse, dado que nunca sabías con seguridade en que puntos podían incidir desde a oposición. A mellor improvisación é o coñecemento e unha boa preparación previa dos debates. E sempre tratei e trato de aplicar ese principio.

Se o pasei mal algunha vez nun debate? Máis dunha vez paseino mal nun debate porque a min non me gusta pelexar e creo que hai liñas que non deben traspasarse nunca. Pero penso que, co paso do tempo, os recordos negativos tenden a diluírse. E dáste conta de que nestas experiencias tamén aprendes.

Efectivamente, o esvaecemento de Fraga marcou o final da lexislatura. Aquel día, cando o presidente da Xunta se encontraba

falando na tribuna, tiven a sensación de que podía caer en calquera momento. Pero seguramente non era eu a única que o pensaba, vista a rápida reacción de todo o mundo.

Cando pasei de membro do Goberno a deputada da oposición na sétima lexislatura asumino con naturalidade. Sempre tiven moi claro que, en política, hai que estar preparada para ocupar en cada momento o lugar onde te poñen as urnas ou, como neste caso, a aritmética parlamentaria. Así que unhas veces estás no goberno e outras na oposición. E a quen non lle guste, sempre ten a opción de ir para a casa.

No 2005 constituímos o Grupo Parlamentario Popular, integrado por 37 deputados. Eramos o grupo maioritario na Cámara, pero o Goberno bipartito contaba co apoio dun deputado máis.

Asumimos a situación con moita dignidade e puxémonos a traballar desde a oposición de inmediato.

Creo que pola miña formación de arquitecta me encargaron a portavocía do noso grupo na Comisión de Ordenación Territorial e Obras Públicas. Iso supuxo que tivese que encargarme dos asuntos da consellería a cuxa fronte estivera

ata entón Alberto Núñez Feijóo; o que me esixiu unha atención especial.

Desde o primeiro momento fun consciente de que os meus debates coa conselleira Teresa Táboas suscitaban certa expectativa, probablemente porque todos sabían que nos coñecemos desde hai moitos anos e as dúas somos arquitectas.

Ao longo da sétima lexislatura, desenvolvín un traballo moi intenso; sobre todo, desde que me elixiron viceportavoz. Estaba da mañá á noite no Parlamento e tiven unha relación moi próxima con todo o Grupo do Partido Popular. Foi unha etapa intensa porque, xunto co traballo parlamentario, Alberto Núñez, traballador e esixente como é, sempre estaba a pedir papeis, e ademais había que atender moitas actividades fóra da Cámara.

***Cando pasei de membro do Goberno a deputada da oposición na sétima lexislatura asumino con naturalidade. Sempre tiven moi claro que, en política, hai que estar preparada para ocupar en cada momento o lugar onde te poñen as urnas ou, como neste caso, a aritmética parlamentaria***

Pero conservo moi bos recordos deste período. E, sobre todo, do persoal do meu grupo, ao que lle agradezo todo o seu traballo e toda a axuda que nos prestan.

Da miña elección como presidenta do Parlamento logo de que o PP gañase as eleccións autonómicas de 2009 conservo un recordo imborrable. Á marxe da proposta que me fixo o presidente, e que eu non podía rexeitar, Alberto Núñez Feijóo díxome que falara tamén con diversos compañeiros e que en todas as conversacións previas saíra o meu nome. Que os meus compañeiros pensasen en min e me desen o seu apoio e a súa calor como presidenta foi algo moi gratificante. Con todos, empezando polo presidente, manteño unha débeda de gratitude.

Obviamente, un momento destacado desta lexislatura, no plano persoal, foi a miña elección. Pero o momento da designación de Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galicia resultou moi emotivo. Nese instante, sentimos o recoñecemento ao traballo e ao esforzo que realizamos durante os catro anos anteriores.

Desde a presidencia da Cámara vexo o Parlamento dunha maneira moi distinta a como a vía antes. Iso desde logo. Algunha vez, sentada na tribuna, vendo discorrer un debate no hemiciclo, acordeime moito dos meus antecesores, polo difícil que resulta, ás veces, manter a calma e o equilibrio entre todos os grupos. Eu voto co PP, naturalmente, pero como presidenta da Cámara sei que debo actuar con absoluta imparcialidade. E iso intento cada día.

Contentar a todos é moi difícil pero non contentar a ninguén é peor, e por iso procuro facelo o mellor posible.

Procuro manter unha relación permanente e, en xeral, fluída cos tres portavoces e con todos os deputados e deputadas. Son das que pensa que todo, ou case todo, se pode resolver falando e negociando.

A min nunca me gustou a reprimenda, nin o insulto ou a descalificación no Parlamento. Son partidaria do contraste de pareceres, mesmo con todo o ardor que queira botarlle cada un, pero sen traspasar nunca a liña da educación e o respecto. Algunhas veces, boto de menos máis xestos de complicidade, de máis cordialidade e de máis concordia no hemiciclo. Os bos detalles nunca sobran e paréceme que axudan a resolver mellor as situacións complicadas. Neste sentido, a miña última reflexión será a que repito a miúdo: que o control parlamentario non é incompatible en absoluto coa cortesía e a boa educación. Creo que iso hai que telo sempre presente.

”

***O momento da designación de Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galicia resultou moi emotivo. Nese instante, sentimos o recoñecemento ao traballo e ao esforzo que realizamos durante os catro anos anteriores***







### 🔄🔄🔄 Investidura presidencial

Alberto Núñez Feijóo sintetizou nun discurso de cen minutos de duración o seu programa para lograr a investidura presidencial. Tras anunciar un goberno austero, forte e cohesionado, expuxo as liñas mestras dun plan de choque para afrontar a crise e reactivar a economía. Como primeira medida de aforro anunciou a supresión de tres consellerías, así como a eliminación das 52 delegacións provinciais, creando no seu lugar cinco delegacións territoriais para coordinar a administración periférica. Da herdanza recibida, comprometeuse a manter o pacto pola competitividade e a respectar a Lei de protección do litoral. A réplica ao candidato estivo a cargo de Fernández Leiceaga (PSdeG-PSOE) e Aymerich Cano (BNG), os cales mantiveron un ton crítico e distante, en tanto que Pérez Touriño se abstivo de intervir. Núñez Feijóo foi elixido presidente por 38 votos a favor e 36 en contra (coa ausencia xustificada dun deputado socialista). Na foto de arriba, Feijóo intercambia impresións co seu grupo. Abaixo, Teresa Táboas (BNG) bromea con Feijóo acompañado de Ruiz Rivas, Rueda Valenzuela e Rodríguez Miranda. Na foto da esquerda, Feijóo agradece os aplausos de Alfonso Rueda, Ruiz Rivas e demais colaboradores cercanos. 14 ao 16-4-2009





### 📍📍📍 Toma de posesión de Feijóo

O Salón dos Reis do Parlamento acolleu a cerimonia solemne de toma de posesión de Alberto Núñez Feijóo como quinto presidente da Xunta de Galicia. O vicepresidente terceiro e ministro de Administracións Públicas, Manuel Chaves, exerceu a representación do Goberno central, ao que tendeu a man Núñez Feijóo, e o mesmo fixo coa oposición parlamentaria. As chamadas ao diálogo, ao traballo e ao consenso marcaron un discurso ben construído, que mereceu a consideración xeral. O ex-presidente e o ex-vicepresidente do Goberno saínte, Pérez Touriño e Quintana González, respectivamente, ocuparon un lugar destacado, xunto aos membros da Mesa. Ao outro lado estiveron os pais e familiares do presidente, o líder do PP, Mariano Rajoy, así como os anteriores presidentes da Xunta, que non quixeron faltar a un acto tan significado. ≈ 18-4-2009





**🕒 Celebración por todo o alto no Obradoiro**

Alberto Núñez Feijóo estivo acompañado na súa toma de posesión por todos os presidentes da Xunta, que non quixeron faltar a este acto institucional, e compuxeron unha foto histórica. Á súa dereita, Emilio Pérez Touriño e Manuel Fraga Iribarne; á súa esquerda, Fernando González Laxe e Gerardo Fernández Albor. Unha vez investido como presidente, Núñez Feijóo deuse un baño de masas na praza do Obradoiro, ao igual que os seus antecesoros. Á súa dereita, Mariano Rajoy e a súa muller, Elvira Fernández; Esperanza Aguirre e Pilar Rojo. Á súa esquerda, os familiares máis próximos ao presidente. ~ 18-4-2009



# Alberto Núñez Feijóo

Deputado e portavoz do PP na 7.<sup>a</sup> lexislatura ≈ Presidente da Xunta de Galicia na 8.<sup>a</sup> lexislatura



“**O** MEU PRIMEIRO CONTACTO CO Parlamento remóntase a principios dos anos 90. Daquela nin sequera era deputado, senón secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, que estaba dirixida por aquel entón por José Manuel Romay Beccaría. Durante aquela primeira lexislatura, na que don Manuel Fraga era presidente da Xunta, empezou a constituírse o Servizo Galego de Saúde, o Sergas, tal e como hoxe se coñece: como un dos sistemas sanitarios mellores de Europa. Eu traballei na articulación daquel modelo de xestión. Implodeime canto puideren por facer un bo traballo e tamén tiven que explicar a xestión moitas veces no Parlamento.

Naquela data, a Consellería de Sanidade utilizaba, para efectos parlamentarios, un sistema de portavoz único, que estaba asignado á miña secretaría xeral. Deste xeito, era eu quen contestaba todas as preguntas que formulaban os deputados da oposición nesta materia e non cada director xeral do departamento aludido ou cuestionado. Recordo que nas comisións nas que tiña que comparecer eran todos contra min, e loxicamente con 29 anos tiven que aprender moi rápido. Esta tarefa desempeña desde 1991 ata 1996. Para min foron cinco anos moi gratificantes. Servíronme para aprender moito e achegáronme unha experiencia parlamentaria.

Non teño un recordo especial sobre algún debate en particular. Lembro, iso si, que xa naquela época se acusaba ao Goberno de don Manuel Fraga de ter un suposto interese por privatizar a atención sanitaria.

Lamentablemente, as diagnoses correctas e os tratamentos efectivos nunca xeran demasiadas noticias positivas e tenden a pasar desapercibidas, salvo algunhas excepcións moi determinadas. Eu só ía ao Parlamento para responder dentro da tarefa de control ao Goberno, pero non desempeñei ningún outro labor

relacionado con negociacións ou pactos en materia sanitaria. Iso saía fóra do meu ámbito.

Respecto dos deputados que me fixeron máis difícil a portavocía parlamentaria podonomear a Guillermo Vázquez, por exemplo. O actual líder do BNG era un deputado moi activo, cunha retranscrición temible, que aínda conserva na actualidade. Tamén o seu compañeiro Francisco Trigo era bastante incisivo. Por parte do PSdeG-PSOE lembro que me poñía en apuros Tuco Cerviño, que era o portavoz socialista para temas sanitarios...

En termos xerais, creo que tivo mérito indiscutible o traballo parlamentario que fixo Vázquez Portomeñe na segunda lexislatura, como portavoz na oposición tras a moción de censura a Albor. A súa coraxe persoal é digna de resaltar. Tamén hai que recoñecer

o labor de Xosé Manuel Beiras na terceira lexislatura, como portavoz en solitario dunha forza política que se situara fóra do Parlamento. Tamén creo que Camilo Nogueira cumpriu ben a súa función, aínda que non compartía a súa visión...

Penso que para ser un bo parlamentario hai que ter capacidade dialéctica e coherencia

expositiva. Transmitir unha mensaxe contundente e unha palabra que convenza.

O meu reencontro coa actividade parlamentaria dunha forma xa continuada ata o momento actual produciuse cando o presidente Manuel Fraga me nomeou conselleiro de Política Territorial e Obras Públicas. O primeiro que fixen foi ir ao Parlamento explicar a política xeral que pensaba desenvolver desde ese departamento. Naqueles días, o debate aberto sobre a catástrofe do *Prestige* seguía moi activo e a oposición só pensaba no impacto que podía ter sobre as próximas eleccións...

Efectivamente, non era un bo momento para os consensos parlamentarios; pero tampouco tiven ningunha discusión especialmente tensa. Non gardo ningún mal recordo. Pola contra,

**No Parlamento de principios dos anos 90 fixéronse cousas importantes e había máis propostas alternativas. Tras a catástrofe do Prestige, o ambiente volveuse moi bronco e as ideas comenzaron a ser máis escasas**

presentei varios temas importantes como, por exemplo, un Plan Galicia moi potente.

Entre a primeira e a última lexislatura de don Manuel como presidente creo que houbo unha diferenza substancial: o Parlamento de principios dos anos 90 era bastante máis frutífero. Había máis propostas alternativas e tiña un maior nivel dialéctico. Tras a catástrofe do *Prestige*, o ambiente parlamentario volveuse moi bronco e o debate de ideas pasou, lamentablemente, a un segundo plano.

O día anterior xa sufrira un pequeno desmaio no seu despacho, a causa dunha gastroenterite. Coñezo ben este episodio porque estaba a despachar con el cando se sentiu indisposto. A causa da súa debilidade, pedímoslle a Fraga que aprazase a súa comparecencia no Parlamento, pero non fixo caso. Non houbo forma de convencelo. O esvaeamento na tribuna foi similar ao que sufrira o día anterior e, por iso, desde o primeiro momento tiven claro que non era nada grave: só estaba moi débil a causa da deshidratación que arrastraba pola gastroenterite.

Cando asumín a función de líder da oposición tras a marcha do presidente Fraga, concedínlle desde o primeiro momento unha grande importancia ao traballo parlamentario. Entendín que, como xefe da oposición, tiña que demostrar que podía ser un bo xefe do Goberno.

Na sétima lexislatura tiñamos a tarefa de formular unha alternativa ao Goberno bipartito, unha situación que soamente tivemos que afrontar en dúas ocasións na historia da autonomía: tras a moción de censura, co liderado parlamentario de Vázquez Portomeñe, e a partir do ano 2005, cando o PP volveu á oposición.

Dende o punto de vista parlamentario, considero que o PP non recibiu o trato que merecía como grupo maioritario. Só tiñamos un deputado menos que os outros dous grupos xuntos,

eramos moitos máis que calquera deles por separado, e, non obstante, tratábonos como se fosemos un grupo minoritario.

Na miña opinión, a Mesa do Parlamento nunca entendeu que eramos o grupo maioritario da Cámara e tratáronnos sempre de forma moi estrita. Creo que o Regulamento do Parlamento se aplicou co PP de forma restritiva durante aquela travesía que fixemos entre 2005 e 2009. Pero non foi tanto un problema do Regulamento como da súa interpretación.

A reforma do Regulamento é unha cuestión que se formula de forma recorrente, pero ao final por unha razón ou outra nunca se acomete. Na miña opinión, agora mesmo non é urxente esa reforma; simplemente abonda con que o seu espírito prevaleza en consonancia co ambiente social de cada momento. Aínda que si estou de acordo en regular a garantía do voto das deputadas embarazadas.

Se o Parlamento ten só tres grupos, por exemplo, o lóxico é que todos conten cunha representación na Mesa, tal e como sucede actualmente. Por outra parte, non teño ningunha noticia sobre propostas do PSdeG-PSOE ou do BNG en relación coa aplicación do Regulamento

que fose ignorada ou desatendida polo PP na actualidade. O xogo parlamentario que temos agora mesmo non acerna os dereitos, nin tampouco as actividades, dos grupos minoritarios. Máis ben ao contrario; resulta bastante permisivo. De feito, somos o Parlamento autonómico que xerou unha maior actividade nos últimos tempos: en dous anos e medio contestamos máis preguntas que en varias lexislaturas xuntas.

As miñas lembranzas sobre os debates máis interesantes ou significativos que tiven no Parlamento durante todos estes anos céntranse no estado da autonomía e, sobre todo, nos orzamentos xerais.

O debate dos orzamentos para o ano 2009 resultou particularmente esclarecedor, porque estaba clarísimo que o Goberno gale-

***A Mesa do Parlamento da sétima lexislatura nunca entendeu que nós eramos o grupo maioritario e tratáronnos cunha interpretación moi restritiva durante a nosa particular travesía do deserto***

go estaba a ocultar a crise, seguindo o ronsel do Goberno central. O bipartito non fixo un bo uso dos ingresos tan importantes que a Xunta tivo durante os tres anos anteriores, entre 2005 e 2008, e acabou deixando un burato de 2.600 millóns de euros. Nunca un Goberno en Galicia recibiu unha herdanza tan comprometida. Agora temos que devolver ao redor de 500 millóns cada ano, durante esta e a próxima lexislatura.

Se me despeiteei algunha vez nun debate parlamentario? Creo que un mesmo non é quen mellor aprecia esa circunstancia, pero teño a percepción de que nunca fun desconsiderado con ninguén. Agora mesmo, non obstante, estou a ter no Parlamento un problema sorprendente, sobre todo nas sesións de control ao Goberno: non me deixan falar. En canto empezo a dicir algo escóitase un murmurio que me obriga a elevar o ton de voz máis do que eu quixese.

O que máis me molesta politicamente falando é que me imputen cousas que nunca fixen, nin que sequera se me pasaron pola cabeza: que vou privatizar a sanidade, que vou diminuír a calidade do ensino, que vou vender as caixas aos meus amigos de Madrid... Non

teño ningún problema en afrontar e defender todo o que fago ben ou mal. Pero paréceme unha falta de consideración ao cidadán que uns políticos imputen cousas a outros que non son certas e que saben que non están sequera na súa axenda.

A reforma do Estatuto de autonomía non pasa en ningún caso, segundo a miña opinión, por traducir ao galego o Estatuto de Cataluña. Non temos que copiar a ninguén, senón que debemos seguir o noso propio camiño. Na pasada lexislatura non houbo acordo porque non pasamos da exposición de motivos, onde tiña que aparecer Galicia como nación ou non había acordo.

Eu sempre entendín que Galicia sería e será o que cada galego sente que é, independentemente do que diga a exposición de motivos do Estatuto, que, evidentemente, está suxeito á Constitución

de 1978. Tanto é así que o Estatuto vixente non ten exposición de motivos e ninguén discutiu que somos unha nacionalidade histórica.

A aquela reunión final co presidente Touriño e co vicepresidente Quintana eu levei un texto articulado e pedín que se lese. A miña formulación pasaba porque avanzásemos ou, se era posible, mesmo pechásemos un acordo sobre o devandito texto, e despois xa elaborariamos o preámbulo ou a exposición de motivos. É dicir, primeiro escribimos o libro, e despois facemos a introdución e matizamos o que queiramos. Pero eles empeñáronse no contrario: ou definimos o concepto de Galicia como nación ou non seguimos. E o acordo non foi posible. Eu quedei coa sensación de que había máis interese por emular o Estatuto de Cataluña que

por facer un bo texto galego.

Desde logo, eu non teño ningunha outra comunidade como modelo de referencia para a miña xestión á fronte da Xunta. Galicia dispón hoxe dun modelo propio. O PP galego demostrou que somos capaces de obter maioría absoluta nunha comunidade histórica e que somos capaces de pactar con socialistas e nacionalistas.

O meu Goberno non vai contra ninguén e busca o apoio parlamentario. No que levamos desta lexislatura estou moi satisfeito de dous temas importantes: o Catálogo de prescrición de fármacos e a Lei de disciplina orzamentaria, que pon o acento sobre a solvencia e a austeridade.

”

**Non recordo ter perdido nunca os papeis nun debate parlamentario. Pero agora teño un problema porque nas sesións de control ao Goberno non me deixan falar e debo elevar o tono de voz máis do que eu quixese**



### 🔗 **Pilar Farjas abre as comparencias**

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, foi o primeiro membro do Goberno que realizou unha comparencia voluntaria para informar sobre o alcance dun brote de febre porcina que afectaba a gandaría galega. Nesta mesma sesión aprobouse unha iniciativa lexislativa popular a favor dunha rede de apoio á muller embarazada, que defendeu na tribuna a presidenta da comisión promotora, Colomba Viúdez Lomba. Despois de obter luz verde, a proposta converteuse en lei un ano máis tarde. Á comparencia de Pilar Farjas seguiron a dos demais membros da Xunta de Galicia nos plenos seguintes. Xunto a Farjas aparecen na fila reservada ao Goberno os conselleiros de Educación, Jesús Vázquez; Economía e Industria, Javier Guerra; e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández. Nos escanos superiores, de esquerda a dereita, Paula Prado, Alberto Sueiro, Isabel García Pacín, Antonio Rodríguez e Pedro Puy, todos do Grupo Popular. ~ 12-5-2009





### 🔁 🗣️ Máis intervencións nos plenos

Os tres portavoces estableceron un acordo para ampliar o número de intervencións que a oposición parlamentaria tiña asignadas nos plenos de control ao Goberno. Ruiz Rivas pactou con Fernández Leiceaga e Aymerich Cano unha maior participación do PSdeG-PSOE e BNG, coa repartición seguinte: dúas interpelacións e dúas mocións para PP e PSdeG-PSOE, por unha do BNG; e dúas proposicións non de lei e ata catro preguntas orais para cada grupo. Desta forma, a oposición pasou a dispoñer en conxunto dun máximo de dezaioito iniciativas por cada sesión, fronte a só dez que o PP tivo durante a anterior lexislatura. Esta aplicación do Regulamento trouxo consigo un notable aumento da carga de traballo no Parlamento. ≈ 1-9-2009







#### 🕒 **Recoñecemento aos ex-presidentes**

Os ex-presidentes do Parlamento recibiron por iniciativa de Pilar Rojo unha homenaxe de gratitude polo traballo realizado durante as súas respectivas lexislaturas. Victorino Núñez, José María García Leira e Dolores Villarino (Pérez Vidal non puido asistir) estamparon a súa dedicatoria no Libro de Ouro. Logo participaron nunha comida reservada cos membros da Mesa e Xunta de Portavoces, onde compartiron un rico anecdotario de vivencias e desvelos, onde non faltou un recordo especial para o primeiro presidente, Antonio Rosón.

≈ 1-12-2009



### Premios Tribuna do Hórreo ↻

Os premios Tribuna do Hórreo que anualmente conceden os xornalistas aos deputados, entregáronse por vez primeira na propia sede parlamentaria. O Salón dos Reis foi o escenario dun acto que tivo como mestres de cerimonia a Susana López e David Lombao. A foto recolle os premiados nas distintas categorías tras recibir os seus diplomas: de esquerda a dereita, Sonia Verdes (látego do Goberno) e Carlos Aymerich (finalista); José Manuel Lage (minuto de ouro) tapa a Agustín Baamonde (finalista); Agustín Hernández (cordialidade da lingua); José Fervenza (iniciativa máis peregrina) e Beatriz Sestayo (finalista); Alfredo Suárez Canal (carreira política) e Pedro Puy (deputado do ano). ↻ 22-12-2009

29-12-2009



**A Cámara aproba por unanimidade unha iniciativa legislativa popular de fomento do sector naval**

### Apoio ao braille ↻

A Cámara dedicou unha xornada especial á promoción do braille como un dereito e unha fórmula de acceso á educación e á cultura por parte das persoas cegas. A presidenta leu unha declaración institucional en nome de todos os grupos, cun compromiso de apoio ao uso do braille en institucións e empresas. A data elixida coincidiu coa celebración do bicentenario do nacemento do inventor do sistema de lectura para invidentes. Eugenio Ferradás, delegado territorial da ONCE en Galicia, acudiu ao pazo do Hórreo e agradeceu a iniciativa lanzada dende «a casa de todos os galegos». ↻ 9-3-2010

18-2-2010



*Os tres grupos pactan unha resolución que reclama o uso do galego a todos os cargos públicos da Xunta*



## Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Deputado na 6.ª, 7.ª, e 8.ª lexislaturas polo PSdeG-PSOE ~ Vicepresidente primeiro da Mesa na 8.ª lexislatura



**P**ídenme unas notas nas que reflecta o recordo máis persoal ou máis intenso vivido no Parlamento galego. Son moitos os recordos, moitos sentimentos que se amorean na cabeza ao relebrar estes anos, mais tres datas emerxen con forza liderando eses lembranzas; dúas delas teñen que ver cos sentimentos, con momentos decisivos para alguén que ten dedicada boa parte da súa actividade á política e a unhas siglas.

A primeira corresponde co día no que tomei posesión do meu escano como deputado, unha sensación confusa de satisfacción e responsabilidade, no que non sei moi ben que pesaba máis, pero en calquera caso tiña a percepción de que comezaba unha nova etapa na miña vida que me esixiría boa parte dela, como así foi.


A segunda lembranza é a do meu día máis feliz no Parlamento, o día no que un socialista, Emilio Pérez Touriño, foi investido como presidente dos galegos, a culminación dun traballo feito por moita xente, principalmente por el mesmo, durante moito tempo e que permitía que por primeira vez na nosa historia na constitución do Parlamento despois dun proceso electoral o candidato do noso partido presentase diante de todos os galegos o noso proxecto para o país dende a súa condición de presidente.

Naquel momento eu sentía nidiamente no hemiciclo do Parlamento a presenza de todos os militantes do partido que traballaran por ese obxectivo e tiña a sensación de que eles tamén sentían estar alí representados en nós.

A terceira destas lembranzas non é dun día de satisfacción, senón todo o contrario, quixo a casualidade que estivésemos nun pleno no Parlamento cando se produciron as primeiras noticias sobre o afundimento do *Prestige*, cun enorme sobresalto e unha gran confusión sobre o que estaba a ocorrer na nosa costa e que lamentablemente rematou como a maior catástrofe ecolóxica do noso país. Por ser alí onde coñecemos esas primeiras noticias no meu subconsciente sempre estará ligada á imaxe do *Prestige*, a do Parlamento.

En calquera caso, con boas e malas lembranzas aproveito este trinta aniversario para desexarlle ao Parlamento de Galicia longa vida, será o mellor sinal de que Galicia transita polo camiño axeitado.

# Carlos Aymerich Cano

Deputado na 7.ª e 8.ª lexislaturas polo BNG  Portavoz na 8.ª lexislatura



## Problemas e soños<sup>1</sup>

**C**onmemoramos os primeiros vintecinco anos do Parlamento de Galiza, da Asemblea depositaria da soberanía do pobo galego, do poder de decisión de cada un dos seus homes e das súas mulleres. O lugar onde, con todas as limitacións da institución e con todas as limitacións dos que aquí traballamos, débense resolver os problemas e débense ir construíndo os soños dos galegos e das galegas. Porque niso consiste a política: en resolver problemas, por suposto, mais tamén en realizar os soños colectivos. Porque o pobo que non soñe, que non se fixe metas ambiciosas, o pobo que se acomode ao que outros lle dean é un pobo morto. E o pobo galego, ben o sabedes, é un pobo vivo. Ten problemas, si e moitos. Mais afortunadamente tamén ten soños que esperan aínda a ser cumpridos.

Problemas de desemprego, de desequilibrio territorial, de desigualdade entre clases e entre

xéneros, problemas de degradación ambiental, problemas de deterioro dos nosos sinais de identidade como pobo... problemas, moitos problemas que hoxe, como hai vintecinco anos, ameazan o noso futuro como persoas e pexan o noso desenvolvemento como nación. Soños, os de sempre. Vellos soños de liberdade nacional e de xustiza social.

Os mesmos soños que moveron aos nacionalistas e aos demócratas que hai setenta anos lograron co seu esforzo que este país, a poucos días do golpe de Estado de Franco, referendase maioritariamente un Estatuto de autonomía que dous anos despois, en plena guerra, as Cortes republicanas ratificaron en Montserrat, a piques xa de pasar ao desterro. Foi por eles, polo seu amor a este país e polo seu compromiso coas súas xentes, amor e compromiso que Bóveda pagou coa vida e Castelao co exilio, que Galiza conta con institucións como esta que hoxe nos acolle. Foi por eles, por aqueles compatriotas de hai setenta anos, que hoxe o noso país pode autogobernarse.

E aqueles compatriotas tamén actuaron movidos por eses vellos soños de liberdade e de xustiza. E ese é tamén un motivo de celebración. Seracando, en xuño do próximo ano, se cumpran os setenta anos do Estatuto de 1936.

E ben, contamos con autogoberno. Vós, meus queridos amigos e amigas, vivistes sempre con el. Mais gustaría de que o seguisedes facendo: que sigades a vivir e a traballar en Galiza. Que non vos vexades obrigados a procurar fóra as oportunidades que aquí se vos negan. Porque vintecinco anos despois hai un artigo do vixente Estatuto de autonomía que aínda está á espera de ser cumprido: aquel que recolle que será obriga fundamental dos poderes públicos garantir o dereito fundamental dos galegos a viviren e traballaren na propia terra; artigo 4.3. E para que este dereito sexa efectivo, para alén do compromiso e da competencia do Goberno, cómpre que a nación galega conte coa posibilidade de formular políticas propias, elaboradas en atención aos nosos intereses e necesidades, e executadas a través dos nosos propios medios e recursos.

Por iso, para que o ano que vén, e o seguinte, e o outro... poidades seguir a traballar e a facer a vosa vida en Galiza, este Parlamento, que é o voso, ten unha encomenda fundamental: elaborar, entre todos, un Novo Estatuto que mellore o noso autogoberno, preserve a nosa identidade e, sobre todo, faga realidade para os galegos e as

galegas de hoxe aqueles vellos soños que moveron a Castelao e a Bóveda: liberdade nacional e xustiza social.

Resolver problemas e facer os soños realidade. E facelo falando, coa palabra de todos e de todas. Velaí a función do Parlamento. Que é a vosa casa porque vós sodes os seus donos. Xunto cos demais cidadáns e cidadás desta vella nación.

Máis nada e moitas grazas. De verdade, moitas grazas.

<sup>1</sup> Texto da intervención que como portavoz do Grupo Parlamentar do BNG realicei en 2006 nun Pleno especial conmemorativo do 25 aniversario do Parlamento no que interviron mozos e mozas arredor da obriga dos poderes públicos de facer efectivo o dereito dos galegos e galegas «a viviren e traballaren na propia terra» (art. 4.3 EAG). Cinco anos, unha crise económica e social e ningún novo Estatuto polo medio penso que o dito daquela mantén toda a súa vixencia.

### Marcha de Touriño

Emilio Pérez Touriño formalizou a súa renuncia ao escano un ano despois da súa derrota electoral, e abandonou o Parlamento de forma discreta, sen realizar ningunha despedida formal. Fernández Leiceaga foi quen oficializou a marcha do ex-presidente da Xunta ao finalizar unha sesión de control ao Goberno. O portavoz socialista pediu que constase en acta o recoñecemento e a gratitude do seu grupo cara a Touriño polo traballo realizado ao longo das catro últimas lexislaturas que estivo no Parlamento. Os outros dous portavoces, Aymenrich Cano e Ruíz Rivas, sumáronse á cariñosa despedida. O mesmo fixo Baltar Blanco, como presidente da Cámara en funcións, antes de pechar a sesión. 10-3-2010



24-3-2010



*A Cámara pide á Xunta de Galicia e ao  
Goberno central que elaboren leis de  
protección sobre as persoas maiores*






### 📌 Aprobación da Lei do solo

O intento de pechar un acordo polo territorio a tres bandas en torno á reforma da Lei do solo fixo máis visible que nunca a articulación dun pacto no propio hemiciclo. Durante a tramitación da cuarta reforma da devandita normativa dende a súa primeira aprobación, o PP aceptou 33 das 45 emendas do PSdeG-PSOE, e o asunto parecía encarrilado. Pero a dobre interpretación dun artigo clave sobre instalacións industriais en espazos protexidos da Rede Natura motivou a abstención final do grupo socialista. O último intento por lograr o desexado acordo xirou en torno a unha emenda *in voce* que promoveron os sindicatos Unións Agrarias e Xóvenes Agricultores. Non obstante, a oposición do BNG impediu a unanimidade esixida polo Regulamento para a inclusión dunha emenda a unha lei durante unha sesión plenaria. A foto recolle un instante da negociación a un lado do hemiciclo. De esquerda a dereita, Carlos Aymerich, Tereixa Paz, Teresa Táboas, Román Rodríguez, Mar Barcón (cos brazos abertos), Carmen Gallego, Manuel Ruiz Rivas e Xaquín Fernández Leiceaga. 23-3-2010

7-5-2010



*O Parlamento asina un protocolo de colaboración coas tres universidades para financiar bolsas de estudo e outras actividades formativas*





### 🔗 🔄 **Portas abertas**

O pazo do Hórreo celebrou unha xornada de portas abertas que permitiu o achegamento dos cidadáns ás interioridades da Cámara, dunha forma distendida e próxima. Os percursos programados facilitaron a estancia dos visitantes nas principais dependencias, dende a sala de exposicións, ata o salón de plenos. A presidenta, Pilar Rojo; o vicepresidente primeiro, José Manuel Baltar, e os demais membros da Mesa, así como deputados dos tres grupos, exerceron de anfitrións e multiplicáronse para atender a cantos se achegaron para coñecer de preto o Parlamento. A afluencia de nenos e maiores foi grande e a experiencia considerouse tan positiva, que Pilar Rojo comprometeu a súa repetición en anos vindeiros. 22-5-2010



14-10-2010



**Os tres grupos referendan un acordo unánime de condena ao transfuguismo político**



**🕒 Adeus a Victorino Núñez**

As bandeiras do Parlamento ondearon a media hasta en sinal de pesar polo pasamento do ex-presidente Victorino Núñez Rodríguez tras soportar con discreción unha longa enfermidade. A súa última saída pública foi precisamente ao pazo do Hórreo para asistir a unha comida de ex-presidentes da Cámara que organizou Pilar Rojo, e asinou unha dedicatoria no Libro de Ouro. «Foi un político de raza, profundamente comprometido con Galicia, e así debería ser recordado», sintetizou a presidenta do Parlamento ao lamentar a súa perda. Cando a súa saúde xa estaba moi minguada e apenas tiña un fio de voz, Victorino Núñez tivo a deferencia de conceder na súa casa de Ourense a última entrevista da súa vida para este libro, só once días antes da súa morte. ~ 19-6-2010



**27-10-2010**  
→

**PP e PSdeG-PSOE incorporan 91 propostas pactadas ao Plan estratéxico galego 2010-2014 no horizonte de 2020**



#### 🔄 Presidencia da COPREPA

Pilar Rojo foi elixida presidenta da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos de España (COPREPA) durante unha reunión celebrada en Pamplona, en substitución da presidenta do Parlamento de Navarra, que concluíra o seu mandato. Rojo Noguera asumiu o reto como un recoñecemento e unha oportunidade, ao coincidir a súa designación coa celebración do trinta aniversario da constitución do Parlamento de Galicia. Poucos meses antes, os presidentes dos parlamentos autonómicos celebraron unha reunión extraordinaria en Santiago de Compostela e aprobaron no pazo do Hórreo unha declaración institucional de apoio ao Xacobeo 2010 e, con carácter xeral, ás diferentes rutas de peregrinación a Compostela. As fotos recollen senllos momentos de ambas as dúas reunións. Pilar Rojo anuncia os seus obxectivos como presidenta da COPREPA ante Arantza Quiroga (País Vasco), Elena Torres (Navarra), Miguel Ángel Palacio (Cantabria) e Francisco Celdrán (Murcia). ≈ 8-3-2011

# Abel Losada Álvarez

Deputado na 7.ª e 8.ª lexislaturas polo PSdeG-PSOE ≈ Portavoz dende 2011



A realidade tende á síntese. Trátase dunha manobra de aforro. É por iso que cada época posúe as súas referencias. A mirada anda sempre na busca dunha icona, unha boia, un símbolo no que identificarnos dun *fogonazo*. «Quen abrevia» —diciá Paul Valéry no seu *Monsieur Teste*— «é que entendeu». Ese resplandor pode ser unha canción, unha novela, un coche, unha viaxe, unha festa, un enterro. Pode ser unha cidade, pode ser un simple edificio.

Cando eu cheguei a Santiago para comezar os estudos de economía tardei dous minutos en atopar a referencia deses días que faltaban por vir. Só dous minutos. Cruzámonos. Quizais atopoume ela a min. Nada máis baixar do tren, ocorreu.

Era o ano 1982. Naquelas datas eu chegaba a Santiago, cada domingo, despois dunha viaxe, dende Ourense, que era máis que un traslado dun punto a outro. A viaxe, acaso símbolo da independencia na que andaba á procura, era a primeira lección da semana: estás só, e teste que valer, Abel. Non era unha mala lección para un mozo de dezaioito anos.

Ao baixar do tren e subir as escaleiras da estación, alí estaba chantada a referencia. O edificio. Só cando contemplaba aquel pazo, quedaba claro que pisaba Santiago. Mentres permanecía na estación non estaba, en realidade, en ningún sitio. Todas as estacións son iguais, intercambiabes. Pero o edificio era o letreiro que confirmaba a identidade singular da cidade. A icona. A síntese. O cuartel militar do Hórreo era a porta a unha época nova da miña vida. Aquela referencia era arquitectónica pero era tamén sonora. En metade das escaleiras da estación, cando aínda non albiscaaba máis que o teito do cuartel, xa me chegaba a partitura militar da trompeta. Cada época posúe a súa resonancia.

Os venres o ritual reiterábase, pero en dirección inversa. Enfiaba o camiño á estación, para regresar a fin de semana a Ourense, e o edificio e os soldados eran a última sombra que vía de Santiago. Pasaron os anos. Fun e vin moitas veces. Acabei a carreira e de paso acabouse unha época. Eses anos, entre o 1982 e o 1987, quedaron sempre proxectando a súa luz sobre os inmediatamente seguintes.

Pasaron os anos, dicía. A pegada daquela estancia de cinco anos, lonxe de esboroarse, enraizou. Pero eu aínda non o sabía. Santiago quedaba aparentemente atrás. Ficou no seu sitio o edificio, aferrado a unha etapa que era sucedida por outra, á súa vez cos seus propios referentes. Volvería anos despois a subir ao tren, a baixar en Santiago, a ascender as escaleiras e a recuperar a icona, vinculada a outra época e outros usos. Pero para iso faltaba aínda moito tempo.

Cando rematei a carreira, a política formaba parte diaria das miñas inquedanzas. A vida é iso: espertar en novos escenarios nos que desenvolver as ideas. Daquela, de Ourense comecei a viaxar en dirección a Vigo. Emerxeron distintos referentes para ese traxecto e para esa época. Pero digamos, simplemente, que pasaron os anos, cinco, dez, case vinte, e que o fixeron moi rápido. A vida inventou outros itinerarios e un día estiven viaxando de Vigo, onde levaba máis dunha década afincado, outra vez cara a Santiago para abrir outra etapa. Era o ano 2005.

Galicia cambiara tanto dende que eu era un universitario, que ese ano cambiou incluso o Goberno. O país *transitou*. Desta vez, eu chegaba a Santiago como deputado socialista, e facíao en automóbil. Pero a cerimonia foi parecida, e á altura das escaleiras da estación, que seguían alí, albisquei o edificio. A icona. Tiña outro uso, pero seguía sendo a Referencia. Foi como retomar o día anterior, aínda que sucedera vinte anos antes. O cuartel dera paso ao Parlamento, Emilio Pérez Touriño, un socialista, ía ser investido presidente de Galicia, pero é que o país, repito, transitara.

# Pedro Puy Fraga

Deputado na 8.ª lexislatura polo PP ~ Portavoz na 8.ª lexislatura (dende marzo de 2011)



O uso do termo Parlamento ten a súa orixe na democracia inglesa (the *House of Parliament*), que á súa vez parece ter adoptado o nome co que polo menos desde o século XIII se designaba aos consellos de nobres que ditaban normas e impartían xustiza (os *parlement*) en Francia, país que recuperou do outro lado do Canal da Mancha e tras a Revolución de 1789 un termo que alí xa caera en desuso. «Parlamento» é, sen dúbida, o termo máis axeitado e máis estendido internacionalmente para denominar o poder lexislativo colexiado elixido democraticamente; e nese senso, os estatuíntes galegos de 1981 acertaron de cheo ao afastarse da tradición histórica española, plasmada na vixente Constitución de 1978, que denomina «Cortes» ao Congreso e o Senado (non mencionando nin unha soa vez a palabra «parlamento»); e mesmo á galega, xa que o Estatuto de autonomía de 1936 creaba unha «Asamblea lexislativa».

E acertaron de cheo porque se algo caracteriza e contribúe a lexitimar as decisións adoptadas nos parlamentos, a maiores da extracción democrática das persoas que os integran, é precisamente o feito de que o Parlamento é o espazo no que se usa a palabra; o lugar no que se discute e no que as opinións se contrastan. A forza das expresións do Parlamento, sexan en forma de lei ou en actos de impulso ou de control, reside non só na representatividade dos membros da cámara, senón tamén porque son o resultado dunha discusión racional, do enfrontamento dos

intereses e das ideas a través da argumentación, dunha deliberación que (polo menos) pretende racionalizar a xestión da cousa pública na procura do interese xeral.

Por iso, mesmo cos fondos cambios que a institución parlamentaria e o debate político teñen experimentado tras a revolución e posterior xeneralización das novas tecnoloxías da comunicación e da información, a palabra, o debate e a confrontación dialéctica seguen a ocupar a centralidade que lles dá senso aos Parlamentos. Unha confrontación dialéctica que contribúe a conformar tanto a vontade política como a opinión pública. A xerar, parafraseando a Habermas, unha racionalidade dialóxica na xestión e no control das políticas públicas.

É certo que, precisamente pola irrupción das novas tecnoloxías da comunicación e da información, o debate e a confrontación dialéctica que conforman a opinión pública transcurren hoxe por moitas outras canles distintas da parlamentaria. É Habermas quen cita como primeiro exemplo da transformación estrutural da conformación da opinión pública a través do debate nos medios de comunicación (en parello á emerxencia da clase burguesa) á revista inglesa *The Spectator*, fundada e editada nos anos 1711 e 1712 polo poeta, autor teatral e ensaísta inglés Joseph Addison. Unha revista que naceu co obxectivo de «sacar a filosofía das bibliotecas e dos armarios, e levala aos clubs e as asembleas, ás mesas do té e ás cafeterías», de xeito que os seus lectores «puidesen dispor de puntos de vista formados sobre os diferentes tópicos, e consello sobre como desenvolverse nas conversas e nas interaccións sociais de maneira educada».

E é precisamente o seu fundador e editor quen nos ofrece un primeiro e simpático exemplo das diferenzas no uso da palabra nos contextos diferenciados do debate parlamentario e da reflexión escrita. Joseph Addison, que debía ser bo coñecedor das técnicas da retórica se temos en conta que unha das súas máis representadas obras foi a peza teatral *Catón. Unha traxedia*, debutou como parlamentario na Casa dos Comúns de Irlanda, onde fora promovido tras o seu nomeamento na administración como secretario do Delegado (ou Gobernador) Rexio do Rei da Gran Bretaña na Irlanda. Cóntase que no seu debut parlamentario quen era un brillante escritor apenas foi capaz de balbucir no seu arranque un «Eu concibo..., eu concibo..., eu concibo...», ocasión que outro

deputado máis experimentado aproveitou rapidamente para dirixirse ao *speaker* da cámara cun: «Señoría, fágolle notar que o honorable membro que está no uso da palabra xa concibiu tres veces, pero aínda non pariu nada».

Addison non comezou con bo pé a súa carreira como parlamentario. Ou si, se temos en conta que unha das citas máis utilizadas que se lle atribúen é a de que «o home distínguese de todas as demais criaturas pola súa facultade de rir». Foi unha carreira que nunca abandonaría, pois ademais de formar parte do Parlamento irlandés representando o distrito de Cavan Borough entre 1709 e 1713, desde 1710 ata a súa morte á idade de cincuenta anos, no ano 1720, tamén formou parte do Parlamento inglés representando o distrito de Malmesbury.

Como dicíamos, os estatuíntes galegos, non sei se consciente ou inconscientemente, acertaron de cheo nomeando ao galego «Parlamento de Galicia», seguindo o exemplo da «nai de todos os parlamentos»: o de Westminster. A diferenza do británico, que afunde as súas raíces na idade media e que se reúne no mesmo espazo desde os tempos dos Tudor, o noso apenas conta con trinta anos de vida. Pero trinta anos de vida nos que, por vez primeira, se falou, se debateu e se lexislou en galego, contribuíndo decisivamente á conformación do espazo político e social dun país polo menos tan vello como o inglés. Desexémoslle unha vida tan longa, e a poder ser non tan sobresaltada, como a que tivo o de Westminster, o primeiro pazo que recibiu o nome que mellor reflicte a súa función: o pazo onde se fala.

🔴 **Renovación de portavoces no PSdeG-PSOE**

O grupo socialista acometeu a metade de legislatura, cando o 2010 chegaba á súa fin, unha remodelación total do seu principal núcleo parlamentario. Abel Losada substituíu a Fernández Leiceaga e converteuse en portavoz e man dereita de Manuel Vázquez, en tanto que María Xosé Caride e José Luis Méndez Romeu asumiron as súas novas funcións como viceportavoces. Os tres ocuparon dende entón os seus novos escanos xunto ao líder socialista. ≈ 8-2-2011



14-12-2010



*O PP aproba en solitario a lei que prohíbe o consumo de bebidas alcohólicas aos menores de 18 anos*



8-2-2011  
→**Os tres grupos selan un compromiso parlamentario para evitar a sobreexplotación eléctrica dos ríos galegos**

#### 📍 Puy Fraga releva a Ruiz Rivas

A designación de Manuel Ruiz Rivas como candidato do PP á alcaldía de Ribeira provocou a súa renuncia á portavocía parlamentaria, e máis tarde tamén ao seu escano. A intervención que fixo durante a primeira sesión do debate sobre o estado da autonomía enmarcou a súa despedida da Cámara. Ao día seguinte xa desempeñou o devandito papel o seu substituto, Pedro Puy, viceportavoz ata entón xunto a Marta Rodríguez Arias. A praza vacante na outra viceportavocía foi cuberta por Román Rodríguez. Na foto, Puy revisa papeis con Ruiz Rivas, mentres charlan con Carlos Aymerich (BNG). Ao fondo, os portavoces socialistas Fernández Leiceaga e Mar Barcón traballando con Abel Losada. ≈ 15-3-2011



#### 🔄🔄🔄 Estado da autonomía: un anuncio que vale un debate

Núñez Feijóo capitalizou o seu segundo debate do estado da autonomía como presidente da Xunta cun só anuncio: o próximo envío á Cámara dunha lei de disciplina orzamentaria para blindar a solvencia e a sostibilidade das contas públicas. Este compromiso centrou toda a atención en torno a este pleno especial e o balance de metade de lexislatura, coas lóxicas valoracións contrapostas dos tres grupos, quedou nun segundo plano. Para a segunda e última parte do seu mandato, Feijóo anunciou un notable impulso lexislativo con 35 novas leis. As 496 propostas de resolución (240, PSdeG-PSOE; 219, BNG e 37, PP) abriron numerosas negociacións, que concluíron con acordos unánimes para 14 proposicións do BNG, 9 do PSdeG-PSOE e 1 do PP. Igualmente o PP e o BNG pecharon o maior número de acordos a dúas bandas, especialmente en materia de catálogo de medicamentos, financiamento e emprego. ~ 15 e 16-3-2011






### 🔗 Dúas leis básicas

PP e BNG sumaron os seus votos fronte á oposición do PSdeG-PSOE para aprobar unha norma de gran calado social e económico: a Lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica. O consenso sanitario logrado un mes e medio antes entre os tres grupos parlamentarios sobre a prescrición de fármacos por principio activo no sistema público galego, non puido repetirse nesta ocasión. Os portavoces do PP e do BNG, respectivamente, Miguel Santalices e Ana Luisa Bouza, non lograron convencer a Modesto Pose, que alegou falta de competencias da Cámara galega para a súa aprobación. Tampouco xurdiu efecto o chamamento final da conselleira de Sanidade, Pilar Farjas. Por outra banda, PP e PSdeG-PSOE consensuaron a aprobación parlamentaria dunha lei pioneira en España, que fixa o teito de gasto non financeiro da Xunta de Galicia. María Xosé Caride anunciou o apoio a esta lei por parte do PSdeG-PSOE no mesmo pleno de aprobación. Pola súa banda, Fernando Blanco mantivo a postura contraria que o BNG expuxo dende o primeiro momento. A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, acolleu con satisfacción a luz verde que recibiu esta importante normativa e lamentou que non tivese estado vixente moito tempo antes para frear o excesivo gasto corrente que acumulaban as contas públicas galegas. Na foto, a conselleira fala co portavoz do PP, Pedro Puy.

28-6-2011



**A Cámara dá luz verde por consenso ao proceso de reforma legislativa da Compañía de Radio-Televisión de Galicia**



### 📌 Final en tempo de récords

A oitava lexislatura alcanzou o seu paso do ecuador a ritmo de bater varios récords significativos nestes trinta anos de vida parlamentaria. Por un lado, presentaba o balance lexislativo máis avultado, cun total de 32 leis aprobadas e tamén co maior número de iniciativas tramitadas. E por outro lado, encabezaba con diferenza unha curiosa clasificación de cámaras autonómicas con maior número de horas dedicadas aos debates parlamentarios. Ademais, a presente lexislatura rexistraba ao finalizar este período de sesións o número máis elevado de rotacións de deputados de toda a súa historia, cun total de vinte e catro cambios nos escanos do hemiciclo. Tamén o número de iniciativas parlamentarias rexistradas no que vai de lexislatura supera xa as de calquera outra anterior.

28-6-2011



***O Parlamento aproba a Lei de convivencia e participación escolar, que recoñece a autoridade do profesor e combate o acoso nas aulas***



### XXX aniversario: «Aqueles primeiros anos» 📌 📌 📌

Baixo o título de «Aqueles primeiros anos (1981-1989)», o Parlamento acolle a montaxe dunha exposición retrospectiva sobre as súas dúas primeiras lexislaturas, dentro do programa conmemorativo aberto con motivo do seu XXX aniversario. A exposición foi presentada polo presidente da Xunta e a presidenta do Parlamento ante un gran número de convidados e convidadas. Todos os asistentes pararon ante os distintos paneis para comentar diversas curiosidades, recordando anécdotas e identificando os seus protagonistas. A exposición estaba integrada por 24 paneis de gran tamaño, 140 fotografías, 30 portadas de xornais, 12 caricaturas de Siro, 12 minutos de imaxes xenuínas daquel tempo, e 15 figuras de deputadas e deputados cunha significación determinada. ≈ 4-7-2011







# Bibliografía

- BLANCO VALDÉS, Roberto. *A construción da Autonomía Galega 1981-2007*. Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Santiago de Compostela, 2008
- BRONFMAN VARGAS, Alan. *A función de control no Parlamento de Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2003
- CAAMAÑO DOMÍNGUEZ, Francisco (ed.). *Normas institucionais de Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1995
- CASTELAO. *Sempre en Galiza*. Edición crítica. Coordinador, Ramón MÁIZ e varios autores. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1992
- Constitución española. Estatuto de autonomía de Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2003
- CORA, Xosé. *Barreiro contra Barreiro*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1990
- CORES TRASMONTÉ, Baldoeiro. *O Estatuto de autonomía de Galicia: documentación oficial (1977-1981)*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2001
- CORES TRASMONTÉ, Baldoeiro. *Viaxe ó Parlamento de Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1991
- COSTAS ABREU, Xesús M. *As leis do Parlamento de Galicia (1982-2000)*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 2001
- DEL ORO SÁEZ, M.<sup>a</sup> del Pilar; DÍAZ OTERO, Antonio (eds.). *Tratado constitutivo da Comunidade Europea*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1994
- DÍAZ, Ceferino (coordinador). *Autonomía e modernidade en Galicia. Unha análise dos cambios económicos e sociais entre 1981-2009*. Editorial Galaxia. Vigo, 2010
- DIZ OTERO, Isabel. *Parlamento, clase política y consolidación del sistema autonómico: el caso gallego 1982-2000*. Trabajo para grado de doctor: Universidade de Santiago. Santiago de Compostela, 2002
- FALCÓN, Pilar. *Fraga y Galicia*. Editorial Ronsel. Barcelona, 2002
- FERNÁNDEZ ALBOR, Gerardo. *Galicia ante el futuro*. Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia. CDI. 1985
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (coord.) e outros. *Congreso Internacional Poder Local. Elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1997
- FRAGA IRIBARNE, Manuel. *Final en Fisterra*. Alvarellos Editora. Santiago de Compostela, 2006
- GALICIA. PARLAMENTO. *Concurso de anteproxectos para a adaptación do cuartel do Hórreo para sede do Parlamento de Galicia en Santiago (1987-1989)*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1989
- GALICIA. PARLAMENTO. *Regulamento do Parlamento de Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1986
- Galicia. Parlamento. *Regulamento do Parlamento de Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2005
- GARCÍA DE LA RIEGA, Celso. *La Gallega: nave capitana de Colón*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1987
- GONZÁLEZ SUÁREZ, Fernando. *Parlamento de Galicia*. Fotos, Víctor VAQUEIRO. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2002
- GONZÁLEZ-ALEGRE, Alberto; BERNÁRDEZ, Carlos L.; MARTÍNEZ ANTELO, Iñaki; PONCELA LÓPEZ, Natalia. *Parlamento de Galicia: arte contemporánea*. Fotografías: Andrés FRAGA, DARDO DS. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2008
- IV Conferencia de Presidentas e Presidentes de Asambleas Legislativas de las Regiones de Europa. Ponencias presentadas*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2000
- LUGILDE, Anxo. *Fraga después de Fraga. Elecciones autonómicas 2001*. Biblioteca Gallega-La Voz de Galicia. A Coruña, 2001
- MÁIZ SUÁREZ, Ramón; PEROZO, Xosé A. *As institucións políticas no Estatuto de autonomía para Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1988
- MÁRQUEZ CRUZ, Guillermo. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996)*. Universidade de Santiago. Santiago de Compostela, 1997
- MEILÁN GIL, José Luis. *El Estatuto gallego. Por fin unha terra nosa*. Editorial Latina. Madrid, 1980
- MEILÁN GIL, José Luis. *La génesis de la autonomía de Galicia*. Biblioteca Gallega-La Voz de Galicia. A Coruña, 2005

- MEILÁN GIL, José Luis; RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, Xaime. *O Dereito estatutario galego*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1988
- MELLA VILLAR, Carlos. *Memorias dun ninguén*. Editorial Galaxia. Vigo, 2009
- MELLA VILLAR, Carlos. *Non somos inocentes. Memorias, retrancas e algarabías dun político galego en excedencia*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1990
- NAVAZA, Xavier. *El laberinto gallego I. La guillotina del centro*. Grupo Correo Gallego-Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela, 2006
- NAVAZA, Xavier. *El laberinto gallego II. La conjura de Raxoi*. Grupo Correo gallego-Fundación Caixa Galicia. Santiago de Compostela, 2007
- PABLOS HOLGADO, Francisco. *Arte no Parlamento*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2003
- PORTEIRO, M.<sup>a</sup> Xosé; PEROZO, Xosé A. *Quen é quen no primeiro Parlamento Galego*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1981
- RODRÍGUEZ, Carlos Luis. *El Parlamento Gallego. Historia de un proceso político*. Biblioteca Gallega-La Voz de Galicia. A Coruña, 1981
- RODRÍGUEZ, José Luis (comp. e ed.) *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2000
- Ronsel Gráfico para Castelao*. Homenaxe no 50 cabodano dos alumnos/as de Educación Plástica e Visual de 4.º da ESO do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2000
- SEOANE, Luis. *Na brétema Sant-Iago*. Facsímil. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1994
- SIRO. *A autonomía galega nas caricaturas de Siro*. Deputación da Coruña, 2009
- SIRO. *XVI anos de Parlamento de Galicia*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1998
- TEIXEIRO PIÑEIRO, Anxo. *O Parlamento de Galicia*. Ir Indo. Vigo, 1988
- VARA, Alfredo; VILELA, Xosé Luís. *Elecciones autonómicas 1989. El regreso de la derecha*. Biblioteca Gallega-La Voz de Galicia. A Coruña, 1990
- VARELA, Rodrigo; RAMOS, Fernando. *Las segundas elecciones autonómicas gallegas. Historia de una crisis política casi interminable*. Biblioteca Gallega-La Voz de Galicia. A Coruña, 1986
- BOSCO, Eduardo Jorge. *Oito poemas en lingua galega*. Edición, estudo e notas de Xesús ALONSO MONTERO. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1994
- VILA JATO, María Dolores (coord.). *O patrimonio histórico da Universidade de Santiago de Compostela*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1996
- VILLARES, Ramón. *Galicia, unha autonomía histórica*, Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 1998
- VILLARES, Ramón; BLANCO VALDÉS, Roberto (ed.). *Galicia: Estatutos de autonomía 1936 e 1981*. Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela, 2011
- VV. AA. *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2003)*. Parlamento de Galicia e Real Academia Galega. Santiago de Compostela, 2003
- VV. AA. *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2001)*. Parlamento de Galicia e Real Academia Galega. Santiago de Compostela, 2001
- «Colección negra». Serie de publicacións recollendo as Leis de Galicia coa súa tramitación parlamentaria (1983 e 1985). Parlamento de Galicia
- «Colección crema». Leis de Galicia coa súa tramitación (1988 e 1990). Parlamento de Galicia

# Fontes documentais

Anuarios de La Voz de Galicia

Anuarios de El Correo Gallego

La Voz de Galicia (hemeroteca)

Faro de Vigo (hemeroteca)

Diario Oficial do Parlamento de Galicia

Diario de Sesións do Parlamento de Galicia

Biblioteca do Parlamento de Galicia

# Índice de pés de foto

1981-1985

## 1.ª Lexislatura

- 18 O Parlamento en Xelmírez
- 19 Unha data histórica
- 20 A sesión de constitución
- 22 Fariña Jamarido, oficial maior
- 23 Xuramento de galega
- 24 A Mesa de Idade
- 25 Os membros da primeira mesa
- 27 Rosón, presidente
- 28 Investidura de Albor
- 32 A estratexia da UCD
- 33 A disputa da capitalidade
- 34 Traslado a Fonseca
- 35 Un parlamento moi británico
- 37 Aprobación do Regulamento
- 38 Expulsión dos deputados do Bloque-PSG
- 41 Os catro galeguistas independentes
- 43 Delegación parlamentaria alemá
- 44 Rajoy como portavoz
- 48 Desmembración de UCD
- 50 As iniciativas de Camilo Nogueira
- 54 Barreiro, home forte
- 55 Pérez Vidal, dende o escano
- 56 A volta de Castelao
- 58 Prohibición de fumar
- 59 Primeira solicitude dunha comisión de investigación
- 60 Anxo Guerreiro, sempre combativo
- 60 Conversas a tres bandas
- 62 O disputado voto de Rosón
- 63 Protesta de agricultores
- 65 O consenso electoral

1985-1989

## 2.ª Lexislatura

- 70 Desacordo pola Mesa
- 71 O acatamento de Beiras
- 72 A difícil reelección de Albor
- 76 Remodelación cuestionada
- 77 A compra do cuartel de Veterinaria
- 79 A morte de Rosón

- 80 Pérez Vidal, novo presidente
- 84 O tándem Albor-Barreiro
- 86 Volta de Rajoy
- 87 A frase máis célebre
- 89 Conmemoración do Estatuto do 36
- 91 Visita do príncipe Felipe
- 94 A moción de censura
- 96 Laxe, presidente
- 100 Muda de banco
- 101 Asalto ao Parlamento
- 102 A rehabilitación do Hórreo
- 105 Adeus ao pazo de Fonseca
- 105 Nogueira e Beiras, xuntos no Grupo Mixto
- 106 A Autonomía a debate
- 108 Primeira iniciativa popular
- 109 Cumio de presidentes
- 110 A EGAP de Mariñas
- 114 O acordo universitario
- 117 Inauguración do Hórreo
- 118 O grupo de Mella e Cordeiro

1990-1993

## 3.ª Lexislatura

- 126 Renovación xeracional
- 128 Victorino Núñez, novo presidente
- 132 Comisións permanentes
- 135 Investidura ao grande
- 137 Fraga sacou músculo
- 139 Fraga abre unha época
- 140 Deputados e senadores a un tempo
- 140 Sánchez Presedo toma as rendas
- 144 Portomeñe, pico de ouro
- 144 Os orzamentos de Orza
- 146 Cora, Valedor do Pobo
- 147 A sede do Valedor
- 149 Visitas de mandatarios: Lacalle e Cavaco
- 151 Visitas de institucións: Fraguas e Filgueira
- 153 Visitas abertas: arquitectos e emigrantes
- 154 O primeiro Consello de Contas
- 155 X aniversario do Estatuto
- 156 A irrupción das mulleres
- 160 Informe sobre o narcotráfico

161	Feijóo, voz única de Sanidade
163	Conxelación salarial
163	Despistes que perden votacións
165	Debate da autonomía 92: a Administración Única
167	Debate da autonomía 92: auga para serenar o ánimo
168	Nova lei electoral
169	A reivindicación de Castiñeiras
170	O fenómeno do Xacobeo
171	Dimisión irrevogable de Miguel Barros
172	Edición crítica de Sempre en Galiza
174	Comisión de investigación polo accidente do Mar Exeo
175	Agresión a unha deputada
178	O Zapatazo de Beiras
181	A suspensión de Beiras
182	«Galicia hoxe, Galicia sempre»
184	Propostas pesqueiras para a CEE

1993-1997

**4.ª Lexislatura**

192	Celestino Torres, o máis vello
195	Representados os tres grupos
196	O compromiso do BNG
198	Investidura de Fraga
202	Estancia de Félix Pons
203	Visita de Carlos Menem
204	Rolda de portavoces
205	A ubicuidade de Cortizo
206	Malestar no Grupo Popular
207	Comisión de investigación
210	Despedida do arcebispo Rouco Varela
211	Primeira representación rexia
213	Aplausos á Lei de Dereito civil
214	Presidentes de Consellos de Contas
215	Comparencia de Cuíña
216	Leis culturais consensuadas
220	Unha declaración feminista para Beijing
221	Os nomes da Coruña e Ourense
224	Marcha con polémica de Carro
224	Renuncia de Oujo
227	A Lei sobre drogas
227	A cesión do 30 % do IRPF
228	O Himno Galego a estudo

229	O aparcadoiro soterrado
230	Unificación do municipalismo
230	Celebración do XV aniversario
234	Debates do estado da autonomía
236	Xornadas de letrados
237	Xornadas sobre drogas
239	Biblioteca Carballo Calero

1997-2001

**5.ª Lexislatura**

244	Fraga volve á Mesa de Idade
245	A Cámara recibe sangue novo
246	García Leira, novo presidente
250	Catro ministros na toma de posesión
251	Pita substituíu a Portomeñe
253	Relevos socialistas
255	Cordialidade inicial
256	Sala das Letras Galegas
257	Historia da Universidade de Santiago de Compostela
258	Visita oficial do Príncipe Felipe
262	As caricaturas de Siro
264	Beiras con CIU e PNV
264	A volta de Guerreiro
266	Dúas comparencias nun pleno
267	Asociación de ex-parlamentarios
270	Cuíña no punto de mira
271	A Cámara ovacionou a Cora
273	A «crise das vacas tolas»
274	Medalla de ouro da UDC
275	Declaración contra o terrorismo
276	Visitas internacionais
278	Biografías de deputados
280	Achega documental estatutaria

2001-2005

**6.ª Lexislatura**

289	As mulleres copan as Mesas
290	Salomé releva a Bautista
293	Apertón de mans
295	Novo escenario político

296	Prohibido fumar
297	Comisións permanentes
300	O Parlamento abre as súas portas
302	Touriño-Rego
303	Beiras-Canal
306	Reforma do Regulamento
307	Comparecencias organizadas
308	O orzamento de 2002
309	Homenaxe a Portela Valladares
310	Despachos para deputados
313	Entendemento PP-BNG
314	«Temos un Parlamento, temos unha lingua»
315	Día Internacional do Neno
316	<i>Prestige</i> I. Mocións de censura
318	<i>Prestige</i> II. Comisión de investigación
319	Quintana e Cabezas, senadores autonómicos
320	Parellas de feito
321	Adeus de Pilar García Negro
324	Cidades con status
325	445 medidas a prol do galego
326	O esvaecemento de Fraga
327	Debate condicionado
328	O impacto da droga en Galicia
329	Despedida de Cortizo

**2005-2009**

**7.ª Lexislatura**

335	Dolores Villarino, primeira presidenta
336	Investidura de Touriño
337	Toma de posesión
338	Baño de masas no Obradoiro
342	Control parlamentario regulado
344	Sarmiento, novo letrado maior
345	Protesta de alcaldes
346	XXV aniversario
349	Reunión de ex-presidentes
350	A experiencia de Rego
355	Adeus de Fraga
356	A reforma do Estatuto
360	O programa do aniversario
362	Estado da autonomía: consenso forestal
363	Iniciativa popular aprobada

367	Peche do aniversario
368	Homenaxe feminista
373	Voto non delegable
373	Benigno López, novo valedor
374	Ruiz Rivas, novo portavoz do PP
375	A Cidade da Cultura a exame
379	A vidreira de Díaz Pardo
380	Despiste na votación

**2009-**

**8.ª Lexislatura**

389	Pilar Rojo, elixida presidenta
390	Formación da Mesa
395	Investidura presidencial
397	Toma de posesión de Feijóo
398	Celebración por todo o alto no Obradoiro
402	Pilar Farjas abre as comparecencias
403	Máis intervencións nos plenos
405	Recoñecemento aos ex-presidentes
406	Premios Tribuna do Hórreo
406	Apoio ao braille
410	Marcha de Touriño
411	Aprobación da Lei do solo
413	Portas abertas
414	Adeus a Victorino Núñez
415	Presidencia da COPREPA
418	Renovación de portavoces no PSdeG-PSOE
419	Puy Fraga releva a Ruiz Rivas
420	Estado da autonomía: un anuncio que vale un debate
422	Dúas leis básicas
423	Final en tempo de récords
424	XXX aniversario: «Aqueles primeiros anos»

## Créditos fotográficos

**AGN / Pepe Ferrín:** 296, 297, 308, 318, 320-A, 321, 319, 329, 342, 354, 355, 363-A, 363-B, 366, 375-B, 388, 389, 390, 394, 395-A, 395-B, 396-A, 396-B, 397, 398-A, 398-B, 402, 403-B, 404-405, 406, 407, 412, 413, 414-A, 414-B, 415-B, 420, 421-A, 421-B, 423, 425-A

### **Arquivo Parlamento de Galicia:**

*Sen sinatura:* 10, 37, 40, 42, 43, 45, 88, 89, 116, 129, 145, 146, 149, 152, 153, 154, 155-A, 155-B, 160, 172-A, 177, 184, 199, 223, 227, 229-A, 229-B, 239, 253, 261, 262, 263-B, 266, 281, 288, 289, 290, 291, 294, 295, 298, 299, 300, 301-A, 301-B, 302, 303-B, 307, 310, 311, 312-A, 312-B, 313, 316, 317-A, 317-B, 320-B, 323, 324, 325-A, 327-A, 327-B, 327-C, 328-A, 328-B, 339, 344, 346, 347, 348-349, 350, 351, 358, 359, 360, 361-A, 361-B, 364, 365, 367, 368, 369, 373-A, 373-B, 376, 377, 380, 391, 399, 408, 409, 415-A, 416, 417, 418, 434

*Adolfo Enríquez:* 119, 381, 424-A, 425-B, 426

*Antonio Hernández:* 8

*Dalda:* 90, 91, 183

*Lalo:* 56, 107-A, 107-B, 126, 127, 128, 132, 133, 148, 150, 151, 172-B, 173

*Mónica Couso Boán:* 147, 174, 182, 198-B, 202-A, 202-B, 203-A, 203-B, 205, 207, 210, 211, 212-213, 214, 224, 225, 226, 230, 236, 237, 238, 244, 245, 246, 247, 250, 251, 256, 257, 258, 259, 264, 265, 267, 269, 270, 274, 276, 277-A, 277-B, 278, 279, 280, 309, 314, 315-A, 315-B

*Novoa:* 51, 73, 81, 92, 96, 102-A, 102-B, 103, 106-A, 107-C, 109-A, 109-B, 117, 142, 143, 158, 209, 266

**Arquivo El Correo Gallego:** 23-A, 34, 35, 36, 38, 48, 55, 60, 63, 71, 72, 77-A, 77-B, 79-A, 80, 87, 100, 101-A, 101-B, 104, 105, 115, 134, 138, 140, 141, 156-157, 161, 165, 168, 169, 170, 171, 175, 178-179, 180, 181, 198-A, 204, 206, 221, 222, 252, 254-255, 271-A, 271-B, 273, 293, 303-A, 326

**Arquivo Faro de Vigo:** 39, 86-A, 86-B, 94-A, 94-B, 95-A, 95-B, 97, 111, 118, 159, 163, 176, 185, 208, 217, 220, 260, 292, 304, 305, 325-B, 345-A, 345-B, 356, 374, 403-A

*Xoán Álvarez:* 337, 338, 372, 375-A, 411, 419, 422-A, 422-B

### **Arquivo La Voz de Galicia:**

*Xoán A. Soler:* 275

*Álvaro Ballesteros:* 379

**EFE:** 108, 410

**Grupo Parlamentario Popular:** 232, 233, 323

**Manuel Blanco:** 33-B, 57, 61, 62, 79-B, 106-B, 135, 139

**Real Academia Galega:** 228-A, 228-B, 228-C

**Siro:** 263-A

**Tino Viz:** 136-137, 144, 162, 164, 164-165, 166, 167, 215, 216, 234-235, 272

**Xurxo Lobato:** 10, 18, 19, 20-21, 22, 23-B, 23-C, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 32, 33-A, 41, 44, 49, 50, 54, 58, 59, 64-65, 70, 76, 78, 84, 85, 93, 110, 192-193, 194-195, 196-A, 196-B, 197, 231, 304, 334-335, 337-A, 337-B, 343, 357, 362, 378





## Agradecementos

*O Parlamento de Galicia quere agradecer a extraordinaria acollida recibida para a elaboración deste libro por parte dos que participan nel con colaboracións e entrevistas. Tamén expresamos a nosa gratitude a todas as persoas e entidades públicas e privadas ás que se lles consultaron datos ou se lles solicitou material.*



**APÉNDICE**  
**Leis aprobadas**

## Leis aprobadas na 1.ª Lexislatura

### Ano 1982

- Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sé das institucións
- Lei 2/1982, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1982

### Ano 1983

- Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente
- Lei 2/1983, do 15 de abril, para o incremento dos tipos de taxas de cuantía fixa
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude
- Lei 5/1983, do 30 de xuño, de sanidade escolar
- Lei 6/1983, do 22 de xuño, de limitacións da propiedade nas estradas non estatais de Galicia
- Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interés galego
- Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega
- Lei 9/1983, do 15 de xullo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1983
- Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia
- Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais

### Ano 1984

- Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira
- Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia
- Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias
- Lei 2/1984, do 10 de maio, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1984
- Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia
- Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo
- Lei 7/1984, do 26 de xuño, de regulación provisoria dos servizos xurídico-contenciosos da Xunta de Galicia
- Lei 8/1984, do 10 de xullo, de asunción de competencias en materia de obras hidráulicas
- Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia
- Lei 10/1984, do 13 de xullo, de asignación de recursos fixados polo Real decreto lei 3/1984, do 4 de abril, á Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 11/1984, do 11 de decembro, relativa ós traballos de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 12/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuario

### Ano 1985

- Lei 1/1985, do 10 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985
- Lei 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación de pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia

- Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega
- Lei 4/1985, do 17 de abril, de derogación da Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira
- Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas
- Lei 7/1985, do 17 de xullo, de caixas de aforro galegas
- Lei 9/1985, do 30 de xullo, de protección das pedras ornamentais
- Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia
- Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia
- Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia
- Lei 13/1985, do 2 de outubro, sobre sancións accesorias en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños
- Lei 12/1985, do 3 de outubro, de crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia
- Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia
- Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños

## Leis aprobadas na 2.<sup>a</sup> Lexislatura

### Ano 1986

- Lei 1/1986, do 29 de outubro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1986
- Lei 2/1986, do 10 de decembro, de prórroga no réxime de arrendamentos rústicos para Galicia
- Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia
- Lei 4/1986, do 26 de decembro, de modificación da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas

### Ano 1987

- Lei 1/1987, do 30 de abril, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1987
- Lei 2/1987, do 8 de maio, do Consello da Xuventude de Galicia
- Lei 3/1987, do 27 de maio, de servizos sociais
- Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública
- Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia
- Lei 6/1987, do 12 de xuño, do Plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 7/1987, do 10 de novembro, sobre a Compilación do Dereito civil de Galicia
- Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e autonomía de xestión económica d centros docentes públicos non universitario

### Ano 1988

- Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia
- Lei 2/1988, do 5 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1988
- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo
- Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia
- Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais
- Lei 6/1988, do 11 de xullo, pola que se fixa a retroacción de efectos da Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos
- Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais
- Lei 8/1988, do 18 de xullo, do Plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia
- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estadística de Galicia
- Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia
- Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente

- Lei 12/1988, do 27 de decembro, de asignación de recursos para a cooperación local
- Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1989

### Ano 1989

- Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde
- Lei 2/1989, do 9 de xaneiro, pola que se declaran de utilidade pública determinadas actuacións da Xunta de Galicia
- Lei 3/1989, do 20 de abril, de reforma da Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños
- Lei 4/1989, do 21 de abril, de creación do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais
- Lei 5/1989, do 24 de abril, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 6/1989, do 10 de maio, de modificación da Lei 7/1985, do 17 de xullo, de caixas de aforro galegas
- Lei 7/1989, do 12 de xuño, sobre concesión de suplementos de crédito, por importe de 1.506.171.846 pesetas, ó vixente presuposto de gastos da Comunidade Autónoma do ano 1989, para adecuación das retribucións complementarias de funcionarios docentes
- Lei 8/1989, do 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das deputacións provinciais de Galicia
- Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública
- Lei 9/1989, do 18 de xullo, pola que se asignan os créditos iniciais que serán xestionados polo Servicio Galego de Saúde
- Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia
- Lei 12/1989, do 4 de outubro, de derogación da disposición transitoria terceira da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente
- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común
- Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas
- Lei 15/1989, do 20 de outubro, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia
- Lei 16/1989, do 21 de outubro, sobre concesión de suplementos de crédito por importe de setecentos setenta e oito millóns oitocentas setenta e oito mil duascenas sesenta e seis pesetas (778.878.266 ptas.)
- Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma

## Leis aprobadas na 3.<sup>a</sup> Lexislatura

### Ano 1990

- Lei 1/1990, do 27 de abril, sobre a concesión dunha paga persoal ó servizo da Xunta de Galicia e dun crédito extraordinario por un importe total de mil oitocentos cincuenta millóns de pesetas (1.850.000.000 de ptas.)
- Lei 2/1990, do 21 de xuño, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1990

### Ano 1991

- Lei 2/1991, do 14 de xaneiro, de modificación da Lei 4/1989, do 21 de abril, pola que se crea o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais
- Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller
- Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1991
- Lei 5/1991, do 4 de abril, sobre concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma
- Lei 4/1991, do 8 de marzo, de reforma da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia
- Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros
- Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo
- Lei 8/1991, do 23 de xullo, de reforma da Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde
- Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social
- Lei 10/1991, do 17 de outubro, sobre a concesión dun suplemento de crédito para a ampliación dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de dezanove mil seiscentos vinte
- Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego
- Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 14/1991, do 17 de decembro, de modificación do artigo 4, punto d), parágrafo dous, da Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1991
- Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1992

### Ano 1992

- Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia
- Lei 2/1992, do 17 de marzo, de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo previsto na Lei 15/1991, do 28 de decembro,
- Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais

- Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade
- Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica
- Lei 6/1992, do 26 de xuño, de disciplina turística
- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial
- Lei 8/1992, do 24 de xullo, pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, sobre a obrigatoriedade de acreditar-lo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para o acceso á función pública de Galicia
- Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos
- Lei 10/1992, do 30 de xullo, pola que se declaran de interese social as obras precisas para a construción-ampliación do recinto feiral e das instalacións complementarias que promova ou execute a fundación Semana Verde de Galicia
- Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia
- Lei 13/1992, do 9 de novembro, sobre a revisión do Mapa sanitario para crear a área de saúde do Salnés
- Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 14/1992, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1993
- Lei 15/1992, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia

### Ano 1993

- Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro
- Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais
- Lei 2/1993, do 15 de abril, pola que se aproba unha disposición adicional á Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia
- Lei 3/1993, do 16 de abril, das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia
- Lei 5/1993, do 16 de abril, de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, así como de determinación do incremento retributivo para 1993, e concesión
- Lei 7/1993, do 24 de maio, de modificación da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia
- Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia
- Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia
- Lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia
- Lei 10/1993, do 15 de xullo, de concesión dun crédito extraordinario para atender-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia
- Lei 11/1993, do 15 de xullo, sobre o recurso de casación en materia de Dereito civil especial de Galicia
- Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de Galicia

## Leis aprobadas na 4.<sup>a</sup> Lexislatura

### Ano 1994

- Lei 1/1994, do 30 de marzo, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1994
- Lei 2/1994, do 18 de xullo, de modificación da Lei 4/1984, do 4 de maio, de cámaras agrarias
- Lei 3/1994, do 18 de xullo, para a modificación da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo
- Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia
- Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia
- Lei 6/1994, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1995
- Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia
- Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo
- Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal
- Lei 8/1996, do 17 de outubro, reguladora das eleccións a cámaras agrarias
- Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica
- Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación
- Lei 12/1996, do 27 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia
- Lei 11/1996, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997
- Lei 13/1996, do 30 de decembro, de infraccións en materia de vivenda

### Ano 1997

### Ano 1995

- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia
- Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se lle dá nova redacción á disposición derogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia
- Lei 3/1995, do 10 de abril, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia
- Lei 4/1995, do 24 de maio, de Dereito civil de Galicia
- Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia
- Lei 7/1995, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo
- Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia
- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Lei 11/1995, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996
- Lei 12/1995, do 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica
- Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia
- Lei 2/1997, do 29 de maio, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia
- Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia
- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Lei 6/1997, do 31 de xullo, do Plan galego de estatística 1998-2001
- Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia
- Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia
- Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia

### Ano 1996

- Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia
- Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago
- Lei 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia
- Lei 5/1996, do 6 de xuño, sobre o acceso ó contorno das persoas con deficiencia visual
- Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia

## Leis aprobadas na 5.<sup>a</sup> Lexislatura

### Ano 1998

- Lei 1/1998, do 7 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1998
- Lei 2/1998 do 8 de abril, de medidas tributarias, de rexime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión
- Lei 3/1998, do 30 de xuño, de creación do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia
- Lei 4/1998, do 30 de xuño, de creación do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia
- Lei 6/1998, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1999
- Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión

### Ano 1999

- Lei 1/1999, do 5 de febreiro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social
- Lei 2/1999, do 24 de febreiro, de creación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia
- Lei 3/1999, do 11 de marzo, de creación do Instituto Enerxético de Galicia
- Lei 4/1999, do 9 de abril, de declaración de servizo público De titularidade da Xunta de Galicia do transporte público marítimo de viaxeiros na ría de Vigo
- Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica
- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia
- Lei 7/1999, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000
- Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa

### Ano 2000

- Lei 1/2000, do 10 de xullo, pola que se refunde a normativa en materia de cámaras agrarias
- Lei 2/2000, do 21 de decembro, pola que se crea a escala de axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia
- Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia
- Lei 4/2000, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001
- Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo

### Ano 2001

- Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia
- Lei 2/2001, do 24 de xaneiro, pola que se crea a escala de persoal investigador para os centros de investigación e desenvolvemento

tecnolóxico da Xunta de Galicia e se establecen normas para a provisión dos seus postos de traballo

- Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes
- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar
- Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons
- Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/2001, do 2 de xullo, de control en materia de creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza
- Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia
- Lei 10/2001, do 17 de setembro, do Plan galego de estatística 2002-2006
- Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia



## Leis aprobadas na 6.ª Lexislatura

### Ano 2002

- Lei 1/2002, do 26 de marzo, pola que se modifica a Lei de Galicia 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo
- Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002
- Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo
- Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela
- Lei 5/2002, do 20 de decembro, de modificación da posición neta debedora da Comunidade Autónoma de Galicia ó 31 de decembro de 2002
- Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003
- Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia
- Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia
- Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes
- Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia
- Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia
- Lei 10/2004, do 2 de novembro, de modificación da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia
- Lei 11/2004, do 19 de novembro, de inspección de consumo de Galicia
- Lei 12/2004, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia
- Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005
- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 16/2004, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social
- Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo

### Ano 2003

- Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia
- Lei 2/2003, do 22 de maio, do Consello Galego de Universidades
- Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento
- Lei 5/2003, do 27 de outubro, pola que se declara a extinción da escala específica creada pola disposición transitoria quinta da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia
- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia
- Lei 8/2003, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004
- Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia
- Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas

### Ano 2005

- Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia
- Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega
- Lei 3/2005, do 7 de marzo, de modificación da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes
- Lei 4/2005, do 17 de marzo, de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica
- Lei 5/2005, do 25 de abril, reguladora do recurso de casación en materia de Dereito civil de Galicia

### Ano 2004

- Lei 1/2004, do 21 de abril, de modificación das leis 7/1985, do 17 de xullo, de caixas de aforros galegas, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia, para adaptalas á Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro
- Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia
- Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia
- Lei 4/2004, do 28 de xuño, para a aplicación aos concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación

## Leis aprobadas na 7.<sup>a</sup> Lexislatura

### Ano 2005

- Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia
- Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006

### Ano 2006

- Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito civil de Galicia
- Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega
- Lei 6/2006, do 23 de outubro, de modificación da Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia
- Lei 7/2006, do 1 de decembro, de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica
- Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia
- Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia
- Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia
- Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia
- Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego
- Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia
- Lei 15/2006, do 27 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2000, do 21 de decembro, pola que se crea a escala de axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia
- Lei 16/2006, do 27 de decembro, do Plan galego de estatística 2007-2011
- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia
- Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007

### Ano 2007

- Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia

- Lei 8/2007, do 13 de xuño, de Policía de Galicia
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 10/2007, do 28 de xuño, de reforma da disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito civil de Galicia
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 12/2007, do 27 de xullo, pola que se modifica a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia
- Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1998, do 26 de maio, da función pública de Galicia
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia
- Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008

### Ano 2008

- Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia
- Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Profesional de Detectives Privados e Privadas de Galicia
- Lei 2/2008, do 6 de maio, pola que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia
- Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia
- Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais
- Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais
- Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia
- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia
- Lei 12/2008, do 3 de decembro, de reforma das Leis 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e 5/2000, do 28 de decembro pola que se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia
- Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada
- Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009
- Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia
- Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia

## Leis aprobadas na 8.<sup>a</sup> Lexislatura \*

### Ano 2009

- Lei 1/2009, do 15 de xuño, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia
- Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo
- Lei 3/2009, do 23 de xuño, pola que se modifica o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro
- Lei 4/2009, do 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial
- Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia
- Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia
- Lei 7/2009, do 22 de decembro, de modificación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental
- Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010
- Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia

### Ano 2010

- Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior
- Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- Lei 3/2010, do 23 de xuño, pola que se modifica a Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010
- Lei 4/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia
- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada
- Lei 6/2010, do 29 de setembro, pola que se inclúe unha disposición transitoria sexta na Lei 10/2009, do 30 de decembro, de modificación do Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia
- Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia
- Lei 8/2010, do 29 de outubro, de medidas tributarias no imposto sobre

transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 10/2010, do 11 de novembro, de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia
- Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011
- Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

### Ano 2011

- Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado
- Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia

(\**) Relación actualizada a data 11-11-11*





